



Tamara García

# s inxustizas do Casón

EDICIÓN

*laiovento*  
**LAIOVENTO**

**ENSAIO**



# AS INXUSTIZAS DO CASÓN

EDICIÓNS

*laiovento*  
**LAIOVENTO**

**ENSAIO**

310



Tamara García García

# AS INXUSTIZAS DO CASÓN

EDICIÓNS LAIOVENTO

2014

© Tamara García García  
© 2014, Edicións Laiovento, S.L.  
Vía Pasteur, 26. Polígono do Tambre / 15890 Santiago de Compostela / Galiza / U.E.  
Correo electrónico: [laiovento@laiovento.com](mailto:laiovento@laiovento.com)  
Local na Rede: [//www.laiovento.com](http://www.laiovento.com)

I.S.B.N.: 978-84-8487-291-7  
Depósito Legal: C 1983-2014

© Fotomontaxe da capa: Germán Paleo

Diseño editorial: Pepe Carreiro

Imprime Tórculo Artes Gráficas, S.A.  
Vía Edison 33-35. Polígono do Tambre  
15890 Santiago de Compostela  
Impreso en papel ecolóxico

Este libro non poderá ser reproducido, nin total  
nin parcialmente, calquera que for o medio empregado,  
sen o permiso previo do editor. Reservados todos os dereitos.

*Ás vinte e tres vítimas mortais da tripulación do Casón.*

*Á poboación da Costa da Morte, a Terra Chá e a Mariña, que sufriu as consecuencias da catástrofe.*

*Aos vinte e tres membros do Comité de empresa de Alúmina-Aluminio, ás súas familias e a todas aquelas persoas que sempre creron na súa inocencia.*





## LIMAR

Ano 1988, Primeiro de Maio, Día da Clase Traballadora. Na Mariña lucense, unha nena de catro anos camiña da man do seu pai detrás dunha pancarta nunha manifestación. A marcha é pacífica, mais a nena sente medo por mor da presenza intimidante da policía, que ela non dá comprendido, e aférrase instintivamente á man do pai en procura de amparo. Grabadas a ferro na súa memoria infantil máis remota, non esquecerá nunca as imaxes e sensacións de aqueles intres que, co tempo, chegará a dubidar se foron realmente vividas ou só imaxinadas. Até que un día, xa adolescente, pregúntalle ao pai polo contido dunhas misteriosas caixas ategadas de amarelecidos papeis escritos e vellos recortes de xornais que nunca se botaran ao lixo, nen sequer nas mudanzas familiares por traslado de domicilio. Porén, a resposta do pai plantéxalle un enigma. ‘Eses vellos papeis, dille, son parte da miña vida, de cando me botaran da Alúmina-Aluminio de San Cibrao’. Mais, a pouco que a rapariga furga nunha das caixas, os recortes de prensa refírense ao naufraxio dun barco na Costa da Morte e á pavura que causa na bisbarra o cargamento de bidóns, disque tóxicos, que comezan a estourar antes de seren, ao cabo, botados en terra e amoreados no peirao de Brens. Logo, que ten a ver iso todo coa factoría de San Cibrao na que o seu pai traballaba?

Marzo de 2012. Unha chamada de telefone na miña casa. Da outra banda do fío unha voz de muller nova. Respeitosa e cortés, fala porén con decisión. Leva xa algún tempo a tentar localizarme. Quer unha entrevista comigo, cando eu poida. Ten escrito un relato sobre o do conflito provocado na Alúmina-Aluminio de San Cibrao polo traslado dos bidóns do ‘Casón’ ao recinto da factoría, aló polo inverno do 1987. Un relato baseado na documentación que conservara o seu pai, daquela membro do Comité de empresa. Nesa documentación disque consta a miña participación como deputado en apoio dos traballadores e o Comité naquil conflito, e que o seu pai corroborara. Para completar o seu relato, está a entrevistar a persoas que foran protagonistas ou testemuñas presenciais do sucedido, e quer facer o mesmo comigo. Emergullan de sóca-

to na miña memoria algunhas das vivencias que o tempo aleltargara de aquiles tráxicos acontecementos, emocións das xornadas de decembro do 1987, en Fisterra e Corcubión con Rafa Mouzo, en San Cibrao cos compañeiros membros do Comité e as xentes solidarias da Mariña, en Lugo cando do xuízo truca-do no que Alberte R. Feixóo fora afastado da defensa e o des-enlace marcara un fito na agresión aos dereitos constitucionais dos representantes sindicais dos traballadores -e volvo sentir na gorxa a amarga secura da impotencia. A moza que me fala chámase Tamara: é aquela nena picariña que vinte e catro anos antes sentira medo da policía camiñando da man do seu pai detrás dunha pancarta do Primeiro de Maio. É unha mensaxeira que viaxou no tempo ao longo dun cuarto de século. Sinto unha pancada no peito, e conmóveme o súbito retorno ao presente do xa remoto suceso dun crime social aínda impune amañado polo poder contra traballadores leais ao seu compromiso de defenderen aos seus compañeiros de clase. Unha inocente testemuña inconsciente dos feitos de outrora recupera agora, moza feita xa, un anaco de memoria histórica para restablecer a verdade do acontecido naquil episodio da historia social do seu pobo. Aquelamos o noso encontro e ficamos citados na casa para días despois.

Cando chega, vén acompañada por un home, robusto e aínda novo para min, que non recoñezo de primeiras. Axiña se fai recoñecer: vén ser o «Churi» do Comité da Alúmina de cando o dos bidóns do «Casón», e máis é o pai de Tamara que gardara coma un tesouro os feixes de vellos papeis, testemuñas silandeiras da verdade histórica do caso. Sentamos os tres e, antes de entrevistarme, relátame ela a odisea da súa singradura cara atrás no tempo a bordo daquelas caixas ateigadas de enigmáticos papeis que o pai non quixera nunca botar ao lixo. Afortunadamente, abofé. Conforme avanza no relato, salferido ás veces por breves engádegas do Churi, xurden da miña memoria dados e episodios esquecidos, que cobran vida en imaxes visuais de antes esvaídas coma os vellos clixés das fotos antigas. Véxome en Fisterra na compañía do Mouzo, gabeando polo lombo do monte que logo cae a chupo sobre o anco do mar de fóra onde o «Casón», embarran-

cado nos cons, fumea por partes e bota estralos de cando en vez. Véxome logo no peirao de Brens, interpelando irado ao gobernador da Coruña sobre o destino dos bidóns tóxicos, aínda amoreados no terreiro do porto. Véxome despois en San Cibrao, no meio de moita xente, ao pé da cheminea da que van descer os membros do Comité que se encerrarán empoleirados nela durante días, arrodeámola para que poidan saír agochados entremedias de nós todos sen que os cachen os axentes de seguridade da empresa. Véxome tamén en Mondoñedo, no despacho do xuíz de instrución, un rapaz novo catalán moi legal, de palique con il despois de ter presentado unha denuncia contra a Dirección da Alúmina por practicar o lock-out contra os traballadores. Véxome, doído, na Noiteboa dese 1987 portando unha caixa de botellas de albariño para a compartillar co Comité nesa noite que Inespal tornara funesta para iles. Véxome, en fin, na Audiencia ou se cadra o Xulgado de Lugo, revestido con toga de avogado, na vista do infame xuízo que condenaría as vítimas obreiras apreixadas no cepo posto por Inespal, igualiño aos que hai ben séculos puñan os feudais ingleses nas fragas fronteirizas para cazaren servos galeses como quen caza raposos. Mais, cando Tamara, ao rematar o seu relato, comeza a espetarme preguntas, aínda abrollan máis lembranzas dende o limbo da miña memoria. Non todas, porén, das que o seu inquérito me reclama: hai-nas que o esquecemento fixo esmorecer para sempre no meu caletre.

Ao remate da conversa, Tamara confíame que gustaría de ver publicado o seu relato unha vez que o teña rematado. Non devece por editalo pora gloria dela, senón a prol da verdade histórica -e da dignidade das vítimas daquela procaz inxustiza. Comprométome a axudala como poida na procura de editor. Meses máis tarde enviame o texto orixinal. É un relato fascinante, escrito con sinxeleza e frescor, que arrecende a salseiro do mar. Coa axilidade da crónica e a intimidade confidencial dunhas memorias. Non é neutral, mais é obxectivo e veraz, e está exento de rancor. O título que lle pon resulta elocuentemente congruente co propósito que o inspira e motiva: *As inxustizas do Casón*. E quixera velo editado xa para

as datas nas que se van cumprir vinte e cinco anos dos feitos que o seu relato esclarece. No entanto, nesta altura, o precario mundo editorial galego está a sofrer desigualmente a dieta de fame imposta polo poder autónomo. Cumpriralle agardar máis tempo do debido e até sacrificar recursos que non ten.

Mais velaquí ao cabo a súa obra: a súa, e mais do Churi, afoutada contribución persoal á reconstrución da memoria histórica do seu pobo e a súa clase. Historia e crónica dunha represión. Non sanguenta esta, por fortuna, mais igualmente violenta. Violencia social e institucional. Violencia do capital e do poder político. Violencia contra os de abaixo, coma case sempre, contra o común traballador. Contra quen só dispón da enerxía dos seus brazos e o seu maxín como medios de vida, para arrecadaren sustento. Violencia traducida en violacións: da súa dignidade, da súa liberdade, da súa integridade, das súas condicións materiais de existencia. E pola mesma, violación dos seus dereitos constitucionais e mais dos valores democráticos nos que deben fundamentarse. Violación, a fin de contas, da ética e da xustiza. A violencia e as violacións padecidas polo colectivo de traballadores da Alúmina en conxunto, e primordialmente polos membros do seu Comité e as súas familias, nos episodios que esta obra relata, acontecidos hai agora un cuarto de século, sen que lles fose outorgada aínda reparación material nen moral ningunha. Revoltantes acontecementos dos que se cumpren vinte e cinco anos exactos nos intres en que escribo estas liñas para convidarvos, lectores, a coñecer a verdade histórica dos feitos e a participardes dese xeito na recuperación da memoria e a reparación moral daquela ruín inxustiza que neste libro acerta cumpridamente a realizar a súa autora.

Xosé Manuel Beiras  
Aguiar, 12 de decembro do 2012.

## INTRODUCCIÓN

Un día, hai xa varios anos, no colexio pedíronnos que pensásemos no noso primeiro recordo. Durante un bo anaco, as imaxes que me viñan á cabeza non tiñan moito sentido. Víame moi pequena –non debía ter máis de catro anos– indo detrás dunha pancarta. Agarrada á man de meu pai, sentía medo e apertábao moi forte. O medo producíamo a policía que viña detrás de nós. Tiveron que pasar máis de vinte anos para que lles preguntase a Churi e a Cristina se ese recordo era real ou era froito da miña imaxinación. Tiveron que pasar dous decenios para saber que realmente ese recordo correspondía ao 1º de Maio de 1988.

Nunha das mudanzas que fixo a familia, cansa de cargar sempre as mesmas caixas cheas de papeis e recortes de xornais vellos, pregunteille a meu pai que era aquilo que levaba tanto tempo gardando. Contestoume que era unha parte da súa vida e que, se quería saber de que se trataba, tería que ler detidamente toda a documentación. Só despois engadiu: “nesa caixa encóntrase o motivo polo que despediron a teu pai do traballo”. Eu quedei pensativa. Sabía que meu pai traballara na fábrica de Alúmina-Aluminio, mais descoñecía o motivo polo cal deixara de facelo. Naquela altura, eu tiña 16 anos e ía comezar o último ano de instituto así que non lle dei moita importancia ao tema. Iso si, a miña curiosidade fixo que lle botase unha ollada ao primeiro arquivador que poñía: Prensa do 5 ao 12. Lin os titulares e non entendín que tiña que ver o despedimento de meu pai co encallamento dun barco e a morte de 23 chineses. Aínda así, máis en broma que en serio, busquei os ollos paternos e díxenlle que non se preocupase: “cando me sinta con forza para facelo, hei de escribir un libro para explicar ese enigma”.

En 2008, cando estaba a rematar a licenciatura en Filoloxía, meu pai fíxome o recordatorio. Se seguía interesada en saber o que ocorrera na fábrica de Alúmina-Aluminio, debía asistir a unha sesión do Parlamento de Galiza en que se ía tratar o tema. Como estaba estudando en Santiago, resultábame fácil achegarme alí e animeime a ir. Mais o destino quixo que ese día tivese un seminario ao que non podía faltar; outra ocasión perdida.

Dous anos máis tarde, en 2010, cando xa rematara a licenciatura e levaba máis dun ano de infrutuosa procura de emprego, decidín comezar a investigar o que realmente sucedera na factoría de Alúmina. Quería indagar nas razóns polas que meu pai e 22 dos seus compañeiros foran despedidos. Buscaba razóns e encontrei inxustizas; a moreas.

Subín ao faiado e desempoei aquelas caixas cheas de papeis e recortes de prensa. Durante un ano lin unha a unha todas as notas. Como no fondo dunha caixa había gravacións en VHF, intentei velas. Aínda que algunhas estaban demasiado raiadas, o audio escoitábase ben. Estes vídeos, que vin sentada a carón de meu pai, servíronme para pórilles cara aos membros do Comité de Empresa. Aínda que na casa oíra falar de case todos, antes de comezar o traballo só identificaba un ou dous.

No inverno de 2011 díxenlle ao relacións públicas da familia, meu pai, que era o momento de falar cos membros do Comité para preguntarlles como lles cambiara a vida o acontecido en decembro de 1987. Por fin, despois de tanto tempo, ía coñecer aquelas persoas que durante meses foran só un nome e un apelido e que, transcorridos vinte e catro anos, mostrarían un aspecto moi diferente ao que tiñan nas fotografías e nos vídeos dos anos 87 e 88. Nas diferentes conversas que mantivemos, decateime de que a todos lles cambiara a vida tras o conflito. E posíbel que algúns levasen unha vida mellor, mais a maioría coincidían en que o que pasou lles cambiou a vida a peor, partiulla en dúas. Moitos deles tiveron que deixar o fogar que formaran na Mariña e víronse obrigados a marchar na procura de emprego a outros lugares. Agora, cada un ten unha historia que contar despois da súa saída de Alúmina-Aluminio, mais non é esa a meta deste traballo. Nesta ocasión pretendiamos mostrar como se chegou ao primeiro despedimento dun comité de empresa na historia do Estado español.

Aínda que, se puidesen dar marcha atrás, actuarían doutro xeito, a práctica totalidade daqueles homes non se arrepiñe do que fixeron. Son conscientes de que foron utilizados para dar un escarmento ao sindicalismo reivindicativo. Unha mostra máis da loita de clases. Consciente diso, *As inxustizas do Casón* pretende dar testemuño da loita incansábel por demostraren a súa inocencia.

## 1. DA ANGUSTIA NA COSTA DA MORTE Á TRÁXICA PEREGRINAXE Á MARIÑA

Para entender o acontecido na fábrica de Alúmina-Aluminio de San Cibrao a partir do día 12 de decembro de 1987, hai que analizar detalladamente os sucesos acaecidos na Costa da Morte durante a semana anterior. A nosa exposición dos feitos baséase nas noticias recollidas nos xornais da época e no visionado tanto dos telexornais de TVE e TVG –únicas canles que emitían en Galiza naqueles anos– como dos programas especiais que esta última emitiu durante esa fatídica semana e con posterioridade.

### *1.1. O ACCIDENTE E AS PRIMEIRAS CONSECUENCIAS*

O 5 de decembro de 1987, mentres navegaba fronte ás costas galegas, o Casón –barco de bandeira panameña– sofre un accidente debido ao temporal que azouta as nosas costas, provocando que a carga se mova e se produza un incendio. Nos xornais do día 6 podemos ler que arredor das 07:00 horas do día 5 se produce un incendio na cuberta do buque cando navegaba polas inmediacións de Fisterra. O S.O.S é recibido na Axudantía de Mariña de Corcubión ás 07:45 horas. Nese mesmo momento son alertadas a Garda Civil de Corcubión e a Cruz Vermella de Fisterra, partindo a lancha de salvamento ás 08:00 horas do porto en dirección ao lugar do accidente. O avistamento do mercante sinistrado prodúcese arredor das 10:30 horas a cinco millas da costa, nunha zona que os pescadores coñecen como O Muñeco. Segundo as primeiras informacións que facilita a lancha de salvamento, aparentemente non hai ningún incendio no barco, mais si unha densa fumareda que sae da proa. Á zona desprázanse dous helicópteros do SAR (Servizo Aéreo de Rescate) e un da Mariña, que van ser os encargados de trasladar os superviventes e falecidos ao Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (daquela aínda Juan Canalejo). Ás operacións de rescate únense varios mercantes de diferentes nacionalidades que se encontraban na zona do suceso.

Vinte minutos despois do S.O.S, os helicópteros do SAR desprázanse á zona. Recollen tres persoas: os dous únicos tripulantes que permanecían na cuberta do barco facendo acenos, e outro que estaba na auga. Os restantes 29 lanzáranse ao mar

con chalecos e botes salvavidas e 23 deles pereceran, entre eles unha muller. Segundo *La Voz de Galicia*, a maioría das vítimas morreron por inhalación de dióxido de carbono ou como consecuencia do golpe producido na noca ao botárense á auga. Só oito dos tripulantes foron rescatados con vida e trasladados horas máis tarde ao hospital coruñes con síntomas de hipotermia. Catro mariñeiros serían rescatados polo mercante británico Remuera Bay e outro polo buque italiano Arlesa, que os desembarcarían na cidade herculina por volta das seis da tarde. Segundo os catro mariñeiros superviventes auxiliados polo mercante británico, ningún dos cales levaba aínda un ano no mar, o primeiro que coñeceron do suceso foi a orde de evacuación dada polo capitán, Lan Kwok Ching, ante o temor de que o cargueiro emborcasse.

Despois do recoñecemento médico realizado no centro hospitalario, os tripulantes chineses foron trasladados á Casa do Mar da Coruña. Xa máis tranquilo, Chiu Sing Man, enxeñeiro do barco, declara que descoñece o contido das adegas do mercante, mais comenta que hai bidóns rotulados cunha caveira e o número 6 no seu interior. A raíz destas declaracións, as autoridades deciden analizar a roupa dos tripulantes superviventes e dos falecidos para comprobar se o barco transporta mercadorías tóxicas ou radioactivas.

Ao medio día, procedente de Vigo, chega ao lugar do suceso o Remolcanosa 5, que tenta apagar o lume e desviar a traxectoria do mercante, que os ventos están a aproximar a só cinco millas da costa.

O Casón, un barco de 9 191 toneladas de rexistro bruto, 136,84 metros de eslora, 21,06 de manga e 8,21 de calado, dirixíase de Bélxica a Shangai con 31 tripulantes: 29 da República Popular China e 2 de Hong Kong. Segundo algúns expertos, a tripulación non era suficiente para o goberno dunha embarcación desa envergadura, mais para outros con 15 tripulantes sería suficiente. Diversas fontes coinciden en que a maioría dos mariñeiros eran da China Continental e carecían de experiencia no mar, e máis aínda neste tipo de travesías. Con respecto á carga, as primeiras hipóteses que se barallan apuntan a que o barco, fretado por unha compañía de Hong Kong, transporta combustíbel, mais as autoridades nin o confirman nin o desmenten.



A información facilitada polos medios de comunicación non é moi fiable: antes de que fosen realizadas as autopsias, algún medio xa sinalara que os mariñeiros morreran intoxicados. Os contidos informativos céntranse no rescate, mais deixan entrever que o barco podería transportar nas súas adegas produtos radioactivos ou tóxicos. Este temor provoca as primeiras reaccións de alarma entre a poboación que se encontra na zona, que pide ás autoridades confirmación de se hai ou non perigo para a súa saúde.

En contraste coa descrición do caótico panorama da véspera –tanto na zona da traxedia como nas oficinas administrativas–, o día 7 os medios galegos esfórzanse por transmitir sensación de tranquilidade. *El Progreso* titula “Protección Civil en estado de alerta, pese a que la carga del Casón no parece ofrecer peligro” e sinala que a Comandancia de Mariña está a analizar as substancias que transporta o buque e, mentres tanto, Protección Civil está en alerta por se tivese que actuar. Mais, fronte a esa hipotética dilixencia das “forzas vivas”, a crúa realidade tamén ten o seu oco na información: o enxeñeiro de máquinas do mercante, Chiu Sing Man, reitera que descoñece o contido da carga do barco e insiste en que só dispuña desa información o capitán, que faleceu no sinistro. No entanto, el sospeita que entre a mercancía podería haber produtos químicos, porque nos bidóns que el viu figuraba a caveira, que identifica o perigo. Chiu Sing sinala que todo comezou cunha explosión na adega e expón a súa teoría de que, debido ao movemento provocado no barco pola marusía, se soltase parte da carga e que o rozamento dos envases metálicos producise algunha faísca que provocase a explosión. Nese momento, segundo relata o supervivente, o capitán ordenou á tripulación que se lanzase á auga. Os tripulantes dirixíronse cara á proa e tiráronse ao mar desde unha altura de quince metros, sendo probábel que, dada a súa inexperiencia, algúns deles rompesen a noca ao saltaren.

*El Ideal Gallego* recollía as declaracións efectuadas o día anterior polo gobernador civil da Coruña, Andrés Moreno Aguilar, nas que despois de sinalar que “no existe peligro alguno y por ello no se han tomado medidas al respecto”, anunciaba a inminente chegada do armador, que aclararía as dúbidas sobre a carga.

Noutras palabras: todo o mundo podía estar tranquilo, porque non había perigo para a poboación e, ademais, as autoridades tiñan a situación baixo control.

Esta mesma idea de xestión eficaz é a que tenta transmitir *La Voz de Galicia* cando recolle que a Comandancia de Mariña da Coruña solicitara á Dirección Xeral da Mariña unha investigación sobre a carga do Casón. Porén, cando o gobernador civil manifesta que non hai perigo, dío por propia intuición? Como pode facer unha aseveración deste calibre se non dispón aínda dos resultados da investigación. Por outra parte, no mesmo xornal, o embaixador da República Popular China –Zhon Jichang– desenténdese do cargamento do buque e sinala que é o armador quen ten que dar explicacións sobre o contido dos colectores e facerse cargo de superviventes e cadáveres, repatriándoos ao seu país de orixe. Despois de ler a entrevista temos a impresión de que hai un certo ocultismo sobre o caso, e esta idea vaise ver reforzada cunha nova información. Un veciño do lugar do accidente avalía así a intervención do Remolcanosa 5: “Nós vimos moi ben como lle botaron as estachas e como despois o abandonaron. Non fixeron nada para que non chegase á costa. Ás 5 da tarde o barco achegouse talmente como se o puxesen coa man”. Destas declaracións podemos inferir que quizais o que as autoridades pretendían non era levar o barco a mar aberto senón achegalo á costa. Transportaba nas adegas algo que as autoridades pretendían descargar? Ou é que a empresa do Remolcador sabía que os custos do auxilio dun barco embarrancado serían maiores e sacarían máis diñeiro que se o levaban a porto?

En vista do panorama, os veciños están inquietos e esixen ser informados. Comezan así os rumores sobre a misteriosa carga –o máis estendido é que o barco podería transportar produtos radioactivos–, mais as autoridades insisten en que descoñecen o contido da carga. Alén da lóxica desconfianza, debido á falta de información, a poboación comeza a denunciar a mala xestión do sinistro; as autoridades son increpadas, porque os cadáveres de oito dos mariñeiros –case corenta horas despois do accidente– aínda se encontran na lonxa de Fisterra.

Ao temor dos veciños súmase o específico dos mariñeiros que non poden faenar na zona do sinistro pois non saben se a

pesca se viu afectada por algún produto contaminante. A incerteza sobre a saúde está acompañada doutras dúbidas sobre as circunstancias en que se produciu o accidente e os detalles do mesmo. Por que o capitán o mandou abandonar? Era tan perigosa a carga que temía polas súas vidas? De que morreron os tripulantes: intoxicados, afogados, descrocados? Por que se produce ese mutismo oficial?

As noticias publicadas por outros xornais non son máis tranquilizadoras. Se os veciños de Fisterra leron o titular de *El País* (“Incertidumbre sobre la toxicidad de la carga del buque que ardió frente a Fisterra”), sentiríanse cando menos asustados, máis aínda se continúan lendo: “La hipótesis de la carga tóxica se sus- tenta, por el momento en el testimonio del jefe de máquinas<sup>1</sup>, Chin Sing Man (...) que declaró que en la bodega iban cajas con la calavera y las tibias del símbolo universal de peligro y la inscripción peligro nº 6”

A pouco que reflexionemos sobre as noticias publicadas na prensa o luns 7 de decembro comprenderemos o medo dos veciños e veciñas de Fisterra, pois aínda ninguén lles aclarara o que transportaba o barco nas súas adegas. Tampouco as declaracións do embaixador chinés, desentendéndose de todo, transmiten precisamente tranquilidade a uns veciños que teñen en mente –como se encargou de recordar algún informativo da TVG– o desastre acontecido en Chernobyl o ano anterior.

Na mañá do cuarto día –o 8 de decembro– as perspectivas eran moi semellantes ás das xornadas anteriores. Os xornais recollen información sobre a reunión que o gobernador civil da Coruña mantivo, na sede da comandancia de Mariña, coas autoridades marítimas, diplomáticos da embaixada chinesa e o propio armador do barco. Posteriormente o comandante de Mariña –Antonio Díaz-Pache Montenegro– ofreceu unha rolda de prensa en que deu detalles da carga do barco e manifestou preocupación polo que podería suceder se as mercadorías entrasen en contacto coa auga. *El Progreso* abría co seguinte titular “La carga del Casón tóxica y peligrosa” baseándose nas

---

1 Para outros medios de comunicación Chin Sing Man era o enxeñeiro de máquinas que viaxaba no barco.

declaracións das autoridades de Mariña que confirmaran o día anterior que o barco tiña a bordo “Produtos perigosos e materiais tóxicos”, entre outros: 30 kg de gases inflamábeis de grao 2, 1 000 bidóns de líquidos inflamábeis de grao medio e unha cantidade indeterminada de veneno tóxico de grao 6. Segundo o xornal, sábese que esta carga perigosa foi embarcada nos portos de Hamburgo, Róterdam e Antwerpen, mais descoñécese que outras mercadorías transporta o buque porque non son capaces de descifrar o manifesto de carga. Desta información podemos deducir que existe perigo, por moito que o gobernador civil da Coruña o quixese obviar nas súas declaracións. Se no cargueiro hai líquido inflamábel e aínda segue activo o lume nunha zona da cuberta, pódese producir unha explosión en calquera momento. A preocupación dos veciños está pois xustificada e máis se se confirma que o buque transporta bidóns tóxicos. *El Ideal Gallego* incidía na información (“Los vecinos de Finisterre, preocupados por la posible peligrosidad de la carga del buque panameño Casón”) e resaltaba unhas declaracións do comandante de Mariña da Coruña nas que sinalaba que o principal obxectivo era evitar a contaminación da zona polos produtos que transportaba o cargueiro –o que contradí as afirmacións anteriores de que non existía perigo–, en consonancia coa información dada pola Capitanía Xeral da Zona Marítima do Cantábrico para que os remolcadores non se achegasen ao barco debido á perigosidade da carga.

Quen non anda con rodeos é *El País*, que titula: “El barco encallado en Finisterre es una bomba”. Xa no interior podemos ler que existe o risco de que o sodio metálico –outro dos produtos que transporta o Casón– estoupe ao entrar en contacto coa auga. Neste sentido, a comandancia de Mariña aseguraba que non caeran bidóns ao mar e, no caso de que caesen, advertía á poboación que non se achegase e que avisase as autoridades.

Todas estas informacións son pouco tranquilizadoras para os veciños, que teñen o barco próximo ás súas casas. As autoridades desmenten que a carga sexa radiactiva, como algún medio publicara o día anterior, mais non que sexa tóxica. Por outro lado, as autoridades competentes en materia sanitaria xustifican a súa pasi-

vidade porque, segundo sinalan, non teñen datos oficiais. Malia que a prensa posuía os datos, o delegado provincial de Sanidade da Coruña, Manuel Escurió Reinoso, declarara o día anterior que non tiña información oficial sobre a carga que transportaba o barco, mais que non había motivo para preocuparse. Non é normal que os veciños sintan preocupación?

As horas pasan e a incerteza aumenta. Os veciños saben, polos medios de comunicación, que os labores de rescate do barco están paralizados como consecuencia do perigo de explosión. Isto provoca que o mércores 9 de decembro máis de 1000 persoas decidan abandonar as súas casas para iren a un lugar seguro, xa que as autoridades non responden as súas preguntas e o caos comeza a dominar nas zonas afectadas. O discurso dos “altos cargos” non convence a poboación, que leva días escoitando informacións contraditorias.

Este mesmo día comeza a descarga dos bidóns máis tóxicos do Casón, na que participan varios remolcadores, un guindastre sobre plataformas, gabarras e un mercante de baixo calado ao que se trasladan arredor de 100 bidóns, que son levados ao porto de Brens en Cee. Varios técnicos holandeses –segundo as autoridades, “os mellores do mundo”– examinan a carga do buque sinistrado e un deles declara á TVG que só hai 3 bidóns moi perigosos, que se encontran na cuberta do barco. Mais o informante non identifica os bidóns nin di o que teñen no seu interior para seren considerados os máis perigosos. Posteriormente, nun artigo publicado na revista *Interviú* do día 16 de decembro, o xornalista Perfecto Conde afirma que os expertos holandeses son en realidade traballadores dunha empresa chamada Smit Fire Loss Prevention B.V de Hamburgo (RFA), e que algún deles estaba moi interesado en abrir o armario do capitán para retirar del todos os documentos, entre eles o libro de navegación e os pasaportes da tripulación.

Cinco días despois do encallamento as noticias seguen sendo contraditorias. Había ou non había perigo na zona? Se non o había, por que non se trasladaron até o lugar do suceso todas as autoridades competentes ao mando do operativo para mostrarlles aos veciños que podían estar tranquilos nas súas casas?

Se non había risco, para que se habilitan os centros de ensino de Santiago como lugar de acollida para os veciños?

Os medios de comunicación continúan informando da crúa realidade. Así, *El Ideal Gallego* titula “Paralizadas las labores de rescate de la mercancía del Casón por temor a originar una nube tóxica” e sinala que é probábel que haxa unha evacuación, e en *La Voz de Galicia* encontramos: “Preocupa especialmente el riesgo de explosión del sodio metálico al contacto con el agua”, “Cinco centros de Santiago están preparados para acoger a 1500 habitantes de Finisterre”.

Tras leren algo así é normal que os habitantes de Fisterra abandonen os seus fogares, pois os titulares non son precisamente tranquilizadores. Se unha persoa le “nube tóxica” e “posible evacuación”, sen dúbida a súa preocupación vai ir en aumento, por moito que o gobernador civil da Coruña diga que a xente pode estar tranquila nas súas casas. Non o van crer, e moito menos cando, ao mesmo tempo, o “especialista holandés” confirma que hai 3 bidóns moi perigosos.

Na mañá do **xoves día 10** os titulares dos xornais galegos son igual de preocupantes. En *La Voz de Galicia* podemos ler “La Xunta decide suspender las clases en Fisterra mientras la población produce un éxodo espontáneo” e ofrece as declaracións de José Antonio Madiedo, director xeral da Mariña Mercante: “Unha vez que os bidóns estean lonxe da costa, pódese considerar resolto o caso” —e nós volvemos preguntarnos, se non hai perigo, por que motivo se suspenden as clases?—; *El Progreso* afirma: “Centenares de familias de la comarca de Fisterra abandonaron sus hogares”, “Ayer fueron descargados del Casón cien bidones con los productos más tóxicos” —estarían entre eles os 3 mencionados polo técnico holandés?— e *El Ideal Gallego* sinala “Greenpeace denuncia el secretismo y la ineficacia de las autoridades”. Pola súa parte, *El País* informa de que “Vecinos de Finisterre abandonan sus casas ante el temor de que un temporal haga estallar el Casón”.

En todos os xornais aparecen recollidas as primeiras negligencias, entre elas, tentar apagar o incendio do barco con auga, co perigo que iso implica ao haber bidóns de sodio metálico entre a carga. Tamén inclúen as primeiras reaccións políticas: Coalición

Popular e o PSG-EG presentaron no Parlamento senllas interpeleacións á Xunta sobre o accidente.

A tarde do 10 de decembro será intensamente recordada por moitos habitantes da Costa da Morte debido á inquietude e o medo que pasaron. Ese día entra un temporal que obriga a suspender as operacións de rescate dos bidóns, o que provoca a indignación xeral; os veciños non entenden como non se comezou antes coa descarga do barco aproveitando o bo tempo. A última hora da tarde, os habitantes de Fisterra e as zonas próximas ao encallamento do barco deciden –por iniciativa propia– abandonar a zona; o forte temporal con ondas que pasan por riba da cuberta do barco orixina as primeiras explosións dos bidóns, como xa vaticinara o catedrático de Química da USC Francisco Bermejo nunha entrevista realizada pola TVG.

Ás 19:30 horas, nunha retransmisión en directo, a TVG mostra o barco en chamas e os bidóns estoupando. A reporteira Cruz García del Río sinala que as explosións son cada vez máis fortes e os estoupidos continuados e que o barco se encontra envolto nunha nube de fume. Anos máis tarde, no programa *A Caixa negra* de TVG, declara:

Eu non recordo ter medo. Era seguramente un pouco de irresponsabilidade, porque ninguén sabía o que había no barco e o que estaba causando esas explosións. Pero non recordo ter medo. Recordo esa ansia de xornalista nova, de dicir aquí non queda ninguén, estamos nós sós e hai que contalo, porque nos vai ver todo o mundo.

Na mesma canle, o delegado do Goberno Domingo García Sabell dá a orde de evacuación porque llo suxire o gobernador civil da Coruña, Andrés Moreno Aguilar, que se encontra na zona. Inmediatamente despois, é o propio Moreno Aguilar, desde a lonxa de Fisterra, quen chama á calma dos veciños. Sinala que non teñen de que se preocupar, que a fuxida da xente está inxustificada e que a saída desorganizada pode provocar accidentes nas estradas. Os habitantes de Fisterra non entenden nada, porque segundo o delegado do Goberno é o propio gobernador quen lle suxire a orde de evacuación, mais segundo

este último o perigo non xustifica o abandono dos fogares. As declaracións dun mozo da zona son moi significativas, di que está a tentar saír de alí e non pode, ao contario do que sucede cos responsábeis civís que, en caso de catástrofe, teñen coches en que abandonar o lugar.

Tres horas despois de dar a orde de evacuación, o gobernador civil da Coruña, nunha rolda de prensa, manifesta que malia que houbo momentos en que as informacións eran contraditorias, as decisións que se tomaron estaban xustificadas, mais neste momento xa non hai perigo e pide aos habitantes da zona que regresen ás súas casas.

No entanto, podían estar tranquilos os veciños nas súas casas despois das informacións contraditorias das últimas horas? Certamente, non. Esa mesma noite, nun informativo especial da TVG fálese de nube tóxica e mentres, García Sabell sae lendo un comunicado da Xunta en que se afirma que non é tóxica. Obviamente, os veciños de Fisterra xa non saben a quen crer e, como poden, abandonan a zona porque non está en marcha un dispositivo de evacuación. Cóstanos que no momento de abandonar a zona expoñían as súas queixas ás cámaras da TVG que estaban no lugar, ao tempo que a Radio Galega informaba do forte olor que se respiraba en Camariñas e de que a xente comezaba a queixarse de proído nos ollos e na gorxa. Estas noticias non fan máis que aumentar a intranquilidade da poboación e por iso, cando García Sabell comunica o plan de evacuación posto en marcha –300 autobuses diríxense á zona–, xa é demasiado tarde; xa case non quedan veciños, pois foran abandonando o lugar nos vehículos que tiñan dispoñíbeis: coches, tractores, camións de gando etc., e mesmo houbo quen abandonou as aldeas en barco.

Está claro que as informacións contraditorias facilitadas polas autoridades e as imaxes e noticias transmitidas pola TVG e a Radio Galega provocaron a incerteza entre a veciñanza. Por moito que Andrés Moreno Aguilar chamase á calma, as súas palabras xa non resultaban críbeis e a xente abandonaba o lugar como consecuencia do medo provocado pola falta de información nos días precedentes.



Esta nefasta xestión ten continuidade con novos despropósitos. O caos esténdese polo país nunha itinerancia macabra. Ás 19:00 horas do xoves a Guitiriz chegan rumores de que os bidóns van ser trasladados a Parga. Dúas horas máis tarde, a TVG confirma que están xa en camiño, o que provoca que os veciños destes municipios se mobilicen para parar os camións. Ás 23:00 horas, os piquetes cortan a Nacional VI en Guitiriz. No Mesón da Cabra (Parga) acumúlanse coches para evitar o paso. Á medianoite, os camións de V. Núñez e Lomer G. chegan a Guitiriz onde encontran a estrada cortada. Simultaneamente, no antigo campamento militar de Parga reúnense o gobernador civil de Lugo, o alcalde e unha concelleira de Guitiriz con representantes de protección civil e outras autoridades. Case tres horas máis tarde (ás 02:45) chega a Guitiriz a edil Carmen Pardo, que dá conta pública do tratado na reunión. De madrugada, os camioneiros acceden ás peticións dos congregados e deciden dar volta, mais son retidos pola Garda Civil e os antidisturbios da Coruña. Ás 9 da mañá os veciños persisten nas súas protestas e ás 11 a policía retira as barricadas, mais os tres choferes –en solidariedade coa xente do lugar– entregan á Garda Civil as chaves dos camións e será este corpo o que se teña que facer cargo do traslado. Os camións chegan a Parga ás 15:00 horas. Posteriormente, o gobernador civil de Lugo anuncia que en poucas horas abandonarán a localidade. O lugar elixido é o complexo industrial de Alúmina-Aluminio na Mariña lucense, en cuxas proximidades son depositados ás 08:00 horas do sábado 12 de decembro de 1987.

Os titulares do venres día 11 reflicten fielmente tanto a situación da zona cero como o inicio da peregrinaxe contaminante. *El Progreso* titula “Una serie de explosiones en el Casón provocaron una nube tóxica que tomó dirección suroeste. Evacuadas Fisterra, Cee y Corcubión”, “Indignación en Guitiriz por el traslado de los bidones tóxicos al campamento de Parga”. Así é como as autoridades competentes –por cualificalas dalgún xeito–, despois de sementaren o caos na Costa da Morte, deciden transportar os bidóns máis perigosos a un campamento militar en Parga, no interior da provincia de Lugo. O lugar escollido para enviar os bidóns era naquela altura unha zona conflictiva, porque nese momento a poboación de Guitiriz se estaba a manifestar en con-

tra do peche de SIDEGASA. Aínda que así non fose, non é de estrañar que os veciños da zona non quixesen alí os bidóns e lles cortasen o acceso por estrada. A fin de contas, eses eran os bidóns máis tóxicos do Casón; os mesmos que a noite anterior provocaran o caos na Costa da Morte.

En *El Ideal Gallego* podemos ler “Vecinos de Parga se oponen a que los bidones tóxicos se depositen en la zona”, “La Bomba flotante del Casón provocó el pánico en Finisterre” e “La carga más tóxica del Casón, trasladada en camiones al campamento militar de Parga”.

*La Voz de Galicia* sinala, “La marcha de muchos vecinos antes de las explosiones de anoche había dado a Finisterre un aspecto desolador” e “Laxe llamó a Felipe González para protestar por la falta de información”. O rotativo coruñés di que a chamada se produciu sobre as 10 da noite do xoves e que o presidente da Xunta lle expresou o seu malestar ante a falta de información sobre o que estaba a suceder. Ao parecer, a chamada á Moncloa produciuse porque o presidente de Galiza non era capaz de contactar co gobernador civil nin co delegado do Goberno. No mesmo xornal tamén podemos ler que “Vecinos de Guitiriz, Parga y Santa Cruz se manifestaron en protesta por el traslado de la carga a la zona”. No corpo da información inclúense declaracións dalgúns veciños que din que tiveron coñecemento do traslado dos bidóns pola TVG.

*El Correo Gallego* publica na portada: “Millares de personas abandonaron precipitadamente la zona de Fisterra ante el pánico generado por las explosiones del Casón”. Nas súas páxinas interiores recolle: “Seis días de angustia que terminaron en desesperación”, “los vecinos de Guitiriz impiden el paso de los bidones tóxicos al campamento de Parga cortando la carretera”, “la descoordinación entre las administraciones marcó la operación de desalojo de la población”, “Nerviosos al llegar a Santiago, por la falta de atención adecuada”.

O resto do Estado tamén foi coñecedor da situación. Os titulares de *El País* mostran resumidamente o panorama: “Miles de personas huyeron, en absoluto caos, de la nube provocada por la explosión del Casón”, “los vecinos criticaron acremente los planes de evacuación”.

Na medida en que avanzaba o día, o mesmo caos xerado na Costa da Morte trasládase ao interior de Lugo, concretamente aos municipios de Guitiriz e Parga. Os bidóns máis tóxicos do Casón encóntranse desde a noite anterior nesas localidades á espera de que os veciños os deixen entrar no campamento militar. Estes néganse a que os contentores se almacenen na zona, deteñen os camións con barricadas e mesmo ameazan con voar unha ponte para impediren o paso da carga perigosa. Isto provoca que esa mesma tarde o gobernador civil de Lugo, Juan Manuel Iglesias Rivera, anuncie a unha comisión integrada por partidos políticos e centrais sindicais que os bidóns abandonarían Parga en breve. Anos despois, Melchor Roel –naquela altura, concelleiro de IU en Viveiro– afirma que a idea do gobernador civil de Lugo era envialos a un campamento militar en León, mais o gobernador civil desta provincia negouse e ameazou con bloquearlles o paso.

Mentres tanto, a cidadanía preguntábase: se os bidóns non son perigosos, por que os trasladan de sitio?

### *1.2. REFLEXIÓN SOBRE O ACONTECIDO NA SEMANA QUE VAI DE 5 A 12 DE DECEMBRO*

O Casón, un barco de bandeira panameña que se dirixe dos Países Baixos a Hong Kong, encalla preto da costa de Fisterra. Está tripulado por 31 persoas, entre as que se encontra un enxeñeiro de máquinas (oficial con máis alto rango que sobrevive ao naufraxio). Este afirma que descoñece o que transporta o barco, mais sinala que nas adegas hai bidóns co símbolo 6 de perigo. Centrémonos no momento en que, segundo os superviventes, se produce un incendio no buque e o capitán ordena tirarse ao mar. Segundo os expertos, o que posibelmente se produciu non foi un incendio, senón deflagrações ocasionadas por algúns dos bidóns de sodio metálico que transportaba o cargueiro. Aínda que iso fose certo, non se entende que o capitán –quen, en teoría, coñece o contido da carga que transporta– ordenase a inmediata evacuación, seguramente de maneira precipitada, pois no barco quedaron dous mariñeiros que foron rescatados polo helicóptero do SAR. Habería que se preguntar: por que eses dous mariñeiros desobedecen as ordes do capitán

e non se botan á auga? Quizais por medo a afogaren? Talvez os tripulantes de Hong Kong coñecían o contido da carga e sabían que aquilo non era un incendio senón as deflagrações dalgúns produtos químicos? A día de hoxe non se sabe con certeza que é o que transportaba o Casón. Entre as hipóteses sobre a mercadoría, barallábase a posibilidade de que transportase produtos radioactivos; a propia TVG fíxose eco de noticias procedentes de Inglaterra e Alemaña que afirmaban isto. Debemos ter presente que en 1987, en plena Guerra Fría, era ilegal a venda deste tipo de produtos a países como China. Anos despois, no programa *A caixa negra* da TVG, Perfecto Conde –xornalista que cubriu o suceso do Casón e que ademais foi o único que permaneceu na Costa da Morte cando os bidóns xa foran trasladados á Mariña– formula a hipótese de que o barco transportase cabezas nucleares. Partindo desta idea, os barrís serían só unha tapadeira para facilitar a descarga das cabezas nucleares sen levantar sospeitas. De ser certa a suposición, as máis altas autoridades do Estado tiñan que estar ao tanto das características da mercadoría.

Mais, retornemos ao barco. O mércores descargan os bidóns máis tóxicos e lévanos ao porto de Brens –en Cee, a uns 10 quilómetros–, para trasladalos, en teoría, ao seu lugar de orixe. En lugar de deixalos alí, deciden envialos ao campamento militar de Parga, acción que se realiza ás 19:00. Se este campamento, situado no interior de Lugo, non está próximo ao mar, descoñecemos como pensaban cargalos nun barco para levalos a Holanda. Trataríase dunha manobra de despiste para que a xente non abandonase as súas casas? Ou pretendíase que os medios de comunicación fosen detrás dos bidóns e abandonasen a zona do encallamento? Se os bidóns máis perigosos xa non están en Cee desde o xoves ás 19:00 horas, por que ordenan a evacuación? Porque, en realidade, teñen medo ao que trae o barco. A carga real non é a sinalada no manifesto. O envío dos bidóns a Parga é unha acción deliberada, non porque existise alí un campamento militar, senón porque os veciños levaban moito tempo mobilizándose contra o peche de SIDEGASA (que deixaría na rúa os traballadores). A chegada dos barrís non fixo máis que inflamar, se cabe aínda máis, as protestas veciñais. Que mellor que mandar os bidóns onde hai mobilizacións sabendo que a prensa irá detrás deles en

previsión de incidentes! Chegados a este punto, facemos outra pregunta de resposta doada: os veciños de Guitiriz descubren polo telexornal das 21:00 horas que os bidóns máis perigosos ían para a zona. Como o sabían na TVG? Sabían porque ás autoridades lles interesaba que se soubese para desviar a atención de todas as negligencias da última semana. Se quixesen trasladar os bidóns sen que ninguén se decatase, terían que comezar por non informar disto aos medios de comunicación. Os veciños de Parga non se terían decatado e os bidóns chegarían ao campamento sen que ninguén se opuxese.

Despois de comprobaren as reaccións ás portas da Terra Chá, o caos orixinado na Costa da Morte e a situación de miles de persoas evacuadas, ás autoridades non se lles ocorre outra forma de solucionar o problema que levar novamente os bidóns de “excurción”. Á hora de buscaren emprazamento alternativo, decántanse por outro punto quente onde seguro ían encontrar resistencia: a fábrica de Alúmina-Aluminio na Mariña lucense, onde para o sábado 12 de decembro estaba convocada unha manifestación pedindo un tren de laminado para a zona. Nesta ocasión as autoridades preocupáronse de que os medios de comunicación non se decatasen nin da hora nin do lugar ao que se ían dirixir os bidóns máis perigosos, que saíron con nocturnidade e aleivosía e chegaron ás 08:00 horas do sábado as inmediacións do mencionado complexo industrial da Mariña. Até alí vanse trasladar os medios de comunicación, deixando vía libre na Costa da Morte. Segundo o gobernador civil da Coruña, xa non existía perigo: os evacuados podían regresar aos seus fogares, “porque os bidóns máis perigosos xa se encontran en Lugo”.

Se paramos a analizar os feitos, vemos que os bidóns máis tóxicos son descargados en Brens. En lugar de os deixar alí –ou de os transportar aos portos da Coruña ou Ferrol para seren reembarcados nun cargueiro de maior cabotaxe rumbo a Holanda–, deciden levalos ao interior de Lugo. Isto era absurdo, a non ser que pretendesen levalos por estrada, en camións, cruzando Europa, o que non permitiría a C.E.E. Porén, o máis absurdo de todo é levalos á Mariña para os embarcar desde o porto dunha factoría. Se realmente se trataba dos bidóns máis perigosos –como eles din–, pensaban as autoridades que na Mariña a xente ía quedar

tranquila téndoos alí?, ou é que ese traslado tiña outros fins ocultos? Está claro que, cando menos, estraña que un barco encalle en Fisterra e a súa carga máis perigosa chegue á Mariña. Non sería máis acertado trasladar os bidóns a un porto próximo que pasealos por todo o interior de Galiza?

Unha vez que os bidóns están en San Cibrao, os medios de comunicación instálanse na zona e as autoridades poden descargar o barco sen que ninguén informe do que están a facer. Mais a operación non lles saíu completamente ben, porque houbo un xornalista –Perfecto Conde– que intuía a xogada de despiste.

A revista *Interviú* publicou varias informacións relacionadas co naufraxio do Casón e nelas tentou dar luz sobre o que realmente transportaba o monstro nas adegas. Na publicada o 13 de xaneiro de 1988, Perfecto Conde relata como chegou á zona un cidadán británico, Sr. Biggs –perito da empresa de seguros The London, filial do grupo Lloyd’s–, para investigar o sinistro por encomenda da aseguradora do barco. Este cidadán, que se hospedou no hotel O Hórreo, base operativa de autoridades, técnicos e operarios–, traía unhas fotocopias do manifesto de carga do Casón e unha delas entregoulla ao subdirector da Mariña Mercante, Juan José Achutegui, que á súa vez lla fixo chegar ao director xeral. O Sr. Biggs gardou no seu cuarto, o número 174 do hotel O Hórreo, outras copias da documentación. Saíu a cear e ao regresar ao hotel, atopouse con que desaparece-ran todas, regresou a Londres sen presentar denuncia ningunha. A aseguradora xa sospeitaba desde o primeiro momento que o barco traía algo que non entraba na póliza do seguro, polo que non terían que facerse cargo dos danos ocasionados. As reportaxes de *Interviú* sinalan o feito de que varios tripulantes do Remolcanosa 5 subiron ao barco e subtraeron o manifesto de carga e diversa documentación. Segundo a revista, o Casón probablemente transportaba un reactor nuclear, e outros produtos radiactivos con destino á China, que se estaba a converter no cemiterio nuclear de Europa. Nunha das reportaxes afírmase que os bidóns se enviaron a Alúmina-Aluminio para focalizar alí a atención, de xeito que non se producise un conflito internacional entre a China, Alemaña e España. O conflito da factoría serviría, pois, como unha cortina de fume. A revista tamén

menciona que, nos días posteriores, chegaron á zona do sinistro cinco persoas de nacionalidade chinesa que observaban dende os cantís os labores de descarga do barco sinistrado, e que a varias millas do Casón se situou un buque desa mesma nacionalidade ao que probabelmente se trasladou parte da misteriosa carga. Anos despois, un dos encargados de despezar o Casón afirmou que no casco había un burato feito con soprete. Por el, con toda probabilidade, os mergulladores sacarían as cabezas nucleares ou o que houbese na adegá do barco. O que está claro é que as autoridades non se pronunciaron sobre a carga que transportaba o Casón, como tampouco nunca desmentiron que transportase unha cabeza nuclear ou un reactor químico.

Segundo contan algúns xornais, o Casón foi descargado nas semanas posteriores e, finalmente, o despece parcial chegou uns anos despois. Os restos da súa estrutura, a día de hoxe, seguen no mar que baña a Costa da Morte; continúan alí recordando a trágica semana de decembro de 1987. Pola súa parte, no paseo marítimo de Fisterra unha das áncoras tenta lembrar aquelas 23 vítimas directas ao tempo que denuncia o sufrimento daquelas outras que aínda esperan xustiza.

Varios decenios despois, ningunha autoridade responsábel aclarou o que realmente transportaba o barco nin os produtos a que estiveron expostos os veciños. Ese mutismo oficial cubriu Galiza e o Estado español. O Casón pasou a formar parte da historia máis trágica das nosas costas, que naquela madrugada viron como o mar, máis bravo que de costume, arrebatava vidas e deixaba aquel mercante á deriva como se fose unha casca de noz, sementando o pánico durante máis dunha semana en tres comarcas galegas.





## 2. ANTECEDENTES AO CONFLITO DOS BIDÓNS

### 2.1. A CONSTRUCCIÓN DA FÁBRICA DE ALÚMINA-ALUMINIO

A creación do complexo industrial de Alúmina-Aluminio<sup>2</sup> –aínda en plena ditadura militar de Franco– data de 1974, ano en que os únicos produtores de aluminio do Estado español –a Empresa Nacional de Aluminio, S.A (ENDASA), e Aluminio de Galicia, S.A (Alugasa)– promoven a localización dunha planta transformadora na Mariña, que puidese atender a crecente demanda que existe no Estado. Ao tempo, deciden construír unha planta de alúmina para non ter que botar man da importación para o abastecemento das plantas produtoras. A mellora nos custos de produción e a redución do investimento total necesario propiciaron a construción de dúas plantas nun só complexo. Coa súa posta en marcha pretendíase que a produción española de aluminio se duplicase, situando o Estado español entre os catro primeiros produtores de Europa. A maior parte da produción destinaríase á exportación, en torno ás 100.000 toneladas anuais, e como mercados preferentes estarían os países do Leste, África do Norte e América do Sur.

Aínda que o proxecto se perfila en 1974 as obras non comezan até un ano máis tarde. Os movementos de terras fanse en setembro de 1975 de forma case clandestina, para evitar conflitos coa poboación da comarca da Mariña, que se estaba a manifestar en contra da construción dunha fábrica de celulosa e unha central nuclear.

En xullo de 1977 comeza a montaxe da factoría; un longo proceso no que traballarían preto de 5 000 persoas. O 6 de outubro de 1980, os Reis de España acompañados do presidente do Goberno, Leopoldo Calvo Sotelo, inauguran as instalacións industriais de Alúmina-Aluminio.

A edificación deste complexo na Mariña resultou polémica e provocou importantes reaccións de protesta e mobilizacións entre a veciñanza, que non vía con bos ollos esta macroindustria. A contaminación por fluor, os poucos postos de traballo que se ían crear para a xente da zona, a carencia de vivendas para as

---

2 De agora en diante A/A.

persoas que chegaban doutros lugares, así como a falta de servizos públicos e o desequilibrio entre os soldos dos traballadores son causa de numerosos conflitos.

## *2.2. O PANORAMA SINDICAL: CONFLITOS ENTRE A DIRECCIÓN E O COMITÉ*

Antes de que sucedesen os altercados como consecuencia da chegada dos bidóns procedentes do Casón, o Comité de Empresa –cunha ampla maioría de CC OO– foi destituído pola asemblea de traballadores, descontenta co labor desenvolvido. En 1985 o novo Comité integrado polos sindicatos USO, UGT, CC OO, INTG e Independentes, ten un arduo labor por diante, con varios conflitos pendentes de resolución. A empresa móstrase descontenta co cambio do Comité, pois entendíase moito mellor co anterior.

As tensións entre o Comité e a fábrica afloran coa negociación do convenio colectivo. Desde o inicio do diálogo, obsérvase falta de sintonía entre o novo Comité e a Dirección da empresa. A nova representación sindical esixe que o convenio colectivo se negocie na factoría, e non –como era habitual– nun restaurante ou nun hotel fóra das instalacións. A patronal quere evitar que o resto dos traballadores e traballadoras fagan presión mentres se está a negociar. Finalmente, a empresa acepta a reclamación do Comité e este comprométese a non convocar asembleas mentres dure a negociación do convenio.

Un dos primeiros asuntos que tivo que tratar o novo Comité foi o RAL (Plan de Reordenación do Aluminio), co que non estaba de acordo. O Comité non concorda con el, e malia que CC OO e UGT o asinan en Madrid, o conxunto dos sindicatos négase a aceptalo na fábrica de A/A. Pola súa conta e risco deciden negociar o convenio colectivo á marxe deste plan, porque pensan que as súas reivindicacións son máis xustas que as que propón o RAL. Nun comunicado emitido polo Comité de empresa sinalan:

La totalidad de los miembros del Comité de Empresa de Aluminio S.A. Alúmina S.A manifestamos unánimemente nuestro rechazo al Plan que se nos presenta como Reordenación de la industria del aluminio en España, por considerarlo lesivo,

perjudicial y discriminatorio para los trabajadores de nuestra fábrica, principalmente en los puntos que a continuación exponemos:

- 1- Excesivo volumen de inversión (reparación del puerto) sin generación de puestos de trabajo, ni petición de las posibles responsabilidades en que hayan incurrido las Empresas Constructoras, Dirección del grupo, etc. Y sin garantizar que con esa inversión se solucione el problema del puerto.
- 2- No garantizar la continuidad de empleo de los trabajadores eventuales, sino todo lo contrario.
- 3- El Centro de San Ciprián, queda totalmente discriminado del resto del Grupo en materia de jubilación anticipada, bajas voluntarias incentivadas etc. al no tener acceso a ellas.
- 4- Este plan nos corta las posibilidades de promoción y ascenso ya que facilita a la Empresa la reducción de costes por los traslados inter-centros al ser absorbible la compensación de traslado de este personal.
- 5- Ante la pérdida alarmante de poder adquisitivo en los convenios de años anteriores, no estamos dispuestos a que se repita un año más.
- 6- Consideramos insuficiente la reducción de jornada ante la situación general de empleo, así como la discriminación de este Centro en la reducción absoluta de jornada con respecto a los demás.
- 7- Se aplican a otros Centros las mejoras conseguidas por los trabajadores de San Ciprián, pero no reinvierten en nosotros las que tienen en esos como horario, paga de beneficios etc.
- 8- Recorta las competencias legítimas del Comité de Empresa, dejando plenos poderes a la Comisión de Seguimiento y Control en la que la representación de los trabajadores es nula.

En base a todo lo expuesto, este Comité de Empresa, recomienda a los trabajadores de esta fábrica que acudan a votar y que su voto sea negativo a este plan. (...)

Despois de que o Comité emitise este comunicado, convocou unha asemblea para explicarlle aos traballadores en que consistía o RAL. Germán Jurado –delegado de UGT para a negociación en Madrid– e outro membro da mesa que representaba a CC OO expuxeron os beneficios que ía supoñer este plan para os traba-

lladores. Tras a exposición, abriuse un debate entre os oradores e membros do Comité, no que chamou a atención a falta de pronunciamento dos representantes de UGT. Finalmente, acórdase a convocatoria dunha asemblea para votar a adhesión ou o rexeitamento do plan. Esta decisión provocou o enfado de Germán Jurado quen, ao saír da asemblea e en presenza de varias testemuñas, lle dixo a Ismael Rego –membro do Comité por UGT–: “Esta me la pagas”. Dun censo de 1780 votantes exerceron o seu dereito 1185 e os resultados foron os seguintes: 410 votos a favor do plan, 764 en contra e 10 votos nulos. Como se pode observar, unha porcentaxe moi elevada rexeitou co seu voto o RAL. Dado que UGT era o sindicato con maior representación dentro do Comité, supúñase que o que propuxera a cúpula deste sindicato debía prosperar, mais no caso do RAL non foi así. A unidade mostrada polos membros do Comité molestou aos directivos da empresa, aos que non lles quedou outro remedio que asumir as propostas sindicais. As reivindicacións pasan non só pola mellora salarial dos traballadores e traballadoras, senón tamén por mellores sociais como: servizo gratuíto de autobús, economato, bolsas de estudo etc. así como outros puntos que o RAL non contemplaba, mais que xa figuraban nos convenios internos de varias empresas do grupo.

Outro dos conflitos en que ten que mediar o Comité é a folga de electrólise, convocada en protesta polo maltrato psicolóxico que exercen os encargados desta sección sobre os traballadores. O Comité de folga, en que están representados a maioría dos membros do Comité, agás os representantes de UGT, chega a un acordo coa dirección da empresa: todos os mandos desta sección formaríanse con especialistas, de xeito que mellorase o trato cos traballadores e que desaparecesen os abusos. Ao tempo que ten lugar este conflito prodúcese a folga das traballadoras da limpeza dunha empresa auxiliar: as operarias encadéanse ás portas da factoría para reivindicaren a negociación do seu convenio colectivo e a Dirección require o Comité para que actúe, pois as folguistas están a interromper o cambio de quenda dos traballadores e traballadoras da fábrica. O Comité colabora coa Dirección como mediador ao tempo que solicita a súa mediación para que a Dirección da empresa auxiliar escoite as reivindicacións das traballadoras en folga.

Durante o proceso de negociación do convenio, a Dirección de empresa exerce unha forte presión psicolóxica sobre os membros do Comité. Na primeira reunión, a empresa ten os 23 membros do Comité nunha sala máis de catro horas –sen comer nin poder comunicarse–, antes de comezaren as negociacións. Un ano despois do inicio das negociacións e despois de ver como actuaba a empresa, entre os membros do Comité chegan ao seguinte acordo: cando se produzan estas reunións, subirá a negociar só a metade do Comité e iranse remudando para evitar que se desgasten psicoloxicamente e se manteñan lúcidos.

Aos anteriores conflitos únense as protestas dos traballadores das respectivas empresas auxiliares, que reivindicaban para eles os mesmos dereitos que os da fábrica. Reclaman ter dereito a vestiario, comedor, economato etc., uns dereitos que reconece unha sentenza ditada pola Maxistratura de Traballo de Lugo a raíz da demanda interposta polo traballador Xermán Rouco, membro do Comité de INDUNOR pola INTG, e o avogado Alberte X. Rodríguez Feixoo, que nunca se chegaron a poñer en práctica.

Así mesmo, o Comité denuncia en reiteradas ocasións, ante a Inspección de Traballo de Lugo, a falta de seguridade na empresa, que provoca frecuentes accidentes laborais entre os traballadores do complexo industrial. Os representantes dos traballadores solicitaban unha inspección que determinase se se cumprían ou non as medidas de seguridade óptimas para traballar.

Outra demanda do Comité de Empresa era que a Dirección de INESPAL en Madrid, esclarecese se as cubas da serie A de electrólise resultaran danadas como consecuencia do “experimento” realizado durante unha fin de semana. Segundo a opinión de varias persoas que traballaban nelas –opinión que sería reafirmada por técnicos especializados–, a citada infraestrutura resultara afectada. Malia que varios membros do Comité se desprazaron á sede central da factoría para pedir explicacións sobre o sucedido, estas nunca chegaron.

### ***2.3. A COORDINADORA POLA INDUSTRIALIZACIÓN***

Outro dos grandes problemas cos que se encontrou a empresa foi a constitución da Coordinadora pola Industrialización da Costa Lucense que, desde o seu nacemento, se centrou na defensa de proxectos que favorecesen a industrialización e a creación

de emprego. Para este fin elaborou unha serie de informes en que se facía un diagnóstico da situación sociolaboral da comarca. Nalgúns deles avaliábase o impacto económico negativo provocado pola contaminación da factoría –tema considerado tabú– e reclamábase a instalación do tren de laminado como fonte compensatoria de emprego. Entre o extenso arquivo enviado ao presidente de INESPAL, Fernando Rubio, figuraban:

- Documentos referentes á pesca de baixura, achegados pola Asociación de Veciños de Lieiro e pola Confraría de Pescadores de San Cibrao.
- Un informe sobre o complexo de Alúmina-Aluminio, elaborado por José M<sup>a</sup> López Bourio e Jorge Carballeira Fernández (secretario xeral da CEL<sup>3</sup>)
- O informe “El Complejo Industrial Alúmina Aluminio y sus posibilidades de desarrollo. Alternativa y propuesta de actuaciones”, elaborado por Rosendo Figueroa Dorrego (Economista e director do Servizo de Promoción Industrial para o Desenvolvemento da Provincia).
- Un informe sobre os resultados das análises realizadas aos cultivos e aos animais contaminados, elaborado por expertos competentes na materia.
- A sentenza xudicial emitida en resposta á demanda presentada polos veciños contra a empresa por contaminación dos seus cultivos e animais, cuxo fallo di así:

Fallo: Que con estimación en lo sustancial de la demanda DEBO CONDENAR Y CONDENO a las entidades demandadas, a que indemnizen a los demandantes a en la cuantía a determinar por personas y fincas en ejecución de sentencia, según los datos y valoraciones que constan en el informe pericial, sin hacer especial mención en cuanto a costas.

Así por esta mí sentencia, definitivamente juzgando en esta primera instancia, lo pronuncio, mando y firmo.

PUBLICACIÓN: Dada, leída y publicada, fue la anterior Sentencia, por el Sr. Juez de Primera Instancia que la dictó, hallándose celebrado audiencia pública en el día de su fecha, de todo lo cual yo Secretario, doy fe

---

3 Confederación de Empresarios de Lugo

DILIGENCIA: En diez de septiembre de mil novecientos ochenta y siete se expide testimonio de la anterior Sentencia para su unión a los autos originales y doy fe.

No pleno extraordinario celebrado o día 26 de outubro de 1987, o Comité de Empresa valorou positivamente esta iniciativa e decidiu por unanimidade unirse a ela e enviar á mesa da Coordinadora a cinco dos seus membros, o que equivalía a un representante de cada sindicato. De termos en conta a repercusión laboral que tivo en Alacante (1 230 postos de traballo) e en Amorebieta (650 postos) era lóxica unha resposta deste tipo, xa que o tren de laminado en quente podería crear na Mariña entre 600 e 1 200 postos de traballo.

\*  
PLENO EXTRAORDINARIO DEL COMITE DE EMPRESA DEL 26/10/87

**ASISTENTES**

Enrique García García  
Ernesto Rodríguez Peñararía  
Miguel Cereceda Martín  
Luis M. García Otero  
Antón F. Casal Díaz  
José Fernández Paleo  
Daniel Fernández Caxete  
Faustino de la Viña  
Alberto Santos Vázquez  
José L. Barreira Quelle  
José Hernández López  
Manuel Castro Abella  
Leopoldo Manuel Viñas  
Francisco Rodríguez López  
José A. Pérez Alvarez  
Francisco J. Camba Timirao  
José Martín Rodríguez  
José R. Ramos Fernández  
Juan A. Pérez Vila

**AUSENTES**

Jesús Ben Pernas  
Ramón Migúlez Tola  
José Gómez Gómez  
Casimiro Val Guisado

**DELEGADOS**

Rosendo Cancelos Muñíos (CCOO)  
José R. Granda Sánchez (CCOO)  
Jesús García García (INTG)  
José Castro Vázquez (INTG)  
Francisco Romero Bermudo (USO)  
José L. Docampo Fortes (U.G.T.)

En los locales del comité de empresa y siendo las 10 horas 15' del día 26 de Octubre de 1987, se reúnen los miembros del mismo relacionados al margen con el siguiente orden del día:

1º Postura del comité de empresa sobre coordinadora (tema Industrialización Comarca).

2º Número de miembros del C.E. en la coordinadora.

1º El comité de empresa por unanimidad, toma la postura de unirse a la coordinadora para reclamar el tren de laminado y cualquier tipo de industria transformadora del Aluminio. El C.E. se compromete en un breve plazo a celebrar una asamblea general de Fábrica para tratar distintos temas puntuales.

2º Se mandarán 5 personas del comité de empresa, lo que equivale a un representante de cada grupo con representación en el comité.

Sin más temas que tratar, se levanta el pleno siendo las 11 horas 45' del día indicado al principio.

Fdo. José R. Ramos Fernández  
Presidente comité de empresa

Fdo. Juan A. Pérez Vila  
Secretario Comité de empresa

A reacción da empresa só tarda unha semana en facerse pública. O 3 de novembro, a Dirección da empresa envía unha carta ao Comité en que lle comunica a prohibición de que se utilicen “para fins alleos” –en clara alusión ás reunións da Coordinadora– os locais cedidos a este e ás seccións sindicais. Ese mesmo día celébrase unha reunión extraordinaria entre a Dirección de A/A e as seccións sindicais de CC OO, INTG, UGT e USO. Por parte da Dirección acoden o Sr. Franco e o Sr. Escudero, mentres que polas seccións sindicais fano os señores Granda (de CC OO), García Otero (da INTG), Ramos (de UGT) e Romero Bermudo (de USO). O único punto da orde do día é a utilización dos locais sindicais da factoría por parte da denominada Coordinadora pola Industrialización da Costa Lucense. Na reunión, a empresa mantense firme na súa decisión de non permitir que se celebren as reunións da Coordinadora nos locais da fábrica, mentres que os representantes das centrais sinalan que ao día seguinte lle van transmitir esa decisión ao Comité de Empresa para coñecer a súa opinión. O 4 de novembro, as centrais sindicais acordan dirixirse á empresa para facerlle saber que o Comité non está a ceder os seus locais á Coordinadora, senón que os membros desta se están a reunir nas salas anexas ás do Comité, que por lei pode utilizar calquera persoa que teña autorización dalgunha das seccións sindicais. Se a empresa desexa impedir que os membros da Coordinadora entren na fábrica, debe abrir unha porta que comunique co exterior para así facilitar o acceso aos locais sindicais.

A maioría das corporacións municipais e a poboación da Mariña apoiaban a reivindicación do tren de laminado así como o aproveitamento de diversos recursos naturais da zona (madeira, caolín e cuarzo) para crear un gran parque industrial. Así o demostran as numerosas peticións das alcaldías da bisbarra ao delegado provincial de Lugo, ao delegado do Goberno en Galiza e ao ministro de Industria. Como resultado desta iniciativa social chegouse a celebrar en Madrid, o 12 de novembro de 1987 unha reunión coa propia Dirección de INESPAL para reclamar que o tren de laminado se instalase na Mariña. Nesa reunión estiveron presentes representantes empresariais e os representantes das entidades sociais da Mariña. En representación de INESPAL acudiron Fernando Rubio, director xeral; Eduardo Monteiro, director



de Produción Básica e o Sr. Gamíndez, xefe de Tansformación. Pola Coordinadora: Manuel Neira, alcalde de Foz; César Aja, alcalde de Viveiro e deputado por Coalición Popular; Antonio Fernández López, en representación da Confederación de Empresarios Lucenses; Melchor Roel, polas seccións sindicais con representación na empresa; Luís M. García, en representación do Comité de Empresa de A/A e un empresario de Viveiro que mostraba moito interese en reutilizar os barros vermellos.

Na citada reunión, INESPAL falou da posibilidade de instalar unha factoría de transformación de galio que podería xerar entre 40 e 50 empregos, mais non deixou claro se os empregos serían para veciños da zona ou para xente chegada de fóra. Ao non haber garantía de que todo o proceso se fixese en San Cibrao, a proposta non logrou convencer os membros da Coordinadora.

En vista de que non había acordo e non se avanzaba no proceso, a Coordinadora organizou nos distintos concellos da bisbarra asembleas informativas para presentar as súas reivindicacións e para animar a poboación a manifestarse en demanda de emprego. Unha desas manifestacións celebrouse o día 12 de decembro de 1987 en Burela. Coincidindo con ela produciuse o caos, resultado dun factor externo co que ninguén contaba. Era un disparo mortal.

Despois do conflito dos bidóns a Coordinadora seguiu adiante, mais xa con menos ímpeto. O día 2 de xaneiro solicita unha entrevista co gobernador civil de Lugo para pedirlle explicacións polo sucedido e o mesmo fai uns días máis tarde co presidente do Goberno de Galiza. O día 7, volve dirixirse ao gobernador para lembrarlle a necesidade de dar unha solución ao problema antes do día 18 e avisa de que, en caso de non ser así, convocaría unha concentración diante da sede do Goberno Civil para solicitar a súa dimisión.

Durante todo o mes de xaneiro a Coordinadora, despois de nomear novos cargos directivos e voceiros e de realizar mudanzas na súa estrutura e no seu xeito de traballar, seguiu facendo reunións informativas sobre o tema dos bidóns. Na primeira semana de febreiro reúnese novamente para tratar, entre outros, os seguintes asuntos: dar resposta aos insultos proferidos por Isaac Díaz Pardo contra os membros da Coordinadora e dar conta

das xestións levadas a cabo para a realización dunhas xornadas informativas sobre a industrialización da Mariña. Finalmente, na primeira quincena de abril do ano 1988, as discrepancias entre os seus membros provocan a súa disolución e as actividades reivindicativas interrómpense.

Os esforzos da Coordinadora non tiveron resultados positivos e a bisbarra segue sen industrializar. A día de hoxe Alúmina-Aluminio é unha empresa privada (Alcoa) que, en lugar de xerar emprego, reduciuno: na actualidade só traballan na fábrica 1200 persoas, malia que toda a bisbarra segue a sufrir a contaminación. Os dispares intereses dos membros da Coordinadora –non todos remaban cara ao mesmo lado– tiveron moito que ver coa súa corta vida. Con ela desapareceu a posibilidade de facer da Mariña unha bisbarra próspera, capaz de xerar emprego para as vindeiras xeracións.

### 3. CINCO DÍAS DE DESCONCERTO

#### 3.1. CHEGADA DOS BIDÓNS A SAN CIBRAO

O sábado día doce de decembro de 1987, os tres camións que transportan os bidóns extraídos do buque sinistrado saen, con nocturnidade e aleivosía, do campamento militar de Parga. Circulan de madrugada e arredor das 08:45 horas chegan ao complexo industrial de Alúmina-Aluminio. Antes de que os bidóns cheguen ao seu destino, veciños de Guitiriz alertan aos de Viveiro de que os bidóns se dirixen á Mariña. O alcalde de Viveiro, César Aja, recibe unha chamada para avisalo de que os bidóns se dirixen a Celeiro. Despois de poñerse en contacto co alcalde de Oourol –que lle confirma que acaban de pasar polo seu municipio–, o alcalde de Viveiro diríxese con dous policía locais á Arredoada, coa intención de cortarlles o paso antes de que entren no concello. Xa é demasiado tarde, os dous primeiros camións están próximos ao casco urbano e o terceiro crúzase co Sr. Aja e a policía en Landrove, onde o brigada que os vén escoltando lle comunica ao alcalde que a carabana se dirixe a San Cibrao. O gobernador civil de Lugo segue sen informar ás maximas autoridades destes municipios de que os bidóns tóxicos procedentes do Casón se dirixen ás súas localidades. Considéraos quizais cidadáns de segunda categoría?

Cara ás 09:00 horas os camións intentan entrar na factoría de San Cibrao. Recíbenos o director da fábrica –José Luis Moñita– e un dos membros do Comité de Empresa –José Luís Barreira–, que se encontraba traballando naquel momento. O director négase a que os camións entren no complexo, e o membro do Comité apoia a decisión. Ante esta negativa, os camións diríxense á explanada da praia de Lago –no concello de Xove, a poucos metros da factoría–, e alí permanecen todo o día.

Despois disto, José Luis Moñita, director de Alúmina-Aluminio, ponse en contacto telefónico con Ángel Pérez, presidente do Comité de Empresa, para contarlle o sucedido e informalo de que teñen pensado embarcar os bidóns no porto da factoría. Ao recibir esta información, o Sr. Pérez ponse en contacto cos representantes de todos os sindicatos que integran o Comité para explicarlles a situación, instándoos a que informen as súas respectivas orga-

nizacións. O desconcerto dos membros do Comité é total. Como nos informativos do día anterior se mencionara que moitos dos bidóns caeran á auga, algún pensa que están a entrar na dársena de Alúmina polo mar. Loxicamente, o que menos imaxinaban é que os máis perigosos, que situaban en Parga, se atopasen agora cargados en camións na praia de Lago, a poucos metros dos seus postos de traballo.

Arredor das 11:00 horas reúnen-se na factoría de San Cibrao todos os membros do Comité de Empresa que se encontraban na zona. Ás 11:30 horas celebran nos locais sindicais unha reunión, á que acoden tamén persoas que non pertencen ao Comité. Debátese o apoio á Dirección da empresa na súa negativa a que os bidóns entren na fábrica e resolven que, tendo en conta o pánico xerado nos lugares por onde pasaron antes de chegar a San Cibrao, están conformes coa decisión adoptada.

Os xornais do día seguinte recollen a noticia. En *El Progreso* podemos ler que arredor de 1 500 persoas se manifestaran en Lugo pola mañá –respondendo a unha convocatoria urxente feita o venres á noite– en contra de que os bidóns tóxicos se depositasen na provincia. Á manifestación acode o parlamentario do BNG Xosé Manuel Beiras, quen loa a reacción da xente e critica a pasividade da clase política. Beiras constata que os lucenses rexeitan que os contentores sigan na provincia e preguntánselle por que non se cargaron no porto de Brens, en Cee: “É que os bidóns querían facer turismo por Galiza?”. O alcalde de Guitiriz tamén manifesta a súa preocupación e afirma que a presenza destes produtos perigosos pode incomodar a xente. *El País* destaca en titulares a desaparición do diario de navegación do Casón e a presenza dos bidóns máis tóxicos e altamente perigosos no porto de Morás.

Que mellor sitio para uns bidóns altamente tóxicos, que non quere ninguén, que unha factoría en que traballan máis de 2 000 persoas! Se se opuñan todos os veciños e veciñas a que eses bidóns estivesen nos seus pobos, como non se ían opor os traballadores da fábrica? Crían as autoridades que non ían protestar? Se non é así, non se entende que os leven dun sitio para outro. Quizais os mandaron para A Mariña porque estaban seguros de que os veciños desta bisbarra e os traballadores de Alúmina-

Aluminio se ían negar a que entrasen alí? Vinte e cinco anos despois estas preguntas seguen sen resposta.

*La Voz de Galicia* recolle “El CDS sugiere nuevas reivindicaciones y denuncia el deambular de los bidones del Casón”. Nas páxinas interiores do xornal tamén se recolle a noticia do falecemento dun obreiro da factoría Alúmina-Aluminio durante a noite do venres (A.G.P. de 48 anos). A morte foi consecuencia das queimaduras producidas por sosa cáustica vertida por unha canalización que se abriu o día 11 de novembro cando limpaban un dos tanques. Canda el sufriron queimaduras outros dous traballadores, todos pertencentes á empresa auxiliar INDUNOR. Os numerosos accidentes que se estaban a producir na factoría motivaron unha demanda do Comité ante a Inspección de Traballo, esixindo que se fixesen máis inspeccións para comprobar a falta de seguridade. De non ser pola chegada dos bidóns, o Comité teríase manifestado e esixido responsabilidades, mais, co conflito aberto, o falecemento do traballador silenciouse e quedou sen investigar, porque á empresa non lle interesaba. A día de hoxe na Mariña todo o mundo se lembra do Comité, mais do obreiro falecido é probábel que non se lembren máis que a familia e os amigos.

Arredor das 12:00 horas, unha representación do Comité sobe a falar coa Dirección da empresa, en resposta á petición que os directivos fixeran ao presidente do Comité horas antes. Na reunión –da que non se levanta acta, nin se recolle por escrito ningún acordo–, a empresa expón a súa negativa a que os bidóns se carguen dentro das súas instalacións, decisión coa que o Comité está plenamente de acordo. Unha vez que termina a reunión, os representantes do Comité de Empresa permanecen no seu local á espera de novos acontecementos.

Ao tempo que se celebra a reunión entre a Dirección da empresa e os membros do Comité, os veciños da zona e algúns traballadores reúnen na praia de Lago, preto das instalacións da fábrica. Non teñen medo aos bidóns en terra, mais si temen que poidan entrar en contacto coa auga, porque –como se vira nas imaxes emitidas pola TVG en días anteriores– poderían comezar a estoupar.

Ás 16:00 horas, ao local do Comité chegan rumores de que os bidóns van entrar pola forza nas instalacións do complexo industrial. A esa mesma hora, as persoas que reclaman en Burela

a industrialización da bisbarra e a construción dun tren de laminado trasládanse á porta da fábrica de Morás, preto de onde se encontran os camións. O Comité, en vista da situación que se estaba a crear, decide poñer en marcha o plan acordado coa empresa: bloquear as portas de entrada á fábrica deixando só unha saída de emerxencia. Os sindicalistas baixan ás series de electrólise e fundición e pídenlles aos transportistas da quenda de tarde que collan as “bolsas de colada” e as poñan diante das portas da fábrica. Estes néganse, alegando que non van mover nada até que non llo ordenen os seus superiores. Os membros do Comité falan cos encargados, que consultan á Dirección e confirman a autorización. O xefe de Persoal (Sr. Escudero Pueyo) e o director da factoría (Sr. Moñita) contemplaban o que estaba sucedendo desde unha xanela do terceiro andar, sen mostraren oposición ao que estaba a facer o Comité, posto que deran autorización. A Dirección da factoría, por tanto, foi consciente en todo momento do que se estaba a facer. Se non estivese de acordo, só tiña que ordenar aos condutores dos camións que non movesen as bolsas. Durante todo o sábado, as quendas de traballadores entran e saen con total normalidade, sen que se produzan disturbios dentro da fábrica en ningún momento.

Ás 17:30 horas, procedente de Ferrol, arriba o barco Galerno. Suponse que vai cargar os bidóns e levalos a Holanda. Á espera da autorización para o atraque, queda ancorado preto dos Farallóns, nas inmediacións do peirao da factoría.

Ás 22:00 horas o gobernador civil de Lugo reúnese cos membros da Dirección de Alúmina e co Comité. Insístelles na urxencia de cargar os bidóns canto antes para non ocasionar máis problemas. A Dirección da fábrica oponse. Durante a reunión, o gobernador reconece que o seu homólogo da Coruña lle “meteu un gol” enviándolle os bidóns, ao que un membro do Comité de Empresa replica que non foi un gol senón unha goleada. Ao abandonar as instalacións da fábrica, Iglesias Rivera afirma que, se é necesario, os bidóns entrarán pola forza. Está claro que o gobernador civil de Lugo tropeza cos bidóns –primeiro en Guitiriz e despois en Parga– e coa oposición frontal dos veciños. Como non sabe que facer con eles decide envialos a San Cibrao, malia que para ese día a moi pouca distancia esta-

ba convocada unha manifestación. Sabendo isto e que os veciños da zona tamén se van opoñer, non ten sentido que envíe os bidóns á Mariña. Por que andar movendo os bidóns dun lugar para outro? Deciden trasladalos a San Cibrao porque son sabedores de que alí poderían crearse moitos problemas?

Ás 23:00 horas, o Comité recibe un telegrama en que se pode ler o seguinte: “Permítase la entrada al barco Galerno. Perfectamente equipado y documentado para cargar los bidones del Casón”<sup>4</sup>. A pesar da orde recibida e de non presentarse ningún impedimento, o Galerno continuou fondeado no mesmo lugar. Despois sóubose que carecía da documentación necesaria para navegar e que por esa razón non atracou e que ademais descoñecía o tipo de mercancía que tiña que transportar. A tensión provocou que tres tripulantes decidisen abandonar o barco.

Os membros do Comité reúnense no seu local e asinan unha acta en que instan á Dirección da empresa e ás autoridades laborais a que os informen das medidas de seguridade que teñen previsto adoptar en caso de que os bidóns sexan embarcados na dársena da factoría. Atendendo a un plan de evacuación prefixado con anterioridade, os traballadores abandonarían as instalacións mentres cargase o barco e se afastase até chegar a augas internacionais<sup>5</sup>. Unha vez que desaparecese o perigo, os traballadores volverían aos seus postos de traballo e incluso, se necesitasen reforzos, uniríanse outros traballadores. O Comité manifesta que todos os empregados entrarán a traballar cando a Dirección recoñeza por escrito que a decisión tomada por eles é correcta, xa que actúan de acordo co art. 19.5 do Estatuto dos Traballadores<sup>6</sup>.

4 O telegrama está copiado do “Informe del Comité de Empresa de Alúmina-Aluminio S.A. al juzgado de instrucción número 1 de Mondoñedo, para las previas 1.574/87, folio 4”.

5 O Comité, vendo que as augas internacionais estaban a unha distancia excesiva, aceptou que se reducise dúas millas. Na última reunión manifestaran que non poñerían impedimento para volver ao traballo se unha vez cargado, marchaba e non volvía ao peirao.

6 Este artigo di o seguinte: 19.5. Os órganos internos da empresa competentes en materia de seguridade e, no seu defecto, os representantes legais dos traballadores no centro de traballo, que aprecien unha probabilidade seria e grave de accidente pola inobservancia da lexislación aplicable na materia, requirirán o empresario por escrito para que adopte as medidas oportunas que fagan desaparecer o estado de risco; se a petición non fose atendida nun prazo de catro días, dirixiranse á autoridade competente; esta, se apreciase as circunstancias alegadas, mediante resolución fundada, requirirá o empresario para que adopte as medidas de seguri-

Ao tempo, os membros do Comité solicitarían unha certificación ao Gabinete de Seguridade e Hixiene provincial de que durante a manipulación e carga dos bidóns, non se producira ningún derrame ou escape tóxico. Todos estes acordos que vai tomando o Comité son consensuados a porta aberta, perante alcaldes da zona, responsábeis de sindicatos e outras personalidades que – pouco a pouco– ían chegando á factoría. Desde ese momento, o Comité permanece reunido en asemblea permanente nos locais da factoría.

Os representantes sindicais deciden elaborar un plan de evacuación ao comprobar que as autoridades teñen a intención de introducir o barco na factoría pola forza. O Contido do acordo verbal é o que recollemos a seguir:

Cando o barco<sup>7</sup> entrase pola boca do porto, todo o personal do porto, talleres centrais, servicios xerais e Alúmina, saírían da factoría.

Cando os camións cos bidóns se puxesen en marcha cara ao peirao, evacuaría as series de electrólise o persoal afectado polo convenio podendo permanecer o persoal directivo.

Unha vez rematada a carga e fóra o barco do porto, previa entrega de certificacións do Servizo de Seguridade e Hixene garantindo a non existencia de perigo, voltaríase ao traballo.<sup>8</sup>

A continuación móstrase a acta asinada polos 23 membros do Comité.

---

dade apropiadas ou que suspenda as súas actividades na zona ou local de traballo ou co material en perigo. Tamén poderá ordenar, cos informes técnicos precisos, a paralización inmediata do traballo se se estima un risco grave de accidente. Se o risco de accidente fose inminente, a paralización das actividades poderá ser acordada por decisión dos órganos competentes da empresa en materia de seguridade ou polo setenta e cinco por cen dos representantes dos traballadores en empresas con procesos descontínuos e da totalidade destes naquelas cuxo proceso sexa continuo; tal acordo será comunicado de inmediato á empresa e á autoridade laboral, a cal, en vinte e catro horas, anulará ou ratificará a paralización acordada.

7 O barco ao que se refire é o Galerno, que se trasladou de Ferrol a San Cibrao para embarcar os bidóns rumbo a Holanda.

8 O plan de evacuación está copiado dunhas follas informativas que publicou a “Coordinadora para a industrialización da Mariña” en xaneiro de 1988. A Coordinadora copiouno das “Diligencias Previas nº 1560 de 1987 de Mondoñedo”. O plan foi resumido e traducido ao galego dos documentos presentados polo director da factoría.



San Ciprián, 12 de diciembre de 1987



MIEMBROS DO COMITE DE EMPRESA:

- (1) D. ANGEL PEREZ ALVAREZ
- (2) D. DAMOZ DAIOS
- (3) D. RODRIGUEZ LOPEZ
- (4) C. VAL GUESADO
- (5) L. CANPA TEMBRAOS
- (6) L.A. PEREZ VELA
- (7) D. MANUEL VEÑAS
- (8) D. MARTIN RODRIGUEZ
- (9) D. FERNANDEZ PALO
- (10) D. CASTRO VAZQUEZ
- (11) A. CASAL DIAZ
- (12) D. BEN PERNAS
- (13) D. GARCIA OTERO
- (14) D. SANTOS VAZQUEZ
- (15) D. CARREIRA QUELLE
- (16) D. HERNANDEZ LOPEZ
- (17) D. NIQUELIZ TOGA
- (18) D. CASTRO ARELLA
- (19) D. RODRIGUEZ DESAMARTA
- (20) D. GARCIA GARCIA
- (21) D. CEREZEDA MARTIN
- (22) D. de la VISA CARCTA
- (23) D. GOMEZ GOMEZ

Reunidos nos locais do Comité, o pleno do mesmo - ante o risco potencial dos bidons que se encou-  
-tran perto da factoria dentro dos limites de propiedade ou concesion da empresa e que pretendese/  
-sexan descargados nun barco que arribara a darse-  
-na do porto da factoria procedentes do buque "Ca-  
-son" acordan o seguinte:

Comunic@lle á Dirección da empresa e mais autori-  
-dade laboral as medidas a adoptar no caso de que/  
-os camions do transporte dos bidons ou estos mes-  
-mos fosen movidos ou manipulados, que serán:

- 1.- Abandono total das instalacións.
- 2.- Reincorporacion nos postos de traballo/  
-non somentedo persoal que lle corres-  
-ponda, senón do que faga falla para a/  
-resumudación das tarefas productivas unha  
-vez que o soposto barco que vai a car-  
-gar os subsditos bidons se encontre en  
-augas internacionais e que a dirección/  
-recoñeza mediante acta que este Comité  
-actuou, si elo ocorre, de acordo c@ art  
-10/5 do E.T.
- 3.- Certificación do Gabinete de Seguridade  
-e Hixiene Provincial e que durante a ma-  
-nipulacion dos cami@ns ou a carga dos b-  
-d@ns non se produxeron derrames, escape  
-ou fugas dos subsditos bid@ns.

Handwritten signatures and initials, many with circled numbers (1-23) corresponding to the list of committee members. Some signatures are crossed out with a large 'X'. There are also some illegible handwritten notes and scribbles.

Ese mesmo día, os plenos das corporacións municipais da Mariña acordan esixir responsabilidades pola presenza dos bidóns na zona. Entre os habitantes o día 13 comeza a notarse un clima de inquietude. Nesa data teñen lugar en Viveiro, Xove e Foz as primeiras mobilizacións dos veciños, que esixen responsabilidades e a retirada inmediata da polémica carga. Na Pastoriza os veciños mobilízanse ao ouviren rumores de que os van mandar a unha zona próxima chamada Campo de Oso. O pánico que se viviu na Costa da Morte e en Parga a semana anterior trasládase agora á Mariña.

O Comité e a Dirección de Alúmina –que a noite anterior non conseguiran chegar a un acordo co gobernador civil de Lugo– afirman que, se os bidóns entran na factoría pola forza –conforme ameazara o gobernador– se poñerá en marcha o plan de evacuación dos traballadores, porque ninguén garante a integridade física destes.

### *3.2. RUPTURA DOS ACORDOS ENTRE A DIRECCIÓN E O COMITÉ*

A primeira hora da mañá, os veciños e curiosos que se encontraban na praia de Lago preguntanse onde están os furgóns da Policía que custodiaban os bidóns. Alí só fican un coche da Garda Civil e outro da Policía de Viveiro. Resulta cando menos curioso que os antidisturbios, que chegaran de Valladolid para protexer e custodiar o traslado, marchasen á Coruña co fin de sufocar unha manifestación convocada polos comerciantes da cidade herculina en contra de El Corte Inglés.

Pola tarde chegará á factoría –procedente de Madrid– o director de Produción Básica de INESPAL, Sr. Monteiro. Horas despois, o director da empresa –José Luis Moñita– envía unha carta ao presidente do Comité pregándolle que, para evitar males maiores, retiren os obstáculos colocados nas diferentes portas da factoría e permitan a entrada dos bidóns por esixencia do gobernador civil de Lugo.

É importante recordar que durante a mañá da véspera o director da factoría se opuxera, en todo momento, a que entrasen os bidóns dentro do recinto da factoría. A que se debe, por tanto,

este cambio de actitude? Este cambio de parecer ten que ver coa chegada a San Cibrao do director de Produción Básica de INESPAL? Se o Sr. Moñita consensuara co Comité o día anterior a oposición á entrada dos bidóns na factoría, que lle di o Sr. Monteiro para facelo cambiar de opinión e romper o acordo?

Os representantes do Comité insisten en que evacuarán os traballadores se os bidóns entran na fábrica; non estaban dispostos a poñer en risco a súa saúde. A partir de aí, rompen as relacións cordiais existentes até o momento entre o Comité e a Dirección da empresa. Pola súa parte, a través dunha nota informativa, o Goberno civil de Lugo advirte que as multas que se poderían aplicar en caso de obstrución oscilarían entre 1 e 100 millóns de Pts. (6 000 a 600 000 €, respectivamente). Así mesmo, a autoridade provincial reitera a súa intención de embarcar os bidóns o antes posíbel.

Esa mesma noite os alcaldes da Mariña trasládanse a Lugo. Permanecen toda a noite ante o Goberno Civil para esixiren responsabilidades así como a inmediata retirada e traslado dos bidóns a outro lugar que non sexa o porto da factoría. Ao día seguinte celébrase unha reunión entre unha delegación dos edís e o gobernador. Por petición expresa do Comité, os alcaldes asinan un escrito en que recollen a información transmitida por Iglesias Rivera, quen barallaba a idea de desaloxar as vivendas próximas ao lugar en que se ían embarcar os bidóns. Fagamos unha reflexión: se, como medida preventiva, ordena desaloxar as vivendas próximas ao lugar do embarque, non sería normal desaloxar tamén a fábrica, que se encontra máis próxima ao lugar do embarque que moitas vivendas?

ASUNTO: EVACUACION

En LUGO y en los locales del GOBIERNO CIVIL de la Provincia, reunidos los Alcaldes de los distintos Municipios de "A MARINA", ante el problema Social y laboral originado como consecuencia de la carga --- (bidones) que procedente del buque CASÓN, estacionada en las proximidades del pueblo de Morás y de la empresa Alumina Aluminio.


MANIFIESTAN:

Que, el Sr. Gobernador Civil D. Juan Manuel -- Iglesias Rivera y a pregunta de los mismos ASEGURO:

QUE COMO MEDIDA PRECAUTORIA HABIA ORDENADO --- DESALOJAR LAS VIVIENDAS PRÓXIMAS AL LUGAR DE EMBARQUE DE LOS BIDONES.

Por lo que y a petición del Comité de Empresa de Alumina-Aluminio DAMOS FE.

San Ciprian a 14 de Diciembre de 1987



Tamén, a instancias do Comité de Alúmina-Aluminio, os alcaldes de Oourol, Viveiro e Xove manifiestan por escrito que en ningún momento foron informados do traslado dos bidóns aos seus respectivos municipios:

**ASUNTO: Transporte de la carga procedente  
del buque CASÓN.**

Los abajo firmantes Alcaldes presidentes del Ex,  
Ayuntamientos de OROL, VIVERO y XOVE pertenecientes a la  
Provincia de Lugo.

**MANIFESTAMOS:**

QUE EN NINGUN MOMENTO SE NOS HA INFORMADO POR LAS  
AUTORIDADES SUPERIORES del convoy que procedente del buque  
CASÓN se trasladó através de estés Municipios hasta las  
imediaciones de la factoria de Alumina Aluminio con el ri-  
esgo y síncosis que entre la poblacion originó tan lamen-  
table suceso.

Por lo que y a instancias del Comité de Empresa  
de Alumina Aluminio DAMOS FE.

San Ciprian 12 de Diciembre de 1987.



Segundo se deduce das palabras pronunciadas polo presi-  
dente do Comité nunha rolda de prensa, o Comité séntese aban-  
donado por parte da empresa –que agora lles esixe que deixen  
actuar o gobernador civil– e polos alcaldes desprazados a Lugo  
en pleno conflito, que non van estar presentes á hora en que se  
ten previsto efectuar o embarque:

(...) pues lo que deberían hacer es estar aquí con su pue-  
blo. Lo más fácil es ausentarse a Lugo y alejarse del problema  
real. Ellos saben, como sabemos todos, cuáles son las horas de  
pleamar y, por tanto, el momento en que se puede realizar la  
posible entrada de los bidones al puerto que, si no ha sido a  
las diez y media de esta noche, podría tener lugar a primeras  
horas de la mañana (...)<sup>9</sup>

<sup>9</sup> Declaracións publicadas en *El Progreso* do día 14 de decembro.

O cansazo e a incerteza apodéranse dos representantes sindicais, que levaban dous días sen durmir e sen saír da factoría. Desesperados, ven como a Dirección da empresa e as autoridades municipais desatenden as súas responsabilidades e que son eles os únicos que velan pola integridade e seguridade dos traballadores da fábrica.

### ***3.3. EVACUACIÓN E REGRESO Á FACTORÍA***


Sobre as 9 da mañá do luns día 14, os camións que se encontraban na praia de Lago pónense en marcha cara ao porto de Morás sen que ninguén informe o Comité de Empresa. A representación sindical séntese enganada pola Dirección da empresa e polo gobernador civil, e por tanto, ás 10 da mañá dispónse a levar a cabo o plan de evacuación do cadro de persoal, baseándose no art. 19.5 do Estatuto dos Traballadores tal e como puxeran en coñecemento da empresa e das autoridades. O presidente do Comité ponse en contacto telefónico coa Dirección da factoría para saber por que os camións se puxeron en marcha, mais a resposta da empresa é que eles descoñecen o motivo.

Na factoría só permanecen 70 persoas que non foron evacuadas por seren na súa maioría cargos directivos. Ademais dos directivos, permanecen tamén na empresa os diferentes encargados, a maioría ex-cubistas, por tanto coñecedores do traballo que se fai na sección de electrólise.

Unha vez que os traballadores foron desaloxados, os camións cargados cos bidóns volven á praia alegando un erro na orde de embarque. Como a fábrica está sen operarios, o Comité ofrece á empresa 16 persoas para o mantemento das cubas electrolíticas, que xunto con outras 16 da empresa, serían suficientes para que a factoría seguise funcionando. Inicialmente a Dirección acepta, mais inmediatamente o Sr. Monteiro rectifica e por teléfono esixe ao presidente do Comité que obrigue os traballadores a incorporarse aos seus postos ou que se ataña ás consecuencias. Nesa altura comezan as ameazas máis fortes. O director de Produción Básica actúa así porque a esa hora xa tiña as instalacións de Alúmina –dixestión, decantación, filtración e precipitación– limpas e controladas e fóra de servizo; así podía poñer en práctica uns plans que se concretarán máis adiante.

O Comité toma a decisión de que os traballadores non se incorporen mentres a empresa non dea garantías da hora en que

se vai efectuar a carga. A continuación, a Dirección da factoría diríxese por escrito ao Comité para que designe uns servizos mínimos, iguais aos de calquera convocatoria de folga.



A incongruencia é monumental, a carta interna ten como asunto “Servizos mínimos”, mais como pode requirir servizos mínimos se non hai folga? Ademais, para requirir servizos mínimos, primeiro débese reunir o comité de folga e negociar eses servizos coa empresa. Esta non pode marcalos ao seu antollo, sen contar con ninguén.

Por que desde a chegada do Sr. Monteiro as relacións coa empresa non eran nada cordiais? Quen ordena facer a manobra aos camións? Sería a empresa para comprobar se o Comité estaba disposto a levar á práctica o plan de evacuación e verificar se os traballadores o apoiaban?

Os representantes dos traballadores, que non poden crer o que están vendo, esixen explicacións ao equipo directivo. Un exemplo desta tentativa de diálogo está recollida na acta de 16

de diciembre en que se alude a esta conversa telefónica entre o presidente do Comité e a Dirección da empresa:

El día 14.12.87, la representación de los trabajadores y los vecinos de la zona, detectaron la circulación del convoy. A la vista de ello, se pusieron en contacto con la Dirección para decirle que se habían roto los acuerdos, a lo cual les dicen que ellos no habían roto los acuerdos, que no habían dado orden de movimiento alguno y que iban a mandar parar inmediatamente la maniobra.

Se a empresa non foi quen ordenou a posta en circulación dos camiões, como vai ter autoridade para mandalos parar?

Ao comprobar que o Comité fai caso omiso da petición de de establecer uns servizos mínimos –porque defende que non se trata dunha folga senón dunha evacuación– a Dirección da empresa colga nos taboleiros unha nota informativa en que pide aos traballadores a incorporación aos seus postos de traballo. O desenlace é coñecido: cando se dá a orde de evacuación os traballadores abandonan as instalacións. As folgas non todos as secundan, mais nesta ocasión teñen medo; impórtalles máis a vida que o posto de traballo.



NOTA A TODO EL PERSONAL  
DE ALUMINA - ALUMINIO

Ya conoce Vd. la situación de la Planta. Desde las 9,45 de esta mañana, ante una falsa maniobra de los camiones que contienen la carga a evacuar, la generalidad del personal abandonó las instalaciones. Y, pese a que se rectificó la indicada maniobra, no se reincorporó a su puesto de trabajo. La causa de todo ello es, inicialmente, ajena al mundo del trabajo. Sin embargo es a los trabajadores y a la Empresa a quienes está afectando.

En este momento nos encontramos ya en situación crítica. Se hace imprescindible, para evitar la catástrofe, acometer una serie de trabajos, importantes y urgentes. Y para ello es necesario un gran sentido de la responsabilidad, y un fuerte deseo de salvar todos y cada uno de los puestos de trabajo.

Son los propios trabajadores quienes pueden conseguir el objetivo:  
Salvar su puesto y salvar la Planta.

Confiamos en vuestro sentido de la responsabilidad. Esperamos vuestra inmediata incorporación al trabajo.

14/12/87

LA DIRECCION



Ás 18:00 horas o buque Galerno entra no portoiño de Morás e nese momento prodúcese a evacuación das casas próximas á factoría. Cando o guindastre colle o primeiro bidón para cargar no barco, os autobuses que prestan servizo a A/A –que estaban alí porque ninguén os mandara marchar– evacúan os traballadores. Nese momento, o Comité envía unha carta por correo interno á Dirección da empresa:

El Comité de Empresa de Alúmina-Aluminio S.A. solicita a la Dirección que ordene a los trabajadores que quedan trabajando en el Complejo la evacuación inmediata declinando toda la responsabilidad y posibles consecuencias que puedan ocurrir en la misma.<sup>10</sup>

O Sr. Moñita responde que, ao non constar o motivo polo que se debe evacuar, non atopa razóns para efectuar a evacuación.

Ao chegar ao cruzamento do Castelo, os autobuses encóntranse con barricadas e un atoamento de camións. Desde o domingo o tráfico nesa zona permanecía cortado polos propios veciños. Tras a mediación dos membros do Comité, os choferes apartan os camións e facilitan a circulación.

Mentres se acaban de cargar os bidóns, os traballadores diríxense á praza do concello de Xove. Antes de que finalice a carga, nas oficinas municipais recíbese unha chamada telefónica do Sr. Monteiro para o Sr. Ángel Pérez. O director de Producción Básica de INESPAL convoca o presidente do Comité a unha reunión urxente no terceiro andar da factoría. O presidente do Comité decide ir acompañado doutros membros.

Os labores de carga rematan. Sobre as 21:50 horas o buque sae da dársena e os traballadores volven á factoría, reuníndose en asemblea á espera de que o presidente e os membros do Comité retornen da reunión coa Dirección da empresa. Ao seu regreso, comunican que a empresa vai tomar medidas contra os traballadores por ausentárense dos seus postos de traballo. A asemblea decide que volvan reunirse coa empresa. Solicítanlle que certifique, por escrito, que non existe para os traballado-

10 Carta interna enviada polo Comité á Dirección de fábrica.

res ningún perigo derivado das manobras de embarque dos bidóns e que non se van tomar medidas disciplinarias contra o cadro de persoal da fábrica. A Dirección contesta que tomarán as medidas que consideren oportunas. Pola súa parte, o Comité insiste en solicitar a normalización da situación e o cumprimento das garantías. Nunha última reunión celebrada ás 00:00 horas, a empresa nin dá garantías nin accede a poñer nada por escrito. O Sr. Monteiro non atende as demandas dos traballadores. Ten claro que vai haber regulados e despedidos e o que está a facer agora é só gañar tempo. Impórtalle máis impoñer sancións que salvar as cubas. É posíbel que xa soubese que estaban danadas despois daquela fin de semana de experimentos, mais talvez aínda necesitaba un pouco máis de tempo para preparalas como el quería e por iso non accedía ás reclamacións do Comité. En vista das hostilidades, os traballadores deciden continuar reunidos en asemblea permanente á espera da comunicación que solicitaran á Dirección da empresa.

Ante o malestar creado na factoría, os veciños da Mariña mostran o seu apoio aos traballadores. Os alcaldes de Viveiro e Xove fan un chamamento á Dirección de Alúmina-Aluminio para que cese na súa actitude. Incluso brindan a colaboración dos concellos para retribuír os salarios dos traballadores, en caso de que a Dirección llos negase. No entanto, a empresa responde sinalando que non é cuestión de diñeiro. Cal era entón o problema?

O martes 15, ás 08:00 horas, o Sr. Monteiro comunica por teléfono ao presidente do Comité, Ángel Pérez, que lle gustaría falar coa asemblea para explicar a situación e pedir que os obreiros volvan aos seus postos de traballo. O Comité acepta a proposta de que a Dirección da factoría se dirixa directamente aos empregados. Sobre as 09:00 horas o Sr. Monteiro, o presidente e outros membros do Comité comparecen no comedor, convertido en sede da asemblea. Eduardo Monteiro é recibido con apupos e algunha que outra palabra malsoante que non é preciso reproducir. A frase máis escoitada foi “Vésnos ameazar con baixar o machete?”. Estas palabras facían referencia a que cando o Sr. Monteiro era director da factoría, sempre que había un conflito ameazaba con baixar o machete, é dicir, con parar a factoría.

Tan a miúdo o facía que entre os traballadores xa era coñecido como “O do Machete”. Entre tanto rebumbio o presidente do Comité pide silencio, explica a presenza do Sr. Monteiro e esixe que non se lle falte ao respecto. Durante o tempo que considerou necesario, o Sr. Monteiro tomou a palabra e expuxo os seus argumentos. Finalmente, abandona a asemblea entre apupos e murmurios, acompañado en todo momento polo presidente e algún outro membro do Comité.

Era sorprendente que agora tivese interese en falar coa asemblea e que pola contra, mentres foi director, nunca baixara a falar co cadro de persoal. Nin sequera o facía para transmitir as ameazas. Pasado o tempo, os sindicalistas consideran que o que el pretendía era que estes actuasen con violencia contra el e contra as instalacións da factoría. Noutras palabras: a súa intención era provocar unha resposta violenta por parte dos traballadores.

Ás 16:00 horas, o delegado provincial da Consellería de Traballo de Lugo, Miguel Vázquez Calvo, media entre o Comité e a empresa para tentar chegar a un acordo, mais non é quen de arranxar a situación. Nesta reunión, a empresa propón expedientar os membros do Comité e satisfacer o 50% dos salarios perdidos, mais non pode garantir que o buque Galerno non vaia entrar de novo no porto. O Comité acepta que expedienten os seus membros, en función das súas responsabilidades, mais nunca de forma penal, e esixe o libramento do 100% dos salarios, que poderían ser aboados o mes seguinte. A representación sindical considera como condición imprescindíbel o compromiso asinado pola empresa de que o buque non volverá a entrar no porto. Horas máis tarde, a empresa varía a súa proposta: sinala que os expedientes aos membros do Comité son innegociábeis e que non serán retribuídos os salarios. Este inesperado cambio de postura da empresa significa para o Comité que non existe intención de chegar a un acordo.

Ás 19:40 horas, diríxese a falar cos membros do Comité o Sr. Franco, subdirector de Alúmina-Aluminio. Tras os intentos frustrados de chegar a un acordo co Sr. Vázquez, delegado da Consellería de Traballo, comunica unha nova oferta da empresa. Coa porta aberta, dá comezo unha nova reunión en presenza

de alcaldes, cargos sindicais e outras autoridades. O Sr. Franco toma a palabra e comeza dicindo que o Sr. Monteiro quere salvar a serie B e está disposto a dialogar e non tomar represalias se os traballadores se incorporan aos seus postos de traballo antes das 20:00 horas dese mesmo día. Serían sancionados só os membros do Comité. Os sindicalistas mostran o seu escepticismo, pois a mesma proposta que agora trae o Sr. Franco xa lla fixeran eles á empresa e non fora aceptada, mais o Sr. Franco xura polos seus fillos e ante todos que a proposta vai en serio. Como o Comité acepta a proposta, ás 19:50 horas o Sr. Franco e o secretario do Comité, Sr. Vila, entran na secretaría para comunicarlle ao Sr. Monteiro que o Comité acepta a proposta da empresa. Poucos minutos despois, os dous, Franco Leal e Pérez Vila, saen da secretaría co rostro desencaixado e pálido pola resposta que acaban de recibir: o Sr. Monteiro comunícalles que xa é tarde, porque xa parou a outra serie e dilles que van tomar medidas disciplinarias e sancións contra todos os traballadores. Pensara quizais o Sr. Monteiro que o Comité se ía negar a aceptar a proposta da empresa e así podería libremente botarlles a culpa?

Unha vez que o Sr. Franco abandona a asemblea, reúnese o Comité e decide solicitarlle, por escrito, á Dirección, que lle entregue, tamén por escrito, a notificación de que as cubas están paradas. A resposta da empresa foi lida perante unha multitudinaria asemblea que se estaba a celebrar na explanada exterior da factoría, nos aparcadoiros, porque non había espazo para tanta xente no comedor. Diante da multitude, o presidente do Comité leu a carta manuscrita que lle enviara o Sr. Moñita e que reproducimos na páxina seguinte. En plena lectura resalta a frase “con los medios habituales”, porque iso evidenciaba que había outros medios e que se poderían utilizar. Despois de ler esa frase, o presidente preguntalle á asemblea: “Entendedes compañeiros, cos medios habituais?” e un encargado que estaba entre a multitude responde: “Si, que estamos na puta calle”. Estas palabras provocaron o rechazo da asemblea e, entre apupos, o espontáneo tivo que abandonar o lugar.

Foron estes uns momentos moi duros, sobre todo para os membros do Comité e as súas familias. Era martes e levaban



AL COMITÉ DE EMPRESA

Atendido a su solicitud le comunicamos que en el día de hoy 15 de Diciembre de 1987 a las 20 horas, las series de electrolisis, y por tanto las cubas que las componen dejaron de estar en operación normal. Desde esta misma hora tampoco pueden ser puestas de nuevo en operación normal con los medios habituales.

fluorite  
15-12-87

desde o sábado na factoría sen iren ás súas casas. O cansazo e a presión psicolóxica á que estaban sometidos deixábanse notar. Non é de estrañar que estivesen esgotados física e mentalmente. Esa noite, na asemblea, xa eran poucas as persoas que os acompañaban, unicamente permanecían con eles Melchor Roel e varios traballadores.

Arredor das 23:00 horas preséntase no local da sección sindical da INTG o responsábel do BNG de Cervo, Henrique Rodríguez, que até ese momento non puidera achegarse á factoría por motivos persoais. Desde alí chama por teléfono a Francisco Luís Rodríguez Guerreiro, o seu homólogo do BNG da Mariña. Unha muller atende o teléfono e dille que está a durmir e que non ten pensado espertalo. Henrique Rodríguez colga o teléfono abraiado despois do que acaba de escoitar. Vinte e catro anos despois destes sucesos, o daquela responsábel do BNG da Mariña aínda é recordado por moitos dos membros do Comité como “o do megáfono”, xa que nos primeiros días do conflito, cada vez que aparecía unha cámara de televisión ou unha gravadora, deixábase ver cun megáfono, até o punto de que nalgún vídeo da TVG lle puxeron o rótulo de “Voceiro do Comité”, cando nin sequera pertencía a el.

### 3.4. PARA A FÁBRICA. COMEZAN AS REPRESALIAS

O martes 15, o barco encóntrase a dúas millas da costa –como solicitara o Comité–, mais, vendo que non marchaba e que un membro da tripulación acaba de abandonalo, o Comité propón que os traballadores non entren aos seus respectivos postos até que as autoridades asinen un documento en que fagan constar que o barco non vai volver á factoría. Nesta ocasión esixen que a redacción se faga en papel oficial, co selo correspondente, non como o que anteriormente lles enviara Antonio Gandoy Vázquez, xefe de Protección Civil, para certificar que o día 14, durante a carga dos bidóns, non se producira ningunha fuga. Naquela ocasión o Comité solicitaba un certificado do Gabinete de Seguridade e Hixiene de Lugo e recibiu un papel do xefe de Protección Civil do Goberno Civil de Lugo sen selo e no que só aparecía a súa sinatura. A continuación reproducimos esa certificación.

ANTONIO GANDOY VÁZQUEZ, con D.N.I. 33.775.632,  
Jefe de Protección Civil, del Gobierno Civil de Lugo, en  
su representación, y como testigo ocular

#### C E R T I F I C O:

Que en el día de la fecha, sobre las 17 horas, se ha procedido a la descarga de tres camiones: dos que portaban dos contenedores cada uno, con bidones y, el tercero con estos mismos envases, contienen o todos ellos - productos químicos. Dichos contenedores y bidones se han cargado en el barco denominado "BUQUE GALERNO", no habiéndose producido derrame de ningún producto químico en dicha operación, habiéndose efectuado la misma mediante una grúa autopropulsada sobre orugas.

Y para que conste firmo el presente certificado en Horás-Xove a catorce de Diciembre de mil novecientos ochenta y siete



Pola noite, a Dirección da factoría envía unha carta ao Comité en que manifesta que ás 13 horas os directivos da factoría xa non eran capaces de facerse cargo da sección de electrólise porque estaban esgotados –non debían ter tanto aguante como os membros do Comité e outras persoas que levaban alí desde o sábado–. Neste contexto, o Comité comunícalle á empresa –véxase a nota– o seu desexo de reiniciar a actividade na fábrica, poñendo todos os medios que estean ao seu alcance –tanto humanos como técnicos–, para proceder a arrancar as cubas da sección de electrólise.

**ALUMINA ESPAÑOLA, S.A.**

Carta Interna a: **DIRECCION FABRICA**

Fecha: **15/12/87**

Referencia:

Asunto:

**EL COMITE DE EMPRESA DE ALUMINIO ESPAÑOL S.A., Y ALUMINA ESPAÑOLA S.A., SOLICITA DE LE TRANSFIERA TODAS LAS COMPE  
TENCIAS CIVILES Y ADMINISTRATIVAS SOBRE LA FACTORIA PARA  
QUE EL COMITE JUNTO CON LOS TRABAJADORES DEL COMPLEJO PO-  
NEAN EN SERVICIO LAS INSTALACIONES IMPIDIENDO LA PARALIZA-  
CION TOTAL DE LAS MISMAS.**

**Fdo. EL COMITE DE EMPRESA**

A empresa négase a aceptar esta proposta, comunícalles que as series electrolíticas están pechadas e que van proceder aos despedimentos que consideren oportunos. A pesar desta resposta, o Comité e os traballadores seguen reunidos en asemblea permanente esperando que a empresa cambie de parecer e lles permita entrar a traballar, mais isto non sucede.

Segundo lles comunica a Dirección de empresa, a Serie A disparara ás 10:30 horas e a Serie B ás 17:30 horas. Ao comprobarmos estes horarios, vemos que son anteriores á visita do Sr. Franco ao Comité. Se realmente estaban xa fóra de funcionamento daquela, para que foi reunirse cos traballadores e solicitarlles que se incorporasen aos seus postos de traballo? O Comité responde que as series electrolíticas aínda se poden salvar, por-

que non pasaran tantas horas, ao tempo que manifesta a súa perplexidade polo sucedido, pois quedaba suficiente persoal na empresa para atendela traballando a quendas.

O mércores día 16, o Comité enviálle unha nota á Dirección de Alúmina-Aluminio na que sinala que, unha vez que o Galerno partiu cara ao mar, os traballadores están en disposición de se reincorporar aos seus postos na quenda correspondente. Exceptúase o persoal das series de electrólise, que recibiu notificación de despedimento por desatender a orde de presentarse a cubrir servizos mínimos na factoría. Simultaneamente, a empresa informa a diversos medios de comunicación que, ademais de abrir expedientes disciplinarios por faltas graves, vai esixir responsabilidades civís e penais a cada un dos membros do Comité. Alega que o Comité desatendeu o requirimento notarial para que os traballadores entrasen a cubrir os servizos mínimos e cifra as perdas en 16 000 millóns de ptas (96 millóns de euros).

Aínda ao límite da resistencia física dos seus membros, a actividade do Comité é frenética. A través dunha carta dirixida a todos os alcaldes da Mariña, pídenlles desculpas por se o seu comportamento dos últimos días non fora acertado e achácano á tensión á que estaban sometidos. Lamentan que as súas palabras puidesen ofendelos nalgún momento e recoñecen a colaboración das autoridades municipais que fixeron todo o que estaba nas súas mans para solucionar o conflito. Na devandita carta solicitan tamén das administracións locais que acheguen toda a información que teñan relacionada co caso e, se for posíbel, as actas das reunións celebradas con este motivo.

Por outra parte, e por indicación dos asesores Melchor Roel e Alberte X. Rodríguez Feixoo, o Comité decide enviar un notario para que levante acta do estado en que se encontran as cubas, pois pensan que aínda son recuperábeis. Na devandita acta pódese ler: “La existencia de tres carretillas mecánicas cuyos volantes se encuentran bloqueados con cadenas y candados” e especificase que as máquinas e paneis de control están apagados. O notario tamén recolle na acta, que observou: “que todas las salas en que estuvimos carecían de luz eléctrica, indicándome los trabajadores que los aparatos que colgaban del techo y que dicen ser células fotoeléctricas, tenían que estar desconectadas, ya que son de funcionamiento automático”.



Mais, como recolleron a información os principais xornais galegos? *La Voz de Galicia* titulaba “Comunicado de las centrales sindicales a los trabajadores y a la población”. As centrais sindicais UGT, CCOO, INTG e USO explican o sucedido ante a chegada duns bidóns moi perigosos, rexeitan a xestión do gobernador civil de Lugo e afirman que, ante o caos creado, o Comité de Alúmina-Aluminio se viu obrigado a de evacuar a factoría, coas consecuencias que iso provocou. Sinalan tamén que coa chegada do Sr. Monteiro á factoría, as relacións entre o Comité e a Dirección da empresa romperon sen ningún motivo, e xa por último, solicitan que o Sr. Moñita se faga cargo da situación e que o Sr. Monteiro dimita.

En *El Progreso* pódese ler “Agresión a un cámara de la TVG”. Segundo o xornal, durante a noite anterior, despois de ler a carta do Sr. Moñita, o cámara da TVG foi agredido por algúns traballadores. Tamén neste xornal podemos ler: “Esta agresión física fue la más clara explicitación de la manifiesta hostilidad con la que los trabajadores recibieron a los medios de comunicación”.

Obviamente, o Comité de Empresa sempre tivo un trato correcto cos medios de comunicación. Este feito, resultado da confusión e o nerviosismo, produciuse cando uns traballadores se enfrontaron a un encargado a raíz duns comentarios efectuados por este na asemblea mentres o presidente do Comité estaba lendo o comunicado do Sr. Moñita. No mesmo diario recóllese: “Confusión en torno al Galerno”. A información sinala que o buque estivo fondeado durante o día anterior a dúas millas, o que orixinou moita confusión e deu pé a que se barallasen numerosas hipóteses, entre elas que non tiña os papeis necesarios para navegar ou que o goberno holandés non aceptaba os bidóns. Segundo *El Progreso*, o gobernador civil de Lugo afirmou que o Galerno non partía porque lle faltaba documentación e que o xefe de máquinas abandonara o buque por problemas familiares. Este xesto foi aplaudido por todos os traballadores da factoría ao desembarcar no porto.

*El Ideal Gallego* titula “Situación desesperada en Alúmina Aluminio tras el paro de sus trabajadores” e recolle as declaracións do ministro de Industria e Enerxía, Luis Carlos Croissier, que cualifica de “chantaxe” a reacción dos traballadores da fac-

toría, e insiste en que se negaron a cumprir os servizos mínimos, aínda sabendo que estes se acordan nunha folga e non nunha evacuación. Neste xornal podemos ler tamén que o parlamentario socialista por Lugo, Ismael Rego, fixo un chamamento público ao Comité e aos traballadores, en que apela ao sentido da responsabilidade para manter os postos de traballo. Termina pedíndolles que se reincorporen aos seus postos, sen que iso implique renunciar a posteriores negociacións.

Se Ismael Rego fai esas declaracións é porque descoñece que ao día seguinte non os van deixar entrar. Se realmente o soubese non lles pediría iso.

Ese día xa se fala de 100 despedimentos. O Comité considera que se provocou o peche da fábrica para reestruturar o cadro de persoal, porque os sindicatos en todo momento se ofreceron a traballar e a recuperar as cubas. Comezan así as acusacións entre sindicatos: mentres CC OO culpa á Dirección da empresa do caos xerado na factoría, UGT culpa ao Comité, segundo se pode deducir das palabras de Suso Mosquera. O secretario xeral de UGT de Galicia afirma que o Comité non seguiu as indicacións do seu sindicato, malia o empeño que este puxo. Valente foi o Sr. Mosquera ao facer estas declaracións, tendo en conta que en toda a fin de semana non se dignou a aparecer pola factoría, delegando no Sr. Golpe, secretario do Metal. Dubidamos que este último lle comunicase os acordos tomados pois non fixo en ningún momento declaracións aos medios de comunicación, e o seu nome non aparece en ningunha acta do Comité nin da empresa. Os membros de UGT que formaban parte do Comité recibiron presións e foron coaccionados por altos cargos do seu sindicato por non querer desvincularse dos seus compañeiros.

Cando lemos os titulares do xoves 17 de decembro, dámonos conta da solidariedade dos veciños e veciñas da Mariña. Os traballadores e traballadoras do ensino e da sanidade paralizaron as súas xornadas laborais e apoiaron decididamente os traballadores. As mulleres dos despedidos fan un manifesto reivindicando a inmediata reincorporación destes. A manifestación en protesta polos despedimentos é recordada, a día de hoxe, por moitos membros do Comité como unha das máis emotivas que se viviron nunca na Mariña. A marcha partiu de Burela ás 15:00 horas

e as mulleres percorreron os 10 km que separan a localidade da factoría de San Cibrao portando unha pancarta en que se podía ler “Monteiro dimite La Mariña no te admite”. Unha delas recorda como, ao pasar polos distintos lugares, as veciñas que estaban a traballar nos terreos deixaban os labores e uníanse a elas. Cando chegan á factoría son recibidas entre aplausos polos traballadores despedidos e soben á asemblea ao berro de “Comité, ni un paso atrás”. Ao mesmo tempo, dous centenares de mozos que estudan no instituto percorren tamén 13 km en sinal de protesta e para solidarizarse cos seus pais. *El Progreso* nunha nota recolle “A INTG afirma que a decisión do Comité de Empresa foi unánime”. O sindicato vese forzado a sacar este comunicado aclarando que a decisión foi tomada por todos porque algúns medios de comunicación están a culpalo do sucedido en A/A. Noutra das noticias pódese ler que a INTG e outras centrais sindicais que apoian a decisión do Comité anuncian unha demanda contra Jaime Costas, deputado provincial en funcións e ex-concelleiro de Cervo, por unhas declaracións que fixo a *El Progreso*, en que afirmaba que a postura dos traballadores de A/A atentaba contra o ben xeral dos habitantes da zona. O representante da INTG afirma que esas declaracións danan os dereitos dos traballadores que están a loitar por unhas condicións de traballo mellores e que rexeitan poñer as súas vidas en risco.

Desde o momento en que paran as series, tanto os traballadores como o Comité, comezan a preguntarse se a parada foi ou non premeditada pola empresa. Os telegramas que reciben os traballadores para cubrir os servizos mínimos teñen data do día 16 e neles comunícaselles que deben entrar a traballar ás 06:00 horas do martes 15. Talvez a empresa non enviou os telegramas o día 14 para que os traballadores non se presentasen a traballar o día 15 e así poder paralizar as series da fábrica. Recordemos que meses antes o Comité presentara queixas nas oficinas centrais de INESPAL, acusando a empresa de ter feito experimentos nunha das series electrolíticas que podería estar danada.

No medio de todo o caos que se estaba a vivir na Mariña, publícanse unhas declaracións do armador do Galerno, Miguel Rivero, nas que asegura que lle secuestraron o barco. Lonxe de se arranxaren, os conflitos van en aumento. Quizais o máis sor-

pendente de todo é que a empresa requira agora un notario para que certifique os acordos das reunións que en días anteriores se celebraran co Comité. É estraño que a empresa requira o notario o día 23 para que entregue as actas ao Comité e que este as asine. Realmente necesitou tantos días para pasar as actas? Ou é que tiña que analizar minuciosamente o que ía poñer nelas por se lle facía falta utilízalas nun futuro, por exemplo nun xuízo? Ao leren as actas, en presenza do notario, os membros do Comité non están de acordo co seu contido: non só deixan sen recoller moitos asuntos tratados nas reunións, senón que mesmo recollen cousas das que non se falou nunca. Por todo isto deciden non asinalas. Nunha delas aludíase ao cesamento da actividade dos traballadores de electrólise e do Comité de Empresa e faltábase á verdade, porque naquela reunión non se tratara ese tema. O día 16 e sucesivos, os traballadores incorporáronse aos seus postos de traballo, porque até o día 23 non se lles comunicaría o contido da acta.

## 4. DE 17 DE DECEMBRO A 8 DE XANEIRO

### *4.1. PRIMEIROS DESPEDIMENTOS: 116 OPERARIOS Á RÚA*

Malia non incumpriren as súas obrigas laborais e sen que o Comité que os representaba o soubese, o 17 de decembro 116 traballadores da fábrica de A/A foron despedidos. En apoio de todos eles, ese mesmo día celébrase en Burela unha manifestación, que foi secundada polo persoal do Hospital da Costa, o ensino e a maior parte da poboación da Mariña. Os manifestantes piden a dimisión do gobernador civil da provincia, Juan Manuel Iglesias Rivera, e do delegado do Goberno, Domingo García Sabell.

Ninguén comprende esta decisión da empresa salvo o INI, que envía un fax a Fernando Rubio, presidente de INESPAL, mostrándolle todo o seu apoio polo labor realizado e as decisións tomadas. Neste fax pódese comprobar a finalización do labor do Sr. Monteiro, que xa preparara as cubas ao seu antollo. Nese momento desaparece de escena, mais pasa toda a información que lle convén ao presidente do INI e á opinión pública. Aquí comeza a etapa de intoxicación informativa orquestrada desde as altas esferas políticas. Os Sres. Rubio e Aranzadi apóianse nos comentarios do Sr. Monteiro, pois eles nunca estiveron na factoría.

A Dirección de Alúmina negárase a que os traballadores se reincorporasen aos seus postos e tentasen poñer as cubas en marcha, mais ese mesmo día un traballador avisa de que na nave de Fundición hai operarios traballando. Por ese motivo o Comité chama un notario para que levante acta. José Luís Barreira Quelle preséntase ás 12:25 horas co notario nas naves de Fundición. Ambos son acompañados por dous membros do Comité que traballan nesa sección, Sres. Camba Timiraos e Hernández López, así como polo Sr. Pérez Callejo, encargado do departamento de Fundición. Unha vez dentro, constatan que os sete fornos de Fundición numerados do tres ao nove presentan elevadas temperaturas e que un deles, o catro, presenta indicios de que está a ser reparado, aínda que nese momento non se encontre ninguén alí. Os membros do Comité aseguran que viron operarios facendo esas tarefas e o encargado responde que descoñece o particular, mais o notario afirma que viu obreiros traballando na nave. Se a fábrica estaba parada, por que están quentes os fornos? Quería a empresa seguir especulando co aluminio? ou

17 12 17 19:57 4487857 INESPAL MADRI  
1989:4  
27342 ESPAL E  
42312 INI E  
ZCZC TRASMISION AUTOMATICA

INSTITUTO NACIONAL DE INDUSTRIA

FECHA: 17-DIC-1987 06:45PM

A: INESPAL ( TEL

AT.: DON FERNANDO RUBIO - PRESIDENTE

QUERIDO FERNANDO:

EN MI PROPIO NOMBRE Y EN EL DE LOS MIEMBROS DE LA COMISION EJECUTIVA DE ESTA CASA QUIERO HACERTE LLEGAR LA EXPRESION DE NUESTRO APOYO EN ESTOS DIFICILES MOMENTOS. TE RUEGO TRANSMITAS A TODO TU EQUIPO DIRECTIVO ESTE SENTIMIENTO DE APOYO. TE AGRADEZCO ASIMISMO QUE HAGAS LLEGAR A LA DIRECCION Y TECNICOS DE LAS FACTORIAS DE ALUMINA Y ALUMINIO DE SAN CIPRIAN EL RECONOCIMIENTO DEL INI A LA MERITORIA LABOR LLEVADA A CABO DURANTE ESTOS DIAS, POR LA INTENSA DEDICACION EN EL EMPEÑO DE SALVAR LA COSTOSAS INSTALACIONES DE LAS FABRICAS.

RECIBE UN FUERTE ABRAZO DE TU BUEN AMIGO,

CLAUDIO ARANZADI

JM

NNNN

42312 INI E#  
27342 ESPAL E

realmente, o que sucedía era que xa encargaran máis lingotes para fundir neses fornos, como se puido demostrar días despois cando chegou ao porto un barco cargado deles?

Para xustificar os despedimentos e desviar a atención da súa actuación negligente, a Dirección da fábrica fala de que se tardarán máis de oito meses en recuperar a normalidade e insiste en que terá que tomar medidas polas perdas millonarias. Entre esas medidas debe de estar a de non colaborar co Comité de Empresa. Este, amparándose no artigo 64 do Estatuto dos Traballadores<sup>11</sup>, solicítalle por escrito copia dos gráficos de autómatas das series de electrólise desde as 00:00 horas do luns día 14 até ese momento, así como todos os datos referentes ao funcionamento de ambas as dúas series. A empresa non contesta a devandita solicitude, de vital importancia para o Comité, posto que estes gráficos funcionan ao estilo da caixa negra dos avións; neles almacénase toda a información. Porén, o que si fai é difundir a través dos medios a súa versión de que as cubas son irrecuperábeis debido a que os traballadores fixeron caso omiso aos chamamentos feitos pola empresa para cubrir os servizos mínimos do día 14. Mais, casualmente, ningún destes requirimentos foi selado a tempo nas oficinas de correos para que os seus destinatarios os puidesen cumprir. Estes datos pódense constatar nas tres copias que aparecen a continuación e que son un reflexo das 116 comunicacións que enviou a empresa. Todos os telegramas foron recibidos entre os días 16 e 17 e todos esixían entrar a traballar o día 15 en diferentes quendas. Era imposible acudir a este chamamento, pois os destinatarios non teñen noticia do requirimento até despois de finalizar o prazo. Os envíos foron realizados desde tres oficinas distintas de Correos, por tanto, é preciso descartar un erro da oficina postal para xustificar a demora, como alegaba a empresa.

11 Artigo 64. Competencias.

1. O comité de empresa terá as seguintes competencias:

1º. Recibir información, que lle será facilitada trimestralmente, polo menos, sobre a evolución xeral do sector económico a que pertence a empresa, sobre a situación da produción e vendas da entidade, sobre o seu programa de produción e evolución probábel do emprego na empresa, así como achega das previsións do empresario sobre celebración de novos contratos, con indicación do número destes e das modalidades e tipos de contratos que serán utilizados e dos supostos de subcontratación.

Diante da adversidade, o Comité multiplica a actividade en diferentes direccións. Por unanimidade, faculta o presidente, Ángel Pérez, para asinar e presentar unha demanda ante a Delegación da Consellaría de Traballo. Pídese o recoñecemento de que se produciu unha evacuación da factoría e denúnciase a negativa patronal á incorporación dos traballadores aos seus postos, coa conseguinte imposibilidade de recuperar as seccións de electrólise.

INDICACIONES DE RECEPCIÓN  
05.01

**TELEGRAMA**  
DIRECCION GENERAL DE CORREOS Y TELEGRAFOS

ZCZC LUB36 411358  
LUGO TLX DE SAN CIPRIAN  
LUGO 16 8 20

URGENTE

PARA LUIS DIAZ RERNADEZ  
ALFREDO DEA/O 17  
27700 RIBADEO

MUY URGENTE

LE COMUNICAMOS QUE, CON MOTIVO DE LA SITUACION DE HUELGA ILEGAL EN QUE NOS ENCONTRAMOS, HA SIDO VD. DESIGNADO PARA LA PRESTACION DE SERVICIO MINIMOS EN EL TURNO DE 14 A 22 DEL DIA 15-12-87.

LE RECORDAMOS LA OBLIGACION QUE TIENE DE ACUDIR AL TRABAJO Y CUMPLIR LAS ORDENES E INSTRUCCIONES QUE A ESTE RESPECTO RECIBA DE SUS MANDOS.

EL INCUMPLIMIENTO DE DICHAS OBLIGACIONES CONSTITUYE UNA FALTA LABORAL MUY GRAVE QUE ES MOTIVO DE DESPIDO.

PEDRO ESCUDERO PUEYO  
JEF. SER. SOCIALES Y P.

TELECOMUNICACIONES  
16.DIC.87  
RIBADEO

INDICACIONES DE RECEPCIÓN  
05.01

**TELEGRAMA**  
DIRECCION GENERAL DE CORREOS Y TELEGRAFOS

ZCZC LUB119 411336  
LUGO TELEX SAN CIPRIAN 15/12 1638

URGENTE

JOSE RAMON GARCIA LAGO  
GRANXAS 44  
27861 VIVERO COVAS

LE COMUNICAMOS QUE, CON MOTIVO DE LA SITUACION DE HUELGA ILEGAL EN QUE NOS ENCONTRAMOS, HA SIDO VD. DESIGNADO PARA LA PRESTACION DE SERVICIO MINIMOS EN EL TURNO DE 14 A 22 DEL DIA 15-12-87.


LE RECORDAMOS LA OBLIGACION QUE TIENE DE ACUDIR AL TRABAJO Y CUMPLIR LAS ORDENES E INSTRUCCIONES QUE A ESTE RESPECTO RECIBA DE SUS MANDOS.

EL INCUMPLIMIENTO DE DICHAS OBLIGACIONES CONSTITUYE UNA FALTA LABORAL MUY GRAVE QUE ES MOTIVO DE DESPIDO.

PEDRO ESCUDERO PUEYO  
JEF. SER. SOCIALES Y P.

TELECOMUNICACIONES  
16.DIC.87  
VIVERO





Nunha carta dirixida á Dirección da factoría sinala os membros do Comité que desde as 10:00 horas do día 14 de decembro ás 00:00 horas do día 16 non actuaron como Comisión Negociadora de Convenio. Ante o temor de que a empresa lles aboase as horas –co argumento de estaren liberados eses días– solicita a aplicación do mesmo criterio retributivo que se vai aplicar ao resto dos traballadores.

O cruzamento de acusacións entre os sindicatos e a patronal non fai máis que incrementar o malestar do cadro de persoal. O Comité defende a evacuación, porque os obreiros temían polas súas vidas, e a empresa segue mantendo que se produciu unha folga ilegal e, por este motivo, comunícalles a apertura dun expediente disciplinario. Esta é a carta que a empresa envía aos traballadores:

Sr. D. \_\_\_\_\_

San Ciprián, 16 de diciembre de 1987

Por la presente pongo en su conocimiento que se han concretado contra vd. los siguientes

CARGOS

1º) Promover situación de huelga ilegal el día 14 de los corrientes, a las 9, 45 horas, al dirigirse a la generalidad del personal

de este Centro con la consigna de abandonar los puestos de trabajo.

2º) Transgredir la buena fe contractual de manera insólita al hacer caso omiso a los numerosos requerimientos que, desde las 12, 30 horas del día 14, le dirigió la Dirección en orden al establecimiento de los imprescindibles servicios mínimos que asegurasen la viabilidad futura de las instalaciones.

Lo que comunicamos a vd. en cumplimiento de lo dispuesto en el art. 68 a) del Estatuto de los Trabajadores, a los efectos de que, en el plazo de tres días, alegue lo que estime procedente a su descargo.

Pedro Escudero Pueyo

Despois do envío destas notificacións comézase a notar a premura da empresa por rematar canto antes co conflito, sen importarlle se o procedemento era correcto ou incorrecto. Uns días despois volve enviar outra:

D. \_\_\_\_\_

San Ciprián, 21 de diciembre de 1987

Muy Sr. Nuestro:

Le ruego tome nota de que el plazo para descargos que se le ofreció en muestra carta de fecha 16.12.87 lo debe entender ampliando en dos días laborables más.

Pedro Escudero Pueyo

Analicemos os feitos devagar. O Comité debía entregar un prego de descargos no prazo de tres días. Como o 19 era sábado –e non conta como laborábel–, a empresa o día 21 ten que enviar outra misiva emendando o erro da anterior. Outro tanto acontece coa misiva que recibiu o delegado sindical Sr. Romero Bermudo –e non son estes os únicos erros que a empresa vai cometer–. Por este motivo, as 116 cartas de despedimento son nulas: a) por defecto de forma, e b) por non lle comunicar a decisión dos despedimentos ao Comité, que nese momento era o seu representante legal, aínda que a empresa o tentase desvincular das súas funcións.

Esta é a contestación do Comité á carta da empresa:

A Don Pedro Escudero Pueyo:

\_\_\_\_\_, miembro del Comité de Empresa de Alúmina / Aluminio S.A, al haberle sido entregado un pliego de cargos, suscrito por V., le presento el siguiente informe:

En base a lo siguiente:

Por la presente paso a contestar su carta de fecha 16 de diciembre de 1987 en el siguiente sentido:

1º) Me dice por medio de la citada carta que “se han concretado contra a mí algunos “cargos”. No acabo de entender el sentido de esa frase ya que no tengo conocimiento de que existe lugar a hacernos conocer “cargos” sobre ningún asunto, por lo que personalmente entiendo que no procede la carta que en este instante contesto.

2º) El primer cargo que se me formula es el de promover situación de huelga ilegal el día 14 del presente mes a las 9, 45 horas por dirigirme al personal del Centro para que abandonase los puestos de trabajo.

No puedo por menos que discrepar de este primer punto, en este sentido, usted sabe tan bien como yo, porque fui partícipe de todo el proceso, que en ningún momento existió huelga alguna, por lo tanto, en ningún momento fui promotor de tal situación.

3º) Por lo que respecta al segundo cargo que me plantea, debo contestar que interpreta usted de forma inversa, la transgresión de la buena fe contractual. La Empresa fue partícipe de todo cuanto se fue resolviendo alrededor de la situación de peligro creada, por la llegada de los bidones con sustancias tóxicas que aconteció en el centro de trabajo. Mi actuación durante la situación fue, en todo momento, la de intentar siempre salvar el complejo, junto a los restantes miembros del Comité de Empresa, ante la falta de decisión la Dirección del Centro, que permaneció inactiva pese a ser necesario tomar decisiones al respecto.

Para aclarar lo acontecido:

Adjunto pliego de descargo.

Me brindo a establecer los contactos que sean necesarios para llegar a la verdad exacta de todo cuanto ocurrió.

Atentamente.

Fdo. \_\_\_\_\_

Cuarto : A pesar de que el día 15 el comite de empresa comunico a direccion su deseo de reiniciar las actividades de la factoria, poniendo los medios humanos y pidiendole , a dicha direcion , que ellos pusieran los medios tecnicos para el arranque de las instalaciones , ésta no solo se nego a poner los medios tecnicos si no que nos comunico que las series de electrolisis, estan cerradas y que se procedera al despido de un número determinado de trabajadores, y que ante la insistencia de este Comite para que nos lo comunicase por escrito la dirección nos contesto, que no podia comunicarnos por escrito sin instrucciones de Madrid.

El Comite de Empresa, pese a no poner condición ninguna para reanudar a trabajar todo el personal, estuvo reunido aguardando la decisión de la Dirección ( o de Madrid), desde el día 15 hasta las 13 h. del día 16. A las 13 h. del día 16 la dirección de la Empresa nos comunico que no habia obtenido respuesta alguna de Madrid, y que podiamos retirarnos.

El mismo día 16 y ante la cerrazón de la empresa de buscar solución al conflicto, los trabajadores, a traves de sus representantes, le comunican a la Dirección de la empresa por escrito su inmediata incorporación a todos sus puestos de trabajo, observando gratamente, como aun era salvable todo el proceso productivo de Electrolisis.

La Dirección de la empresa, por contra, puso mil trabas a los trabajadores, intentando romper la producción y deteriorar todo el complejo y en particular las series de electrolisis, cortando la tensión, poniendo candenas y candados, etc, siendo todo ello observado por los trabajadores, mientras se iban reincorporando a sus puestos habituales de trabajo. La situación descrita consta en acta notarial.

Todo esto pone en evidencia,

1º.- Que no hubo ningun tipo de huelga, sino que se procedio a la ejecucion de un plan de Evacuacion que habia sido acordado, al 100% , previamente por la direción de la empresa y el Comite de Empresa.

2º.- Con esta consideración y al no estar en huelga, sino en un PLAN DE EVACUACION, no existio transgresión de la buena fe contractual.

*[The page is heavily annotated with numerous handwritten signatures and initials in various colors (black, blue, red) and styles, scattered around the typed text. Some signatures appear to be names like 'García', 'García', and others, though they are difficult to read precisely due to the cursive and overlapping nature of the ink.]*

A copia do prego de descargo mostra que está asinado polos 23 membros do Comité. Nótese que nos últimos parágrafos negan que se producise ningunha folga, pola contra, afirman que o plan de evacuación acordado ao 100% coa Dirección da empresa xustifica que non existiu transgresión da boa fe contractual.

Está demostrado que en decembro de 1987 o Comité en ningún momento promoveu unha folga ilegal. Pola contra, o que fixo, en vista do sucedido durante os días anteriores na Costa da Morte, foi velar pola seguridade daquelas persoas que representaba, evacuándoas da zona, en base ao recollido no Estatuto dos Traballadores e na Constitución. Ningunha autoridade civil nin ningún dos membros da Dirección de empresa tiñan en mente facelo, malia que o director da factoría foi o primeiro en negarse a que os bidóns –que eran considerados moi perigosos– fosen depositados o sábado ás portas da empresa. Por tanto, como xa se mencionou anteriormente, o Comité promoveu a evacuación ao abeiro das leis en vigor, concretamente apoiándose:

- nos artigos 19.5 e 64.1.8b do Estatuto dos Traballadores, onde se indica que é responsabilidade do Comité velar por que se cumpran a vixilancia e o control das condicións de Seguridade e Hixiene no desenvolvemento do traballo.
- no Convenio 135. OIT. 1975 (BOE 4 Xullo-1974) no seu artigo 1.

Para apoiar aínda máis a súa argumentación, invocou estes outros referentes legais:

- art. 43.1. da Constitución Española: “Recoñecer o dereito á protección da saúde”
- art. 4 do Estatuto dos Traballadores, apartado d: “A súa integridade física é unha axeitada política de Seguridade e Hixiene”.

Quizais, despois do visto, non foron os membros do Comité os que obraron contra a boa fe contractual, senón a empresa. Esta, nin velou polo benestar dos seus traballadores nin lles deixou incorporarse ao seu posto de traballo unha vez realizada a evacuación. Neste sentido, dá a impresión de que lles negou o acceso á fábrica porque, realmente, a Dirección quería que as series parasen. Desa maneira podían acusar os traballadores de sabotaxe e reclamar a indemnización dos correspondentes segu-

ros. Como a Dirección da factoría de San Cibrao sabía que as cubas se danaran con aquel experimento de fin de semana que o Comité de empresa xa denunciara ante a Dirección en Madrid, é posíbel que vise no que estaba a suceder unha posibilidade de arranxalas gratis. Se a xustiza chegase a considerar a existencia de sabotaxe, as aseguradoras terían que facerse cargo dos arranxos.

Mentres, o Goberno central recoméndalle á Dirección de A/A que emprenda accións legais nun proceso civil e penal contra o Comité por non atender os servizos mínimos, mais non era preciso que llo pedise. Sen atender a explicacións, a empresa toma medidas como se se tratase dunha folga ilegal e notifícalles a 116 traballadores o seu despedimento por non cumpriren os servizos mínimos, ao tempo que anuncia medidas legais contra o Comité, ao que acusa de causar perdas estimadas en 16 000 millóns de Ptas. (96 millóns de euros), e que vai aplicar unha regulación de emprego que vai afectar a 575 traballadores da factoría, por non poder continuar coa produción.

Como a estas alturas era xa imposíbel tentar chegar a un acordo coa empresa, o Comité denuncia diante da Delegación de Traballo a ilegalidade dos despedimentos. Os propios traballadores despedidos –e os que aínda conservan o seu posto de traballo– a través de diversos medios de comunicación culpabilizan o Sr. Monteiro por obstaculizar a entrada dos traballadores á fábrica e por pechar con cadeas carretas e pontes para impedir a posta en funcionamento das series de electrólise. Ao tempo, o Comité envía telegramas a sindicatos e organizacións políticas para que medien no conflito. Simultaneamente, informa ao INI e a INESPAL das irregularidades laborais que se están a levar á práctica na factoría de San Cibrao.

As irregularidades das cartas de despedimento son maiúsculas. Entre os seus receptores había persoas que estaban de baixa por accidente laboral ou enfermidade (como J.N.L, J.M.L.G, O.P.P, M.A.A.F e N.V.C), ou que pediran con antelación o día por asuntos propios (como J.V.R e E.L.B). E aínda temos o caso de J.A.D.C que foi despedido porque o confundiron con A.D.C. Ao parecer, a Dirección de empresa tiña tanta présa en despedir os traballadores que nin sequera comprobou quen estaba a traballar nese momento. Todas estas son mostras claras de negligencia na actuación da Dirección da factoría.

O 18 de decembro o Comité de A/A solicitalle á Dirección unha fotocopiadora e folios, solicitude que foi denegada ás 21:30 horas dese mesmo día ante a presenza de Miguélez Tola, Ángel Hernández (ambos os dous do Comité) e Melchor Roel. Vendo a actitude que está a amosar a empresa, vense na necesidade de conseguir por outros medios o material que precisan, pois é moito o traballo acumulado e só contan cunha máquina de escribir no local do Comité e outra en cada un dos locais sindicais. No local da INTG na factoría celébrase unha reunión entre os membros desta sección e a Dirección de Zona do sindicato. Os membros do Comité pídenlle cartos prestados para comprar unha impresora, pois un dos seus compañeiros achegou o seu ordenador persoal para facilitar as tarefas do Comité. A Dirección da INTG decidiu comprar a impresora para que puidesen seguir co seu traballo. Desta maneira, co ordenador, a impresora, as máquinas de escribir e coa axuda de moitas persoas –entre elas mulleres de traballadores e veciños que sabían utilizar estes aparellos– o labor do Comité foi máis levadío.

A prensa do día 18 recolle gran cantidade de información sobre o conflito. *La Voz de Galicia* destaca as intervencións de varios políticos, entre eles o alcalde de Cervo. Nas súas declaracións, Roberto Álvarez –do PSOE, partido que non estaba moi de acordo coa constitución da Coordinadora– deixa entrever que a Coordinadora podería ter algunha responsabilidade indirecta no conflito, ao fixar a súa base de operacións en Alúmina malia o ambiente estar xa moi caldeado. O alcalde de Viveiro, César Aja, refírese aos diferentes criterios de valoración do estado das cubas electrolíticas, mentres para a empresa eran irrecuperábeis, para o Comité aínda se podían recuperar. O parlamentario do PSOE Ismael Rego non entra a considerar se se cumpriron os servizos mínimos ou non e di que, se houbo unha folga, non foi como as producidas até ese momento. A Xunta condena “sen paliativos” a crise producida en A/A cualificando como unha grande irresponsabilidade o incumprimento dos servizos mínimos. O conselleiro de Traballo, Miguel Martínez Losada, asume as declaracións do ministro de Economía e Facenda nunha entrevista en TVE. Carlos Solchaga afirmara que nin na Guerra Civil se paralizaran os altos fornos de Biscaia e que, por tanto, o

peche da factoría era un despropósito e habería que tomar serias medidas contra o Comité e os traballadores. O mesmo xornal recolle a noticia de que Xosé Manuel Beiras, naquel momento parlamentario do BNG, presentara no xulgado de Mondoñedo unha denuncia contra a empresa A/A por impedir o traballo dos empregados na fábrica. Outra das noticias máis destacadas no xornal é a que fai referencia á manifestación do día 17 en Burela, convocada por sindicatos, partidos políticos, asociacións culturais e outras organizacións integradas na Coordinadora e titula: “Tres mil personas concentradas en Burela apoyando a los trabajadores de Alúmina”. En *Faro de Vigo* podemos ler “El Gobierno gallego califica la crisis de Alúmina-Aluminio de daño irreparable”. De termos en conta que a empresa pechou o ano 1988 cun dos seus mellores balances, estaríamos ante un titular máis que cuestionábel.

Os diarios do día 19 dan conta da multitudinaria manifestación celebrada diante da factoría, á que acudiron máis dun milleiro e medio de persoas. Secundaron a folga os concellos, as confrarías de pescadores, establecementos públicos e centros de ensino. Máis de mil persoas partiron a pé desde Burela, en apoio dos traballadores despedidos.

Tamén en *La Voz de Galicia*, recóllense unhas declaracións de Isaac Díaz Pardo —empresario e dono da fábrica Sargadelos— nas que cualifica de “alocada” a postura do Comité de Empresa. Fixo aquelas declaracións porque tiña medo de que na súa empresa os empregados chegasen a provocar algún conflito parecido? Por que rexeitaba que os traballadores de Sargadelos se posicionasen a favor dos de A/A? As súas palabras eran a resposta a unha fotografía publicada por *El Progreso* na que aparece un coche cunha pancarta en que se pode ler: “Os traballadores de Sargadelos estamos con vós”? No mesmo xornal pode lerse: “El día 29, Laxe explicará en el Parlamento el siniestro del Casón y los problemas de A/A” e nunha das columnas sinala que o parlamentario Xosé Manuel Beiras ía pedir explicacións sobre os verdadeiros culpábeis. *El Progreso* tamén dá conta da manifestación baixo este titular: “Ángel Pérez, presidente sin descanso. A Mariña se volcó en solidaridad con los trabajadores”. Aínda chama máis a atención unha noticia de *El Ideal Gallego*:



“El Galerno cargado con 255 bidones de material tóxico podría volver a Galicia”. A información partía dunhas declaracións do armador en que sinalaba que puxera unha denuncia porque o barco non estaba preparado para transportar esa carga.

Este mesmo día, o director da fábrica comúncalle ao Comité que non existen datos dos gráficos de autómatas e “sobre todo” que o artigo 64 do Estatuto dos Traballadores non ampara a solicitude desa información, segundo eles interpretaban. A continuación reproducimos o escrito.



**ALUMINIO ESPAÑOL S.A.**  
**ALUMINA ESPAÑOLA S.A.**

DIRECTOR DE FABRICA

San Ciprián, 19 de Diciembre de 1.987

**COMITE DE EMPRESA**

Analizada su petición del día 17-12-87 que nos fué entregada mediante requerimiento del Inspector Provincial de Trabajo les manifestamos:

- 1º) Según nuestra interpretación la información solicitada no está incluida en la que ampara el artículo 64 del estatuto de los trabajadores.
- 2º) La información solicitada sobre los gráficos de autómatas de ambas Series no existe. Los autómatas de las Series no generan ningún tipo de gráfico.
- 3º) La imprecisión de la solicitud de "todos los datos que posea la Empresa de ambas Series" nos hace imposible satisfacerla.

J. L. MOÑITA

#### 4.2. A SINGULAR “ARBITRAXE” DA DELEGACIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO

O día 19 o Comité recibe a resposta da Delegación Provincial da Consellería de Traballo e Benestar Social de Lugo, en referencia á demanda para que a empresa facilitase o regreso ao traballo dos seus empregados. O contido do informe semella que foi redactado en San Cibrao e despois copiado literalmente en folios co carimbo da Delegación de Traballo. No 1º punto sinala que o día 16 de decembro dese ano nunha reunión mantida entre o Comité e a empresa, esta dá lectura a unha comunicación referente a medidas disciplinarias cuxa medida número cinco di literalmente: “Instar a todos los trabajadores no afectados por las medidas disciplinarias arriba señaladas a su incorporación inmediata a los puestos de trabajo, al objeto de no incrementar el deterioro del proceso productivo y alcanzar una rápida normalidad laboral”. No punto 2º recolle que os traballadores “que se achaban en situación de folga” deciden ás 23:00 horas do día 16 a reincorporación incondicional aos postos de traballo e no 6º pódese ler que os operarios compareceron na fábrica e que, ao non haber mandos intermedios, se limitaron a estar alí sen facer nada. Despois de lermos estes tres puntos, preguntámonos: como coñecía a Consellería de Traballo o contido desta acta, se o Comité aínda non a recibira?, como se pode falar de folga se ninguén a convocou nin sequera a acordou?, confirma a Delegación de Traballo que a empresa era autoridade competente para xulgar se se estaba a levar á práctica unha folga?, por que a Consellería de Traballo non fai caso das actas notariais que acompañan a reclamación nas que se di en que condicións se encontran as seccións de electrólise?, por que omite esas actas e, en troques, incorpora outras ás que aínda non tivo acceso o Comité? E se a empresa deixa pasar eses traballadores e hai un accidente, de quen sería a culpa?

En vista deste despropósito, o Comité decide redixir e facer pública a aclaración que reproducimos a seguir:



PARECE SER QUE NON NOS QUEREMOS ENTERAR

Nos medios de comunicacion dos distintos estamentos sociais e politicos critican a aptitude dos traballadores de ALUMINIO/ALUMINA por non entender os "famosos" SERVICIOS MINIMOS.

SEÑORIAS, ENTEREMONOS DE UNHA VEZ, NOS NON FIXEMOS UNHA FOLGA, POLO TANTO NON PROCEDE O DOS "SERVICIOS MINIMOS" SENON QUE, E SEGUN A POSTESTADE QUE NOS CONFIRE A LEY (Estatuto dos traballadores no seu art 19/5), ORDENAMOS UNHA .

E V A C U A C I O N

Art 19/5.

Si o risco do accidente fose inminente, a PARALIZACION das actividades podran ser acordadas por decision dos organos competentes da empresa en materia de seguridade, ou polo 75% dos representantes dos traballadores en empresas de procesos discontinuos e pola totalidade dos mesmos en aquelas cuo proceso sexa, continuo; este acordo sera comunicado de inmediato a empresa ( 1 ) e a autoridade laboral ( 2 ) a cal en 24 horas anulara ou ratificara a PARALIZACION acordada ( 3 ).

DATA 19/12/87.

Polo comite de empresa

ANXEL PEREZ.

- (1) Comunicouselle ao director da fabrica
- (2) " " Gobernador provincial
- (3) Todabia oxe non foi nin anulada nin ratificada a PARALIZACION



### 4.3. DAS DECLARACIÓN PÚBLICAS DE APOIO AO COMITÉ AO ANUNCIO DA REGULACIÓN DE EMPREGO

*La Voz de Galicia* do día 20 resalta as declaracións de Jesús López González. O alcalde de Xove manifesta que ao ministro Solchaga se lle esqueceron moi pronto os bidóns e que o PSOE é o culpábel do caos orixinado na Mariña. Remata sinalando que os alcaldes da zona solicitaron unha entrevista co Consello de INESPAL para pediren aclaracións. Pola súa banda, o secretario xeral do PSG-EG, Camilo Nogueira, entende o conflito en A/A como unha operación de castigo a Galiza e á UGT, afirma que a paralización da factoría foi unha manobra política do PSOE coa que se tentaba arremeter contra o sindicato. Sinala que non entende as duras acusacións do ministro de Economía e Facenda, Carlos Solchaga, pois o conflito non o atinxe a el, senón ao ministro de Industria –Luis Carlos Crossier– e destaca a incompetencia da Xunta neste tema. Pola súa parte UGT, CC OOe INTG –nun comunicado conxunto– acusan a Dirección de comportamento “temerario, provocador e cínico”. O texto está asinado por Manuel Amor Deus (CC OOde Galicia), Manuel Mera (INTG) e Suso Mosquera (UGT Galicia). Sorprende que este último cambiase de postura e asinase o comunicado, pois nunhas declaracións súas de días anteriores culpaba o Comité por non facer caso á cúpula de UGT. Que o fixo cambiar de opinión?

Non todos os medios de comunicación estaban igual de ben informados, á vista dos erros na información publicada. Como se pode deducir polos erros cometidos, o diario *ABC* era dos que non contrastaba as informacións: publicou unhas fotos de membros do Comité que non se correspondían coas persoas citadas, noutras concidían os nomes mais non os cargos que desempeñaban. Iso si, este xornal arremeteu duramente contra o Comité culpándoo de todo.

O máis sinalado do domingo día 20 foi a visita de Perfecto Conde –xornalista da revista *Intervú*– aos locais do Comité. O xornalista, que acababa de chegar da Costa da Morte, dilles que vai publicar novos artigos sobre a carga do barco e adiántalles a súa convicción de que se trataba de cabezas ou reactores nucleares.

*El País* publica que o día anterior en Róterdam o Galerno descargara os bidóns nunha gabarra. Despois de ler isto, véñennos á

cabeza as seguintes preguntas: por que non fixeron isto desde o principio en lugar de levar os bidóns dun sitio para outro? Non era máis doado esperar a que chegase a gabarra que mandar os bidóns en camións pola provincia de Lugo?

O día 21 os 116 traballadores despedidos reciben unha notificación notarial. Comunícaselles que xa non traballan na fábrica e prohíbeselles estar nas instalacións, pois só poden permanecer nelas o cadro de persoal ou persoas debidamente acreditadas. A empresa advirte que de sucederlles algo no interior das instalacións ela non se faría responsábel. A notificación dá a entender que o delegado de Traballo constatou que os obreiros se presentaban a traballar. Por que non enviaron a notificación no momento en que os despediron e si despois de cinco días? Como complemento á comunicación notarial, a patronal envía unha carta aos delegados sindicais das diversas seccións do Comité na que solicita que lles comuniquen aos seus afiliados que dispoñen de cinco días para presentar os descargos que crean convenientes.

Na mesma data, o Comité comunica á Dirección da factoría que se está a producir unha anomalía no cobramento das pagas extraordinarias e solicita que emenden o erro o antes posíbel. Como a empresa denega a petición, o Comité impulsa a creación dun fondo solidario.

O Concello de Ribadeo mostra o seu apoio aos traballadores cunha proposta sometida a Pleno e que se aproba por unanimidade (aparece reproducida na páxina 86).

O día 22, o Ministerio de Traballo e Seguridade Social, a través da Dirección Provincial de Lugo, comunica ao Comité, para que este poida formular as alegacións que considere oportunas, que a empresa solicitou a suspensión temporal de relacións laborais, ao abeiro do previsto na Lei 8/1980. Mais, se a empresa xa non ten en conta ao Comité, por que lle envía información da regulación de emprego que vai facer? Cando despediu os traballadores non informou o Comité da súa decisión.

O pleno do Comité outórgalles un poder ao seu secretario, Pérez Vila, e a Castro Vázquez, para a tramitación de documentos ante a Dirección Provincial de Traballo. Nesa mesma data, varios dos traballadores despedidos envían unha carta ao direc-

PROPOSTA DA ALCALDIA sometida ao Pleno do Concello de Ribadeo o día 21 de decembro de 1987 e aprobado por unanimidade:

1.-O Concello Pleno manifesta a súa mais enérxica protesta polo traslado a praia de Lago dos bidóns procedentes do barco "Casson" nunha operación rocambolesca e terceiromundista e culpa ás autoridades que interviron na toma de decisións e organización do traslado de todas as nefastas cons cuéncias que destes feitos se derivaron.

2.- O Concello Pleno solicita da Presidencia do Goberno e da - Presidencia da Xunta de Galiza que abran investigacións a fin de determinar as responsabilidades a que haxa lugar. Igualmente pide aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, Senado e Parlamento Galego que soliciten a formación de Comisións de Investigación Parlamentaria co mesmo fin.

3.- O Concello Pleno do mesmo xeito que os restantes da Mariña e os Alcaldes solicita o cese do Sr.Delegado do Goberno en Galiza e do Gobernador Civil da Provincia por teren acreditado cumpridamente ambos e dous a súa incompetencia a través das actuacións en todo este asunto.

4.-O Concello Pleno solicita dos Alcaldes da Mariña que se entrevisten co presidente do INI e co do Grupo INESPAL a fin de realizar as xestións necesarias para evitar á perda de postos de traballo na zona.

5.-O Concello Pleno no entanto non se leven a cabo as correspondentes investigación, solicita da Empresa Alúmina Aluminio que non se impongan sancións e que queden en suspenso os expedientes incoados.



tor da factoría e ao xefe de persoal comunicándolles o erro dos seus despedimentos, xa que levaban varios días de baixa laboral e, por tanto, non se atopaban na factoría cando tivo lugar a evacuación.

O 23 de decembro, ao tempo que se reciben telegramas de apoio de diferentes comités de empresa de INESPAL, o Comité decide presentar os pregos de descargo dos traballadores despedidos, xa que estes delegan nel para que obre no seu nome. Pola súa parte, a empresa comunica á Dirección Xeral de Traballo de Lugo que vai solicitar a regulación de emprego para 574 traballadores, con reincorporacións paulatinas nun prazo máximo de seis meses. Xustifica a medida por unha cuestión de forza maior, debido aos acontecementos que tiveron lugar na factoría. Ao deixar de funcionar a sección de electrólise, tampouco poden facelo as demais seccións que dependen dela e, por tanto, non son necesarios os traballadores que se ocupaban disto. A empresa anuncia tamén que a regulación vai afectar ás empresas auxiliares. Obviamente, ao coñecer esta decisión o Comité trasládase a Lugo para elaborar unha contraproposta para negociar coa empresa.

#### *4.4. AS CARTAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS DE CERVO*

Ese mesmo día, o alcalde de Cervo, Roberto Álvarez, o segundo tenente de alcalde, Emilio González e o delegado de Sanidade, José Manuel Yáñez, envían unha carta ao Comité en resposta a unha solicitude deste. Narran o sucedido o día 15, durante a intervención do Sr. Franco, que eles presenciaron. Existen tres copias desta carta. Como se pode observar nos orixinais que reproducimos a continuación, a primeira está asinada polos mencionados edís, mais non polo delegado de Sanidade; a segunda –que é igual á anterior, agás que en lugar de poñer “dúas horas” pon “vinte minutos”– está só asinada polo delegado de Sanidade; e a terceira que é a definitiva, está asinada polos tres e é igual á que só asina Yáñez, salvo que esta presenta un parágrafo a maiores aclarando a chamada do Sr. Franco. Nunha nota manuscrita ao final da carta o Sr. Emilio González di: “Non me consta o que se especifica no penúltimo párrafo, verbo da recuperación”. A redacción de tres versións diferentes demostra o traballo que custou conseguir a sinatura dos tres.

D. Roberto Alvarez, alcalde de Cervo, D. Emilio González, Segundo teniente alcalde, y D. José Manuel Yañez, delegado de Sanidad del mismo Ayuntamiento,

Manifiestan lo siguiente:

El 15-12-87 convencimos a los jefes de la planta de Alúmina, planta de aluminio y Jefe de tecnología a que bajarán al local del Comite de Empresa a hablar con los miembros del mismo para intentar solucionar el problema existente.

Despues de varias manifestaciones realizadas por los representantes de la Dirección de la Empresa, entre ellas la del Sr. Franco diciendo que "la serie B de electrolisis era recuperable si se entraba a trabajar en un plazo de -- dos horas"; y varias manifestaciones realizadas por los miembros del Comité.

Manifestamos que en esta reunión, siendo las 19,30 h. del 15-12-87, los miembros del comité realizaron la siguiente propuesta a los representantes de la Dirección en ese momento, " El Comife de empresa aceptaba entrar a trabajar en ese momento y despues ya se nogociarían los otros temas".

Para que conste a los efectos oportunos y a petición de miembros del Comité, firmamos la presente en Cervo a 23 de diciembre de 1.987.

Fdo. Roberto Alvarez.

Fdo. Emilio Gonzalez.

Fdo. Jose M. Yañez.



D. Roberto Alvarez, alcalde de Cervo, D. Emilio González Segundo teniente Alcalde, y D. José Manuel Yañez, delegado de Sanidad del mismo Ayuntamiento.

Manifiestan lo siguiente:

El 15-12-87 convencimos a los Jefes de la Planta de Aluminio, Planta de Alúmina y Jefe de Tecnología a que bajarán al local del Comité de Empresa a hablar con los miembros del mismo para intentar solucionar el problema existente.

Después de varias manifestaciones realizadas por los representantes de la Dirección de la Empresa, entre ellas la del Sr. Franco diciendo que "la Serie B de electrolysis era recuperable si se entraba a trabajar en un plazo de veinte minutos"; y varias manifestaciones realizadas por los miembros del Comité.

Manifestamos que en esta reunión, y siendo las 19,30 horas del 15-12-87, los miembros del Comité realizaron la siguiente propuesta a los representantes de la Dirección en ese momento, "El Comité de Empresa aceptaba entrar a trabajar en ese momento y después ya se negociarían los otros temas".

Para que conste a los efectos oportunos y a petición de los miembros del Comité firmamos la presente en Cervo a 23 de Diciembre de 1987.

Fdo. Roberto Alvarez

Fdo. Emilio González

Fdo. José M. Yañez



D. Roberto Alvarez, Alcalde de Cervo, D. Emilio González, segundo teniente alcalde, y, D. Jose Manuel Yañez, Delegado de Seguridad del mismo Ayuntamiento.

Manifiestan lo siguiente:

El 15-12-87, convencimos a los Jefes de la Planta de Alumina Al jefe de la Planta de Aluminio, y al Jefe de Tecnología, a que bajaran al local del Comité de Empresa a hablar con los miembros del mismo, para intentar solucionar el problema existente.

Después de varias manifestaciones realizadas por los representantes de la Dirección de la empresa, entre ellas la del Sr. Franco, diciendo que "la serie B de electrolisis era recuperable si se entraba a trabajar en un plazo de veinte minutos", y varias manifestaciones realizadas por los miembros del Comité. Manifestamos que en esta reunión y siendo las 19,30 h. del 15-12-87, los miembros del Comité de Empresa realizaron la siguiente propuesta a los representantes de la Dirección, en ese momento, "El Comité de Empresa acepta que se entre a trabajar en ese momento, y después ya se negociarán los demás temas".

Acto seguido el Sr. Franco realizó una llamada telefónica; comunicándole a continuación al Comité de Empresa, que desde ese momento las series de electrolisis, no tenían recuperación.

Para que conste a los efectos oportunos y a petición de los miembros del Comité de Empresa de Alumina-Aluminio, firmamos la presente en Cervo a 23 de Diciembre de 1987.

Fdo. Roberto Alvarez.

Fdo. Emilio González.

Fdo. Jose M. Yañez....

*NOTAR: No me consta o que se especifica no firmamos  
por parte, resto de ocupación*

#### 4.5. O NADAL ENTRE A ANGUSTIA E A SOLIDARIEDADE

Detrás de cada traballador hai unha historia e unha familia que está a sufrir unhas circunstancias dramáticas. Deixemos, pois, a un lado os formalismos laborais dos despedimentos e dos regulados e centrémonos na parte humana da situación. Os sucesos prolónganse até a chegada do Nadal, época de ledicia e de bos propósitos. Mais o número de afectados é elevado e na Mariña reina a tristura durante o Nadal de 1987. Por primeira vez, moitas persoas non pasaron estas datas arredor dunha mesa coa súa familia máis próxima, senón no comedor da fábrica de A/A con todos os afectados, que seguen reunidos en asemblea permanente. O día de Noiteboa, sobre as 15:00 horas, preséntase nos locais do Comité Xosé Manuel Beiras, parlamentario do BNG, para mostrar o seu apoio aos membros do Comité e aos despedidos. O Sr. Beiras vai xantar a un restaurante próximo acompañado dun dos membros do Comité, a quen obsequiou cunhas botellas de Alvariño para que partillase esa noite co resto dos compañeiros. Esa noite, preto de 700 persoas reuníronse para celebrar xuntas as festas do Nadal. Alí estiveron os membros do Comité coas súas familias, os despedidos, os regulados e os que aínda mantiñan o seu emprego. Os traballadores que estaban na quenda de noite subiron tomar o bocadillo ao comedor para estaren cos seus compañeiros, solidarizándose cos que perderan o seu emprego. Xuntáronse todos como se fosen unha gran familia. Aquelas non foron unhas festas convencionais, senón unha celebración realmente solidaria que ningún dos presentes puido esquecer nunca. Mais non só pasaron a Noiteboa xuntos, senón que tamén se reuniron para despedir o ano 1987 e recibir o 1988, co desexo de que todos os traballadores se reincorporasen aos postos de traballo e puidesen seguir con normalidade as súas vidas. As vítimas colaterais do Casón lembraron os 23 mortos no barco que encallou en Fisterra. A solidariedade chegou a tal punto, que os traballadores da quenda de 22:00 a 06:00 horas dos días 24 e 31 de decembro decidiron renunciar ás cestas de Nadal, pois os seus compañeiros despedidos non as ían recibir. Foi un xesto moi significativo; ao renunciaren á cesta, igualábanse cos seus compañeiros. Todos eran conscientes de que aínda que os despedidos eran outros, ben poderían ser eles

mesmos. Finalmente o Comité decidiu enviar esas cestas ás residencias de anciáns de Foz e Viveiro.

#### 4.6. COMPARECENCIA PARLAMENTARIA DO PRESIDENTE DA XUNTA

O día 29 o presidente da Xunta, a petición de dezaseis deputados do Grupo Popular de Galicia, comparece para aclarar o sucedido co buque Casón e os problemas derivados na factoría de A/A. O primeiro en tomar a palabra foi precisamente o presidente da Xunta. González Laxe falseou a realidade ao atribuír ao Comité a prohibición da entrada dos camións, unha decisión tomada polo director da factoría, Sr. Moñita. Entre outras incongruencias do Sr. presidente encóntranse: a de afirmar que a fábrica parou totalmente o día 14, mentres se cargaban os bidóns (cousa totalmente incerta; as series de electrólise pararon, segundo a empresa, ao día seguinte) e que o delegado de Traballo de Lugo tratou de mediar no conflito (á vista dos resultados, non mediou moi ben. Dedicouse a subir ao terceiro andar e anotar nunha folla de caderno o que a empresa lle propoñía).

Tras o relatorio do Sr. presidente, interveu o Sr. Martínez Randulfe<sup>12</sup>, que solicitou ao presidente do Parlamento facer un receso. A solicitude foi denegada. Despois, tomou a palabra o Sr. Beiras Torrado, para aclarar ao presidente da Xunta que foi a Dirección da empresa –e non o Comité– quen impediu a entrada dos bidóns, que na factoría de A/A se produciu unha evacuación, acordada entre a Dirección e o Comité de Empresa, aínda que esta despois se desvinculase (como lle dixo ao xuíz de Mondoñedo cando foi presentar a súa denuncia) e que non houbo unha folga ilegal, senón un *Lock-Out*<sup>13</sup>. O parlamenta-

12 É importante sinalar que neste momento o Sr. Randulfe (EG) e o Sr. Portomeñe (C.P) solicitaban a creación dunha comisión de investigación.

13 Medida de acción directa que consiste na paralización total ou parcial das actividades dun ou varios establecementos ou actividades económicas por decisión do empresario ou patrón. A diferenza do dereito de folga dos traballadores, internacionalmente non hai ningunha norma que recoñeza o paro patronal como dereito. O peche patronal pode estar dirixido contra os traballadores, especialmente os sindicatos, para evadir as súas peticións laborais, ou contra o Estado, co fin de forzalo a cambiar determinada política pública, ou como expresión de descontento contra determinado goberno.

rio tamén puxo de manifesto que as relacións cordiais entre a Dirección da empresa e o Comité romperon coa chegada do Sr. Monteiro, que irrompeu na fábrica con provocacións e ameazas. Beiras remata a súa intervención dicindo que non culpa persoalmente o Sr. Laxe senón ao conxunto formado polo Goberno central, a Administración periférica do Estado e a Xunta. Desta última, dixo que era responsábel por non tomar as medidas oportunas. Tras a intervención do Sr. Beiras, toman a palabra primeiro o Sr. Martínez Randulfe, e despois un Sr. conselleiro<sup>14</sup>. Este cargou contra o Comité botándolle a culpa de todo o que pasara. Tiña, acaso, que buscar culpábeis porque acababan de solicitar a súa dimisión?

A continuación pide a palabra Antolín Sánchez Presedo, conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, quen despois de afirmar que o Goberno galego non tiña culpa de que o Casón embarrancase nas súas costas (faltoulle engadir que tampouco o Comité de A/A tiña a culpa de que os bidóns rematasen na factoría), sinala que o porto de Brens non era adecuado para cargar os bidóns. Tampouco o era o de Morás, igual ao de Brens. Por que non os levaron ao porto militar de Ferrol ou ao da Coruña que tiñan máis próximo? Seguidamente, Presedo afirmou que o traslado a Parga desas mercadorías non era tan perigoso como o son os camións que circulan diariamente cargados de substancias como gas butano ou cloro, sen decatarse de que os camións que transportan gases están preparados para ese cometido e a poboación é consciente do que transportan. No caso dos bidóns, nin as autoridades sabían realmente o que contiñan.

O seguinte en tomar a palabra foi o Sr. Carro Fernández-Valmayor, polo grupo socialista, para asegurar que tiña dúbidas de que os bidóns fosen tan perigosos como aseguraba o Comité de A/A e definir o peche da fábrica como un despropósito. Na súa segunda intervención insistiu en que uns traballadores non poden desobedecer a orde de atender os servizos mínimos. De

---

14 Omítese o nome na acta, pero suponse que é o conselleiro de Traballo, Sr. Martínez Losada, porque a continuación toma a palabra o conselleiro de Ordenación do Territorio, Sr. Sánchez Presedo, que é nomeado, erroneamente, como conselleiro de Traballo.

pouco lle serviron as explicacións do Comité –recollidas na anterior exposición de Beiras– no sentido de que non se podían cumprir ningún servizo mínimo porque non había unha folga.

Remataron as exposicións e aclaracións coa quenda de palabra do Sr. presidente da Xunta. González Laxe arremeteu contra o grupo da Coalición Popular por non falar dos servizos mínimos. A estas alturas da comparecencia, ficara sen argumentos e carecía doutro recurso que non fose descualificar os outros grupos.

#### *4.7. MAL ACABA 1987 E MAL COMEZA 1988*

O día 30 de decembro Trballo acepta a regulación temporal de emprego formulada pola empresa a 574 traballadores. Como nesa listaxe non se incluían os 116 despedidos, o Comité decide presentar un recurso.

Ese mesmo día, o Sr. Monteiro envía desde Madrid unha carta ao Sr. Moñita expresándolle o seu apoio polas “dramáticas circunstancias” que está a vivir e os mellores desexos para o ano que comeza: “deseo de que el año próximo sea, de verdad, bueno para cada uno de vosotros”. Cabería preguntarse se este desexo é extensivo a todo o cadro de persoal ou só é para a Dirección da empresa, pois ese día máis de 700 traballadores están, ou despedidos ou regulados, e van comezar o ano con pésimos augurios, mentres que a empresa vai seguir funcionando con normalidade despois de amañar as cubas. Reproducimos a carta manuscrita na páxina 95.

O día 30 de decembro, a empresa volve actuar de xeito incoherente. Por un lado, envía ao secretario do Comité unha relación do persoal incorporado ao traballo procedente da regulación e por outro, cambia as chaves dos taboleiros informativos do Comité e os representantes sindicais teñen que pendurar os avisos nas paredes. Se lle envía a relación ao secretario é porque considera que o Comité aínda está vixente, entón que sentido ten cambiar as chaves? Ou quizais o que pretendían era provocalos para que respondesen de xeito violento?

Tamén ese mesmo día, a Dirección Xeral de Trballo de Lugo envía unha carta ao secretario do Comité en relación á denuncia interposta porque a empresa non paga as horas extras a 116

SERVICIO MECÁNICO  
PLANTA ALUMINIO

INDUSTRIA ESPAÑOLA DEL ALUMINIO, S.A.

DIRECTOR GENERAL DIVISION PRODUCCION BASICA

D. José Luis Navarrete  
Director Fábrica San Ciprián

Madrid - 30 - Abril - 77

He sido testigo presencial, durante los dramáticos días de abandono laboral de la fábrica de San Ciprián, del ejemplo comportamiento de la generalidad de su personal de función directiva - también de empleados sin mando - que se han entregado en total su voluntad en el empeño de mantener las instalaciones en funcionamiento, en bastantes casos con un comportamiento más allá de lo que fuera razonable pedir.

Esta actitud meritoria, por sí sola, un resultado mejor del que ahora tristemente podemos contemplar. Ante esta situación, tal vez todos se vean seducidos por el sentimiento de que el esfuerzo ha sido completamente vano e inútil. Me gustaría desterrar rápidamente esa posible reflexión. La solidaridad presta de manifiesto a lo largo de esas difíciles horas, el sentido de responsabilidad expresado, la profesionalidad, constituyen un valor que queda ahí, como una impronta, que será reconocido en el futuro y que dará sus frutos necesariamente.

Me gustaría que unidos a los sentimientos, también los sentimientos de reconocimiento y orgullo por tener esta clase de colaboradores; nuestro aliento y ánimo en los días todavía no fáciles que tenemos por delante mi deseo de que efectivamente el año próximo sea de verdad, bueno para cada uno de todos vosotros.

Un abrazo -

Navarrete -

traballadores. O Comité non pedía que se lle recoñecesen as “horas extras” senón a “paga extra”. O organismo provincial di que a empresa non nega o pagamento desas horas, senón que o condiciona a que os traballadores asinen o finiquito. Inspección ve razoábel esa esixencia, xa que para a empresa estes traballadores están despedidos. O inspector non interpretou ben o escrito e esqueceu matizar o adxetivo “razoable” e indicar en que leis se amparaba para asegurar que a empresa tiña razón.

O día 30 publícase tamén a segunda reportaxe de *Interviú* sobre o Casón. Perfecto Conde relata, minuciosamente, todo o acontecido en Fisterra na tráxica semana de 5 a 12 de decembro de 1987. Agora, só ficaba agardar a que no próximo número se centrase no conflito que os bidóns causaron na Mariña. Ao día seguinte *La Voz de Galicia* recolle que xa son seis as empresas auxiliares de A/A que solicitan regulación de emprego na Delegación Provincial de Traballo e calcula que son máis de 300 os traballadores afectados por esta situación.

O día 31, o presidente do Comité envía ao director xeral de Traballo un prego de descargo para que se inclúan os 116 despedidos nas listaxes dos regulados, alegando que estes despedimentos están na Maxistratura de Traballo e non hai unha sentenza que os ratifique. Por iso, solicita a incorporación destes traballadores como persoal afectado directamente pola suspensión dos traballos de electrólise, sección a que pertencen.

O ano 1988 non podía comezar de peor xeito. Os 23 membros do Comité e o delegado sindical Francisco Romero teñen abertos procesos disciplinarios e está en trámite o seu despedimento por consideralos promotores da mal chamada folga ilegal. Por se iso non fose abondo, Ángel Pérez, presidente do Comité, chega a recibir chamadas telefónicas en que o ameazan de morte.

Malia todo, o Comité non se rende e segue velando polo benestar dos traballadores. Xurde unha nova iniciativa: trátase da creación dunha caixa de resistencia ou fondo solidario. Ademais de abrir unha conta bancaria, nos locais do Comité haberá xente as 24 horas do día para recoller as doazóns. A nota en que se da conta dá conta da iniciativa non se envía aos traballadores, ponse no taboleiro.





MINISTERIO DE TRABAJO  
Y SEGURIDAD SOCIAL

L.L. DIRECCION PROVINCIAL

**LUGO**

REFERENCIA: INSPECCION PROVINCIAL  
V.- 5856/1337/87

INSPECCION PROVINCIAL DE TRABAJO DE LUGO	
5 ENE. 1988	
SALIDA	N.º 38

En relación con su denuncia por falta de pago de horas extras a 116 trabajadores en la Empresa ALUMINIO ESPAÑOL, le informo que la Empresa no niega el pago pero lo condiciona a la firma de un documento que ha sido entregado al Comité de Empresa, entendiendo el Inspector que informa que tal postura pudiera ser calificada como razonable ya que la Empresa entiende que los 116 trabajadores están despedidos.

LUGO, 09 de Diciembre de 1.987  
EL JEFE DE LA INSPECCION



*Teijeiro*

Manuel Teijeiro Alvarez

SR. D. JUAN ANDRES PEREZ VILA  
LIEIRO - SAN CIPRIAN

# ¡ATENCIÓN!

COMUNICADO A TODOS LOS TRABAJADORES

El Comité de Empresa de Alúmina-Aluminio ante la situación actual en que nos encontramos y debido al riesgo de no cobrar las mensualidades de los compañeros que según la Dirección de Empresa se encuentran despedidos desde el día 17. Este Comité ha decidido la creación de una CAJA DE RESISTENCIA O FONDO DE SOLIDARIDAD, con tal motivo hacemos un llamamiento a todos los trabajadores de esta Empresa para que aporteis la cantidad de 5.000 pts, con el ánimo de poder hacer frente al pago de las mensualidades de estos -- compañeros, y a todos los problemas que vayan surgiendo.

Para agilizar en la medida de lo posible dicha operación y para información de todo el personal, se ha abierto una CUENTA CORRIENTE en la CAJA DE AHORROS DE SAN CIPRIAN con el N° 300-160 1.979-5. Lo cual comunicamos a todos los trabajadores, para que, hagais efectiva cantidad, bien ingresándola en dicha cuenta ó sino entregarla en mano en el local del Comité de Empresa.

Al mismo tiempo os recordamos que las personas que ingresen esa cantidad den su nombre y su n° de expediente, de esta manera el Comité podrá llevar un mejor control y transparencia.

Apelamos a la buena voluntad y máxima colaboración de todos para llevar a buen término dicho propósito.

San Ciprián a, 31 de Diciembre de 1987.



Fdo.: EL COMITE DE EMPRESA

O Comité afirma que tanto a regulación de emprego proposta pola empresa como a súa aceptación por parte da Delegación de Traballo son unha decisión política. Resúltalle incomprendible a actitude do delegado Provincial de Traballo que, diante de testemuñas imparciais, afirmou que non tiñan de que preocuparse, porque a regulación non ía ser aceptada. O Comité denuncia na Inspección de Traballo que moitos dos traballadores ao se reincorporar aos seus postos despois da regulación, encóntranse con que estes están ocupados por outros traballadores e eles teñen que ocupar un novo posto.

O día 1 de xaneiro reincorpóranse 72 traballadores para fundición, mantemento e servizos técnicos. Os reincorporados até este momento son 92. A empresa declara que quere ir recuperando a normalidade pouco a pouco. Pola súa parte o Comité de A/A réunese en Santiago cos membros do Comité de SIDEGASA co obxectivo de tomaren medidas conxuntas. Por outra parte, presenta ante o SMAC (Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación) en Lugo un prego de descargo en contra dos despedimentos. O Comité anuncia medidas contra a resolución do delegado Provincial de Traballo, Alberto Linares, para que os 116 traballadores despedidos entren a formar parte dos regulados.

Pola súa banda, os sindicatos acordan crear unha comisión para investigar o acontecido en A/A, mais INESPAL, o INI e o ministro de Industria néganse a recibir a representación sindical que ía explicar a iniciativa. Para o Comité, o Sr. Monteiro está detrás desta reacción.

*La Voz de Galicia, El Ideal Gallego e El Progreso* do 5 de xaneiro recollen que Monseñor Gea Escolano apuntara nunha homilía a posibilidade de que houbera sancións inxustas contra os traballadores de A/A. O bispo de Mondoñedo –Ferrol remitiu unha espístola aos párrocos da Mariña, coa recomendación de que a lesen nas misas. Nela mostra a súa preocupación pola crise sufrida na factoría de San Cibrao e afirma que non se pode segundo el “despachar la cuestión con un despido masivo de los trabajadores”. Para dar este paso, a empresa debería ter moi claro quen foron os culpábeis para non botar a culpa a quen non a tiña.

Ese día, o xefe de Persoal da factoría envía unha carta ao Comité. Nela sinala a relación de persoal incorporado ao traballo

procedente da regulación. Se a empresa non reconece o Comité noutras circunstancias (lembros, por exemplo, o cambio de chaves dos taboleiros), por que si o ten en conta para comunicarlle a listaxe dos regulados? Como os segue considerando Comité, se xa teñen en trámite o despedimento?

*El Progreso* do día 7 titula “La Cancelación de contratos de exportación y la renovación tecnológica producirán importantes beneficios al grupo INESPAL”. Así pois, o caos creado na fábrica entre os días 12 e 16 de decembro, que provocou o despedimento de 116 traballadores, supúxolle á empresa beneficios en lugar de perdas. Non sería, pois, todo premeditado polo Sr. Monteiro?

#### 4.8. NOTIFICACIÓN DA EXPULSIÓN DOS INTEGRANTES DO COMITÉ

O día 8 de Xaneiro, os 23 representantes dos traballadores e o delegado sindical reciben as notificacións de despedimento. Na véspera xa fora entregada unha en man. Como estaba previsto, a empresa realiza o despedimento disciplinario alegando que se produciu unha folga ilegal e que o Comité transgrediu a boa fe contractual.

A continuación reproducécese o telegrama de despedimento dun dos membros do Comité.

18.280  
82031 VIVER  
86506 LUGO A  
SIGO

ZCZC LUB077 411150 LUGO TLX SAN CIPRIAN 000 8/1 1810

PARA: D. LUIS M. GARCIA OTERO  
DALLAREGAS, 46  
COVAS - VIVERO

TELECOMUNICACIONES  
VENEZUELA  
VIVERO

MUY SR. NUESTRO:

PONEMOS EN SU CONOCIMIENTO QUE ESTA A SU DISPOSICION EL DOCUMENTO-FINIQUITO DE LAS CANTIDADES POR VD. DEVENGADAS HASTA EL DIA 08.01.88, EXCLUIDO, FECHA EN LA QUE VD. QUEDA DESPEDIDO.

ROGAMOS SE SIRVA PASAR POR NUESTRA OFICINA DE PERSONAL PARA PROCEDER A LA LIQUIDACION DEFINITIVA DE LAS CANTIDADES CORRESPONDIENTES.

FDO: PEDRO ESCUDERO PUEYO

O Comité denuncia publicamente que os despedimentos están acompañados doutras medidas represivas: a Dirección da factoría envía cartas aos distintos departamentos para que o persoal os ignore e ordena aos axentes de seguridade que non permitan a entrada nas instalacións nin dos membros do Comité nin dos despedidos. Os membros do Comité defenden que os despedimentos carecen de argumentos xurídicos e acusan a empresa de romper as negociacións e de sometelos a unha forte presión psicolóxica. Nesa mesma data, un funcionario do INEM efectúa unha visita á factoría A/A para entrevistarse coa Dirección.

Todos estes feitos aconteceron na factoría Alúmina-Aluminio en menos dun mes e centenas de familias padeceron as consecuencias das negligencias da Dirección da empresa.



## 5. AS SENTENZAS

Os reis magos trouxeran desilusión aos despedidos, mais ningún deles se rendía. Malia ter a todos os seus membros despedidos, sen emprego e sen soldo, o Comité continuaba representando os traballadorese e presenta o recurso diante do SMAC e a Maxistratura de Traballo.

### 5.1. XANEIRO DE 1988: COMEZAN OS RECURSOS

O día 9 de xaneiro, Luís Manuel García Otero, en representación do Comité de Empresa, reclama a presenza dun notario para que compareza na factoría e comprobe como se lles denega a entrada a varios membros do Comité. O notario preséntase ás 17:45 horas na entrada principal da fábrica en compañía dos 23 membros do Comité e do delegado sindical de USO, Francisco Romero. Unha vez alí, comparecen todos na oficina de entrada onde hai tres persoas que se identifican como vixilantes contratados pola empresa e que teñen orde expresa desta de non deixalos acceder ás instalacións. O notario levanta acta de que a empresa está a obstaculizar a entrada dos membros do Comité na factoría e impídelles realizar o traballo sindical. Esta medida prexudicaba tanto os membros do Comité como –aínda máis se cabe– o conxunto dos traballadores, a quen a empresa deixa sen os seus dereitos sindicais. *La Voz de Galicia* do día 11 titula: “El Comité de Alúmina se reunió ayer, pese a la prohibición, en sus locales del complejo”. Efectivamente, malia a oposición da empresa, os membros do Comité reuníronse nos locais sindicais, cuxo uso consideraban perfectamente legal, posto que durante o conflito non se producira dano ningún nas instalacións.

Nun exercicio de transparencia, o Comité publica unha nota aclarando que o diñeiro que se está a reunir ten como finalidade paliar as necesidades dos compañeiros despedidos e que as contas están a disposición de quen as queira comprobar. Os representantes dos traballadores son conscientes da importancia de que os compañeiros despedidos cobren as súas nóminas –cando menos, parte delas–, para que poidan seguir afrontando as súas vidas. Por este motivo centran os seus esforzos no fondo de solidariedade, cuxas recadacións fan públicas mediante carteis infor-

mativos. Estes teñen que ir asinados polas seccións sindicais, pois a empresa non permite que o Comité realice labores de acción sindical dentro do recinto.

**NOTA INFORMATIVA**

**- FONDO DE SOLIDARIDAD.**

Queremos informaros que la recaudación hasta el momento es de 4.100.000 pts, aproximadamente un 55 % de la recaudación total, por lo cual os pedimos que agiliceis vuestros ingresos antes del día 15 de Enero, para a partir de esta fecha poder pagar a los compañeros en proceso de despido las cantidades correspondientes.

NOTA: Esta nota esta firmada por las Secciones Sindicales debido a que la Empresa no deja al Comité hacer los cometidos de acción sindical dentro de la misma.

San Ciprián a 11/1/83

SECCION SINDICAL





Alén de abrir unha conta bancaria para que todo o que quixese achegar diñeiro o fixese por ese medio, o Comité improvisou nos locais sindicais unha sala para que os traballadores puidesen depositar alí a súa axuda sen ter que acudir á oficina bancaria. Durante as vinte e catro horas do día había dous membros do Comité para recibir as achegas. Desta maneira, o día 15 de xaneiro de 1988 os traballadores despedidos cobraron do fondo de solidariedade a parte proporcional que lles correspondía ao dividir a recadación entre os afectados. Foi unha grandísima demostración de solidariedade. Porén a situación na fábrica non se normaliza e a Dirección non fai máis que poñer impedimentos ao Comité para evitar que este realice as súas funcións. Neste clima de hostilidade, persoas con rango laboral superior arrancan as notificacións que o Comité colga nas paredes para informar os traballadores.

O único recurso que lles quedaba aos obreiros era defenderse coa razón e facerlle chegar a súa versión á sociedade. Por iso, mentres unha comisión se desprazaba a Lugo para buscar asesoramento sobre o recurso, o conxunto das seccións sindicais elaborou un informe sobre os feitos acaecidos na factoría no que se recolle o ofrecemento feito á empresa por 32 traballadores para manter as cubas en funcionamento, ao que esta respondeu negativamente.

Naqueles primeiros días de xaneiro, co Comité xa despedido, a sociedade civil comeza a expresar o seu parecer. A prensa recolle opinións de avogados laboristas e especialistas en leis e todos coinciden en que o conflito de A/A podería sentar xurisprudencia laboral.

Cando se cumpre un mes da explosión do conflito o Comité entrega unha cronoloxía dos feitos no xulgado de Mondoñedo e envía unha copia desta ao Congreso dos Deputados. Pola súa parte, o Consorcio de Compensación de Seguros remítelle ao presidente do Comité a carta que reproducimos na páxina seguinte.

Como se pode observar, a carta alude a un “Disturbio Laboral ilegal”, que é o motivo que alega a empresa como causa do conflito. É a primeira vez que a patronal se manifesta nestes termos; antes dese día sempre falara de folga ilegal e de ruptura da boa fe contractual ao referirse ao conflito. Mais os motivos que aducía INESPAL non serven para cobrar o seguro, por iso agora o cualifica como “Disturbio Laboral Ilegal”.



CONSORCIO DE COMPENSACION DE SEGUROS

Paseo de la Castellana, 44 - 28046 MADRID

Expediente : 87/15/05259/B/M335


Habiéndose recibido en este Organismo comunicación de siniestro por parte de Industria Española del Aluminio, S.A. (INESPAL), por los daños ocurridos en el Complejo Alúmina-Aluminio de San Ciprian (Lugo) los días 15 y 16 de diciembre pasado, alegándose por la empresa como causa del siniestro "Disturbio Laboral Ilegal", rogamos a ese Comité de Empresa remita a este Organismo, a la mayor brevedad posible, información de las actuaciones llevadas a cabo por los trabajadores en dichos días, así como todo tipo de documentos que justifiquen tales actuaciones, a fin de que el Consorcio de Compensación de Seguros pueda adoptar la resolución procedente en Derecho sobre indemnización de los daños que se reclamari.

Madrid, 14 de enero de 1.988

EL DIRECTOR DE GESTION ASEGURADORA,

Miguel de la Mano

Sr. D. José Angel Pérez  
Presidente del Comité de Empresa del  
Complejo Alúmina- Aluminio  
San Ciprian - Xove Cervo  
27890 SAN CRIPRIAN (LUGO)



A empresa non se dirixe ao seguro coa mesma linguaxe que utiliza nas cartas de despedimento, senón que abre unha liña argumentativa que, con toda posibilidade, sería a que ía utilizar no xuízo. Causa certa estrañeza que a primeira vez que se fale de "Disturbio Laboral Ilegal" sexa nun documento oficial remitido polo Ministerio de Economía e Facenda, é dicir, polo propio

Goberno central. Antes eran estas esferas as que reproducían o discurso do Sr. Monteiro, mais agora comeza a circulación en sentido contrario. O Goberno dita e San Cibrao reproduce.

O fondo desta misiva é o pagamento do seguro. As aseguradoras do complexo industrial son varias: Musini (aseguradora do INI), Lloyd's e AIV (aseguradoras internacionais). Se se confirmase que houbo unha folga ilegal, estas últimas non pagarían a indemnización; si o farían, no entanto, de producirse un “disturbio laboral ilegal”.

O día 15, a partir das 17:30 horas –coincidindo co remate da xornada normal–, celébrase unha nova asemblea para: a) informar sobre o estado actual do conflito; b) da recadación do fondo solidario –que ascende, nese momento, a 5 200 000 Ptas. (31 200 €)– e c) informar de que se vai comezar a pagar aos compañeiros despedidos. Malia os impedimentos que continuamente estaba a poñer a empresa o contacto entre o Comité e os traballadores era fluído e frecuente. Así, todos os venres ao rematar a xornada laboral celebrábase unha asemblea xeral para manter contacto cos despedidos, que continuaban reunidos en asemblea permanente.

Loxicamente, o Comité decide recorrer o seu despedimento. Faino amparándose nunha sentenza do Tribunal Constitucional para o caso Ford España do ano 82, pois naquela ocasión o Comité actuou en pleno dereito das súas funcións como no caso de A/A.

*El País* do día 16 publica en titulares “El profesor Luis Enrique De la Villa coordinará el equipo jurídico que defenderá a los 133 despedidos de Alúmina-Aluminio”. O catedrático de Dereito do Traballo na Universidade de Madrid encargárase da defensa dos despedidos e do Comité por requirimento de UGT. De la Villa sinala que a súa defensa se baseará na evacuación da factoría acordada entre a Dirección e o Comité, e reafirma que ningunha autoridade estableceu os servizos mínimos e, por tanto, non se pode falar de incumprimento.

O día 18 prodúcese o acto de conciliación dos 116 traballadores despedidos no SMAC de Lugo, reuníndose o Órgano Conciliador para coñecer os expedientes marxinaos as que se lles deu entrada o día 04-01-1988. Pola parte solicitante comparecen os 116 traballadores despedidos, representados por Ángel Pérez e Antón

Casal, membros do Comité de Empresa de A/A que actúan como apoderados xudiciais. Están acompañados polos avogados Isabel López Saavedra, Esperanza López Silvosa, J. Ramón Veiga Lamela e Alberte X. Rodríguez Feixóo. Pola parte demandada comparece Pedro J. Escudero Pueyo en representación da empresa. Unha vez que as partes interveñen, a empresa decide revogar a sanción a sete traballadores. Entende que seis tiñan xusta causa legal para non presentarse aos servizos mínimos solicitados, mentres que a revogación do sétimo é por causa dun erro na persoa. Ao final da vista chégase á conclusión, por ambas as partes, de que só se van readmitir sete traballadores, ningún máis. A empresa continúa incitando os traballadores despedidos á violencia. O Sr. Escudero preséntase á conciliación escoltado por gardas e os traballadores que alí se encontraban diríxense a el dicíndolle que nunca se comportaran de forma violenta e que non pensaban comezar a facelo nese momento. Mesmo houbo quen, de forma irónica o convidou a café e o presidente do Comité, Ángel Pérez, declarou que o representante empresarial non necesitaba gardacostas porque os traballadores tiñan demostrado que eran persoas civilizadas.

Ese mesmo día comezan na factoría os traballos de recuperación das cubas de electrólise. Segundo Fernando Rubio, presidente de INESPAL, pensan na posibilidade de reapertura de todas as cubas, e anuncia que en breve se saberá o que queren facer os accionistas en relación ao futuro da planta de A/A de San Cibrao. Por outra parte, a Dirección de A/A dá a coñecer a reincorporación dos regulados, que suman un total de 44 traballadores.

Se aínda non sabe cal vai ser o futuro da empresa, para que gastan o diñeiro en arranxar as cubas? Por que seguen incorporando regulados, se aínda descoñecen cal vai ser o futuro da factoría? Sería porque o prezo do aluminio estaba á alza?

Canto á contratación do Sr. De la Villa, a prensa galega do día 20 menciona que foi feita coa anuencia do Comité e os sindicatos. Os xornais din que o nome do avogado lles foi suxerido pola UGT aos membros do Comité, nunha reunión mantida en Lugo na que se atopaban os sindicatos, os avogados que levaban o caso aos membros do Comité e o propio Sr. De la Villa. Durante o xantar, Xesús Mosquera, secretario xeral da UGT de Galiza,

anuncia que a UGT contratou este catedrático para a defensa dos seus afiliados, mais o sindicato non ten inconveniente en que os defenda a todos. Alega que a empresa contratou outro catedrático e que os traballadores deben ser defendidos por alguén do mesmo nivel. Esta proposta non foi do agrado dos membros do Comité que se encontraban presentes, pois crían que era unha manobra da UGT para impoñer a súa vontade, mais acordan que o Comité decidiría en reunións posteriores se a aceptaban ou non. Os membros da INTG, tras unha longa deliberación co seu avogado, Alberte Xulio Rodríguez Feixóo, aceptaron a proposición. Desta maneira, a decisión final do Comité, aprobada por unanimidade –como todas as decisións que se tomaron–, foi que os representase o catedrático De la Villa.

Que se pretendía co nomeamento do Sr. De la Villa? Quizais levar diferentes avogados ao xuízo dos 111 traballadores despedidos e ao dos membros do Comité? Podería, deste modo, ser máis doado absolver uns e condenar outros alegando boa ou mala defensa dos avogados? Quizais pretendían quitar protagonismo aos avogados que levaban o caso?

Mentres, o nerviosismo seguía imperando na Mariña. Aos despedidos de A/A súmanse os despedidos das empresas auxiliares, que se manifestan pedindo a reincorporación aos seus postos de traballo. O delegado sindical da INTG, Xermán Rouco –membro do Comité de empresa de INDUNOR, empresa auxiliar de A/A, que demandara á empresa polos dereitos das auxiliares–, foi despedido de xeito definitivo.

Entre pancada e pancada o Comité segue activo. O día 21 de xaneiro preséntase o recurso contra o despedimento dos seus membros. Simultaneamente, o traballador A.D.C. recibe unha citación para que compareza o día 3 de febreiro no SMAC de Lugo. Ao día seguinte chega a cédula de citación para os 23 membros do Comité, que son convocados para a mesma data: o día 3 de febreiro.

Os abusos de poder contra os obreiros teñen contestación popular. O día 23 celébrase en Lugo unha manifestación multitudinaria coa presenza de máis dun millar de persoas da zona setentrional da provincia, mobilizadas pola Coordinadora para a Industrialización da Mariña. A marcha rematou diante do Goberno Civil, onde os asistentes demandaron a reincorporación dos obreiros despedidos na factoría, a constitución dunha

comisión de investigación e o cesamento dos responsábeis políticos e empresariais. Na pancarta que encabezaba a manifestación podía lerse “Pola industrialización da Mariña Luguesa”. Entre os políticos asistentes encontrábanse Xosé M. Beiras e os alcaldes de Foz, Barreiros e Lourenzá (naquel momento o presidente da Mancomunidade), os demais municipios da Mariña enviaron unha representación –agás Cervo e O Valadouro, ambos os dous gobernados polo PSOE–. As seccións sindicais de UGT, CC OO, USO e INTG repartiron panfletos informativos entre os transeúntes. Ángel Pérez, Melchor Roel e Antón Casal incorporáronse tarde á manifestación porque viñan en coche de liña dunha reunión en Madrid. Tamén eses días, Antón Casal –membro do Comité pola INTG– recibiu desde Palma de Mallorca un anónimo con ameazas e insultos para el e os seus compañeiros do Comité. Asinábao “un español”.

O 25 de xaneiro, o Comité presenta ante a Maxistratura de Traballo de Lugo unha demanda contra o despedimento dos 109 traballadores. O contido da mesma foi explicado o día anterior a todos os traballadores despedidos nunha asemblea celebrada no comedor da factoría. No texto, que consta de 33 folios, relátase o sucedido na factoría antes e despois dos despedimentos, co obxectivo de demostrar que estes foron nulos ou improcedentes. A seguir figuran os 109 despedidos con especificación singularizada de D.N.I, antigüidade e salarios. O centro da exposición ocúpao a demostración de que as cartas de despedimento son anteriores, en todos os casos, ás súas notificacións, e o Comité non foi informado de que se ían levar a cabo estes despedimentos, de xeito que puidesen alegar ou reclamar, senón que se lle remitiu directamente a decisión definitiva. En relación cos servizos mínimos, que a empresa afirma que os traballadores non cumpriron, a demanda alega que cincuenta e sete dos despedidos non recibiron telegrama ningún que lles ordenase incorporarse ao traballo os días 14 e 15 de decembro; trinta e dous recibírono os días 16 ou 17, requiríndoos para que se incorporasen ao seu posto de traballo os días 14 e 15 de decembro, polo que era imposible que acudisen a esa chamada; vinte traballadores recibírono o día 15, a unha hora en que lles resultaba imposible cumprir o requirimento, xa que estaban citados para a quenda

de 6 a 14 e reciben os telegramas moito despois desa hora. Por outra parte o operario F.B.R.L non traballaba a quendas e, por tanto, non podía ser requirido para a quenda das 6, o que supuña unha modificación unilateral das súas condicións de traballo; e o traballador J.V.R. dispoñía dun permiso médico, polo que non se lle podía esixir que se incorporase ao traballo ese día. A demanda xustifica a evacuación polas circunstancias extraordinarias que rodearon o conflito despois da chegada dos bidóns tóxicos procedentes do Casón e sinala que non houbo ningunha falta laboral ao non existir folga, nin legal nin ilegal, senón unha simple evacuación. Os demandantes piden como proba á Maxistratura que o demandado –a factoría Alúmina-Aluminio– achegue aos autos os denominados “Libros Turno Encargados e Turno Panelista”, ben na súa totalidade ou por medio de fotocopias lexíbeis, das datas comprendidas entre o 12 e o 16 de decembro, ambos os dous incluídos. Alén diso tamén pide que a sala dispoña de medios para visualizar fitas de vídeo e escoitar gravacións, pois van achegar probas nestes formatos.

Destá demanda dos 109 traballadores despedidos cabe subliñar os puntos cuarto e quinto. O cuarto sinala que, no momento do despedimento, Daniel Fernández Caxete non desempeñaba ningún cargo de representación unitaria de persoal ou sindical. Como fora membro do Comité de Empresa até o 3 de novembro, o Comité pide que manteñan estes dereitos porque continúan vixentes. Lembremos que no xuízo dos 110, ao delegado sindical Sr. Romero díselles que renuncie a ese privilexio e que vaia a xuízo co resto. O punto quinto fai mención ao convenio colectivo negociado polo Comité. Nel recóllese que, antes de despedir un traballador, hai que comunicarllo ao Comité para que este poida presentar, nos seguintes cinco días, as alegacións que considere convenientes.

Durante o intervalo de tempo que media entre que os despedidos demandan a empresa e se produce o acto de conciliación dos 23, o Comité continúa desempeñando o seu labor, centrándose, sobre todo, na caixa de resistencia. Trátase de que aos seus compañeiros non lles falte diñeiro para poder vivir. De feito, a algún traballador adiantóuselle o que lle correspondía para que puidese facer fronte aos seus problemas económicos.

Pola súa parte, os 23 membros do Comité non cobraron do fondo de solidariedade ese mes porque lles pagou a empresa, xa que non foron despedidos até o 8 de xaneiro. A continuación reproducimos o estado da recadación a día 29 de xaneiro.

## FONDO SOLIDARIDAD

INGRESOS PERSOAL DE FABRICA:

1.180	a	5.000 Pts.	_____	5.900.000 Pts.
1	a	10.000 "	_____	10.000 "
1	a	3.000 "	_____	3.000 "
<b>TOTAL</b>				<b>5.913.000 "</b>

INGRESOS PERSOAL ANONIMO:

17	a	5.000 Pts.	_____	85.000 Pts.
1	a	500 "	_____	500 "
<b>TOTAL</b>				<b>85.500 "</b>

INGRESOS COLABORADORES:

1	a	152.500 Pts.	_____	152.500 Pts.
1	a	25.000 "	_____	25.000 "
16	a	5.000 "	_____	80.000 "
7	a	3.000 "	_____	21.000 "
5	a	2.000 "	_____	10.000 "
2	a	1.000 "	_____	2.000 "
1	a	500 "	_____	500 "
1	a	1.500 "	_____	1.500 "
<b>TOTAL</b>				<b>292.500 "</b>

INGRESOS EN BANCO SEN RESGUARDO:

7	a	5.000 Pts.	_____	35.000 Pts.
1	a	10.000 Pts.	_____	10.000 "
2	a	2.000 "	_____	4.000 "
<b>TOTAL</b>				<b>49.000 "</b>

INGRESOS:

**TOTAL 6.340.000 Pts.**

PAGOS:

**TOTAL 5.350.000 Pts.**

SALDO ACTUAL:

**TOTAL 990.000 Pts.**

NOTA:

Os listados coa relación nominativa de todos os ingresos, tanto dos traballadores da factoria coma dos colaboradores, estarán expostos nos locais do Comité de Empresa para á consulta queira ao igual que o estado de contas.

San Cibrao 29 Xaneiro 1988  
Seccións Sindicais.





Para reforzar esta iniciativa solidaria cos compañeiros despedidos e regulados o Comité pídelles aos traballadores que renuncien a facer horas extras. Se é preciso facer horas extras é porque os traballadores contratados non son suficientes para cubrir todas as quendas. Se non se realizan horas extras, a Dirección debe seguir incorporando regulados e así todos os traballadores saen beneficiados.

## **5.2. FEBREIRO. PREPARANDO OS XUÍZOS**

O 3 de febreiro resultou ser un día complicado para o Comité. Por unha banda, presentan a acta de conciliación do traballador A.D.C. que lle dera un poder xudicial aos membros do Comité para que o representasen. Mais como non hai avinza, denuncia a empresa diante da Maxistratura de Lugo por despedimento improcedente, como xa fixeran os outros 109 despedidos. Por outra banda, tanto os membros do Comité como o delegado sindical Sr. Romero acoden á conciliación no SMAC polo seu despedimento, en que actúa como conciliador o letrado Marcial Puga González. Por parte dos traballadores comparecen ademais deles Esperanza López Silvosa, Ángel Barreiro Pérez (representante de CC OO) e Tomás Paniagua Álvarez, e por parte dos demandados, Pedro J. Escudero Pueyo. O acto de conciliación conclúe sen avianza entre as partes. Ese mesmo día, o presidente do Comité afirmaba nunha rolda de prensa: “Está claro que había intereses creados por medio, y que estos despidos podrían ser un escarmiento para los miembros del Comité, por negarse anteriormente a una reducción de plantilla”. Pola súa parte, Fernández Toxo fai público que, tanto el como o seu sindicato (CC OO), pensan na posibilidade de presentar unha querela criminal contra os que consideran responsábeis do conflito, que poderían ser a Xunta, a Delegación do Goberno e os gobernadores civís da Coruña e Lugo.

O día 6, varios membros do Comité visitan Fisterra e Corcubión co fin de solicitar informes e buscar testemuñas para presentar no xuízo que se ía celebrar proximamente. Entrevístanse co alcalde de Corcubión, Rafael Mouzo Lago, a quen solicitan que compareza como testemuña no xuízo e que elabore un informe sobre os sucesos desencadeados a raíz do

encallamento do Casón. Tamén se entrevistan con varias asociacións de veciños da Costa da Morte que lles proporcionan abundante información.

En Santiago de Compostela celébrase o día 7 unha manifestación contra o desmantelamento industrial de Galiza. A marcha, á que acoden unhas quince mil persoas estaba encabezada polos líderes sindicais, o parlamentario Camilo Nogueira e os alcaldes dos concellos en crise, principalmente da bisbarra de Ferrol. Entre os manifestantes tamén se atopaba o parlamentario Xosé M. Beiras. Para que ningún sindicato tivese maior protagonismo que outro, a persoa encargada de ler o comunicado conxunto foi Tareixa Navaza, locutora de TVE en Galiza. A INTG anuncia unha folga xeral en Galiza para o mes de marzo.

Mentres segue a loita na rúa continúa a tentativa de defensa xudicial. Os representantes dos despedidos dirixen o día 9 un escrito á Maxistratura de Traballo N° 1 de Lugo para formalizar a ampliación da demanda contra a empresa. Esta ampliación ten como obxectivo a readmisión dos traballadores despedidos, nas mesmas condicións en que estaban antes do seu despedimento, e que se lles aboén os salarios que deixaron de percibir. Alén de designar a Luis De la Villa Chapinería como letrado para o xuízo, piden que se citen as persoas que o Comité considere oportunas e que haxa unha confesión xudicial de J. Luis Moñita Benito e Manuel A. Franco Leal co fin de que, baixo xuramento, contesten as preguntas que se lles formulen, por se se dese o caso de que non acudisen ao xuízo. Por último, o Comité pide que se comunique a ampliación á parte demandada.

### **5.3. COMPARECENCIA NO SENADO**

Ese mesmo día, no Senado, ten lugar a sesión plenaria nº 63. Un dos puntos que se van tratar é o encallamento do Casón e o sucedido na factoría Alúmina-Aluminio. Julio Ulloa Vence e outros senadores da Agrupación PDP-Grupo Mixto falan sobre política xeral en materia de seguridade marítima e tráfico de mercadorías perigosas, e céntranse concretamente nas consecuencias para a provincia de Lugo do naufraxio do buque mercante Casón. Enrique Marfany Oanes fai mención ao perigo que debía existir a bordo no momento do encallamento para que o capitán tomase a decisión de abandonar o barco, saltando ao mar el e os tripulan-

tes. Seguidamente, menciona o convenio asinado polo Goberno español o 02/10/86 –coñecido como MARPOL– e recórdalle aos presentes que xa era o terceiro acordo internacional de transporte marítimo sobre as costas españolas. Despois de referirse ao deambular dos bidóns entre Cee e San Cibrao, explicou o que acontecera coa chegada dos bidóns á porta da factoría e preguntouse se a Dirección de empresa sabía que os traballadores ían abandonar a factoría no caso de que os bidóns entrasen, ou se, pola contra, aquilo obedecía a algún tipo de confabulación e, realmente, se pretendía a paralización da factoría e, por tanto, a destrución das instalacións. Finalmente, defendeu que o Estado debería dispor de suficientes medios constitucionais e legais ao seu alcance para evitar que fosen sabotadas unhas instalacións da importancia de A/A. Pasado o tempo, nós tamén nos preguntamos por que non se puxeron estes medios en marcha e non encontramos a resposta.

A continuación, toma a palabra o ministro de Industria, Sr. Croissier, para dicir que non vai entrar en detalles sobre a actuación da Administración, pois xa se informou, minuto a minuto, no Congreso dos Deputados por parte do Goberno. En resposta ao deambular dos bidóns, o Sr. ministro expón o seguinte:

Por responderle concretamente a la pregunta de quién ordenó el traslado de estos bidones, recuerdo a S.S. que estos bidones se encontraban en Parga, donde iban a ser custodiados durante un cierto período de tiempo en unas instalaciones militares. Posteriormente se decide, debido a los problemas que surgen en torno a la ubicación de estos bidones en dichas instalaciones militares, su traslado por mar. Es en este supuesto cuando el Gobernador Civil de Lugo decide el traslado desde Parga a Xove, precisamente porque existía una contratación del buque Galerno y se consideró que el puerto más adecuado, por su proximidad y por las instalaciones de que disponía, era el puerto industrial del complejo Alúmina Aluminio

Se as autoridades “competentes” acordaron levar os bidóns a Parga sen sospeitaren que ían producirse disturbios, para que contrataron o Galerno o día 11, o mesmo día que trasladan os bidóns? Crossier tamén fai mención á denuncia presen-

tada pola empresa no Xulgado de Mondoñedo polos danos e responsabilidades en que puidesen incorrer os membros do Comité e os traballadores.

Despois da intervención do ministro, toma a palabra o Sr. de Luna Aguado, senador pola Agrupación Partido Liberal –Grupo Mixto, quen afirma que, polo escaso tempo de que dispón, só se vai centrar no tema máis político –o do Casón–. Segundo el, a cuestión económica sempre se pode resolver máis tarde.

Novamente, o Sr. Marfany –en nome da Agrupación PDP do Grupo Mixto– respóndelle ao ministro de Industria e pídelle unha aclaración que lle parece verdadeiramente interesante: o ministro fala de que durante a negociación dos dous convenios anteriores na factoría, como medida de presión os traballadores decidiron non entrar a traballar até 10 minutos antes de que se puidese paralizar o proceso produtivo. Razón de máis –afirma o Sr. Marfany– para que a Dirección tivese previsto medidas para garantir que, se se tropezaba por terceira vez na mesma pedra, se puidese evitar o sucedido.

Mais, por que esta vez non sucedeu o mesmo que nas anteriores? Quizais esta vez non interesaba que sucedese?

A continuación, polo Grupo Parlamentario do CDS, ten a palabra o Sr. Rodríguez Legido, que lle pide ao ministro que aclare o que vai suceder cos postos de traballo nunha factoría que recoñece uns beneficios de 2000 millóns de ptas. (12 millóns de €).

Polo Grupo Popular toma a palabra o Sr. Cacharro Pardo, que comeza lamentando que o presidente da Xunta de Galicia –desafiando as normas sobre incompatibilidades– seguise sendo membro da Cámara. Lamenta tamén que ese día estivese ausente pois debía ser el quen dese resposta a moitas interrogantes. Cacharro culpa o Goberno central e a Xunta por non decretaren o estado de alarma. No momento en que se tentou tomar medidas que correspondían ao Estado, houbo negativas por parte da empresa e dos traballadores, ao non deixaren utilizar as instalacións portuarias, de carácter privado. A declaración de estado de alarma permitiría facer uso delas. En base a ese razoamento, Cacharro pide a constitución dunha comisión especial de

investigación, que o seu grupo xa solicitara no Congreso e fora denegada.

Polo Grupo Socialista toma a palabra o Sr. Barreiro, para contestar a pregunta do Sr. Marfany sobre o traslado dos bidóns e a súa carga. Barreiro defende que non sería responsábel facelo na Coruña ou en Ferrol pola maior densidade de poboación e que por este motivo se elixiu o porto da factoría de A/A, que supoñía un menor risco para a poboación. En relación a isto, volvemos a preguntarnos: os cidadáns da Mariña serían considerados de terceira? Pois isto é o que se desprende do seu discurso, no caso de que pasase algo grave, mellor que pasase na Mariña e non na Coruña. Parece mentira que un político faga esa distinción entre cidadáns. Se xa estaban nun porto, por que peregrinaron a outro? O acontecido en A/A motivou que o resto dos bidóns do Casón se descargasen en Cee para outros barcos e gabarras? ou decatáronse de que se seguían sacando de excursión os bidóns do Casón rematarían con toda a industria galega?

Tras unha nova intervención do ministro de Industria e Enerxía chegou a quenda de réplica do Sr. Cacharro Pardo. En resposta ao Sr. Barreiro, a quen vincula coa UGT, dixo que debería poñerse de acordo cos seus compañeiros, forza maioritaria no Comité de A/A, que só pediu en tempo e forma acollerse ao Artigo 19 do Estatuto dos Traballadores. Cacharro lembroulle ao ministro que o porto de Morás non estaba abandonado, senón que nel estaba a traballar a empresa AUXINI que, como ministro de Industria, debería soarlle de algo. Con respecto aos servizos mínimos, dixo que non se podían esixir, ao non existir folga. A petición de servizos mínimos nos supostos de desaloxo, ao abeiro do artigo 19 do Estatuto dos Traballadores, non procede, xa que tan só se contempla para os supostos de folga.

#### *5.4. TEMPO DE ENTROIDO*

O día 11, o primeiro Comité de Empresa despedido no Estado español e o delegado sindical Francisco Romero presentan a súa demanda por despedimento diante da Maxistratura de Trabajo

de Lugo. A maioría dos membros do Comité trasládanse á capital para entregar a demanda, que se fai nos mesmos termos que a dos 109 despedidos, salvo que eles son despedidos por non cumpriren os servizos mínimos e o Comité por promulgar unha folga ilegal e contravir a boa fe contractual. O Sr. Romero nunca foi requirido para realizar servizos mínimos ou quendas entre os días 14 e 15, senón que se lle comunicou con posterioridade; até esa data, o delegado sindical ía ir a xuízo cos 23 membros do Comité.

Imos facer unha paréntese. Febreiro é época de Entroido, sinónimo non só de diversión senón tamén de sátira social. O do ano 88 tivo unha temática moi acorde coa situación que se estaba a vivir na Mariña. As comparsas de diversos municipios centraron as súas sátiras na ineptitude política no conflito do Casón e os despedimentos de A/A. Os bidóns foron protagonistas das comparsas focenses, sendo as coplas dos “Larpeiros” as que máis chamaron a atención, non tanto porque se parecían ás chirigotas de Cádiz, senón pola súa sátira contra os gobernantes. Vexamos un exemplo das máis aplaudidas:

Fue por el mes de diciembre / cuando ocurrió la tragedia / de un barco con mercancía / que acabó en tragicomedia / entonces cundía la alarma / entre bulos y verdades / nadie se pone de acuerdo / ni entre las autoridades / Y el gran jefe de Coruña / por una cuestión de partido / le mete un gol al de Lugo / con el portero batido / Te mando ahí compañero / esos pocos de bidones / ya te lo pondré en cuenta / en próximas elecciones / Y el Gran Jefe muy contento / dice que vuelva la gente / que la carga peligrosa / la endosó a un inocente”.

“Entonces de mutuo acuerdo / Comité y dirección / preparan a los obreros / para una evacuación / y a todo esto las cubas funcionando normalmente / pues sólo serán unas horas / las que va a faltar la gente / Se dispuso el cargamento / y los obreros se van / y al acabar la faena / ya no les dejan entrar.

As coplas reflicten de xeito fidedigno a situación vivida na Mariña naqueles días de decembro e sería necesario reflexionar sobre a última estrofa, a que pon de manifesto que é a empresa a que impide a entrada dos traballadores na factoría.

### *5.5. COMISIÓN DE INDUSTRIA E CESAMENTO DE ÁNGEL PÉREZ NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE INESPAL*

O día 16, celébrase en Madrid a Comisión de Industria solicitada polo Grupo Parlamentario de Coalición Popular para esclarecer os feitos acontecidos en Galiza no mes de decembro de 1987. Estaba previsto que se abrise a sesión ás 09:30 horas coa comparecencia do gobernador civil de Lugo, mais este non puido asistir por mor do falecemento da súa nai e vai ser o director xeral da Mariña quen comece a quenda de intervencións, para explicar os sucesos acontecidos en Fisterra con motivo do embarrancamento do Casón. O comparecente explica a ruta que traía o mercante, as manobras que realizou o Remolcanosa 5 e o labor dos mergulladores xa mencionado no Capítulo I. Despois de tomar a palabra o Sr. Pardo Montero, pola Agrupación do Partido Liberal do Grupo Mixto, intervén o Sr. Enrique Curiel, pola Agrupación Izquierda Unida, quen cualificou de indignante que o gobernador civil da Coruña e o delegado de Goberno non comparecesen na Comisión para esclarecer o que realmente acontecera. A continuación do Sr. Reboredo, do Grupo Parlamentario CDS, interveu o Sr. Trillo, por Coalición Popular, que se pregunta como é posíbel que se un armador di que o buque Galerno é seu e que non ten permiso para levar os bidóns, os puidese transportar?

Unha vez que rematan as quendas de réplica sobre o acontecido co Casón en Fisterra, toma a palabra o presidente do INI, Claudio Arazandi, por solicitude do Grupo Coalición Popular, para informar sobre o peche das cubas electrolíticas da fábrica A/A de San Cibrao. Arazandi afirmou que o xefe de Protección Civil informara o luns 14 de decembro ás 22:15 horas de que non existía ningún perigo tras a carga dos bidóns. Unha das barbaridades que dixo o presidente do INI –que non estivo durante o conflito na fábrica, polo que se supón que foi asesorado polo Sr. Monteiro– foi que o Comité ocupou os comedores para obstaculizar o paso de víveres cara á zona de Dirección e impedir que puidese comer a xente que estaba a manter as instalacións no interior da factoría. Esas palabras carecen de sentido, pois o Comité sempre velou polo benestar dos traballadores fosen estes directivos ou operarios. Outro tanto ocorre coa “certificación” de Protección Civil, escrita nun papel sen ningún tipo de cabeceira

oficial, e en substitución do ditame solicitado ao Departamento provincial de Seguridade e Hixene.

Despois de concluír o Sr. Arazandi, ten a palabra o Sr. Aja Mariño, por Coalición Popular. Aja comeza aclarando que quere deixar constancia do que pensa o presidente do INI sobre a reactivación do complexo de A/A, pois o futuro desta factoría representa un problema de Estado. Pregunta como non utilizou o INI ningún tipo de mecanismo para evitar que as cubas parasen e como o Goberno non posúe mecanismos legais para actuar en casos de emerxencia. O representante de Coalición Popular afirmou que, se houbo irresponsabilidade por parte do Comité, tamén a houbo por parte das administracións competentes na materia ao non atallaren o conflito ao seu debido tempo. Continuou sinalando que nin o Comité nin a empresa tiveron culpa de que os bidóns do Casón rematasen na factoría, e isto provocase un enfrontamento entre traballadores e empresa que tivera como desenlace a paralización da factoría, os despedimentos e a regulación de emprego. Tamén fixo referencia a que, cando apareceu a primeira autoridade –o delegado de Traballo–, unha serie xa estaba paralizada e á outra quedáballe pouco para parar. Finalmente, Aja Mariño formula varias cuestións: como permitiu a empresa a colocación de barricadas sen denunciar tales feitos ante as autoridades e dando todas as facilidades para iso? Tivo constancia o señor presidente do INI de que se ía embarcar a carga do Casón nese porto? Preguntou tamén se sabía o presidente de INESPAL por que se deixou o complexo á súa sorte entre os días 12 e 15 en que non apareceu na factoría ningunha autoridade competente na materia, e xa por último, se o gobernador civil mandou desaloxar as vivendas próximas ao lugar do embarque do Galerno, non era lóxico evacuar tamén a factoría?

Unha vez finalizada a súa quenda, toma a palabra o Sr. Pardo Montero, polo Partido Liberal, seguido do Sr. Curiel Alonso, pola Agrupación de Izquierda Unida. Este, pregunta ao presidente do INI por que se opoñen a que exista unha comisión de investigación onde estean os sindicatos –entre eles a UGT, que conta con maioría no Comité de Empresa–, a Administración central, a autonómica e as autoridades do INI. Continúa a súa exposición sinalando que é un pouco triste que o conflito do Casón remate



con 109 traballadores despedidos, e no entanto, os gobernadores civís sigan nos seus postos.

Tras as intervencións do Sr. López Guerrero (PDP), o Sr. Moldes Fontán (CDS), o Sr. Gracia (PSOE), correspóndelle a quenda de réplica ao presidente do INI. Este afirma que os representantes do Estado non puideron, en moitos casos, nin falar cos representantes do Comité de Empresa. O Sr. Aja Mariño retoma a palabra e responde que o gobernador civil de Lugo chamou ao director da factoría para dicirlle que lle enviaba uns bidóns. Por último, o Sr. Gracia Plaza afirma que no conflito houbo actitudes antisindicaís, como as de Isaac Díaz Pardo, director da fábrica de Sargadelos, quen fixo unhas duras acusacións contra o Comité. O último en intervir foi novamente o presidente do INI e coa súa comparecencia finalizou a sesión ás dúas e vinte da tarde.

A prensa deses días recolle as declaracións do presidente do INI, partidario de tomar medidas extremadamente duras contra o Comité e non van tardar en facelo. O día 17 de febreiro cesan a Ángel Pérez como membro do Consello de Administración de INESPAL. *El Progreso* recolle a noticia do cesamento de Ángel Pérez e resalta que era esperado tras o despedimento do Comité e o non recoñecemento do labor sindical dos seus vinte e tres membros. Fontes da UGT cualificaron o feito como un novo atentado contra o sindicalismo, pois Angel Pérez fora nomeado polo sindicato para o Consello de Administración e só o sindicato podía destituílo. A continuación, a UGT nomea para ese cargo a outro dos despedidos: J. Andrés Pérez Vila, e como este aceptou, o Comité continuou presente no Consello de Administración. O Comité segue defendendo que os despedidos non son culpábeis de nada e teme que a empresa aproveite a situación para facer unha reestruturación do cadro de persoal.

*La Voz de Galicia* recolle en titulares “El Instituto Nacional de Industria asegura que la reapertura de la planta de electrolisis es inminente” e achega as opinións do presidente do INI, quen afirma que nunca se pensou en pechar a factoría definitivamente. Aranzadi anuncia que xa se puxeron en funcionamento dúas cubas e que en breve o farán outras 32. Sobre a reincorporación

dos traballadores afectados pola regulación de emprego afirma que máis da metade xa estaban ocupando os seus postos.

Un día despois *El Progreso* publica que o plan de reorganización do persoal de A/A e do laboratorio suporía a redución de 24 postos de traballo. A negociación deste plan estaba prevista para 1988. Meses antes do conflito, a empresa entregou os correspondentes informes ao Comité de Empresa e este opinou que, aínda que non se ía ver afectado ningún traballador, non estaba de acordo coa perda de 24 postos de traballo. No mesmo xornal recóllense unhas declaracións do Sr. Aja, quen asegura que o INI revisaría “caso por caso” os expedientes de despedimento. Porén, o Comité opina que deben ser os maxistrados e non o INI quen revise os expedientes.

O caso “Sargadelos” reaparece nas páxinas de *La Voz de Galicia*, que o día 19 publica: “Roberto Álvarez aprueba la iniciativa de Díaz Pardo denunciando a la Coordinadora”. Díaz Pardo denunciara a Coordinadora como consecuencia dos conflitos xurdidos en novembro de 1987. Resultaba estraño que Roberto Álvarez, ex-membro do Comité, apoiase unha iniciativa anti-sindical que prexudicaba os seus compañeiros. Mais, entre a solidariedade obreira e a obediencia ás directrices do partido político ao que pertencía, Álvarez escolleu a segunda.

### 5.6. O XUÍZO DOS 111

De novo no ámbito xudicial, o día 21 reúnen os avogados das dúas partes para visitaren xuntos ao maxistrado José Manuel Pando Manjón na Sala da Audiencia. O xuízo estaba previsto para o día 22 e outra vez pasaban de ser 109 os demandantes a seren 111; aos 109 despedidos iniciais había que sumar o delegado sindical de USO e o traballador A.D.C, que deciden acudir na demanda cos 109. O delegado sindical estivera sempre conforme en ir ao xuízo co Comité e acatar a súa sentenza, mais o propio día do xuízo un responsábel sindical de USO porfíalle para que entre cos despedidos. Tanta foi a insistencia que este aceptou. É posíbel que sospeitasen dos termos en que sería ditada a sentenza do Comité.

O xuízo comezou ás nove da mañá nunha sala ateigada de xente, cos traballadores despedidos presentes na sala. Por pri-

meira vez na historia laboral do Estado español, unha maxistratura de traballo admitía a trámite, como proba, un vídeo. Visualizáronse vinte minutos do programa *A Contrafío* da TVG, que se emitira o día 12 de xaneiro ás 22:30 e que levaba por título “Os dez días que cambiaron Alúmina Aluminio”. Os convidados ao programa, que debateron sobre o acontecido na factoría, foron: Ángel Pérez (presidente do Comité), Miguel Vázquez (delegado provincial da Consellería de Traballo en Lugo), José M<sup>a</sup> López Noceda (presidente da Mancomunidade de alcaldes da Mariña e alcalde de Lourenzá), Pedro Escudero (xefe de Persoal de Alumina) e Ernesto Sánchez (redactor xefe de *El Progreso*). Entre os feitos máis destacados dos momentos previos ao debate está o abrazo entre o presidente do Comité e o xefe de Persoal, que non recolleron as cámaras mais que reflectiu a edición de *El Progreso* do día seguinte. Xa no debate Ángel Pérez díxolle a Escudero “contra ti non teño nada, es un traballador coma min, quen se tiña que sentar aí é o Sr. Monteiro”.

Na vista, prestaron declaración a petición dos demandantes o director da fábrica, Sr. Moñita, e o subdirector, Sr. Franco. O xuízo, que provocou unha grande expectación, contou coa presenza de numeros representantes sindicais entre eles Fernández Toxo e Apolinar Rodríguez (que eses días estivera pola Mariña, despois de levar anunciando a súa visita a San Cibrao desde finais de decembro). O resto dos sindicatos estiveron amplamente representados porque tiñan presenza no Comité, e porque os acompañaban delegacións dos comités de empresa dos centros de traballo do grupo INESPAL de Amorebieta, A Coruña e Madrid. O mundo político, pola contra, estivo escasamente representado: tan só compareceron na Audiencia o líder de EG, Camilo Nogueira; o do BNG, Xosé M. Beiras (que apareceu ataviado con toga); o secretario xeral do Partido dos Traballadores de Galicia, Rafael Pillado e o alcalde de Xove, concello en que residían a maioría dos despedidos. A estes uníronse tamén compañeiros que aínda mantiñan o emprego e veciños da Mariña.

As declaracións do Sr. Moñita foron as que maior expectación levantaron. Mais tamén chamaron moito a atención as dun

técnico francés, Emilè Ravièr, que ratificou a imposibilidade de recuperar as cubas. Ravièr falaba en francés e non dispuña de intérprete polo que foron os avogados os encargados de facer a tradución, quizais non moi ben, pois segundo eles o técnico francés defendía que as cubas eran irrecuperábeis cando, recordemos, ese día xa había dúas funcionando. Tamén podemos interpretar que Ravièr falaba para o consorcio de seguros e non para o xuízo.

O avogado da acusación sostivo, en todo momento, que os despedimentos foron efectuados con carácter retroactivo e que en ningún momento se producira unha folga ilegal, polo que non había razón para solicitar servizos mínimos. Pola súa banda, o avogado da empresa, Sr. Sagardoi, mantivo en todo momento a tese de que houbera un abandono inxustificado dos postos de traballo por parte dos empregados, polo que o despedimento era procedente; abandonar os postos de traballo sen motivo xustificadeo equivale a folga ilegal.

O maxistrado José Manuel Pando Manjón tería que valorar se se producira unha evacuación –como sostíña a representación dos traballadores– ou se pola contra se producira un abandono inxustificadeo como afirmaba a empresa. Tras nove horas de xuízo este ficou visto para sentenza. O fallo coñeceríase nun prazo de quince días. Despois aínda había moito que facer, pois o xuízo dos 23 membros do Comité estaba fixado para o 4 de marzo.

O día 22, os membros do Comité presentan ante a Maxistratura de Traballo de Lugo a ampliación da demanda contra a empresa, nos mesmos termos en que se fixera a dos 111: désígnase Enrique De la Villa Gil como avogado, son requeridos, como testemuñas, varios alcaldes e concelleiros da Mariña e solicítase que declaren os señores Moñita e Franco.

O día 24, o secretario do Comité, Juan Andrés Pérez Vila, solicita á Maxistratura que requira á Axudantía Militar da Mariña de Viveiro para que envíe a certificación das circunstancias da saída do buque Galerno do fondeadoiro de San Cibrao e á Comandancia Militar de Mariña de Ferrol requíreselle para que envíe á Maxistratura o certificado do Rol e o diario de navegación.

No mesmo día en que o presidente do Comité confirma que a sesión do xuízo dos 23 comezará as nove e media do día 4 de marzo, o avogado da empresa solicita á Maxistratura de Traballo Nº 2 de Lugo a confesión xudicial dos 23 membros e as testemuñas que quere que se citen para o xuízo. Pola súa parte o Consello de Administración de Aluminio Español, S. A. confirma que van comezar a funcionar as cubas xusto antes do xuízo.

MAGISTRATURA DE TRABAJO NUMERO 2 DE LUGO  
CEDULA DE CITACION A CONFESION JUDICIAL

El Ilmo. Sr. Magistrado de Trabajo D. RICARDO RON CUIEL, en -  
el día de la fecha y en autos número 117/88 seguidos a instancia de  
D. JOSE R. RAMOS FERNANDEZ Y VEINTIDOS MAS contra ALUMINIO ESPAÑOL  
S.A. Y ALUMINA ESPAÑOLA S.A. en los que admitiendo la prueba de con-  
fesión judicial propuesta, acuerda citar a Vd. al objeto de practi-  
car confesión judicial en esta Magistratura de Trabajo (Ronda de la  
Muralla núm. 58-4º) el día CUATRO DE MARZO PROXIMO A LAS NUEVE --  
TREINTA HORAS bajo juramento indecisorio, previniéndole que si no -  
comparece podrá tenérsele por confeso.

Y para que sirva de citación en legal forma, expido y firmo  
la presente en Lugo, a veinticuatro de febrero de mil novecientos  
ochenta y ocho.

EL SECRETARIO



Sr. D.: *León Manuel García Ob...*

24 de Febrero de 1.988

El Consejo de Administración de Aluminio Español, S.A. reunido hoy en Madrid, y en base a los estudios económicos, técnicos y de situación del mercado, ha confirmado la decisión de la Dirección de la Empresa de rearrancar el proceso productivo de la planta de aluminio de S. Ciprián, paralizado desde el pasado día 15 de Diciembre como consecuencia de la actitud de los trabajadores abandonando sus puestos de trabajo.

Los trabajos del rearranque, propiamente dicho, se iniciaron el día 18 de Enero y en estos momentos hay siete cubas electrolíticas en funcionamiento y 13 en situación de calentamiento con metal. Las previsiones son de que entre las próximos días 2 y 3 de Marzo, 30 cubas estén en circuito y el metal que de ellos se obtenga servirá para agregar a las restantes cubas que, sucesivamente, se pondrán en fase de precalentamiento para iniciar la producción.

Según el plan previsto, se espera que el ritmo de rearranque sea de cuatro cubas diarias.

Hay que señalar que de los 568 trabajadores sujetos a suspensión temporal de su contrato laboral, según resolución de la Dirección Provincial de Trabajo de Lugo, 388 se han reincorporado ya al trabajo, reincorporaciones que se iniciaron el día 17 de Diciembre último.

Segundo se pode deducir da carta do Consello de Administración, a fábrica comeza a traballar con normalidade.

Mentres o Comité prepara o xuízo, o día 26 recibe unha carta da OIT. Este organismo valora que o despedimento dos dirixentes sindicais é arbitrario e inxusto e que non pode máis que ser interpretado como un atentado ás liberdades sindicais. Con este apoio

moral, o día 28 o Comité fai un chamamento á clase obreira para que acuda no seu apoio o día do xuízo, explicando que é a primeira vez que se despide un comité de empresa íntegro, o que supón un ataque directo do Goberno ao movemento obreiro e sindical.

### **5.7. MARZO. O VEREDICTO DOS 111 E O XUÍZO DOS 23**

Como é lóxico, nos primeiros días de marzo o ritmo da actividade increméntase. O 1 de marzo, o secretario do Comité solicita á Maxistratura de Traballo de Lugo a comparecencia de Fernando Carrillo Ugarte en calidade de testemuña, e as centrais sindicais USO, CC OOe CXTG fan un chamamento aos traballadores lucenses para que asistan ao xuízo. CC OO considera que a dirección de A/A conta coa complicidade dos gobernos central e autonómico e que, por tanto, non estamos ante un xuízo laboral senón político, contra os sindicatos que están representados no Comité. A CXTG exprésase nos mesmos termos e sinala que o poder político pretende implantar o medo entre os traballadores.

Na fábrica, convócase unha asemblea para o día 4 para tratar sobre a situación, de acordo co artigo 25 do Convenio Colectivo. A asemblea convócase coas sinaturas do 10% dos traballadores, pois a empresa non permite que sexa o Comité quen a convoque.

Mais non todas son noticias negativas; ese día sae publicada na revista *Interviú* a análise do sucedido na factoría A/A tal e como prometera o xornalista Perfecto Conde cando os visitou.

O día 3, o maxistrado Ron Curiel ofrece unha rolda de prensa en que destaca a falta de precedentes do xuízo do día seguinte e explica aos xornalistas os pormenores da vista. A modo de foguete festivo que anuncia as vésperas, o director provincial de Traballo de Lugo, Alberto Linares Ferrer, envía ao Comité a resolución asinada en Madrid a 26 de febreiro de 1988 que desestima o recurso presentado por este en relación coa regulación de 574 traballadores.

Polo que se pode ver nos medios de comunicación, o xuízo dos 23 aínda xerou máis expectación que o dos 111. Os demandantes son optimistas e pensan que a empresa os vai ter que readmitir. Durante a vista, declararon unhas trinta persoas entre

as que se encontraban o director e o subdirector da fábrica, o presidente do Comité de Empresa e algúns alcaldes da Mariña, así como os de Noia e Corcubión. Mentres tiña lugar o xuízo celebrouse unha manifestación en que participaron máis de dous mil traballadores chegados de diferentes lugares de Galiza e Asturias para denunciar o que consideraban un xuízo político contra a clase obreira. Houbo representación dos comités de Astano, Ascón, Sidegasa, Insolux e Bazán. UGT opúxose ao acto reivindicativo convocado por CC OO, CXTG, INTG e USO co argumento de que podería ser prexudicial.

A vista oral dun dos xuízos máis importantes da historia laboral do Estado español durou preto de dez horas. Para que a puidesen seguir todas as persoas alí congregadas tivéronse que habilitar o salón de actos da AISS e o vestíbulo, onde se colocaron grandes monitores xigantes de TV. O desenvolvemento foi similar ao do xuízo anterior, aínda que se introduciron novos elementos, sobre todo por parte da empresa. O avogado desta explicou o pacto dun plan de salvamento das cubas electrolíticas e dixo que o Comité se constituiría como Consello de Administración, o que se podería cualificar de “tumulto revolucionario”. O avogado dos 23 contestou que o Comité nunca usurpara as funcións dos directivos da empresa. Loxicamente, os avogados non se puxeron de acordo e os seus argumentos foron completamente contrarios: mentres o Sr. De la Villa defendía que o que se producira fora unha evacuación, o Sr. Sagardoi insistía na cualificación de folga ilegal.

A sentenza dos 111 coñécese o día 9 de marzo. O maxistrado Pando Manjón declarou radicalmente nulos os despedimentos e os traballadores recibiron a noticia entre abrazos e lágrimas. Segundo o tribunal de xustiza, a empresa actuou cunha conduta discriminatoria e arbitraria ao despedir estes traballadores e non a totalidade dos que incumpriran o que a empresa denominaba servizos mínimos; infrinxiu o artigo 14 da Constitución e o 17 do Estatuto dos Traballadores así como varias sentenzas do Tribunal Constitucional. Os puntos de interese da sentenza son os seguintes:

- Hai que fixarse na antigüidade dos despedidos; moitos comezaron a traballar entre os anos 1968 e 1975 noutras empresas do sector e chegaron a San Cibrao cando se creou INESPAL por traslado de excedentes doutros centros. Cabería pregun-



tarse se a empresa despedira os que máis anos levaban traballando porque tiña pensado facer unha redución do cadro de persoal. Se gañaba o xuízo, non tería que indemnizalos e desta maneira aforrará moito diñeiro.

- A sentenza tamén recolle como feito probado que o director da fábrica, o Sr. Moñita, tiña coñecemento ás 21:15 horas do venres de que os camións ían chegar á factoría. Por que non se puxo en contacto co Comité a esa hora? Estivo el só negociando co gobernador? Non lle saíron os plans como pensaba e por iso chamou o Comité á mañá seguinte?
- No punto quinto menciónase que o Comité se opuxo á carga. De ser así, por que a empresa non chamou á forza pública? Noutros conflitos anteriores os encargados de seguridade estaban na porta e facilitaban o acceso ao persoal que desexase entrar a traballar.
- No punto vixésimo sinálase que á hora de efectuar un despedimento hai que aterse ao artigo 32 do Convenio Colectivo. Antes de despedir un traballador a empresa ten que llo comunicar ao Comité e escoitar as súas alegacións, cousa que non fixo neste caso. Esta razón de peso xa lle chega ao maxistrado para declarar nulos os despedimentos dos 111.
- O punto vixésimo terceiro refírese a conciliación do SMAC. Dos 118 casos houbo avinza con 7 traballadores por considerar que tiñan causas xustas para non acudir a traballar.
- Nos fundamentos do dereito destacan os puntos catro e cinco –o maxistrado dá a razón aos demandantes polo que considera xuízo nulo– que son aplicábeis aos 110. No caso do delegado sindical Francisco Romero decláralo nulo porque o telegrama non chegou a tempo, pois o seu despedimento si se comunicara ao Comité.

A modo de resumo reproducimos este fragmento da sentenza rubricada polo Sr. José Manuel Pando Manjón e que foi lida publicamente o día 9 de marzo de 1988:

Que estimamos íntegramente las presentes demandas acumuladas, formuladas por los actores contra “Aluminio Español, S.A y Alúmina Española, S.A”, debo declarar y declaro radicalmente

nulos los despidos de los demandantes, condenando a la “Unidad de Trabajo de Aluminio Español, S.A y Alúmina Española, S.A”, a la inmediata readmisión de los mismos en sus puestos de trabajo, con idénticas condiciones que regían con anterioridad a los despidos, sin posibilidad de indemnización compensatoria, así como el abono de los salarios dejados de percibir.

As reaccións non tardaron en facerse oír. Os avogados da empresa cualificaron a sentenza de sorprendente, polo que anunciaron un recurso de casación diante da Sala do Social do Tribunal Supremo. Na mesma liña manifestouse o presidente de INESPAL, Fernando Rubio, que agardaba que o Supremo lles dera a razón.

Nicolás Redondo, secretario xeral da UGT, declarou que a sentenza debía servir de correctivo para quen cualificara a situación como revolucionaria, en referencia ao ministro de Economía e Facenda –Carlos Solchaga– que en decembro declarara que a paralización da factoría non tiña precedentes nin nas épocas máis revolucionarias, nin na ditadura. Apolinar Rodríguez, pola súa banda, mostrouse satisfeito coa sentenza e lembrou que el e o sindicato que representaba puxeran o letrado De la Villa á fronte da demanda. O BNG valorou moi positivamente a sentenza, expresou a súa solidariedade cos membros do Comité –coa esperanza de que estes tamén fosen readmitidos– e esixiu que os membros do Goberno en Madrid –particularmente o ministro Solchaga–, os membros do Goberno autonómico e as autoridades civís se retratasen polas ofensas e aldraxes lanzadas contra os traballadores.

O día 11, os sindicatos denuncian diante da Inspección de Traballo que a empresa fai caso omiso á sentenza. Os 111 traballadores non foran dados de alta aínda na Seguridade Social e a empresa negábase a darlles ocupación efectiva desde a data do fallo.


Todos os xornais, tanto os galegos como os do resto do Estado, recolleron a noticia, que ocupou numerosas portadas e páxinas interiores. *El País* dese día, baixo o título “Reprimenda a Alúmina” fala do fallo e sinala que a Dirección de empresa nin respectou a audiencia previa debida ao Comité nin a igualdade constitucional ante a lei, ao sancionar uns traballadores e non outros cando todos actuaran de igual xeito. Pola súa banda, o

diario *Ya* do día 12 publica “Querían deshacerse de los despedidos de Alúmina a cualquier precio” e recolle as declaracións de Apolinar Rodríguez, que criticou a politización do xuízo por parte do INI e do Goberno. Rodríguez asegurou que mantivo unha tensa conversa co presidente do INI, quen lle comunicou que estaban dispostos a gastar todo o diñeiro que fose necesario para que os 111 traballadores de A/A despedidos non volvesen á empresa.

Así pois, aos traballadores despedidos non se lles facilitou a reincorporación inmediata aos seus postos de traballo. Con tal motivo, os delegados sindicais puxéronse en contacto coa empresa para que lles explicase o que estaba sucedendo. Nunha reunión entre as seccións sindicais e o Sr. Escudero, este indicoulles que os traballadores xa estaban dados de alta na Seguridade Social e na nómina da empresa, mais que aínda non se incorporarían aos seus postos de traballo; o xefe de Persoal prevía que os fosen incorporando durante o mes de marzo.

<b>ALUMINA ESPAÑOLA, S. A.</b>	<b>Carta Interna a: Delegados Sindicales</b> de: CC.OO. I.N.T.G. U.G.T. U.S.O.
Fecha: 11 de Marzo de 1.988 Referencia: F70/018/8 Asunto:	

Tal y como se les ha adelantado en reunión mantenida hoy, les confirmamos que, en cumplimiento de la sentencia de Magistratura nº 1 de Lugo de fecha 09 03.88 revisada en autos 89/88 y acumulados, las -- 110 personas que causaron baja por despido el pasado mes de diciembre, así como el Delegado Sindical Sr. Romero Bermudo, han sido dados de alta en Seguridad Social, como trabajadores de la Empresa, - siendo intención de la Dirección que la prestación de trabajos se produzca, de forma gradual, en el - presente mes de marzo.

  
F. P. ESCUDERO PUEYO

O día 15, a empresa segue sen cumprir a sentenza e o Comité require a presenza dun notario para que levante acta do que está a suceder. Este, acompañado polos 111 afectados, preséntase ás 17:30 horas na factoría, onde son recibidos polo encargado de vixilancia. Unha vez que o notario lle explica o que pretendían facer, o vixilante ponse en contacto telefónico coa Dirección da empresa. A resposta da Dirección é que os obreiros non poden entrar na factoría. Unha vez que se marchan os operarios o notario accede ás oficinas da factoría para entregar unha copia da acta a Pedro Escudero. O día 17 presentan unha nova denuncia ante a Inspección de Traballo. Definitivamente, a empresa non está por cumprir a sentenza. Aos 111 traballadores non se lles respectou o calendario laboral que tiñan a día 12 de decembro; modificaron as quendas, días de traballo e retribucións.

O día 18, o Comité de Empresa envía un novo comunicado á prensa coa intención de que a opinión pública coñeza o que está a suceder: a dirección non cumpre a sentenza na súa totalidade, o que consideran un atentado contra o Poder Xudicial e contra o xuíz que ditou o fallo. No comunicado acusan a Dirección da empresa de utilizar toda clase de métodos intimidatorios e ilegais en torno á readmisión dos traballadores, sementando desconcerto e temor. Por todo isto, os sindicalistas piden a constitución dunha comisión de investigación que esclareza o que está sucedendo.

O día 19, ao non se teren incorporado aos seus postos de traballo os 111 despedidos, envíase un escrito conxunto do Comité e do Sr. Romero Bermúdez á Maxistratura de Traballo en que solicitan a execución da sentenza ditada o 9 de marzo de 1988, alegando o seguinte:

1. El fallo de dicha sentencia dice literalmente “debo declarar y declaro radicalmente nulos los despidos de los demandantes, condenando a la Unidad de Trabajo Aluminio Español, S.A y Alúmina Española S.A a la inmediata readmisión de los mismos en sus puestos de trabajo, con idénticas condiciones que regían con anterioridad a los despidos.
2. Los 111 despedidos, el día 10 del corriente se presentaron en sus puestos de trabajo no permitiéndolo la entrada a la factoría por lo que se llamó a un notario quien levantó acta.
3. Hasta el día de hoy sólo se reincorporaron 40 de los trabajadores despedidos, quienes no han sido notificados de sus rein-

corporación por escrito sino de forma verbal lo que contradice el art. 208 de la ley laboral vigente. Esto lleva implícito una readmisión irregular, lo que es contrario al fallo de la defensa.

4. 31 de los despedidos también fueron citados de palabra para que se incorporaran al trabajo el día 21 de marzo. A día de hoy a los restantes despedidos todavía no se le ha notificado su reincorporación.

Os demandantes solicitan á Maxistratura que se cumpra a sentenza e que a empresa sinala por escrito os días en que vai reincorporar os traballadores que aínda non están traballando.

Ese mesmo día, *El Ideal Gallego* titula “Contra la filmación de manifestaciones” e dá conta de que Xosé M. Beiras, parlamentario do BNG, presentou na Xefatura de Policía da Coruña denuncia verbal perante o xefe superior da VIII Rexión Policial, Alfredo Carballo Rodríguez, contra a filmación, por parte das forzas da orde, da manifestación celebrada na Coruña polo sinistro do Casón. Segundo a noticia, Beiras tiña pensado presentar no Parlamento unha interpelación co obxecto de estudar e debater estas filmacións, que non consideraba apropiadas.

O día 22, o ministro de Industria, Luis Carlos Croissier, nunha comparecencia ante a Comisión de Industria do Senado, cualificou de enorme gravidade o acontecido en decembro na factoría A/A. Continúa insistindo no incumprimento dos servizos mínimos e na posta en risco das instalacións despois de que o Galerno saíse cos bidóns. O ministro falou con grave atrevemento despois de que un xuíz determinara que non houbera incumprimento dos servizos mínimos por parte de 111 traballadores e, sen coñecerse a sentenza dos restantes 23, daba a sensación de que xa os estaba condenando. Estas declaracións serían unha forma de presión cara ao xuíz? Sería adiviño? Coñecía de antemán a resolución?

### 5.8. A SENTENZA DO COMITÉ E AS DISTINTAS REACCIÓNS

O 23 de marzo ás 09:15 horas, o secretario da Maxistratura de Traballo Lugo baixa aos locais sindicais e comunícalles que ás 10:00 horas se vai facer a lectura pública da sentenza. Os medios de comunicación reciben a filtración media hora antes e comunícanlla a algún dos dirixentes sindicais que se presentan

na Maxistratura para coñecer a sentenza. Loxicamente, non estaba alí ningún dos membros do Comité, que foron avisados só cunha hora de antelación e non tiveron tempo para desprazarse desde San Cibrao até Lugo. Por que non foi avisado antes o Comité? Por que non querían que estivesen presentes na lectura pública? Non é lóxico que non avisasen con anterioridade a parte demandante, a máis interesada en coñecer o fallo.

O 23 de marzo de 1988 o maxistrado Ricardo Ron Curiel fai lectura pública dos 46 folios da sentenza. Estes son os puntos máis salientábeis da resolución:

- Punto primeiro do apartado 5, no que reclama: “Al Consorcio de Compensación de Seguros del Ministerio de Economía y Hacienda las fotocopias o alegaciones ya solicitados y aún no recibidos”. Ao maxistrado valíanlle fotocopias, mais aínda así o Consorcio non enviou nada. Quererían ocultar probas a ver se así podían cobrar das aseguradoras estranxeiras?
- No apartado de “Hechos Probados” resalta o seguinte: “Sobre las veintiuna horas y quince minutos del día once de diciembre de mil novecientos ochenta y siete, se comunica al Director del Complejo de Alúmina Aluminio, S. A. de San Ciprián por el Secretario General del Gobierno Civil de Lugo, que una carga reservada se dirige en camiones al puerto del Complejo, para cargarla en un buque que llegará a las cero horas”. Tal como quedara na sentenza dos 111, o director do Complexo o venres xa tiña coñecemento de que os bidóns ían cara á factoría.
- No punto sétimo dise: “Día, catorce de diciembre de mil novecientos ochenta y siete: a las ocho horas y quince minutos se produce una falsa maniobra y el convoy se pone en marcha hacia el Portiño de Morás, llamando el Presidente del Comité al Director, contestando éste que debe tratarse de un error insistiendo el Presidente del Comité en que los camiones están en el lugar de carga del Puerto auxiliar de Morás y que los trabajadores van a desalojar la factoría, manifestando el Director que ha anulado la maniobra y que los camiones van a regresar en breve a su posición inicial”. Se foi unha falsa manobra, por que se oculta quen a ordenou? Se para o director era un erro, como lle di a Ángel Pérez, sen colgar o

teléfono, que anulou a manobra? Algo debía saber con anterioridade á chamada. Non estaría a empresa a obrar de mala fe para ver a reacción do Comité?

- O apartado doce menciona o seguinte: “La Naviera Compostelana S.A., como administradora del Buque GALERNO, concertó con la Dirección General de la Marina Mercante, el fletamento de dicho buque para transportar mercancía del buque accidentado en Finisterre nombrado CASÓN, desde el Puerto de San Ciprián al de Rotterdam, siendo firmado dicho contrato el día once de diciembre de mil novecientos ochenta y siete; el buque GALERNO salió de Ferrol”. Se non dubidamos da certeza da sinatura do contrato, os bidóns saíron de Cee directamente cara a A/A, mais non chegaron o día previsto polos problemas de Guitiriz. Se tiñan o barco en Ferrol, por que non mandaron os bidóns alí? Tería sido máis doado que mandalos de peregrinación por Lugo. Non era máis racional levar os bidóns a onde estaba o barco que traer o barco por un lado e os bidóns polo outro para encontrarse en San Cibrao? Está claro que os bidóns tiñan que saír da provincia da Coruña sexa como for.
- O punto catorce da sentenza sinala: “Los días quince y dieciséis de diciembre de mil novecientos ochenta y siete, grupos de trabajadores, entre los que, al menos, estaban los miembros del Comité que luego se nombrarán, impidieron la entrada a sus puestos a otros trabajadores, excepto a Jefes de Departamento o servicio, siendo los miembros del Comité los siguientes: Antonio Francisco Casal Díaz, José Castro Vázquez, Luis Manuel García Otero, Miguel Cereceda Martín, Ernesto Rodríguez Peñamaría, J. Andrés Pérez Vila; y sin que para ello hubieran utilizado violencia física”. Se non usaron a violencia física, como é que lles impediron entrar? Non sería que o conxunto dos traballadores temía pola súa vida?
- No punto décimo oitavo faise mención a tres cartas –dúas do Comité e outra da empresa–. Nelas o Comité solicita información, entre outras cousas, sobre os autómatas das series de electrólise, e a empresa responde negativamente a este requirimento. Neste punto simplemente se recollen as car-

tas, mais non se entra a analizar se o Comité tiña dereito á información ou non, nin se require tampouco como proba. Lembremos que eses informes eran de vital importancia para coñecer o que pasou de verdade nas series de electrólise.

- No punto vinte e catro fálase da situación de folga ilegal e da transgresión da boa fe contractual.
- Nos Fundamentos de Dereito, o maxistrado recolle no punto sétimo relativo ao apartado e): “de todo ello se desprende que, en esta primeira fase, en modo alguno ha existido una situación de huelga, ni legal ni ilegal al haber sido pactada la paralización por ambas partes, por lo que, no puede entrar en juego la normativa contenida en Real-Decreto-Ley de 4 de marzo de 1.977-arts. 1 a 11”.

Se non houbo folga nin legal nin ilegal, como di o maxistrado, procedían os servizos mínimos? Estes foron impostos unilateralmente pola Dirección da empresa. Non houbo acordo entre as dúas partes, nin mesmo entre eles e o delegado de Traballo. Tampouco interveu un xuíz, a quen correspondía a última palabra. A primeira en transgredir a boa fe contractual foi a Dirección da empresa, ao decretar en solitario os servizos mínimos sen ningún tipo de negociación previa.

O maxistrado separa en dúas partes os feitos probados que se verán nos motivos que atinxen aos Fundamentos de Dereito. Dos 23 Fundamentos de Dereito que se recollen na sentenza, sinalamos os seguintes:

Decimosexto (...) carente de todo apoyo jurídico el hecho de que al menos algunos de los demandantes, nominados en el ordinal catorce de hechos probados, en unión de otros trabajadores, hayan impedido el acceso a los puestos de trabajo de buen número de compañeros en la factoría, los días 15 y 16 de diciembre como rebela la prueba testifical al efecto practicada a instancia de la parte accionada, (...).

A devandita proba realizouse, en principio, con fotografías. Desde as oficinas de persoal ían chamando as persoas que consideraban e preguntábanlles por que non se presentaran eses días



ao traballo. Os traballadores escudábanse en que as portas estaban bloqueadas e ían sinalando as fotos do persoal que informaba de que non se podía pasar á factoría. É curioso o obedientes que se volveron de súpeto estes traballadores, que outras veces –cando verdadeiramente había folga– saltaban os aramados ou entraban pola forza a traballar na factoría. Resulta cando menos curioso que, malia haber un bo grupo de traballadores ás portas da factoría informando, só recoñecesen os membros do Comité. Algúns dos acusadores fixérono como vinganza pensando que, con apuntar a unha fotografía co dedo, lles chegaba para cubrir as súas costas. Mais, á empresa non lle chegou e subiunos nun autobús para presentalos como testemuñas no xuízo sen consultarlles previamente se querían ir testificar. Algún traballador dos que se encontraban no xuízo para apoiar o Comité afirmou que daba vergoña ver como os acusadores se ocultaban polos recantos da Maxistratura de Traballo antes ou despois de seren chamados para apuntar co dedo aos membros do Comité; esas persoas que levaban velando anos porque as súas condicións de traballo mellorasen. Este tipo de probas lémbrennos as utilizadas en réximes anteriores, cando os corpos represivos do Estado chamaban os acusóns á comisaría e lles poñían as fotos de futuros inculpados, e deixan en moi mal lugar as persoas de pouca moralidade que non teñen escrúpulos en vender os seus propios compañeiros.

- O punto décimo sétimo menciona no apartado (g) a nota que o Comité enviou á Dirección e cualifícaa como “usurpación de funciones de la Dirección”. Con esta nota o Comité pretendía deixar constancia de que, se a Dirección non se encontraba capacitada para poñer en funcionamento as cubas electrolíticas, o Comité podería levar a cabo esa tarefa. En ningún momento se coaccionaba a Dirección para que asinase a nota, de xeito que o Comité se fixese co control.
- No punto vixésimo podemos ler: “(...) los accionantes son sujetos activos de una transgresión de la buena fe contractual que les venía impuesta en las relaciones jurídico-laborales que los vinculan con las empleadoras interpeladas, así como de la que emanaba de su cualidad de integrantes del órgano

representativo y colegiado del conjunto de los trabajadores de las empresas accionadas; transgresión que encuentra adecuada tipificación dentro de la normativa contenida en el art. 54, nº2, letra d) del Estatuto de los Trabajadores, en relación con el art.68, letra c del mismo cuerpo legal”.

- No vixésimo primeiro afirmase que está acreditado o incumplimento contractual, polo que declara procedentes os despedimentos:

Que desestimando la demanda interpuesta por José R. Ramos Fernández, J. Andrés Pérez Vila, Faustino de la Viña García, José Castro Vázquez, Francisco Rodríguez López, José L. Barreira Quelle, José Fernández Paleo, Luis Manuel García Otero, Ramón Miguélez Tola, Jesús Ben Pernas, Manuel Castro Abella, José Martín Rodríguez, Ernesto Rodríguez Peñamaría, Miguel Cerceda Martín, Ángel Hernández López, José R. Gómez Gómez, José E. García García, Alberto Santos Vázquez, Francisco J. Camba Timiraos, Antonio Francisco Casal Díaz, Casimiro Val Guisado, Leopoldo Manuel Viñas y José Ángel Pérez Álvarez, contra las Empresas Aluminio Español S.A. y Alúmina Española S.A., debo declarar y declaro procedentes los despidos cuestionados y extinguidos los contratos de trabajo que vinculan a los actores con las empresas demandadas, sin derecho por parte de los trabajadores accionantes a indemnización ni salarios de tramitación y, en consecuencia, debo absolver y absuelvo a las patronales interpeladas de cuantos pedimentos frente a ellas se contienen en el escrito rector de la controversia.

### **5.9. REACCIÓN**

Era a primeira vez que, no Estado español, se despedía un Comité de Empresa na súa integridade. As centrais sindicais cualificaron a sentenza como “un atentado á clase obreira” e sinalaron que estabamos ante “un día de loito para o sindicalismo”. Recollemos a continuación algunhas das súas declaracións:

- Ángel Pérez afirmou: “sin dudar en ningún momento de la credibilidad del magistrado, seguimos pensando que se trata de un pulso entre el INI y el Gobierno con el Comité de Empresa y, en este caso, Goliat mató a David”.

- Antonio Gutiérrez, secretario xeral de CC OO, cualificou a sentenza de “auténtica barbaridad” e propuxo recorrela inmediatamente.
- Ignacio Fernández Toxo, secretario xeral do Metal de CC OO, afirmou “todavía no ha caído la cabeza de responsables políticos de todo lo sucedido”.
- Apolinar Rodríguez, responsábel de acción sindical de UGT, pediu unha comisión de investigación, ao considerar que se podería cometer a inxustiza de facer recaer sobre un só dos actores –o Comité– a totalidade da responsabilidade, existindo outros –como a empresa ou a Administración pública– que tiveron un papel moito máis importante.
- Marcelino Camacho, presidente de CC OO, afirmou: “es completamente injusto lo que se ha hecho. El Gobierno se ha equivocado”.
- A USO considerou a sentenza como un grave atentado contra as garantías dos representantes sindicais no exercicio das súas funcións, pois crea inseguridade xurídica e é un aliciente para que as empresas se desfagan, impunemente, dos membros dun comité.
- Os dirixentes da INTG manifestaron que esta sentenza non reflectía o que aconteceu na realidade. Xermán Rouco, secretario comarcal da Mariña, sinalou que a organización pensaba darlle unha resposta contundente á sentenza con mobilizacións.

O Sr. De la Villa, declinou entrar de cheo na sentenza, pois aínda non lle dera tempo a lela con calma e analizala para, posteriormente, redactar o recurso de casación que se presentaría ante o Supremo.

Naturalmente, a noticia foi acollida con entusiasmo pola Dirección de INESPAL e por moitos cargos políticos do Goberno central. O Sr. Sagardoi cualificou a sentenza de “modélica y técnicamente perfecta” para el significaba un “ hito, por lo bien que marca los hechos”.

En conclusión: a xustiza declaraba extintos os contratos, sen dereito a indemnización nin salarios de tramitación. Deste xeito tornábase difícil recuperar a normalidade na Mariña. A cidadanía, que esperaba a readmisión de todos os traballadores –incluído o Comité–, acolleu a sentenza con asombro.



## 6. “FORON FICANDO SÓS” (DO 25 DE MARZO AO 1º DE MAIO DE 1987)

O Comité ficaba sen forzas. Eran moitos os meses que levaba pelexando fronte a un xigante incansábel que persistía nunha acusación infundada. Unha vez coñecida a sentenza, que poderíamos cualificar como insólita e subxectiva, había que sacar forzas de onde fose para seguir loitando; non era momento de tirar por terra todos os logros conseguidos nos últimos anos.

### 6.1. APOIO AO COMITÉ: ACTOS REIVINDICATIVOS NA FACTORÍA

#### *Últimos días de marzo*

O día 25 de marzo o Comité asina o recurso de casación que se vai presentar ante o Tribunal Supremo e o día 28 outórgalle un poder notarial ao letrado Enrique De la Villa para que o presente diante da Sala VIª do Social do Tribunal Supremo de Madrid, coa esperanza de conseguir anular a sentenza da Maxistratura de Lugo. Ao tempo, o Comité comunica aos traballadores que vai recorrer ao fondo de solidariedade para facer fronte aos gastos do recurso. Os xornais recollen as distintas impresións que provocou a sentenza. As máis destacadas son as do maxistrado Ron Curiel, quen sinala que actuou con absoluta independencia e a do secretario xeral de CCOO, Antonio Gutiérrez, para quen a sentenza pode crear un precedente, pois a Dirección de A/A foi incapaz de prever as consecuencias de aplicar un absurdo e malentendido abuso da autoridade.

O día 26 a Maxistratura de Traballo de Lugo envía unha dilixencia para informar á empresa e aos 111 representados de que non se interpuxera ningún recurso á demanda presentada polo Comité a semana anterior. A reclamación denunciaba que non se cumprira a sentenza, xa que a maior parte dos traballadores despedidos non se incorporaran aínda aos seus postos de traballo. Unha vez que finaliza o prazo de presentación de dilixencias, Maxistratura cita as dúas partes para as 12:30 horas do día 5 de abril.

Durante estes días, son numerosos os comunicados de comités de empresa, asociacións de veciños, partidos políticos, etc. que mostran o seu apoio aos compañeiros da Mariña. A UGT de

Galiza e Asturias comprométense a facilitar axuda económica, se fose necesaria. Pola súa parte, o avogado De la Villa afirma que a sentenza está chea de sombras, como a ambigüidade en que incorre ao cualificar a situación de folga ilegal ou evacuación ante un perigo. O letrado non entende como a sentenza se puido emitir sen pronunciarse sobre este feito, considerado por el como o máis importante. Tamén observa que a sentenza non deixa claro se os membros do Comité prohibiron a entrada aos traballadores ou simplemente se limitaron a informalos. Este particular non aparece recollido na sentenza, o que implica que se probaron feitos no xuízo que despois o veredicto non recolleu.

Tal e como manifestaba o letrado, a sentenza tiña sombras ben grandes. Como ía ser posíbel que 23 persoas, sen utilizaren en ningún momento nin a forza física nin ameazas, conseguisen que 2 000 traballadores non entrasen na fábrica? Estaríamos, talvez, ante superheroes con poderes? Se non temesen polas súas vidas os traballadores entrarían como fixeran noutras ocasións. Noutras palabras: se tivesen vontade de entrar pouco podería facer para evitalo o Comité, integrado por 23 persoas.

Ás 17:30 horas do día 29, o Comité celebra unha asemblea co persoal da factoría. Acoden representantes das centrais sindicais con representación en A/A e uns mil traballadores para valorar a sentenza, informar de como se atopa o conflito nese momento e constatar o apoio co que contan para emprender novas mobilizacións. A asemblea decide convocar unha folga para o día 7 de abril. Nesa reunión decídese tamén o uso dos fondos da caixa de solidariedade para facer fronte aos gastos do recurso presentado ante o Supremo e para aboar as nóminas dos membros do Comité, xa que o xuízo tardaría aínda uns oito meses. Finalmente, aos membros do Comité non lles fixo falta cobrar do fondo, pois solicitaron o subsidio por desemprego, e foilles concedido. Cobrárono integramente sen esperar –como mandaba a lei–, á sentenza do Tribunal Supremo. Había interese en que o percibisen antes? Pensaban que así ían estar máis tranquilos?

Ás 10:30 horas do día 31 reúnense a empresa e Comité de Folga para marcar os servizos mínimos que se ían manter durante a acción reivindicativa convocada para o día 7 de abril.

Despois da Semana Santa convócase unha nova asemblea o 5 de abril, día en que se programan diferentes mobilizacións para as seguintes semanas e se reúnen de novo a Dirección da factoría e o Comité de Folga. Este acepta a relación de servizos mínimos propostos pola empresa aínda que fai constar que non concorda totalmente con eles, mais debido ás circunstancias especiais que están atravesando decide aceptalos. Na reunión fanse unha serie de aclaracións sobre a acta da reunión mantida entre a empresa e o Comité de Folga o día 31: os delegados sindicais piden que consten os nomes dos asistentes por parte da Dirección; recoñecen o Comité de Empresa como lexítimo representante dos traballadores da fábrica, aseguran que todos os traballadores da sección de electrólise están a desempeñar os traballos que a Dirección lles ordena, aínda que mostran a súa preocupación por se a mobilidade funcional se vai converter nun costume que a empresa utilice ao seu antollo. Por último, reclaman que se axilicen os trámites de preparación do convenio colectivo. A empresa contesta que os nomes dos seus representantes se omitiron por erro e aclara que non vai recoñecer os 23 membros do Comité despedidos ao existir unha sentenza que declarou válidos eses despedimentos. No último punto da reunión, o Comité de Folga insta á empresa a que promova unha comisión de investigación que aclare o sucedido entre os días 12 e 16 de decembro de 1987, petición á que se suman IU e CP que o día 9 piden publicamente que se constituía esta comisión.

O día 5, as distintas seccións sindicais convocan unha nova asemblea á que están chamados todos os traballadores.

Ese mesmo día celébrase a comparecencia na Maxistratura de Traballo de Lugo. Os demandantes –110 traballadores representados polos señores Ángel Pérez, Antón Casal e Francisco Romero– manifestan que se ratifican no seu escrito do 19 de marzo, conforme a empresa non os reincorporara aos seus postos de traballo na data do escrito, despois de existir unha sentenza que declaraba os despedimentos radicalmente nulos. Tras seren expostos os argumentos das dúas partes, os demandantes acordan que, xa que as condicións variaran desde o momento en que se presentou a demanda, non se dite resolución ningunha e se arquiven as dilixencias.

# CONVOCATORIA ASAMBLEA

CONVOCASE A TODOLOS TRABALLADORES A UNHA ASAMBLEA  
PARA O MERCORES 6 DE ABRIL A PARTIRES DAS 17,30 h.  
PARA TRATAR DA SITUACION DO CONFLICTO.

SAN CIBRAO 5 ABRIL 1988  
SECCIONS SINDICAIS.



SECCION SINDICAL  
  
UNION SINDICAL  
OBRERA  
ALUMINIO-ALUMINA



NOTA: Quédense os autobuses

## *Primeira quincena de abril*

O día 5 de abril, Pedro Escudero Pueyo, en calidade de xefe de Persoal da empresa, certifica á Maxistratura de Traballo nº 1 de Lugo que os afectados polo auto 89/88 percibiron os seus emolumentos correspondentes ao período comprendido entre o 10 e o 31 de marzo, e que as cantidades foron calculadas de acordo co que lles correspondería percibir, en función dos seus



calendarios habituais de traballo a 14-12-87, se estivesen funcionando con normalidade as cubas de electrólise.

O día 6, os 111 despedidos xa están reincorporados aos seus postos na factoría. Aínda que os 23 membros do Comité seguían sen ser readmitidos, producíase unha inusual normalidade que se interrompera aquel fatídico 12 de decembro.

Son moitos os telegramas de apoio de seccións sindicais e comités de empresa de todo o Estado, que se reciben solidarizándose cos membros do Comité despedidos. Todos eles amosan o seu rexeitamento á sentenza e ofrecen a súa axuda. Mostramos a continuación o enviado polo Sindicato Provincial do Metal de CC OO de Cádiz.

**CCOO**  
**SINDICATO PROVINCIAL DEL METAL**  
AVDA. ANDALUCIA, 8-1.  
TELEFONO. 27 17 30  
**CADIZ**

*En Cádiz, reunidos en Asamblea Los Delegados de Personal, Delegados Sindicales y Miembros de Comité de Empresa Metalúrgicos de la provincia, acuerdan aprobar la siguiente RESOLUCION :*

*1ª.- Manifestamos nuestro rechazo a la Sentencia de Magistratura que ratifica el despido de todo el Comité de Empresa impuesto por la patronal, y que entra en contradicción con la Sentencia que fechas anteriores manifestaba que el despido de los 111 trabajadores es radicalmente nulo.*


*2ª.- Este despido no solo ha supuesto un precedente negativo para la libertad de la práctica sindical en nuestro país, también en el fondo de la sentencia subyace la expresión más clara de la política antisindical que el Gobierno ha venido practicando en los últimos años.*

*3ª.- Hay que manifestar también, que en el seno de los Metalúrgicos de nuestra provincia, ya se ha dado algún caso donde empresas habitualmente represivas, están haciendo uso de la presión psicológica sobre los cuadros sindicales, al hilo de dicha Sentencia.*

*4ª.- Por todo ello, entendemos que lo que urge en estos momentos, además de los recursos que en derecho procedan y las manifestaciones de solidaridad con los compañeros despedidos, es abrir una investigación para esclarecer las responsabilidades políticas que en el fondo existen.*

*Finalmente, queremos enviar un abrazo de apoyo solidario a nuestros compañeros del Comité, e invitarnos a mantener la firmeza de la que los Sindicalistas tenemos que hacer gala en los momentos más difíciles para la clase trabajadora, que como hemos podido ver, no terminaron con el cambio.*

Cádiz, 8 de Octubre de 1980  
SINDICATO PROVINCIAL DEL METAL  
CC.OO. CÁDIZ



Conforme estaba previsto, o día 7 celébrase sen incidentes a xornada de folga dunha hora. As centrais sindicais USO, INTG, CC OOe UGT, en nome dos traballadores de A/A, solicitan á Dirección de empresa que restableza o máis axiña posíbel a normalidade na factoría, que transmita á mesa de negociación do convenio único de INESPAL a necesidade de asinar o convenio, que se abra unha comisión de investigación para esclarecer o sucedido e que sexan readmitidos os 23 membros do Comité. A empresa, porén, continúa cunha actitude de oídos xordos a todas as peticións.

O tempo pasa e as novidades son cada vez máis escasas. A prensa xa case non publica noticias sobre o caso e todo regresa a unha relativa normalidade. O día 8, a empresa comunica ás diferentes seccións sindicais os movementos de persoal que levara á práctica. Como non se fixeron novas eleccións para constituír outro comité, este continuaba en funcións. Os traballadores apoiaban un Comité que seguía sendo o seu; non aceptaban o despedimento e manifestábanlle o seu apoio até ás últimas consecuencias.

Entre os días 13 e 16, os representantes sindicais de A/A solicitan axuda dos alcaldes da Mariña, a través da misiva que reproducimos na páxina seguinte.

Neses días, coñécese que unha representación do Comité de A/A visitou varias empresas de Asturias, Cantabria e o País Vasco para explicar a situación do despedimento dos seus 23 membros. Os xornais deses lugares fanse eco da noticia. No xornal *Eguin* do día 15 podemos ler: “Visitan Euskadi miembros del Comité de Alúmina-Aluminio” e no *Deia* da mesma data: “Delegados de UST apoyan la lucha de los despedidos de Alúmina Aluminio”. O día 16, *La Voz de Asturias* publica en titulares: “El Comité de Alúmina se declara en lucha contre el Gobierno” e no subtítulo: “*pide un Primero de Mayo unitario en Galicia para protestar contra su despido*”; o *Correo de Asturias* recolle unhas declaracións do presidente do Comité: “seguiremos en la lucha hasta que nos maten”; *El Comercio de Gijón* dedica unha columna ao tema: “El Comité de Empresa de Alúmina-Aluminio dio a conocer ayer en Oviedo su versión sobre el Casón” e *La Nueva España* destaca: “El Comité de Alúmina acusa a la firma canadiense Alcan del

Sr. Alcalde Presidente do Concello de:

O Comité de empresa de Alúmina/Aluminio e as centrais sindicais, USO, CCOO, UGT e INTG, diante dos últimos acontecementos na fábrica de San Ciprián, consideran máis grave que se busquen culpabeis nos traballadores e se despida o Comité por defender os intereses dos traballadores. Seguimos insistindo na necesidade de crear unha Comisión investigadora e a depuración dos verdadeiros responsabeis.

Solicitamos de ese Axuntamento o apoio para a manifestación que terá lugar o día 24 en Burela para solicitar a readmisión do Comité de empresa.

Aproveitamos a ocasión para saudalo atentamente.

San Ciprián, 11 de Abril de 1.988.



conflicto". Ángel Pérez afirma que a empresa utilizou o conflito como desculpa; querían facer unha reconversión e a situación serviulle como tapadeira. O portavoz do Comité asegurou que a multinacional canadense Alcan tiña daquela 350 mil toneladas de excedentes no mercado internacional e que ese foi un dos factores desencadeantes da crise. Tamén salientou que esta empresa estranxeira tiña un poderío económico 10 veces superior ao do INI e que, con outras multinacionais, manexaban os fíos do mercado ao seu antollo.

Debemos ter en conta que o prezo do aluminio cotiza polo que marca a Bolsa de Londres. Esta apreciación é pertinente porque a raíz do conflito, a empresa cancelou os contratos para o estranxeiro. Entre outras operacións, tiña vendidas 25 000 Tm ao Xapón por un prezo máis baixo do que se cotizaba en Londres, de xeito que a transacción non ía dar beneficios. Ao cancelarse o contrato, como consecuencia do acontecido na factoría, ese aluminio ficaría almacenado e venderíase, meses máis tarde, a un prezo superior porque a crise na factoría disparou os prezos. Noutras palabras, a pesar da crise sufrida nas seccións de electrólise, a empresa INESPAL sacou beneficios do acontecido durante eses días. Con esta visión coincide tamén o xornal económico *5 Días*, que o 25 de abril sinalaba en titulares “INESPAL, a expensas del seguro, para cerrar el mejor ejercicio de su historia” e no corpo da información sinalaba que o grupo podería pechar o seu exercicio cuns beneficios de 10 000 millóns de pesetas (60 millóns de €). O presidente do Comité, por tanto, non estaba tan mal informado.

A hand-drawn notice on a rectangular background. At the top left is a small flag with a cross. To its right, 'CC.OO.' is written in a stylized font. Further right, 'U. C. de AVILES' is written above a horizontal line, with 'CONVOCA' below it. The main title is 'ASAMBLEA GENERAL de TRABAJADORES'. Below this, the date and time are given: 'DIA: VIERNES 15 ABRIL.' and 'HORA: 5 1/2 DE LA TARDE.'. The location is 'LUGAR: SALON ACTOS A.I.S.S. Aviles.'. The agenda is listed as 'Orden del dia: SITUACION EN ALUMINA-ALUMINIO.' and 'ASISTIRAN MIEMBROS DESPEDIDOS DEL COMITE.'.

Como podemos apreciar, non só en Galiza e na Mariña se apoiaba o Comité despedido. Despois da sentenza, o resto dos comités de empresa vían que podían pasar por unha situación parecida; era moi doado que se vulnerasen os seus dereitos ou incluso que fosen despedidos.

Mentres catro membros do Comité están a explicar a súa situación en distintas cidades do Estado, os que permanecen na

Mariña responden todos os telegramas de apoio que lles chegan, tanto dos comités do grupo INESPAL como doutras empresas. Uns e outros recollen sinaturas para remitir aos diferentes organismos, co fin de conseguir que a súa situación volva á normalidade. Tamén solicitan o envío de telegramas ao vicepresidente do Goberno, ao ministro de Traballo, aos presidentes do INI e de INESPAL e aos grupos parlamentarios pedindo a readmisión do Comité e a creación dunha comisión de investigación.

### 6.2. A SUBIDA Á CHEMINEA

O día 24 de abril vaise celebrar unha manifestación en Burela e para mobilizar os traballadores e os veciños da zona distribúese o seguinte pasquín:

# VECIÑOS:

Os traballadores de Aluminio/Alúmina solicitan á **Mariña** a súa solidariedade na manifestación do 24/4/88 ás 12 horas en Burela, pola:

- **Readmisión do Comité de Empresa.**
- **Formar unha comisión de investigación pola clarificación dos feitos acontecidos.**

A convocatoria tivo un grande éxito: unhas 4 000 persoas manifestáronse ese día en Burela. A marcha, que estaba encabezada por unha pancarta en que podía lerse “Esiximos Comisión de Investigación e readmisión do Comité” rematou –só parcialmente– coa lectura dun manifesto por parte de Javier Rivera, xornalista de *El Progreso*. A representación de sindicalistas e

veciños foi moi numerosa, aínda que non aconteceu o mesmo cos alcaldes e dirixentes políticos. Só estivo presente o alcalde de Ribadeo, Eduardo Gutierrez (do BNG), aínda que a mobilización estaba apoiada polo BNG, PSG e PCG, que estivo representado por Anxo Guerreiro. Unha vez lido o manifesto, a mobilización trasladouse á factoría pois alí ía ter lugar un feito insólito. No seu periplo polo norte do Estado, os membros do Comité comentaron con outros traballadores a posibilidade de facer un acto reivindicativo que chamase a atención das autoridades e ocorréuselles a posibilidade de empoleirarse na cheminea da área de vapor. O Comité aceptou a idea e puxo en marcha o plan. Para comezar reuníronse cun médico ao que solicitaron a elaboración dunha dieta de subsistencia. Deciden que suba un membro de cada sección sindical (Ernesto R. Peñamaría de CC OO sufriu un cólico e tivo que ser substituído), mais non van dicir quen son para que a empresa non tome represalias. O día 22 algúns membros do Comité desprázanse a Ribadeo para comprar víveres, pilas e outros útiles que lles ían facer falta aos improvisados alpinistas. Ese mesmo día almacenan todo o material na Senra –na casa de Castro Vázquez, un dos membros do Comité– e deciden non verse ao día seguinte para non levantar sospeitas. O día 24 á unha da madrugada cítanse na Senra as catro persoas que van subir á cheminea e as outras catro que os van axudar (Jesús Ben, Javier Camba, Luís M. García e José Castro). Todos xuntos diríxense en dous coches ás inmediacións da fábrica. Antes de chegar á factoría detéñense a carón do Mesón da Ponte, de onde saen o dono e un cliente. Ante a pregunta de que fan alí a esas horas, un dos membros do Comité relátalle o que teñen pensado facer. Sobre as 02:00 horas están á altura dunha das entradas de Lieiro. Esperan que un dos traballadores de dentro lles dea o sinal de que poden entrar, aproveitando que os operarios de “Vapor” están a tomar o bocadillo. Ao recibiren o sinal, apartan o aramado e baixan por un noiro até ás inmediacións da cheminea. Catro soben ao primeiro andar e, antes de continuar, un deles pásalle a outro unha folla dun caderno dividida en 16 cadrantes. En cada un había escrita unha frase do tipo: “1. Un está enfermo”, “2. Saída pola porta de Lieiro esta noite”, deste xeito comunicárianse

entre eles en clave. Unha vez que chegan ao primeiro piso, lanzan cordas para que tres dos compañeiros que están abaixo vaian atando os macutos con víveres e mantas. Mentres tanto, o cuarto dá voltas no seu coche polas inmediacións da fábrica. Cando están a subir os bultos, os membros do Comité oen unha persoa berrando “Quen anda aí?”. Ao non ter resposta, vaise e os membros do Comité apuran a subida dos macutos. Minutos despois, varios homes achéganse por unha das portas da cheminea e un deles colle unha chave de golpeo. Preguntan de novo: “Quen anda aí” e, ao veren que ninguén contesta, entran por unha das portas. Nese momento, os membros do Comité corren cara á parte por onde entraran, gabean por unha porta de case tres metros de altura e saen á estrada. Sobre as 08:00 horas, avisan os restantes membros do Comité de que catro dos seus compañeiros están na cheminea e convócanos a unha reunión en que deciden dividirse en grupos para que non se saiba quen son as persoas empoleiradas na cheminea. Nas inmediacións da fábrica, preto da porta de Lieiro, levantan un campamento base. No garaxe da casa dun dos 111 despedidos instalan a tenda de campaña de J. Camba e arredor das 10:00 horas servíndose duns walkie-talkies realizan o primeiro contacto coa cheminea para preguntar que tal fora o ascenso. Os compañeiros contestan que se encontran ben, mais comentan que todo se move moito; malia estar feita de formigón, na parte alta a cheminea ten certa oscilación. Unha vez que combinan para contactar cando finalice a manifestación, despídense e apagan os aparellos radiofónicos para economizaren as pilas. Só manteñen activado durante as vinte e catro horas o da base. No momento en que a manifestación chega á factoría, estableceuse de novo contacto coa cheminea para dar ánimos aos activistas. Unha das persoas que falou cos empolicados, para transmitirllas o seu apoio e o do seu partido, foi Anxo Guerreiro, secretario xeral do PCG.

Ese mesmo día o ex-secretario xeral de CC OO, Marcelino Camacho, declaraba en *Diario de Galicia* que a sentenza excedía o propio problema na empresa e en Galiza, converténdose nunha polémica de ámbito estatal. Para Camacho a liberdade sindical estaba en perigo, e por iso pide aos sindicatos que reac-

cionen; a sentenza podía sentar xurisprudencia e, por tanto, en calquera momento podía acontecer o mesmo noutro lugar. O líder sindical resaltou que o que sucedeu cos 23 membros foi un despropósito, xa que primeiro deberían abrílles un expediente e despois, se fose procedente, despedilos e non ao contrario.

O día 25 o Comité de Empresa de A/A recibe un telegrama que di o seguinte:

Reitérovos a miña total solidariedade coa vosa loita. Apertas aos compañeiros empoleirados na cheminea. A ver se se atreve a subir alí o Ministro de Industria. Saúdos e boa sorte. Beiras (Deputado do BNG).

As catro persoas que están na cheminea son identificadas en *El Progreso* como: Ángel Pérez, presidente do Comité; Ángel Hernández, sindicalista da USO e Antón Casal e José Fernández Paleo, membros da INTG. O xornal supón –sen poder aseguralo ao cen por cen– que son esas persoas porque reconece que nin con prismáticos se diferencian ben. Tamén informa de que estas catro persoas despregaron nunha das torres da cheminea unha pancarta pedindo a readmisión e a creación dunha comisión de investigación.

As conxecturas eran constantes dentro e fóra da fábrica. A modo de anécdota lembramos que un dos que se encontra na cheminea lle comentou a outro que estaba abaixo: “Churi<sup>15</sup> que mala fama tes entre os membros de seguridade que só berraban: “Baixa Churi, baixa... que non che facemos nada!”.

Ese mesmo día 25 as seccións sindicais con presenza en A/A envían unha nota á Dirección da empresa comunicándolles que entre os días 2 e 7 de maio ían iniciar un período de folga con paros intermitentes dunha hora (de 11 a 12 horas, de 19 a 20 horas e de 3 a 4 da madrugada), que o día 10 se estendería a toda a xornada. Reivindican que o Comité de Empresa sexa readmitido. A empresa recibe a nota o día 27 ás 10:45 horas, e nese momento as seccións sindicais anuncian a convocatoria nos taboleiros informativos. Piden que, á saída do traballo, se

---

15 Alcume de Luís M. García Otero.



acheguen ás inmediateiros da cheminea para mostrar a súa solidariedade. Cando comezan a chegar os traballadores, un voceiro do Comité contacta cos empoleirados. Estes expresan a súa confianza no apoio do persoal e manifestan que se poñerán en folga de fame se non se constitúe a comisión de investigación. A folga non sería voluntaria, pois apenas lles quedaba alimento. Tamén lles din que se encontran con fortes dores de costas –cren que motivadas polo frío e as correntes–, con vertixe e coas mans cheas de chagas a consecuencia da escalada, mais aseguran que se senten ben, o que tranquiliza os seus compañeiros.

Mais pouco dura esa tranquilidade. Cando os medios de comunicación intentan conseguir impresións dos activistas, descubren que resulta moi difícil establecer contacto coa cheminea porque o sinal estaba sendo interferido pola policía e dan a voz de alarma, pois a falta de comunicación coa torre podía implicar riscos moi severos.

Malia os obstáculos político-policiais, foron moitos os medios que recolleron a insólita protesta de catro despedidos, que desde unha torre de 150 m pedían a readmisión aos postos de traballo e que fosen restituídas as súas funcións como Comité de Empresa. *ABC* titula: “Alúmina: sigue la protesta desde una chimenea de 150 metros”; en *Ya* podemos ler “Protesta en Alúmina”; no *Diario de Galicia* “Situación drástica en la chimenea de Alúmina, el frío y la escasez de víveres añaden dramatismo a la acción de Alúmina”. Neste contexto, unha representación do Comité viaxa a Madrid para acudir ao Congreso, onde van reclamar unha comisión de investigación.

O día 26, Churi –que permanece as 24 horas na base– deseña unha novo xeito de comunicarse cos compañeiros da cheminea: a partir dese momento as comunicacións faranse en clave para poder salvar as escoitas da empresa e da policía. Agora –25 anos despois– chegou a hora de revelar como era esa comunicación que tiña á policía tan desconcertada, ao crer que se comunicaban por medio dunha biblia, dun libro ou dun código secreto deseñado por eles. O sistema era moito máis sinxelo: a comunicación facíase con ese cadrante que lle entregou un dos compañeiros que subiu á cheminea ao que ía quedar no posto de garda. Cada vez que quería transmitir unha información confidencial, dicíalle

que marcase determinada letra de determinado cadrante. Unindo esas letras facíanse palabras e unindo as palabras chegaban ás frases.

A cobertura mediática dispensada a este acto reivindicativo levantou ampolas. A empresa obrigou os traballadores a levaren de xeito permanente o cartón de identificación interna e mostralo a requirimento dos gardas de seguridade. A Dirección da empresa tiña medo de que se introducisen persoas alleas á fábrica nas instalacións e que axudasen a baixar aos da cheminea? ou, pola contra, temían que subisen máis para unírense aos outros? O que si sabemos é que a Dirección da empresa estaba a ser eclipsada pola acción sindical.

Por se isto fose pouco, tres representantes sindicais protagonizaron outra acción por sorpresa: encerráronse durante dúas horas na Delegación Provincial de Traballo da Xunta de Galicia para que a Xunta exercese presión sobre o Goberno central para conseguir unha entrevista cos dirixentes do INI.

### ***6.3. PROPOSICIÓN NON DE LEI NO CONGRESO***

Ese día, ás 16:30 horas, o Grupo Parlamentario de Coalición Popular presenta no Congreso dos Deputados unha proposición para estudar as circunstancias que deron lugar ao accidente do buque Casón en Fisterra e as súas consecuencias na Mariña. Os encargados de levar a cabo o devandito relatorio foron Aja Mariño, Trillo e López Mancisidor. Na súa alegación, Aja Mariño cualificou as autoridades da Xunta e do Goberno central de incompetentes, inoperantes e ineficaces e manifestou que, por tanto, non debían seguir ocupando os postos que ostentaban, xa que as súas actitudes constituían un risco para os traballadores e os cidadáns. Despois de sinalar o caos e o desconcerto vivido polos veciños tanto de Fisterra como da Mariña, preguntou se o Estado non tiña mecanismos para salvar unha empresa nunha situación crítica como aconteceu en A/A. Ficaba claro que non só o Comité pensaba que a decisión de parar a fábrica fora premeditada por parte do Sr. Monteiro, quizais co consentimento do Goberno central. Aja Mariño rematou a súa intervención mencionando que nese momento catro dos traballadores despedidos se encontraban no extremo dunha torre da factoría e que unha das

súas reivindicacións era que se crease unha comisión de investigación, e afirmou que o seu grupo non ía ser cómplice do que lles sucedese a esas persoas. Tras Aja Mariño tomou a palabra Curiel Alonso, pola Agrupación Izquierda Unida-Esquerra Catalana, quen manifestou que o seu grupo ía apoiar a proposición non de lei. Lamenta que pagasen os que non tiñan ningunha culpa e sinala a diversidade de sindicatos que forman o Comité (UGT, USO, INTG, CC OO e Independentes) para enfatizar a unidade mostrada até o momento, sen titubear nas decisións tomadas. Termina a súa intervención afirmando que, quizais, na factoría había plans previos de reconversión da empresa e por iso mandaron para ese lugar os bidóns. Os seguintes en tomar a palabra foron o Sr. Pardo Montero (Agrupación do Partido Liberal), seguido do Sr. López Guerrero (Agrupación Democracia Cristiana), o Sr. Rioboo Almanzor ( Grupo CDS) e, por último, o Sr. Gracia Plaza (Grupo Socialista). Este tentou desmontar, con vagos argumentos, o que dixeran os demais e rematou afirmando que aceptar a proposición: “sería una ingenuidad y los socialistas tenemos en este momento la cuota de ingenuidad cubierta”. Inxenuidade ou non, o Sr. Gracia parecía non dar importancia a que naquel intre houbera catro persoas na cheminea de A/A reivindicando unha comisión de investigación.


Efectuada a votación, o resultado foi o seguinte: votos emitidos 291, a favor 115, en contra 164, abstencións 12. A proposta non saíu adiante. A case 180 deputados e deputadas dábanlles igual as calamidades que estes homes estaban a sufrir. A arriscada protesta non causara efecto nos seus corazóns.

Estes resultados significaron un duro golpe para o Comité, que vía como as súas esperanzas de conseguir unha comisión de investigación voaban como o fume que saía da cheminea onde se encontraban os seus catro compañeiros desde había dous días. Era duro darlles a noticia. Varios membros do Comité reuníronse para comunicarllela. Foron, quizais, os momentos máis dolorosos que viviron os 23 homes, as súas familias, amigos e traballadores; era unha mazada da que lles ía custar repoñerse.

O 26 de abril foi un día tremendo, sobre todo para os catro que estaban na cheminea. Ese día, tras coñeceren o resultado da votación, deciden mostrar publicamente a súa identidade.

Acertara *El Progreso*: eran Ángel Pérez, Ángel Hernández, Antón Casal e José Fernández Paleo. Abatidos pola decepción, os familiares achegáronse ao campamento base e desde alí puideron falar cos seus maridos e os seus pais. Malia que algún dos fillos deses homes daquela era moi pequeno, recorda perfectamente como lle deixaron o walkie-talkie e puido falar co pai para darlle ánimos e dicirlle que non se preocupase, que abaixo todos estaban ben.

O día 27 desbordouse a tensión e o desánimo. Ao cansazo dos que estaban na cheminea uníanse as noticias de que non se ía celebrar o 1º de Maio de xeito conxunto como tiñan pensado. Cada sindicato organizaba polo seu lado. Ao día seguinte, o Comité de Empresa envía o seguinte telegrama á INTG e á CXTG: “Comité de Empresa de Alúmina Aluminio invita os sindicatos INTG CXTG a celebrar o 1 de Maio conxuntamente con UGT, USO, CC OO en Burela”. A resposta chega o día 30 no telegrama que se mostra a continuación:



CXTG e INTG celebran o 1º de Maio en San Cibrao, mentres CC OO, UGT e USO anuncian que o van celebrar en Burela. Ese mesmo día, *El Progreso* recolle en titulares “Un grupo próximo al E.G.PG.C<sup>16</sup> envió cartas amenazantes a directivos de Alúmina-Aluminio”, na noticia fálese da indefensión en que se encontran os membros do Comité ante estas cartas.

Tamén ese día, o deputado Enrique Curiel, de Izquierda Unida, e tres membros do Comité de Empresa –os que foran ao Congreso: J. Castro, Casimiro e Barreira– solicitaron a creación dunha comisión, aínda que non fose parlamentaria, para coñecer a identidade dos culpábeis dos feitos tras o encallamento do Casón. Mentres tanto, os catro membros do Comité empoleirados na cheminea aseguran que non baixarán até que se encontre unha solución. Por se a situación se prolonga, redúcense as comunicacións coa torre. Desde que deran a coñecer súa identidade, as mulleres e os fillos falaban con eles todos os días.

A partir dese día, todos os traballadores saen pola porta de Lieiro para mostrar o seu apoio aos compañeiros. Malia que a empresa a mantiña pechada, a estrutura de ferro foi aberta polos propios empregados, que romperon o cadeado.

#### **6.4. BAIXADA DA CHEMINEA**

O día 28 foi o máis atarefado. O membro do Comité que se encontra sempre no campamento base, Luís M. García Otero, da INTG, comunícase en clave cun dos empoleirados que teñen previsto baixar ás 17:30 horas do día seguinte, coincidindo coa saída dos traballadores de xornada normal. O principal motivo para cesar a súa protesta e que as centrais sindicais non acoden xuntas á manifestación do 1º de Maio. Antón Casal confirma que baixan. Se as centrais sindicais non mostran unión, eles non van seguir na cheminea. Ás 17:00 horas mulleres e fillos dos traballadores, acompañadas dunhas 500 persoas, saen do Castelo cara á entrada de Lieiro. Nesta entrada únenselles os traballadores que saen da súa xornada laboral e que acoden, como vén sendo habitual, a mostrar a súa solidariedade cos membros do Comité. A través dun radioteléfono, Ángel Pérez explica aos concentra-

16 Exército Guerrilheiro do Povo Galego Ceibe

dos que é unha falta de xustiza que toda a responsabilidade caía sobre o Comité e que por iso seguirán loitando. Máis tarde, tamén Xosé Manuel Beiras manifesta o seu apoio ao Comité e afirma que hai que botar abaixo a sentenza porque é inxusta, ao tempo que critica a pasividade da Xunta. Conclúe dicindo que as mobilizacións son a única saída viábel á situación de A/A. Tras esta intervención toman a palabra Francisco Rodríguez, sindicalista de UGT e membro do Comité; Manuel Expósito, secretario xeral de USO; Xermán Rouco, da INTG e José Ramón Granda, de CC OO. Todos lles solicitaron aos manifestantes que continuasen apoiando a loita do Comité. Ante as ameazas das forzas da orde de que ían subir á cheminea, un dos empoleirados contestou vía radioteléfono: “Non teríamos ningunha pega. Todo o contrario: quitaremos a baralla e botaremos a partida”. A situación seguía moi tensa; a Dirección da fábrica negábase incluso a que os membros do Comité entrasen a doar sangue.

Por parte dos empoleirados, continúan os reproches á empresa. Nun dos comunicados da tarde sinalan: “Quen nos chamou á casa cando chegaron os bidóns o pasado 12 de decembro? Ningún de nós veu voluntariamente para enfrontarse coa situación. Nós vímonos obrigados a elaborar conxuntamente coa Dirección da empresa un plan de evacuación e un plan de mantemento de servizos mínimos, e agora ninguén parece acordarse”.

Segundo eles: “o director da fábrica sabe o que sucedeu e cala, en lugar de saír dicindo a verdade e dando a cara”, e conclúe: “se alguén o moveu por detrás, non é culpa do Comité; era el o director da factoría”. Os reproches son moi acertados. Desde que subiron á cheminea, a empresa bloqueou en dúas ocasións a porta de Lieiro –despois de que fose forzada polos traballadores, contratou aínda máis empregados de seguridade–; enreixou os accesos ao comedor da factoría, anexo aos locais do Comité; prolongou o valado que vai da entrada principal ao edificio exterior onde están os locais do Comité (agora das seccións sindicais); separou os locais sindicais e situou un garda xurado á porta para impedir o paso ao comedor, onde se facían as asembleas, aos membros do Comité.

A empresa denunciou tamén a ocupación da cheminea e manifestou temor pola seguridade dos operarios. Estabamos ante

unha nova manifestación de hipocrisía: se lle importasen os traballadores, tería velado antes polos seus intereses para que non chegasen a esa situación. O único que lle preocupaba a empresa era saber se ía cobrar o seguro para pechar así o mellor exercicio da súa historia. A presenza destas persoas na torre poderíalles amargar a celebración, malia que utilizándoos lograran o seu obxectivo: parar as seccións de electrólise.

A protesta estaba a piques de rematar. O venres 29, Churi –a única persoa que sabía que os compañeiros ían baixar– fai os preparativos. Fala cun grupo duns cincuenta homes e dilles que busquen paus e que os garden nunha caseta. Ante a insistencia do Sr. Granda que quere saber o que pasa, confésalle que os activistas van baixar, mais que garde silencio sepulcral, pois non debe decatarse ninguén –e menos a empresa– para impedir que tomen represalias. O Sr. Granda –facendo caso omiso ao que lle acaban de pedir– avisa o Sr. Barreiro, responsábel provincial do Metal de CC OO. Este, como membro do Comité de Folga, ía reunirse ás 11:00 horas coa Dirección da empresa para marcaren os servizos mínimos para as próximas xornadas reivindicativas. Ao finalizar a reunión, Granda e Barreiro reúnense cos directivos e cóntanlles todo. Sobre as 12:20 horas Granda achégase a Churi e dille que a empresa está disposta a poñer ambulancias e un helicóptero para evacuar os membros do Comité empoleirados na cheminea e levalos ao hospital. Churi non podía crer o que estaba a ouvir e respondeulle moi cabreado: “Quítate de diante que che meto unha hostia que cruzas a vía”. O golpe ía ser moi forte pois a vía do tren estaba a nove metros de altura ao lado de onde se situaba o campamento base.

A baixada estíbese a complicar; agora acababan de ser vendidos por un dos seus. Había que contar, máis que nunca, cos que apoiaban a causa. Sobre as 12:30 horas, o helicóptero rolda a cheminea e os empoleirados comunícanse coa base. Os de arriba preguntan, en ton xocoso, se pasa algo coa “Abeja Maya”. Churi contéstalles que non, que poden estar tranquilos. Estaba convencido de que ían poder sacar os compañeiros coa axuda de persoas de confianza. Pasase o que pasase, non os ían amedrentar nin os gardas xurado –que se incrementaran esa mañá–, nin a Garda Civil nin a Policía.

Arredor das 16:00 horas Churi comunícase con eles e dilles que se preparen para baixar. Mentres tanto, un grupo de persoas preparan unha serie de abrigos para tapar os compañeiros cando baixen, de xeito que poidan saír ente a multitude sen perigo de seren recoñecidos

Sobre 17:00 horas, os traballadores e un considerábel grupo de mulleres concéntranse diante da porta de Lieiro, onde tamén se encontran Xosé Manuel Beiras e Bautista Álvarez. Ás 17:30, cando está a saír a quenda de A/A, cinco encapuchados cortan o cadeado da porta e esta –que puxeran nova o día anterior– cede aos empurróns ante a mirada atónita dos membros de seguridade e a Garda Civil. Mentres isto sucedía, uns poucos foron recoller as estacas, por se for preciso usar a forza, para seguidamente dirixírense en desbandada á base da cheminea. Ao chegaren, comezaban a descender pola última esqueira os membros do Comité que estaban arriba e que foron recibidos entre berros, aplausos, puños en alto e bágoas. Coa protección dos abrigos, uníronse á multitude e saíron da factoría sen que houbera ningún incidente. Esa porta, da que antes falamos, foi o único elemento que deterioraron durante o conflito, e incluso durante o período de representación.

Unha vez abaixo, os activistas diríxense ao campamento base para aseárense e repoñer forzas. O máis difícil estaba feito e despois do circo mediático que montaran co helicóptero, as ambulancias e os comunicados de alerta ao Hospital da Costa, non crían que a empresa fose tomar represalias.

### ***6.5. PRIMEIRO DE MAIO DE 1988***

O sábado 30 de abril transcorreu con normalidade e os membros do Comité aproveitaron o día para estaren coas súas familias e descansaren da atafegada semana.

O 1º de Maio ía celebrarse segundo o previsto; dúas manifestacións na Mariña: unha en San Cibrao, convocada por a INTG e CXTG e outra en Burela, convocada por USO, UGT e CC OO. A manifestación de San Cibrao reduciuse a un mero acto simbólico en que o secretario xeral da INTG, Manuel Mera, deu lectura a un manifesto sobre a problemática de A/A e do movemento obreiro en xeral. Ás 12:00 horas en Burela celebrouse



outra manifestación, a que acudiron tamén os cinco membros do comité pertencentes á INTG, que anteriormente estiveran en San Cibrao na convocada polo seu sindicato. Centos de persoas –entre elas os membros do Comité– participaron na manifestación, encabezada por unha pancarta en que se pedía a creación dunha comisión de investigación e a readmisión do Comité. Os manifestantes dirixíronse ás inmediacións da Casa do Mar onde había preparada unha tribuna. No transcurso do acto tomaron a palabra Manuel Expósito, secretario provincial da USO; Ángel Barreiro, responsábel provincial de CCOO; Manuel Golpe, da UGT Galicia e Casimiro Val (membro do Comité), que pechou o acto coa lectura dun poema de Miguel Hernández titulado “Viento del Pueblo me lleva”

Vientos del pueblo me llevan,  
vientos del pueblo me arrastran,  
me esparcen el corazón  
y me aventan la garganta.

Los bueyes doblan la frente,  
impotentemente mansa,  
delante de los castigos:  
los leones la levantan  
y al mismo tiempo castigan  
con su clamorosa zarpa.

No soy de un pueblo de bueyes,  
que soy de un pueblo que embargan  
yacimientos de leones,  
desfiladeros de águilas  
y cordilleras de toros  
con el orgullo en el asta.  
Nunca medraron los bueyes  
en los páramos de España.  
¿Quién habló de echar un yugo  
sobre el cuello de esta raza?  
¿Quién ha puesto al huracán  
jamás ni yugos ni trabas,  
ni quién al rayo detuvo  
prisionero en una jaula?

Asturianos de braveza,  
vascos de piedra blindada,  
valencianos de alegría  
y castellanos de alma,  
labrados como la tierra  
y airosos como las alas;  
andaluces de relámpagos,  
nacidos entre guitarras  
y forjados en los yunques  
torrenciales de las lágrimas;  
extremeños de centeno,  
gallegos de lluvia y calma,  
catalanes de firmeza,  
aragoneses de casta,  
murcianos de dinamita  
frutalmente propagada,  
leoneses, navarros, dueños  
del hambre, el sudor y el hacha,  
reyes de la minería,  
señores de la labranza,  
hombres que entre las raíces,  
como raíces gallardas,  
vais de la vida a la muerte,  
vais de la nada a la nada:  
yugos os quieren poner  
gentes de la hierba mala,  
yugos que habéis de dejar  
rotos sobre sus espaldas.  
Crepúsculo de los bueyes  
está despuntando el alba.

Los bueyes mueren vestidos  
de humildad y olor de cuadra:  
las águilas, los leones  
y los toros de arrogancia,  
y detrás de ellos, el cielo  
ni se enturbia ni se acaba.  
La agonía de los bueyes  
tiene pequeña la cara,  
la del animal varón  
toda la creación agranda.

Si me muero, que me muera  
 con la cabeza muy alta.  
 Muerto y veinte veces muerto,  
 la boca contra la grama,  
 tendré apretados los dientes  
 y decidida la barba.

Cantando espero a la muerte,  
 que hay ruiseñores que cantan  
 encima de los fusiles  
 y en medio de las batallas.

O poema foi escollido polo propio Casimiro Val –hoxe xa falecido–, quen, en palabras da súa filla, era un apaixonado da poesía de Miguel Hernández e de Machado. Casimiro nacera no ano 1934 e tivera que poñerse a traballar con tan só 12 anos. Aínda que pouco puido ir á escola, iso non impediu que fose un autodidacta e un apaixonado da literatura. A súa filla recorda que lles lía –a ela e aos seus irmáns–, poemas de Miguel Hernández nas praias do Sahara, e está segura de que, se escolleu este poema, foi porque tiña un significado moi especial para el.

O poema fala por si só. Realmente, reflicte moi ben o que estaba a acontecer na fábrica de San Cibrao e as circunstancias que se vivían naqueles momentos. A Dirección da empresa quería ao seu redor bois que agachasen a cabeza, mais cando no ano 85 aparece este Comité de leóns –que non se amedrentaban coas ameazas, senón que levantaban as gadoupas–, a empresa encóntrase cun grande problema. Este Comité foi o que se presentou na sede de INESPAL para denunciar os experimentos nas cubas electrolíticas, o mesmo que se negaba a aceptar as propostas da empresa se eran lesivas para o cadro de persoal ou para a comarca (Vid. Cap.II). En definitiva: era un atranco e había que acabar con el porque demostrara, en reiteradas ocasións, que o que realmente lle importaba era defender os dereitos dos traballadores aos que representaban.



## 7. A VERSIÓN EXTRAOFICIAL

Como di o refraneiro popular, o que mal comeza mal remata. Iso é o que deberon pensar os membros do Comité durante o mes de maio de 1988 e nos meses sucesivos. Sen teren culpa de nada, atópanse sen emprego e sen esperanzas de recuperalo. Estaban seguros de que non se ía constituír a comisión de investigación e só lles restaba esperar a coñecer a sentenza do Tribunal Supremo.

### *7.1. MAIO: ACTOS REIVINDICATIVOS DE APOIO AO COMITÉ*

O día 2 visita as instalacións de A/A o Sr. García Fonseca, deputado de IU, quen se interesa polo acontecido e apoia os actos reivindicativos convocados en defensa dos membros do Comité. Ese día ten lugar o primeiro paro dunha hora. Despois das 11:00, os traballadores quixeron reunirse en asemblea no comedor, como era costume, mais foilles denegada a entrada co argumento de que as seccións sindicais deberían ter avisado con anterioridade. A empresa seguía na súa liña de poñer pexas a todo: os gardas xurado negan a entrada ao recinto a un dos membros do Comité e pouco despois autorizan a celebración da asemblea, sen os membros do Comité. As centrais sindicais néganse a facela nesas condicións. Como o Comité non pode entrar, os traballadores deciden saír á explanada e celebrar a asemblea fóra da fábrica. A decisión non sentou moi ben á Dirección da empresa pois malia poñer todo o seu interese en desacreditar os 23 membros do Comité despedidos, os traballadores seguen recoñecéndoos como os seus lexítimos representantes e como os únicos membros do Comité. Unha vez finalizada a reunión, os traballadores volven aos seus postos de traballo, mais non poden facelo de forma normal, xa que os gardas de seguridade pídenlles que efectúen a entrada de un en un e ensinando a súa identificación. Ao ralentizar a entrada, incorpóranse tarde aos seus postos. Pretendía, acaso, a empresa rebaixarlles o salario por este atraso para impedir que seguisen cos paros?

Ese mesmo día, no Instituto Teolóxico de Santiago de Compostela, ten lugar unha conferencia de Joaquín Ruiz Jiménez, que até había uns meses fora Defensor do pobo. No seu relato trata distintos temas, entre eles, o caso dos despedimentos de A/A. Diante dun nutrido auditorio avogou pola readmisión

de todos os traballadores despedidos, ao entender que a súa actuación foi debida á premura ante unha situación de tensión e perigo que se creou nun momento determinado e ao pánico social vivido na Costa da Morte nos días previos ao traslado dos bidóns a San Cibrao. Tamén rexeitou a presión que estaba a exercer a empresa contra o Comité e lamentou que os dirixentes non se puxesen de acordo no que había que facer. É unha magoa que o xuíz non apreciase o mesmo que apreciou o Sr. Ruiz Jiménez.

**NOTA I N F O R M A T I V A**  
=====

**Las Secciones Sindicales quieren poner en conocimiento de todos los compañeros/as que los Comités de Empresa de Alicante, Linares y Aviles se encuentran encerrados en sus respectivos locales en apoyo al Comité de Alúmina-Aluminio que tambien permanece en la misma situación hasta que finalice el encierro de los compañeros de los otros centros.**

**Asi mismo os comunicamos la descomocatoria de los paros de los días 3, 4 y 5 de Mayo pero manteniendose el del día 7 en sus tres turnos y el paro general a realizar el día 10 de Mayo.**

**San Ciprián a 3 de Mayo de 1988**

Despois de ler esta nota, feita pública o 3 de maio polas seccións sindicais, poderíamos pensar que o Comité se estaba a dar por vencido, mais nada máis lonxe da realidade. Estaba volviendo a coller folgos ao ver que aínda había moitas persoas que crían na súa causa e que os apoiaban dentro e fóra da factoría. A solidariedade dos comités de Alacante, Linares, e Avilés –como a de moitos outros– dá novas esperanzas ao Comité. Ver que

os seus compañeiros lles seguen mostrando apoio para eles é un feito moi importante. Como se pode ler na nota informativa, o Comité de folga desconvoca os paros que foran convocados no seu día para apoiar os membros do Comité empoleirados na cheminea e decide levar a cabo tan só un. A decisión está relacionada co acontecido na xornada anterior: os traballadores que secundaron o paro incorporáronse tarde aos seus postos de traballo e a empresa descontoulles do soldo tanto o tempo do paro como o da demora en chegar aos seus postos.

Ese mesmo día pola tarde os membros do Comité inician un encerro nos locais das seccións sindicais e á mañá seguinte celebran un pleno para tratar as novidades do longo conflito que ía cumprir xa cinco meses. Mentres, continúa a recibir mostras de solidariedade, como a manifestada polos sindicatos do Salnés (INTG, CC OO, UGT, CNT, SGTE) que os convidan a acudir a unha charla sobre a situación do conflito en A/A.

O día 6 ás 10:30 horas celébrase na Maxistratura de Traballo de Lugo o xuízo polo conflito colectivo interposto polas centrais sindicais CC OO, INTG, UGT e USO para pedir a readmisión dos 23 membros do Comité –e, por tanto, o exercicio das súas funcións como representantes dos traballadores– mentres que o Tribunal Supremo non decide sobre o recurso de casación. Na sesión, presidida polo maxistrado Ricardo Ron Curiel, o avogado da empresa argumenta que non existe relación entre esas 23 persoas e A/A desde o seu despedimento, polo que os demandantes non poden representar os traballadores desa factoría e afirma que os traballadores e os ex-membros do Comité non realizan actos conxuntos. A empresa non nega que teña que haber un Comité, mais non acepta estas persoas ao non seren empregadas da factoría.

Obviamente, faltou á verdade ao dicir que os traballadores non se reunían cos membros do Comité. Non o facían dentro da fábrica porque non os deixaban entrar, mais si se reunían fóra, como acabamos de sinalar.

Pola súa banda, os defensores do Comité sinalan que o persoal permanece indefenso –ao non ter representación para negociar o convenio– e afirman que, mentres non haxa unha sentenza

filme, o Comité pode seguir realizando as funcións que viña desempeñando. Tras este debate, o xuízo fica visto para sentenza.

O día 9, o Grupo Comunista e Afíns do Parlamento europeo presenta en Estrasburgo unha proposta de resolución sobre o conflito de A/A, derivado do encallamento do Casón nas costas de Fisterra. Na proposta, elaborada por Melchor Roel, que viviu directamente o conflito na factoría, solicítase que o Parlamento realice un informe exhaustivo sobre as actuacións das autoridades que tiveron relevancia nos acontecementos. A exposición consta de catro puntos, dos que un reflicte o risco ambiental no transporte dos bidóns segundo as normas de traslado de materias perigosas, e outro recolle a falta de respecto polos convenios internacionais en materia de actividades sindicais, ao entorpecer as funcións dos seus representantes.

O día 11, membros do Comité mantiveron unha reunión con Txema Montero, eurodeputado de HB (Herri Batasuna), en que o puxeron ao tanto do conflito e deixaron constancia de que era un claro ataque contra os dereitos dos traballadores. O eurodeputado comprométese con eles a apoiar a solicitude dunha comisión de investigación.

Ese mesmo día publícase a sentenza da Maxistratura Nº 2 de Lugo. O Maxistrado Ron Curiel desestima a demanda, xa que considera que as funcións laborais dos despedidos estaban directamente relacionadas co seu contrato e, nese momento, non existía vinculación entre os traballadores da factoría e os membros despedidos do Comité. Non se podía esperar outra sentenza se viña dun maxistrado que xa ditara o despedimento.

O día 15, preséntase un recurso especial de súplica –ao abeiro dos artigos 193 e seguintes da Lei de procedemento laboral–, contra o ditado polo maxistrado de Traballo en relación cos autos 284/88. Entre outros motivos, os membros do Comité, alegan que non teñen que estar vinculados ás funcións laborais. En situación de folga, hai unha causa suspensiva do contrato laboral e, a pesar diso, non decae o dereito a exercer as funcións representativas. Ademais, para manter a liberdade sindical, a relación laboral non pode ser extinguida por vontade do empresario.

O día 18, unha comisión do Comité –Ángel Pérez, Castro Abella, Miguel Cereceda e Antón Casal– xestionou en Madrid a



constitución dunha comisión de investigación integrada por numerosas personalidades. Aínda que non tivese valor legal, contribuiría a clarificar os feitos desencadeados na factoría, ao tempo que elaboraría un informe para enviar a Estrasburgo, segundo solicitaran varios grupos políticos.

O día 20, todas as cubas de electrólise da factoría que estaban paralizadas foron reactivadas. Este arranque fíxose coincidir coa presentación das previsións de beneficios de INESPAL, que ascendían a 13000 millóns de pesetas (78 millóns de €). Fernando Rubio manifestou que as perdas foran de 11000 (66 millóns de €) e non de 16000 millóns de pesetas (96 millóns de €), grazas á rápida recuperación das instalacións. O mellor exercicio económico da historia de INESPAL saldouse cun resultado positivo de 1 693 millóns de pesetas (10 millóns €), o que representaba unha mellora do 172% con respecto ao ano 1986. O conflito dos bidóns, en lugar de perdas, deu suculentos beneficios á empresa. No entanto, malia os suculentos beneficios, esta négase a que o Comité volva a exercer as súas funcións na factoría e non pensa readmitilo. Fernando Rubio sinalou que o seguro se negaba a pagar a indemnización. Aínda que a póliza estaba contratada a todo risco, existían tres factores que deixaban sen efectividade a cobertura: 1) a nacionalización ou requirimentos directos do Goberno ou das autoridades locais; 2) que fose unha negligencia da Dirección da empresa; 3) por falta de lealdade ou honestidade por parte da empresa ou dos seus traballadores. Calquera destas tres razóns poderían ser utilizadas por parte dos seguros para negarse a pagar, segundo o presidente de INESPAL.

O día 21, o Grupo Comunista do Parlamento europeo –por iniciativa dos eurodeputados Pérez Royo, Gutiérrez Díaz e Alonso Puerta, de IU– solicita a creación dunha comisión parlamentaria que investigue os feitos acontecidos a raíz da chegada dos bidóns do buque Casón á factoría de San Cibrao. Pide tamén a revisión e reforma da lexislación comunitaria en materia de transporte marítimo de produtos tóxicos ou perigosos e a elaboración dunha directiva europea que garanta as liberdades sindicais.

## 7.2. XUÑO: RECURSO ANTE O TRIBUNAL SUPREMO

O día 6 de xuño, Apolinar Rodríguez reúne coa Dirección de empresa para tratar temas relativos á normalización laboral e á busca dunha forma de representación sindical adecuada diante da situación de despedimento en que se encontra o Comité. Tras reunirse coa empresa e cos sindicatos, o líder sindical considera factíbel a reintegración representativa dos 23 membros do Comité ao posto de traballo. Canto á readmisión do Comité, sinalou que non consideraba a empresa como interlocutor axeitado para abordar o tema, que era un asunto que habería que negociar coa dirección do INI.

O día 14, preséntase ante a Sala do Social do Tribunal Supremo o Recurso de Casación 2125/88 contra a sentenza do 23 de marzo de 1988 da Maxistratura de Traballo Nº 2 de Lugo. O texto comeza cunha exposición dos antecedentes dos feitos probados e segue cos motivos do recurso:

- No punto primeiro faise mención á data de baixa na Seguridade Social (7 de xaneiro) cando os membros do Comité non son despedidos até o día 8 de xaneiro de 1988.
- O punto quinto refírese ao cambio que se produce na cualificación dos feitos ao pasar de folga ilegal a situación de forza maior e disturbio laboral, para favorecer a empresa no caso dos regulados e o consorcio de seguros.
- No sexto sinala que a Dirección da empresa, por causas que non quedaron aclaradas no proceso, renunciou a acudir ao xuíz, como podería ter feito, para marcar os servizos mínimos segundo a doutrina xudicial citada, provocando unha decisión xudicial en trámite de urxencia.
- No oitavo punto sinálase que o maxistrado “a quo” debeu concluír que os demandantes incorreron en conduta que, sen maiores valoracións, se considera constitutiva de transgresión da boa fe contractual. A fundamentación xurídica número 21 é unha boa exemplificación do “modus operandi” seguido, ao afirmar literalmente:

“al haber quedado acreditado el incumplimiento contractual, al menos alguno de ellos con virtualidad suficiente, alegado por la parte demandada en sus escritos de comunicación, procede, a

tenor de lo preceptuado en el art. 55, núm. 3 del Estatuto de los Trabajadores, declarar procedentes los despidos cuestionados” La frase al menos alguna de ellos permite en su ambigüedad una doble interpretación:

- 1ª) Si referida a “algunos despedidos” (puesto que en el hecho probado 14º relaciona la sentencia a aquellos que impidieron el acceso a trabajo de los trabajadores que pretendían entrar en la factoría, bien que sin ejercer violencia), habría que evitar extender la calificación que se hace de transgresión de la buena fe contractual a los demás no relacionados en la sentencia, y respeto de los cuales no cabe, por obvias razones, juzgar con presunciones en su perjuicio.
  - 2ª) Si referida a “algunos incumplimientos” vuelve a cobrar cuerpo la denuncia que articula el motivo, pues resulta inaceptable jurídicamente, con todo respeto sea dicho, que en un supuesto de tanta gravedad y trascendencia se pueda concluir una sentencia de extensión desusada afirmando que cuando menos algunos incumplimientos eran graves, sin determinar cuáles de ellos y respecto de quien o quienes.
- O punto noveno fala da implicación directa de seis traballadores, citados polos seus nomes e apelidos no feito probado 14º da sentenza, mais mantense a imputación empresarial de atentar contra a liberdade de traballo dos demais. A devandita imputación é estendida aos demais membros do Comité nas cartas de despedimento cando esta non podería ter efecto máis que no caso daqueles que fosen mencionados. Incluso para estes sería difícil manter a imputación, pois o mesmo maxistrado afirma como feito probado que non exerceron violencia ningunha, que se limitaron a realizar unha información disuasoria, por razóns de seguridade. E esta actitude non pode constituír unha transgresión da boa fe contractual. A continuación reproducimos outro parágrafo do recurso:

Tampoco parece posible cargar la culpabilidad de los trabajadores despedidos en los hechos a que se refiere el fundamento jurídico número 17º, en relación con la comunicación dirigida por el Comité a la dirección de las demandadas solicitando la transfe-

rencias de las competencias organizativas. Hay que advertir que esa comunicación fue presentada como prueba documental por esta parte (documento núm. 25) y que pese a la demagogia que sobre su contenido se hizo por las demandadas en el acto del juicio (al hablar de tumulto revolucionario, de ánimo de implantar la autogestión anarquista, etc.) y con posterioridad en la prensa, carece de significado en cuanto que se trata de una solicitud meramente y por tanto de un ruego que sólo se habría actualizado con el consentimiento de la propia dirección del complejo ALA-ALO. No se trató de una invasión de competencias y menos de un acto violento de desposesión a las mismas, sino, ha de insistirse en ello, de una simple proposición a la vista de las circunstancias y siempre con ánimo de resolver la situación existente, dado que no se resolvía de otro modo ni por las demandadas, ni por las autoridades competentes ni por el acuerdo entre demandadas y Comité. Pero lo que no cabe es calificar de incumplimiento grave y culpable de obligaciones laborales. De otro modo se iniciaría una “caza de brujas” y la negociación colectiva, formal o informal, quedaría arruinada, al no poder la parte trabajadora manifestarse con despreocupación al formular sus propuestas o reiniciaciones, cualesquiera que éstas fueran.”

- Para finalizar, sostén que é admisible presentar recurso de casación por infracción de lei e de doutrina legal.

OTROSI DIGO: Que dada la importancia de las listas, al haberse dispuesto por las empleadoras el despido de la totalidad de los miembros del Comité de Empresa, y la gravedad fáctica e interés jurídico de los datos básicos que determinan el pleito, esta parte solicita, al amparo del art. 174 de la LPL, que la Sala acuerde la celebración de VISTA PÚBLICA, señalando día y hora para su práctica, con citación de las partes. Por lo que SUPLICA tenga por hecha esta solicitud en el lugar y fecha antes mencionados.

A finais de xullo sábese que a comisión investigadora para o esclarecemento do sucedido en A/A comezaría as súas sesións de traballo en setembro. Nela participan importantes xuristas e profesionais do Estado español, así como entidades e asociacións privadas que figuraban a título individual.

### 7.3. SETEMBRO E OUTUBRO: AS DESAVINZAS ENTRE A EMPRESA E AS ASEGURADORAS

O verán de 1988 transcorre sen que apenas ninguén fale do Comité. A normalidade volve pouco a pouco para a maioría dos traballadores, mais non así para os 23 que continúan despedidos. A empresa segue tentando cobrar o seguro aínda que cada vez lle resulta máis difícil. Os custos dos danos ocasionados terán que ser repartidos entre as aseguradoras españolas e INESPAL. As aseguradoras estranxeiras confirmaran en xuño que non ían proceder á indemnización ao terse producido negligencia dos directivos e falta de lealdade dos empregados, dous supostos que –segundo os termos da póliza– eximían o consorcio de seguros de calquera responsabilidade. Tras unha longa negociación e as ameazas de Fernando Rubio de levar o caso aos tribunais, chégase ao acordo de que INESPAL asuma arredor da metade dos 9200 millóns de Ptas. (55 millóns de €) e as aseguradoras o cincuenta por cento restante.

É preciso lembrar que o consorcio de seguros estaba encabezado por Musini, filial do INI, e que esta compañía reasegurou o risco con cinco sociedades: La Unión y el Fénix, Plus Ultra, La Estrella, Banco Vitalicio e Aurora Polar, grupo que á súa vez reasegurou o 97 % do risco con American Home Insurance. Pola súa parte, Lloyd's, Cigna e American International dicían que asumirían unha porcentaxe da póliza, aínda que o acordo ficaba pendente para asinar en setembro. Como non chega a asinarse, INESPAL demandou as aseguradoras por falta de pagamento dunha cantidade total próxima aos 11 000 millóns de pesetas (66 millóns de €). Tras unha reunión mantida con American Home Insurance, que anunciou que non ía pagar despois de investigar o sucedido, a decisión de interpoñer a demanda foi a consecuencia da ruptura do diálogo entre INESPAL e o consorcio de seguros ao non teren chegado a un acordo amigábel. No mesmo sentido, a sociedade canadense Alcan –con participación do 24% en INESPAL–, comunicoulle ao INI a súa intención de deixar de investir en Europa e, por tanto, de desprenderse do seu paquete de accións. Por este motivo, o INI ten que buscar novos socios para pagar a Alcan 2500 millóns de Ptas. (15

millóns de €) polo traspaso do paquete das súas participacións. En novembro, Reynolds, Alumax e Alcoa –multinacionais norteamericanas– manifestan o seu interese por entraren no capital de INESPAL e dispóñense a comprar, como mínimo, o 23,9 % que posúe aínda a canadense Alcan.

En setembro coñécese a desestimación, por parte do Tribunal Central de Traballo, dos recursos especiais interpostos por UGT e USO contra a sentenza da Maxistratura de Traballo Nº 2 de Lugo pola que se negaba a representatividade sindical aos membros do Comité despedidos. O tribunal sinala que a representación dos traballadores é unha calidade adquirida como traballador e intimamente vinculada á existencia da relación laboral. Iso implica que, ao seren despedidos pola empresa e un xuíz ditaminar que o despedimento foi procedente, os 23 non traballan na factoría e, desta maneira, non teñen dereito a desempeñar cargos no Comité de Empresa. Aínda así, a finais de setembro os sindicatos seguen no seu empeño de que o Comité sexa readmitido. A reincorporación ao posto de traballo é a primeira reivindicación e a máis importante. Para iso, UGT, CC OO, INTG e USO propoñen mobilizacións e solicitan unha entrevista co conselleiro de Traballo e Benestar Social, Miguel Martínez Losada, co fin de crear unha mesa negociadora con INESPAL e INI.

O día 6 de outubro o Comité encérrase durante 7 horas nas dependencias da Delegación Provincial de Traballo de Lugo para reivindicar a súa reincorporación á factoría. A medida foi suspendida sobre as cinco da tarde despois de que, por mediación de Miguel Vázquez Calvo, lles garantizasen unha entrevista entre representantes das centrais sindicais e o conselleiro de Traballo.

O Comité reivindicaba con esa medida a retirada dos recursos contra a sentenza ditada pola Maxistratura de Traballo de Lugo a favor dos 110 traballadores que foron readmitidos e o apoio á proposta de resolución presentada no Parlamento europeo por IU así como á denuncia presentada pola USO na OIT.

O día 15 reúnense en Mondoñedo os representantes sindicais e a Dirección de A/A para negociar a composición da mesa que dez días máis tarde ía negociar o convenio colectivo. Os sindicatos emiten un comunicado en que manifestan o seu total desacordo coa negativa da empresa a negociar o convenio no

centro de traballo, algo habitual antes da entrada do Comité despedido. Por que, ao non estar este, a empresa quere volver ás negociacións en restaurantes?

Entre as propostas sindicais para a negociación do convenio colectivo encóntranse a readmisión do Comité, o incremento salarial e a redución de horas. Na negociación previa non conseguen chegar a ningún acordo. Na primeira reunión, celebrada o día 25, rompen –segundo a empresa– por diverxencias na composición da mesa negociadora, pois apareceron membros do Comité como delegados sindicais. A negociación ficou en suspenso até que a empresa consultou os servizos xurídicos, o que foi considerado polos delegados sindicais como unha provocación e unha falta de respecto. O día 28 de outubro o Comité e os diferentes delegados sindicais mobilízanse ante o Goberno Civil de Lugo para pedir a readmisión dos despedidos. Durante a mobilización entréganlle ao gobernador civil un escrito en que solicitan que realice xestións ante o INI e INESPAL para tentar que se constituía unha mesa que negocie as readmisións. O gobernador comprometeuse a dar unha resposta rápida, ao tempo que as centrais sindicais anunciaban que non estaban dispostas a convocar eleccións mentres non se resolvese o problema dos despedidos.

O día 28 a Dirección de A/A impide a entrada na factoría a varios líderes da UGT: Manuel Fernández Lito (secretario da Federación do Metal), Antón Saracibar (secretario xeral Confederado de Organización) e Suso Mosquera (secretario xeral do sindicato en Galiza). Os sindicalistas trasladáranse á empresa para tratar coa súa sección sindical diversos asuntos, entre os que estaban a negociación dos convenios para 1988 e 1989. Os representantes do sindicato consideraron unha aldraxe que atentaba contra os seus dereitos sindicais, a prohibición de entrar, xa que non viñan falar coa empresa senón cos seus afiliados.

#### **7.4. NOVIEMBRE: VIAXE DO COMITÉ A ESTRASBURGO. RESOLUCIÓN DA OIT**

O día 15, tres membros do Comité (Ángel Pérez, Antón Casal e Manuel Castro Abella) e Melchor Roel (CCOO) viaxan a Estrasburgo para entrevistarse con tres deputados europeos de

IU e con outros grupos que mostraran sensibilidade cara a este tema.

Nas mesmas datas, en Xenebra, a OIT –ao tempo que se congratula da readmisión dos 111 despedidos– considera que A/A actuou correctamente ao despedir o Comité. Resulta sorprendente que a OIT dea a razón á empresa atendendo á sentenza da Maxistratura de Traballo de Lugo ao considerar que esta non atenta contra a liberdade sindical. En resposta a este despropósito, Manuel Bonmatí, secretario de relacións internacionais de UGT, afirma que talvez o Comité de Liberdade Sindical da OIT tivese en conta a sentenza, mais que a responsabilidade do sucedido hai que buscala noutra parte e non na actuación dos traballadores. Francisco Rodríguez, membro da comisión executiva da Federación do Metal de UGT e do Comité, sinala que a valoración da OIT carece de valor xurídico e que o único que fai é crear máis confusión entre a opinión pública.

Ao contrario do que sucedeu coa OIT, Ángel Pérez declarou que os voceiros dos diferentes grupos parlamentarios españois en Estrasburgo –agás o socialista Fernando Morán–, responderan positivamente e ofreceran o seu apoio para a constitución dunha comisión internacional de investigación que esclarecese os sucesos derivados do encallamento do mercante. Ángel Pérez criticou o pronunciamento da OIT por ter só en conta a sentenza de Maxistratura e non facer ningunha investigación e afirmou que tiña coñecemento, por fontes ben informadas, de que as compañías aseguradoras non ían pagar os danos e que era probable que, de non chegar a un acordo, acabasen nos tribunais.

Os meses ían pasando e o Comité comezaba a desmoralizarse. Transcorrido un ano do conflito, seguían sen traballo e cada vez con menos esperanzas de recuperalo. As festas de Nadal resultan igual de tristes, porén nesta ocasión os 111 compañeiros e as súas familias gozaban dun posto de traballo grazas ao esforzo colectivo.

### **7.5. XANEIRO DE 1989: COMISIÓN PARA O ESCLARECEMENTO DOS FEITOS**

O día 2 de xaneiro Joaquín Ruiz-Giménez –acompañado de Alberte X. R. Feixóo, Ángel Pérez e Antón Casal– presentou no Palacio de Prensa de Madrid o informe elaborado pola Comisión,



e sinalou que o ían facer chegar a todas as administracións centrais e autonómicas, co fin de que se debatesese nas distintas cámaras.

Ao día seguinte da presentación en Madrid, a prensa inicia a publicación dunha serie de noticias relacionadas cos contidos do citado documento. A “COMISIÓN PARA O ESCLARECEMENTO DOS FEITOS ACONTECIDOS POLO ENCALLAMENTO DO BUQUE “CASÓN” NAS COSTAS DE GALIZA” –integrada por 26 persoas e presidida por Joaquín Ruiz-Giménez, ex-defensor do pobo– presentouse o día 12 de xaneiro ás 19:30 horas no Instituto Feminino de Lugo, coa intervención de Ángel Pérez, Alberte Xulio R. Feixóo, Melchor Roel, Martínez Randulfe, Xosé López Noceda e Anxo Guerreiro Carreira.

O informe consta de dez apartados en que se relacionan os integrantes da Comisión os diferentes contidos achegados, un estudo económico, o arquivo da prensa sobre os feitos e as conclusións. Para a súa elaboración utilizáronse vídeos de todo o sucedido.

Esta é a relación de integrantes:

- Joaquín Ruiz-Giménez Cortés. Catedrático e avogado, coordinador da Comisión.
- Nicolás Sartorius. Deputado do Congreso.
- Enrique Curiel Alonso. Catedrático de Ciencias Políticas. Deputado do Congreso.
- Ángel López Guerrero. Deputado do Congreso.
- Juan María Bandrés. Deputado do Congreso.
- José M. Rioboo Almanzor. Deputado do Congreso.
- César Aja Mariño. Deputado do Congreso e alcalde de Viveiro.
- Manuel García Fonseca. Deputado do Congreso.
- José A. Martín Pallín. Presidente da Asociación para os Dereitos Humanos.
- Javier Anso. Presidente da Asociación Xustiza e Paz.
- Alberte Xulio Rodríguez Feixóo. Avogado e coordinador da Comisión en Galiza.
- Fernando Martínez Randulfe. Parlamentario de Galiza.
- Xosé Manuel Beiras Torrado. Parlamentario de Galiza.
- Pastor Alonso López. Alcalde de Noia.

- Rafael Mouzo Lago. Alcalde de Corcubión.
- Francisco Cacharro Pardo. Presidente da Deputación de Lugo.
- José López Noceda. Presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña.
- Ánxel Guerreiro. Presidente de IU en Galiza.
- Miguel A. García Álvarez. Presidente do Colexio Oficial de Psicólogos de Galiza.
- Ramón Varela Díaz. Presidente de ADEGA.
- Pedro Riveiro Domínguez. Representante de AETINAPE.
- Matías García Movilla. Representante de Xustiza e Sociedade.
- Francisco González Amadiós. Vicepresidente do Parlamento de Galiza.
- José L. Torres Colomer. Parlamentario de Galiza.
- Manuel Balseiro Rañal. Economista.
- Xosé F. Carrillo Ugarte. Presidente da Asociación de Veciños “Costa da Morte”

O informe artículase en tres apartados interrelacionados que tentan reflectir obxectivamente os feitos sucedidos en decembro de 1987, as consecuencias e tratamentos que se lle deron, e as conclusións ás que chegou a Comisión despois dunha obxectiva análise dos datos recollidos. A relación dos acontecementos tiña que comezar, necesariamente, polo encallamento do buque “Casón” na Costa da Morte, e para iso válese de catro apartados coincidentes co exposto por nós no Capítulo I. 1. Circunstancias do embarrancamento; 2. Anomalías no auxilio ao buque; 3. Grave alarma e danos na poboación e 4. Grave desorde e confusión. E outros que recollen contidos novos:

5. Traslado parcial da carga do buque: onde se preguntan por que non se cargaron os bidóns en Cee, ao existir un porto industrial con calado suficiente. Esta é a conclusión á que chegan:

A Comisión declara que, pese ó seu intento de averiguar coa mellor vontade a razón obxetiva e fundada de tal traslado, non

atopa outro motivo que a culpable e temeraria precipitación administrativa, que levou a unha situación extrema, na que era previsible se orixinase un conflito extralaboral de graves consecuencias e de ahí a posibilidade dun reaxuste técnico-industrial

6. Presión das autoridades e lexítima reunión dos traballadores: neste punto fálase do acordo entre a empresa e os traballadores ante a actitude ameazante do gobernador civil de Lugo. Tamén se menciona como, debido a unha orde mal dada no movemento dos camións que transportaban os bidóns, rompen as devanditas relacións. Os bidóns foron embarcados no porto de Morás, mais o restablecemento da normalidade no complexo foi difícil, ao producirse o despedimento dos 23 membros do Comité. A comisión denunciou “serena pero firmemente” a violación dos dereitos dos traballadores e a responsabilidade de autoridades como o delegado de Traballo da Xunta de Galicia na provincia, quen, a pesar de estar alí presente, non quixo asumir as súas responsabilidades. O informe continúa cuestionando como, se as autoridades evacuaron a bisbarra de Fisterra e o propio gobernador civil de Lugo recomendou aos veciños da Mariña que abandonasen o lugar, podían esixirlles aos traballadores do complexo o sacrificio de permanecer nos seus postos de traballo, tendo en conta ademais dúas agravantes: as imaxes de televisión coas explosións en cadea no buque Casón do que procedían os bidóns e o descoñecemento que había sobre o contido dos bidóns, xa que o propio gobernador civil, Protección Civil, e o director da Mariña Mercante se contradicían constantemente ao referirse ao contido dos bidóns. Este apartado finaliza como segue: “A creación dunha situación de alarma, de pánico colectivo de crecente tensión pública, non xeraba un clima moi axeitado para impulsar actos heroicos por parte dos traballadores que eran totalmente alleos á orixen do conflito”. (VÉXASE INFORME PSICOLÓXICO ANEXO “A”)
7. Observacións complementarias. Debido ao seu interese, reproducímolas literalmente:

- a) As negociacións iniciais entre os dirixentes da Empresa e os representantes dos traballadores reflexan con claridade a boa disposición destes representantes respecto o sostemento do proceso produtivo, pero factores externos o marco do Complexo, fixeron que a actitude empresarial fose logo tan dura e ineficaz. É paradóxico que se se tratase dunha Empresa de carácter privado, o resultado final tería sido verosimilmente distinto, xa que os seus dirixentes terían evitado a perda económica que se estima agora por unha Empresa de índole estatal como é Alúmina-Aluminio. A intoxicación informativa inducida pola Empresa respecto ao interese económico que os traballadores mantiñan como reivindicación “sine qua non”, presenta os caracteres dunha desviación tendente a ocultar que a única pretensión daqueles era o recoñecemento expreso da legalidade da evacuación.
- b) De calquera xeito é obrigado sinalar tamén a inexactitude dos datos que dita empresa utiliza agora para avaliar as perdas que alega. Datos máis obxetivos ( VÉXASE O ESTUDO COMPARATIVO ANEXO “C”), demostran que non houbo tal monto de danos, e que dita cifra engloba outro tipo de gastos e inversións sen relación algunha co acontecido en Decembro do 1987. Nesa liña, débese sinalar, igualmente, a negativa que, segundo parece, da á Empresa Alúmina -Aluminio a Compañía de seguros respecto á liquidación do sinistro por ela solicitada.
- I. Precisamente dita negativa baseouse nas características dos feitos acontecidos, ao alegarse que as perdas no Complexo Alúmina-Aluminio débense á “neglixencia gobernativa no que concerne ás relación entre a Empresa e os traballadores en paro da factoría”.
  - II. En base a todo o exposto e aos datos contidos na documentación anexa, esta Comisión estima o seu deber formular as seguintes conclusiones:
    1. É absolutamente necesario e urxente que se controle e regule o tráfico marítimo en todo o contorno da costa galega, a fin de evitar desastres marítimos por embarrancamento de buques en tránsito.
    2. Recae sobre as autoridades e servizos administrativos a responsabilidade demanante da confusión, desorganización e desprotección producidas con motivo do embarrancamento

do buque “Casón”; destacan especialmente neste aspecto negativo as actuacións dos seguintes órganos administrativos:

- a) O Goberno Civil da Coruña; b ) Os servizos da Delegación do Goberno Central en Galicia; c )Os servicios da Dirección Xeral da Marina Mercante; d) Protección Civil en xeral; e) Os servizos da Xunta de Galicia; e f) O Goberno Civil de Lugo. É de lamentar que sucesos coma o que é obxecto deste informe non orixinaran sancións administrativas e/ou políticas ás autoridades e organismos intervinentes.
3. Resulta patente que houbo unha desinformación total á poboación en xeral, e que, en realidade, se orixinou unha desinformación ou mala información, enganosa ou culposa, para que a poboación non avaliasse en conxunto o problema. A Comisión considera absolutamente negativa a actitude da Administración neste respecto, e mantén o dereito dos cidadáns a estar verazmente informados en todo momento, dos perigos aos que están sometidos.
4. E igualmente evidente a grave perda económica provocada polo embarrancamento, nas expresadas circunstancias, para toda a bisbarra de Fisterra, e en particular para o medio relacionado coa pesca, de capital importancia para a zona. A Comisión protesta expresamente polo feito de que un ano despois do embarrancamento aínda se mantén no mesmo lugar o buque “Casón”, soltando lastre e sustancias de perigosidade descoñecidas, e sen que, polo menos, se adoptasen medidas de protección.
5. A Comisión denuncia a falta de seguimento das consecuencias ecolóxicas que segue producindo o embarrancamento, debendo atribuíse tal responsabilidade á Administración, a cal demostrou un grave desinterés por analizar o entorno que día a día se vai creando ao redor do buque.
6. A Comisión insiste na responsabilidade da Administración pola súa actuación relacionada co embarrancamento, xa que non só non soubo resolver as situacións que se foron plantexando, senón que mantivo culposamente desinformada a poboación, mentras pretendía ter o control de canto acontecía resultando ser todo o contrario.
7. Non hai información veraz e comparable sobre os motivos do traslado dos bidóns tóxicos por unha grande parte de Galicia; e ante tal desinformación e mutismo oficial a Comisión ten o deber de non silenciar a hipótese dunha

actuación culposa que provocou o conflito no Complexo Alúmina -Aluminio, por acción ou omisión.

8. A Comisión valora negativamente a actitude da Empresa Alúmina-Aluminio respecto aos feitos sucedidos no Complexo en Decembro de 1987; e considera contrario a dereito, tanto no seu aspecto xurídico-laboral como no constitucional, privar aos traballadores dos seus representantes lexítimos polo feito de que estes, en virtude de tal representación, fixesen uso das facultades que a Lei lles concede para preservar a integridade física dos seus representados.
9. Non existiu disturbio laboral algún no Complexo Alúmina -Aluminio en Decembro de 1987. Existiu un acordo entre a Empresa e os traballadores a fin de evitar o perigo a estes e aos medios de produción daquela; pero dito acordo foi roto por unha intervención gubernativa, en todo caso culposa por inoportuna e imprudente, que rematou co clima de cordialidade existente entre as dúas partes.
10. Estímase nefasto precedente o calificar a actitude dos representantes dos traballadores como folga salvaxe, e condenala como despido procedente.
  - a) As denunciadas actitudes das autoridades e órganos administrativos intervincentes en todo o proceso foron factores básicos en orixinar:
  - b) pánico e alarma correspondente a unha situación real que non era controlada polas autoridades.
  - c) perigoso traslado do convoi dos bidóns tóxicos a longa distancia polas estradas e pobos de Galicia, podendo ter sido evitado, como xa se espuxo, levándoo a un porto máis próximo.
  - d) A perda de postos de traballo por parte dos 23 representantes dos traballadores, que nada tiñan que ver co embarrancamento nin co transporte a Alúmina-Aluminio dos devanditos bidóns.
  - e) A perda económica importante (aínda que non suficientemente esclarecida) por unha Empresa de carácter público.

O informe conclúe cos anexos seguintes:

- a) Informe Psicolóxico, elaborado por D. Miguel A. García Álvarez, presidente do Colexio Oficial de Psicólogos de Galiza.
- b) Informe da zona do embarrancamento, elaborado por D. Rafael Mouzo (alcalde de Corcubión), Corporación

Municipal de Cee, e D. José F. Carrillo Ugarte (presidente da Asociación de Veciños de Fisterra).

- c) Estudo Económico Comparativo, elaborado polo Comité de Empresa de A/A.
- d) Informe Sindical, elaborado por D. Melchor Roel Rivas, secretario de Administración Pública de CC OO(Lugo).
- e) Informe sobre Cargas Perigosas, elaborado por D. Juan Trigo del Río, catedrático de navegación da Escola Superior da Mariña Civil da Coruña e Capitán da Mariña Mercante.
- f) Informe Marítimo, elaborado por D. Pedro Riveiro Domínguez, representante de AETINAPE.
- g) Informe Ecolóxico, elaborado por D. Ramón Varela Díaz, presidente de ADEGA.

Como era de esperar, o informe recibiu numerosas críticas por parte dos afíns ao partido no poder, mais tivo boa acollida social. O día 14 de xaneiro foi entregado e presentado no Parlamento Europeo polos eurodeputados Nicolás Sartorius (IU) e Juan María Bandrés (Euskadiko Ezquerria).





## 8. Á ESPERA DO VEREDICTO DO SUPREMO

### 8.1. A RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL SUPREMO

O día 18 de xaneiro celébrase na sala sexta do Tribunal Supremo o recurso de casación presentado pola defensa dos membros do Comité. O suceso causou unha grande expectación; era tanta a xente alí congregada que non cabía na sala. Ás 10:45 horas o presidente deu comezo á vista pública e as persoas que se encontraban fóra –máis de duascentas– tentaron encontrar un sitio. Nos bancos sentaron representantes das centrais sindicais como Apolinar Rodríguez (UGT), Jesús Zaguirre (USO) e Marcelino Camacho (CC OO), unha ampla representación de traballadores do sector do Metal de Madrid e numerosos traballadores de A/A coas súas familias. Como non había suficientes asentos, unha boa parte do público tivo que permanecer de pé durante toda a vista.

Unha vez comezada a sesión, o maxistrado Tuero, presidente do Tribunal, deu a palabra á representación do Comité. O Sr. De la Villa centrou a súa intervención na situación de pánico social que se viviu en Galiza naquelas datas, na falta dunha actitude decidida por parte das autoridades e na ausencia de tipificacións xurídicas na sentenza emitida en Lugo. A este respecto dixo que non se podía falar de folga legal ou ilegal, porque esta non existira e que non existiron servizos mínimos, porque non se negociaron. Concluíu que a autoridade administrativa non ordenou a volta ao traballo nunha situación que, naquel momento, se vía de claro perigo. Para a representación da empresa, defendida polo avogado Juan Antonio Sagardoi, a exposición da defensa ben podería ser unha tese doutoral, mais considerou que a vista dun recurso non era lugar apropiado para ese tipo de discursos. Para a empresa, o problema comeza unha vez que saíu o Galerno e os traballadores se negan a entrar; neste momento principia a mala fe contractual do Comité, sen causa legal para iso, negándose a incorporarse ao traballo. Tras escoitar os argumentos das dúas partes, o presidente do Tribunal declarou visto para sentenza o recurso, cuxa lectura se realizaría a porta pechada o día 31 de xaneiro.

O día 30 o fallo é filtrado á prensa antes de que se lese na sala: o Tribunal Supremo desestimaba o recurso presentado polos traballadores e dáballe a razón á empresa. Na sentenza ditada pola

Sala do Social do Tribunal Supremo, sobre o recurso 2125/88, actuou como secretario o Sr. Ortíz Navacerrada e estiveron presentes os Excmos. Sres. D. Francisco Tuero Bertrand, D. Juan García-Murga Vázquez e D. Leonardo Bris Montes, que emitiu un voto particular. O recurso de casación por infracción de lei foi formalizado pola procuradora Dna. Elisa Hurtado Pérez, en nome e representación de D. José R. Ramos Fernández e vinte e dous máis, contra a sentenza ditada pola Maxistratura de Traballo Nº 2 de Lugo. A empresa estivo representada polo procurador D. Juan Ignacio Ávila del Hierro. Os tres primeiros puntos do fallo refírense á sentenza de Lugo. Primeiro cítanse os demandados e a súa condición de membros do Comité e despois faise un relato dos feitos do que salientamos este fragmento:

Por Industria Española de Aluminio S.A., INESPAL, se formuló, el veintinueve de diciembre de mil novecientos ochenta y siete, reclamación ante el Consorcio de Compensación de Seguros como consecuencia del siniestro producido en la factoría de las demandadas en el complejo Alúmina-Aluminio de San Ciprián, los días quince y dieciséis de diciembre de mil novecientos ochenta y siete, encontrándose, en estos momentos, dicho consorcio estudiando la reclamación presentada a los efectos de determinar si el citado siniestro se halla incluido o no dentro de los supuestos legalmente previsto en los casos de riesgos extraordinarios sobre las personas y los bienes, sin que hasta el momento actual hubiera adoptado decisión alguna.

Como se pode apreciar, o Consorcio de Compensación de Seguros continúa sen decidir se se fai cargo ou non das perdas, malia a rebaixa da Dirección de INESPAL de 16 000 a 9 000 millóns de pesetas (de 96 a 54 millóns de €).

O punto quinto sinala que o recurso de casación por infracción de lei, en nome de Don José R. Ramos Fernández e vinte e dous traballadores máis, formalizouse mediante escrito en que se consignan dez leis de apoio á sentenza e se contesta ás equívocas evidentes do maxistrado.

O punto sexto manifesta que emitido o preceptivo ditame do Ministerio Fiscal, no sentido de considerar o recurso

Improcedente, decláranse conclusos os autos e sinálase para o fallo o día 18 de xaneiro de 1989.

A continuación recóllense os fundamentos de dereito dos que reproducimos os máis importantes:

- Punto sétimo: a última das modificacións fai mención ao cambio da empresa á súa conveniencia conxuntural. Se deixa de aludir á “folga” e pasa a falar de “forza maior” é para solicitar ás aseguradoras as indemnizacións polos regulados e polo disturbio laboral:

que en ningún caso la calificación jurídica de los hechos –cualquiera que fuese la eventualmente-consignada por el empleador– es determinante para el juzgador, único al que compete establecerla. El segundo, que los tres conceptos efectivamente atribuidos por la parte demandada no son, de suyo, contradictorios sino compatibles: huelga, si la hubo, entraña un disturbio laboral y supuso para el empresario una situación de fuerza mayor.

Se houbera folga, a empresa non podería levar acabo unha regulación e non cobraría o seguro. Cando a empresa mantivo que os traballadores estaban en folga e que ela só esixía o cumprimento dos servizos, estaba a obrar de mala fe. En caso contrario, non cambiaría os conceptos polos mencionados anteriormente. Porén, isto só lle valeu para cobrar o diñeiro corresponde aos regulados e a parte da póliza que correspondía ás aseguradoras españolas. Cobrar ese diñeiro foille doado, pois a aseguradora en España, Musini, depende do INI. O Ministerio de Traballo, INESPAL e o INI dependían do Goberno central, e cubríanse uns a outros co diñeiro dos contribuíntes. No entanto, os enredos non convenceron as aseguradoras estranxeiras, que foron remisas a pagar. Parece mentira que un Goberno integrado por persoas dun partido que nas súas siglas leva o S de Socialista e o O de Obreiro puidese permitir semellantes arbitrariedades. Só é comprensíbel se temos en conta que nese momento actúan como patrón de patróns.

- O punto noveno sinala que a decisión empresarial de despedir alcanza a todos e cada un dos integrantes do Comité por actos cometidos na súa actuación como tal órgano colectivo dos

traballadores (afirmación que inclúe o xulgador “a quo” para deixar excluída a discriminación). Esquece o xulgador que son feitos probados que outros traballadores obran conxuntamente cos membros do Comité o día de autos e que con relación a estes existe unha discriminación porque uns son despidos e os outros non.

- No punto undécimo pode lerse:

lo postulado en frontal e inadmisíbel contradicción con lo rotundamente sostenido tanto en la estancia (demanda, hecho decimotercero, su ratificación en juicio y conclusiones) como en el recurso, que insiste “en el hecho de que ningún momento los despedidos practicaron huelga alguna, legal ni ilegal”, por los demandantes. Y al formularlos se olvida, sobre todo, que nunca afirma la sentencia recurrida que aquella situación de huelga se hubiera producido; ni en tal hipótesis, consecuentemente, descansa la “ratio juris” de su fallo.

Podemos pensar que se omite o tema de folga porque até o momento en que se considera unilateralmente por parte da empresa a folga ilegal e se esixen os servizos mínimos, as relacións das partes eran cordiais. Con esa actitude tomada por parte da empresa comeza a transgresión da boa fe contractual.

- O punto décimo terceiro di literalmente:

Según transcribe el ordinal veintinueve del relato fáctico (no es de este lugar entrar en tal valoración, propia del motivo siguiente); carta que, además y como los otros hechos, los reputa como gravísimas transgresión de la buena fe contractual; en modo alguno cabe aceptar que se haya incurrido en ninguna infracción del precepto legal que el motivo señala; lo que determina su improcedencia.

Queda claro que non se pode entrar a valorar a importancia da devandita nota sen entrar antes a valorar a anterior, pois a segunda non existiría se a empresa non declarase a folga.

- O punto décimo sétimo sinala que como ningún dos motivos de casación mereceu acollida favorábel, en coincidencia co informado polo Ministerio Fiscal, o recurso debe ser desestimado.

## 8.2. VOTO PARTICULAR

A continuación reproducimos o voto particular emitido polo maxistrado Leonardo Bris Montes. Ao longo dos doce folios de que consta o escrito, o maxistrado sinala que se dan como Feitos os reproducidos na sentenza. En relación aos Fundamentos de Dereito afirma:

PRIMERO.- Son objeto de esta sentencia, solo aquellos extremos en que se disiente de la firmada por la Sala, por autorizado así el art. 260 de la Ley Orgánica del Poder Judicial. Por ello únicamente deben ocupar temáticamente su atención el apartado tercero del primer motivo del recurso y el motivo noveno del mismo, pues solo el hecho que pretende incorporar al relato de la sentencia el citado apartado tercero del motivo primero, tiene significado a efectos del fallo y solo el motivo noveno impugna la “ratio juris” de la sentencia recurrida es decir la subsunción de la conducta de los demandantes en el art, 54,2 d.) del Estatuto de los Trabajadores, los demás motivos del recurso solo serán tenidos en cuenta en tanto tengan alguna incidencia en el estudio del motivo noveno.

SEGUNDO: (...)pues su objeto incorporar a los hechos probados el certificado emitido por el Jefe de Protección Civil que hace referencia al contenido de los bidones, elemento desencadenante de todos los acontecimientos, al ser el mismo el único documento de garantía oficial que sobre tan trascendental extremo conocen los demandantes (...) continua, (...)nadie de los que intervinieron en los sucesos, cuando estos acontecían, sabía a ciencia cierta que materiales viajaban en los bidones, ni el alcance que en orden a su peligrosidad tenían. Rematando incluíndo a nota emitida por o Sr. Gandoy<sup>17</sup>.

TERCERO: (...) el apartado veintidós hace referencia al ambiente colectivo “de pánico, psicosis e histeria” por temor al contenido de los bidones en que se desarrollaron los acontecimientos, este estado de profunda alteración y excitación anímica, no es algo ajeno a las partes protagonistas, pues su conducta, siempre con arreglo a los hechos probados, refleja rápida

---

17 Nota reproducida na páxina 62.

y contradictoras decisiones, solo explicables porque también ellas como no podía ser por menos, al ser individuos de una colectividad. (...) sirvan de muestra, las siguientes acciones (...) La dirección de la empresa que el día 12 de Diciembre a última hora de la tarde decide colaborar con los obreros en una acción de resistencia frente a la pretensión de la autoridad gubernativa de introducir los bidones en el recinto de la empresa, antes de que transcurran, cuarenta y ocho horas y en una situación que apenas ha variado declara huelga ilegal la acción de los trabajadores y amenaza con exigir responsabilidades, hecho quinto y sétimo. El Jefe de Protección Civil que el 12 de diciembre de palabra da a los obreros toda clase de explicaciones sobre la carga de los bidones y el riesgo que entrañan, hecho quinto, cuando llega el momento de expedir el certificado de la misma, comprometiéndose por escrito lo hace en los alusivos términos que refleja el documento del folio 26. El Sr. Delegado de Trabajo que tiene una significada y sin duda laudable actuación mediadora entre la dirección de la empresa y el comité de la misma, hecho octavo sin embargo omite y brilla por su ausencia, la obligada decisión de la autoridad laboral, de confirmar o suspender la interrupción del trabajo por riesgo inminente de accidente acordada por el comité (...) es la introducción de un material totalmente ajeno a la actividad productiva de la empresa y por ende imprevisible para todos, la desencadenante de los acontecimientos. Este material es vivido en aquellos días por toda la población gallega como peligroso (...), sobre la objetividad del riesgo y la razón de las medidas que se adoptan refluye en el aumento del temor. Este círculo fatal se adivina en los acontecimientos a enjuiciar y los sume en una excepcional situación con arreglo a la cual deben ser aplicadas e interpretadas las normas jurídicas pertinentes (...) Por último debe resaltarse que toda la actuación seguida por los demandantes lo fue en el ejercicio de sus funciones de representación del colectivo obrero, (...) es preciso dejar ya consignado, que a los efectos del litigio, carece de significación personal jurídica y ello porque al ser una acción compartida por otros obreros ajenos al Comité, significaría una discriminación para los actores que intervinieron en ellos que anularía cualquier intento de justificar una medida disciplinaria en su contra, en el supuesto de que efectivamente fuera sancionable, al ser solo sancionados ellos, dejando fuera a los otros autores de los mismos hechos. Pero

lo decisivo a este respecto es que el propio hecho probado catorce termina con la afirmación expresa “y sin que para ello hubiera utilizado violencia física”, por lo que la actitud desplegada por los obreros y miembros del comité que participaron en la acción, no tienen más alcance que el propio de una presión moral presente e inevitable en toda acción colectiva.

Cuarto: (...) Entiende la sentencia recurrida que la buen fe del art. 54 no es otra que la invocada en el art. 1258 del C. Civil, es decir la buen fe como fuente de la obligación en el contrato que vincula a las partes contratantes no solo a lo expresamente pactado sino también a todas las consecuencias que se deriven de la naturaleza del contrato y sean conformes a la buena fe. Sin duda no es ajena esta interpretación al contenido del art. 54. 2, d pero sin discusión es insuficiente, pues la buena fe es el ámbito normal en el que ha de vivir el derecho, en ella han de ser cumplidas, exigidas e interpretadas todas las normas jurídicas pues estas siempre son más pobres que la realidad en que existen por ello para aprender en plenitud su concreta realidad precisan este ámbito propio de la buena fe, y así en la Sentencia de esta Sala de 22 de mayo de 1. 986 al contemplar el alcance del art. 7.1 del Código Civil, el 1258 ya citado y los arts. 5 a) y 20.2 del Estatuto de los Trabajadores en función del 54.2 d) no duda en calificar la buena fe como “un principio general del derecho que impone un comportamiento arreglado a valoraciones éticas” (...) Hay pues, como una doble buena fe que es necesario enjuiciar y valorar (...) Pero el problema del litigio y su cuestión central no radica ahí, lo que hay que analizar y debatir es si dentro de una extraordinaria situación creada por la irrupción de un acontecimiento extraño y ajeno, al trabajo y a los trabajadores que afecta decisivamente a la normalidad laboral creador de un riesgo para la seguridad personal de los trabajadores y que incide de modo real en sus intereses y que por ello quedan enfrentados a órgano representativo de los obreros, el comité, obró dentro de los límites de una conducta concorde con la buena fe por lo explicable de sus decisiones y lo adecuado de sus pretensiones al conflicto real que se produce, ajeno a su acción y voluntad. Pues desde este punto de vista, evidentemente las cuantiosas pérdidas no se producen por la voluntad directa de los trabajadores sino por la falta de entendimiento entre la voluntad de la empresa y la defensa

que el Comité hace de los intereses que representa, la falta de acuerdo es la causante de los daños y en esta ausencia de un punto de armonía entre los intereses de la empresa y trabajo, tan responsable es una como otro de las consecuencias negativas que se siguen de ello. Por esto la conducta del comité no debe ser medida por el resultado de su actuación si no por lo legal y razonable de la misma, valorada dentro de la insólita situación que ha quedado reflejada.

QUINTO: (...) las medidas que con respecto a este material adoptó la autoridad gubernativa, fue evacuar la población que se encontraba viviendo a más de dos millas del lugar donde naufragó el buque que lo transportaba. (...) la medida del Comité de considerar que el peligro de accidente subsistía aún cuando el barco que transportaba la carga peligrosa se encontraba a dos millas de la factoría, pues para el Comité de empresa que carecía de los datos y asesoramiento de la administración la conducta de ésta ha de servirle de valiosa y razonable indicación. Y por eso, (...) aunque el comité no se niegue a la reincorporación al trabajo de modo absoluto exija como prudente condición que el buque no regrese al puerto.

SEXTO: Para un análisis de la medida que toma el Comité de Empresa de no reiniciar la normalidad laboral sin que se garantice intereses legítimos de los obreros, debe hacerse dos órdenes de consideración es diversa. Uno si es admisible en derecho que los obreros emprendan vías de derecho, otro cuales fueron y en qué condiciones, las adoptadas por el comité. Sin duda la admisión de la huelga como acción obrera legítima, es la manifestación paradigmática del reconocimiento legal de la fuerza por parte obrera, ello es una de las razones por las que en la Constitución figura el art. 28 que reconoce el derecho de huelga.

SÉPTIMO: Si según lo expuesto es admisible en derecho, que los obreros emprendan acciones colectivas, en el caso de conflicto de intereses, es necesario ahora, estudiar si en los hechos se da este conflicto y si la acción seguida es admisible por ceñirse a los intereses reales y legítimos de los obreros y exigir de la empresa una respuesta asumible por ella, intereses, debe partirse de que la normalidad laboral fue interrumpida y esta



interrupción tiene dos vertientes, una su legitimidad; lo que ha sido estudiado al analizar, la incidencia del art. 19.5 del Estatuto en el supuesto de auto, otra que es preciso ver con claridad, los efectos que la interrupción de la actividad laboral normal produce con vistas a la reanudación del trabajo que hace entrar en colisión los intereses de la empresa y los intereses de los trabajadores, a aquella solo le interesa la pronta y eficaz reanudación del trabajo, en el caso enjuiciado para conseguirlo no duda en calificar la interrupción de huelga ilegal y exigir la determinación de los servicios mínimos, por el Comité, cuando ni una ni otra cosa procede, a los trabajadores por el contrario, les interesa que antes de volver a la normalidad queden salvaguardados los perjuicios efectivos que la interrupción ocasionada por un acontecimiento extraño a ellos ha creado y que supone un riesgo para su integridad personal, ha causado unos concretos perjuicios económicos y provocado una actitud de la empresa que amenaza su estabilidad en el empleo, por lo que su interés es que sean salvaguardados estos perjuicios previamente a la vuelta a la normalidad. Esto es un conflicto efectivo de intereses y la acción emprendida por los trabajadores, asumida y llevada a efecto por el Comité, como representante legal de ellos por una parte, se atiende estrictamente estos intereses legítimos y por otra la medida que toma de condicionar la incorporación al trabajo a que previamente se garantice el no regreso del buque a puerto, es decir se evite el riesgo eminentemente de accidente, según se admite por el propio juzgador de instancia, se abonen las horas no trabajadas y no se tomen represalias por la interrupción del trabajo, son tres condiciones que no implican reivindicaciones económicas ajenas a los hechos acaecidos y son peticiones que pueden ser asumidas por la empresa, si esta no aviene a ellas, por razones que no constan en los hechos probados, es evidente que los perjuicios causados en la instalación de la empresa no puede ser imputada a los actores que obraron siempre en el ejercicio de su representación obrera defendiendo los intereses de sus representados y con una acción que podría ser discutible y quizá sea desacertada como son sin duda la mayoría de las acciones realizadas tan anómalas e imprevisibles aún admitiendo que la redacción del art. 68 apartado c ) del Estatuto de los Trabajadores permita a la empresa valorar la conducta de los miembros del Comité, en su actuación representativa cuando

esta incide en sus intereses legítimos, como es el supuesto de autos, lo que siempre resulta es que la conducta del Comité, según todo lo ya razonado no es subsumible en el apartado d) del n. 2 del atr. 54 del Estado.

OCTAVO: En la impugnación al recurso se citan múltiples sentencias de la Sala, la mayoría anteriores a 1.979, en las que se expresa el criterio de que a los representantes legales de los trabajadores se les ha de exigir un más estricto cumplimiento de sus obligaciones laborales frente a la empresa, que al resto de los trabajadores. Es cierta la doctrina que invoca el letrado, pero ella es hija de la concepción corporativa de la Sociedad vigente en la legislación previa a la Constitución de 1.978 y es la nueva ordenación constitucional incide decisivamente en la valoración y enjuiciamiento de los hechos acontecidos, pues los conceptos decisivos de Estado Social y democrático de Derecho con que se abre la normativa constitucional, ponen bien en claro que en los conflictos y subsiguientes decisiones de los distintos y variados cuerpos sociales en el caso de autos el capital y el trabajo, empresa y obreros no pueden ser obligados a optar por lo mejor para ellos, lo democrático es que el poder decisorio, en su respectivo ámbito, sea siempre asumido por la colectividad que ha de padecer o disfrutar las consecuencias de su decisiones, así se exige que partidos políticos sindicatos, etc., sean en su estructura y funcionamiento democrático, y con la promoción de la libertad a la que se ordena la configuración democrática, el momento social del Estado obliga de modo primordial a potenciar los dinamismos sociales antes que a medidas tutelares, se piensa que así como la autoridad “KRATOS” pertenece al pueblo “DEMOS”, eses este mismo pueblo en sus diversos ámbitos el que por si busca su mejor bien, conveniencia de dar a conocer la interpretación de las normas, la trascendencia del hecho enjuiciado y lo vinculante de las razones expuestas a la conciencia de quien las expone son el motivo de hacer uso de un derecho que debe sin duda ser ejercido con mesura y parquedad, máxima cuando el criterio disidente se aparta de una sentencia dictada, construida y redactada con una probidad profesional envidiable, admirable y admirada, pero a su pesar y según todo lo razonado se estima que la Sala debió acoger el recurso formalizado contra la sentencia y declarar el despido de los actores improcedente con las consecuencias legales previstas en los arts. 55 y 56 del Estatuto

de los Trabajadores y 111 de la Ley de Procedimiento Laboral y concordantes.

Madrid, a treinta de enero del mil novecientos ochenta y nueve.

Como se pode comprobar no apartado oitavo, non só a empresa conseguiu as probas utilizando métodos predemocráticos –como xa se mencionou ao comentarmos a sentenza da Maxistratura de Lugo– senón que a propia xustiza tamén recorreu a leis preconstitucionais para denegar o recurso de casación.

As opinións sobre a sentenza do Tribunal Supremo son moi diversas. Así, De la Villa destacou que a sentenza basea o despedimento dos 23 membros do Comité en “condutas individuais”, eludindo as actitudes irresponsábeis, anticonstitucionais e de irracionalidade das que os membros do Comité foron acusados pola empresa. Entende o Tribunal Supremo que non houbo nunca folga (inicialmente, estas persoas foran despedidas por participaren nunha folga cualificada como ilegal e, mesmo, de tumulto revolucionario). O motivo do despedimento baséase en que cada un dos membros do Comité faltou á boa fe, porque cando o barco abandona a factoría xa non se dan as circunstancias que provocaron os feitos.

O presidente do Comité declarou a súa intención de recorrer ante o Tribunal Constitucional a sentenza do Supremo. Afirmou que, en certo modo, xa esperaban este desenlace e tiñan previsto realizar o mencionado recurso. IU de Lugo cualificou o fallo de equivocado e inxusto e lamentou que os responsábeis dos feitos continuasen nos seus cargos. Francisco Rodríguez, secretario xeral da Federación do Metal de UGT de Lugo e membro do Comité, afirmou que tería que pasar aínda algún tempo para valorar as consecuencias do que, de momento, era unha grande labazada ao Estatuto dos Traballadores. Preguntouse, tamén, como a axencia de información estatal tiña coñecemento da sentenza 24 horas antes de facerse pública, cando nin as partes interesadas coñecían o seu contido.

Ao día seguinte de coñecerse a sentenza, celébrase o recurso de A/A contra a readmisión dos 111 despedidos na sala sexta do Tribunal Supremo, que emitiu a súa sentenza o día 8 de febreiro. O recurso interposto foi desestimado alegando que a empresa

discriminou os 111 traballadores e que os despedimentos se fixeron subxectivamente e selectivamente, o que evidencia “discriminación constitucional” posto que a sanción debería de afectar a todos os traballadores. A confirmación, por parte do Supremo, da nulidade dos despedimentos causou unha grande satisfacción entre os sindicatos. O avogado da empresa, Sagardoi, afirmou que non era partidario de recorrer a sentenza.

Agora, só queda presentar o recurso ante o Tribunal Constitucional polo despedimento dos membros do Comité.

### 8.3. AS DILIXENCIAS DO XULGADO DE MONDOÑEDO

Nesas datas tense constancia de que se arquivan as dilixencias abertas o 17 de decembro de 1987, a instancias de Xosé Manuel Beiras Torrado, con número de rexistro 1560/87. Lembremos que en decembro de 1987, nos días en que os bidóns estiveron en San Cibrao e nos posteriores, houbo moitas persoas que se interesaron pola situación dos traballadores e das instalacións da factoría. Unha desas persoas foi Xosé M. Beiras Torrado, que se presentou na planta de A/A para solicitar información do que alí estaba a suceder. Despois de comprobar como a empresa impedía que os traballadores se puidesen incorporar aos seus postos de traballo decide acudir ao Xulgado de Instrución de Mondoñedo para formular unha denuncia que di o seguinte:

Comparecencia: En la ciudad de Mondoñedo a diecisiete de diciembre de mil novecientos ochenta y siete. Ante S. S<sup>a</sup> y de mí, Secretario, comparece en calidad de Diputado del Parlamento de Galicia, el Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel Hixinio Beiras Torrado con DNI 33XXXXXXXX, el cual manifiesta:

Que en el día de ayer tuvo lugar una reunión de la Junta de Portavoces del Parlamento de Galicia, en el que por unanimidad se acordó que la Presidencia del Parlamento mediase en el conflicto existente en la factoría de Alúmina Aluminio de San Cibrao, llamando a un acuerdo entre la Dirección de Empresa y los trabajadores que evitase deterioros irreversibles en la producción, de la planta de Alúmina Aluminio, y en virtud de ese Acuerdo, el Sr. Presidente del Parlamento, además de hacerlo público, se dirigió por telex a la Dirección de la factoría de la

Empresa INESPAL, titular de la misma, al INI y al Ministro de Industria.

Que en la mañana de hoy, el compareciente, se personó en la Factoría de San Cibrao, recabando información de la situación del Comité de Empresa y de la Dirección de la Factoría, y de esa información se desprende que a pesar de que el Comité de Empresa, desde el día de ayer, ordenó a los trabajadores reincorporarse a sus puestos de trabajo, tanto en los servicios de mantenimiento de las series de Electrolisis del Aluminio como en los demás puestos, la Empresa se negó a dejarles acceder a los puestos de trabajo, y por lo tanto a realizar las funciones tanto de mantenimiento como de las restantes actividades. Que la Dirección de la factoría, a parte de darle al compareciente información sobre las condiciones técnicas que impedían ya el funcionamiento normal de las series, no le dio ninguna explicación de por qué la Dirección de la Empresa en Madrid no aceptaba la reincorporación de los trabajadores, mientras el Comité de Empresa daba al compareciente una versión diferente de la situación técnica de las series de electrolisis, según la cual la situación no era todavía irreversible aunque no era efectivamente normal y suscitaba problemas tecnológicos que de todos modos el Comité de Empresa consideraba resolubles todavía.

Que por otra parte le consta al compareciente que la Dirección de la Empresa cursó comunicaciones a los trabajadores para que se reincorporasen al trabajo el pasado día quince, pero las comunicaciones cursadas tienen fecha de correos del día 16, es decir posteriores a las fechas para las que se les convoca.

Pone estos hechos en conocimiento del Juzgado a los fines que hubiere lugar en derecho.

Con la cual se da por finalizada la presente, que firma el compareciente, después su S. S<sup>a</sup> y doy fe.

A partir desta denuncia, ábrense dilixencias para esclarecer os feitos acaecidos no complexo industrial. Como se pode observar, o Sr. Beiras pon de manifesto que é a Dirección da empresa a que non deixa entrar os traballadores, alegando que as series están paradas. Recordemos que hai unha acta notarial dese mesmo día en que se di que as instalacións de electrólise presentan cadeas e é imposible acceder a elas, entre outros motivos, porque non hai subministración eléctrica. Centrándose na denuncia, hai que

sinalar que o presidente do Parlamento, de acordo cos voceiros dos grupos políticos con representación parlamentaria, acorda actuar de mediadores entre a Dirección e o Comité de A/A. Mais esta decisión chegaba demasiado tarde; a Dirección decidira parar as cubas electrolíticas e pechar a factoría, co que iso significaba: o despedimento de máis de 1 500 traballadores.

O día 17 de decembro, o xuíz Ignacio Javier Rafols Pérez dispón que se incoen as dilixencias previas 1560/87 sobre coaccións e presunto delito contra o dereito de folga, dando conta da súa incoación ao Ministerio Fiscal, e que se envíe unha carta ao Comité de Empresa e á empresa A/A de San Cibrao comunicándolles estas dilixencias, co fin de que envíen ao Xulgado un informe dos feitos acaecidos e as supostas razóns que levaron á empresa ao peche empresarial.

O día 22 de decembro de 1987, no Xulgado de Instrución de Mondoñedo, con rexistro xeral número 1574, ábreanse outras dilixencias previas sobre danos na factoría A/A a petición do fiscal da Audiencia Provincial de Lugo. Nunha carta do día 21 de decembro, este afirma que se ve na obriga de abrir dilixencias –facéndose eco do aparecido nos medios de comunicación– sobre os danos producidos na factoría de San Cibrao. Como aconteceu coas dilixencias 1560/87, o xuíz solicítalle á empresa e ao Comité que envíen ao xulgado senllos informes sobre o sucedido.

O día 23 de decembro de 1987 entrégase no Xulgado o informe do Comité de Empresa. Consta de seis páxinas en que se relatan os feitos de xeito cronolóxico e dun anexo coa seguinte documentación: un telegrama enviado pola empresa a un dos despedidos, a acta notarial do día 17 de decembro, a denuncia presentada na Delegación de Traballo en decembro e a información presentada na Delegación da Consellería de Traballo Seguridade Social e Emigración de Lugo o día 18 de decembro.

O día 30 de decembro de 1987 a Dirección da empresa presenta o seu informe. José Luis Moñita, en calidade de director da factoría, asina o informe de sete folios que contén o seu relato cronolóxico dos feitos.

O 5 de xaneiro o fiscal da Audiencia Provincial de Lugo telefona ao Xulgado de Instrución de Mondoñedo para que lle envíen copia dos informes achegados polo Comité e a Dirección de A/A para telos no seu poder.

O día 25 de xaneiro requírese ao procurador Fernández Gómez co fin de que achegue o informe solicitado á empresa A/A en relación ás dilixencias previas 1574/87. Nese informe debería incluír a relación de obreiros que incumpriron os servizos mínimos e o motivo do incumprimento.

Nesa mesma dilixencia do día 25 de xaneiro, solicítaselle ao gobernador civil de Lugo que envíe un informe ao Xulgado de Mondoñedo en que queden recollidos todos os conflitos acaecidos na factoría de A/A en San Cibrao, así coma as ordes de desaloxo da fábrica.

O día 1 de febreiro o xuíz de Mondoñedo envía ao fiscal provincial de Lugo unha copia dos documentos entregados pola empresa e polo Comité. O día 3 de febreiro, a Dirección da empresa achega ao Xulgado de Mondoñedo, para as previas 1574/87, a seguinte documentación: relación de persoal despedido, relación dos membros do Comité de Empresa despedidos e a relación de persoas designadas pola Dirección para a prestación de servizos mínimos nos diferentes departamentos.

O 8 de febreiro, o xuíz Rafols Pérez sinala nunha providencia que une as dilixencias 1574/87 ás 1560/87, por tratarse, ambas as dúas, dos mesmos feitos e manda que se lle comunique esta decisión ao fiscal da Audiencia Provincial de Lugo.

O 16 de febreiro, o procurador dos tribunais Fernández Gómez, en nome de Aluminio Español S.A, solicita ao Xulgado de Mondoñedo que se lle expida o testemuño do informe presentado nos autos 1560/87 e 1574/87 polo Comité de Empresa. É curioso que, até este momento, a Dirección da empresa non tivese interese en coñecer os informes achegados polo Comité.

O día 10 de marzo de 1988, Luis Sanz Garrido, secretario do Xulgado de Instrución de Mondoñedo, solicita á Maxistratura de Traballo de Lugo que, en virtude do disposto nos artigos 274 e 279, parágrafo 3º, da Lei orgánica do poder xudicial, lle envíen a sentenza ditada no xuízo contra os traballadores despedidos e a que no seu día se dite contra os membros do Comité.

O 18 de marzo contesta esta solicitude o maxistrado de Traballo, Sr. Pando Manjón, afirmando que lle facilitará a sentenza dos autos 89/88 (sentenza dos 111), e que deberá dirixirse á Maxistratura de Traballo Nº 2 de Lugo para solicitar a sentenza

de despedimento do Comité de Empresa. O día 30 de marzo, solicítaselle á Maxistratura de Traballo Nº 2 de Lugo que envíe ao xuíz Rafols Pérez a sentenza do despedimento dos 23 membros do Comité de empresa, que é enviada a Mondoñedo o 7 de abril polo maxistrado Sr. Ron Curiel.

O día 13 de abril, o Tribunal Supremo envía ao Excmo. Sr. presidente da Audiencia Territorial da Coruña, para que o traslade ao Xulgado de Instrución de Mondoñedo, o testemuño de todas as declaracións efectuadas na Comisión de Industria, Obras Públicas e Servizos no caso de A/A para achegalos ás dilixencias previas 1560/87, sobre coaccións e presunto delito contra o dereito de folga.

O 7 de xuño de 1988, o xuíz Rafols Pérez envía as dilixencias ao Ministerio Fiscal para informalo do que se estivo a recompillar desde decembro de 1987. O día 21 de xuño, o fiscal da Audiencia Provincial de Lugo envía unha carta manuscrita ao xuíz de Mondoñedo na que di que, podendo constituír os feitos un delito doloso de danos segundo o art. 559, é procedente seguir as dilixencias por Sumario de Urgencia e recibir declaracións do denunciante e dos denunciados sobre os feitos de autos.

*El Fiscal, evacuando el traslado concedido, dice:  
Que pudiendo los hechos constituir un delito doloso de  
daños del art 559 es procedente seguir estas diligencias por  
Sumario de Urgencia, y en el recibir declaración al denun-  
ciante y a las denunciantes sobre los hechos de autos, en este  
caso los miembros del Comité de Empresa y demás dili-  
gencias pertinentes.-  
Lugo, 21 de Junio de 1988.-*





O xuíz, ao ver que se puido producir un delito, mantén as dilixencias abertas. Así, solicita a comparecencia das partes para comprobar se os feitos denunciados son constitutivos de delito. Se así fora, veríase na obriga de seguir investigando. Se os membros do Comité son culpábeis de danar as instalacións, deberíanse abrir outras dilixencias que os imputasen para que respondesen ante a xustiza polos feitos acaecidos en San Cibrao en decembro de 1987.

O 30 de xullo de 1988, o xuíz Rafols Pérez chama a declarar aos membros do Comité. A toma de declaracións terá lugar os días 12, 16, 17, 18, 22, 23, 24, 25 e 26 do mes de agosto para que conste nas dilixencias. Os membros do Comité son citados nos xulgados correspondentes aos seus domicilios. Como moitos non eran naturais da Mariña e nos días en que lles envían a citación non estaban nos seus domicilios, non as reciben a tempo. Por iso nunha providencia do día 1 de setembro de 1988, o xuíz Bustillo Juncal solicita aos xulgados de paz de Xove, Burela e Foz que citen aos que non acudiron para que declaren durante os días 3, 5 e 6 de outubro.

A Dirección da factoría tamén é chamada a declarar, e en representación dela comparece o Sr. Moñita. Tras a súa declaración, incorporáronse os motivos da parada das series de electrólise segundo o informe do técnico francés Emilè Francis Ravièr. Segue un informe técnico sobre as paradas das series que emite o catedrático de Metalurxia da E.T.S de Enxeñeiros de Minas de Oviedo, experto na produción de aluminio primario, José Pedro Sancho Martínez, datado en Oviedo a 1 de febreiro de 1988. Na providencia do día 17 de febreiro de 1989 péchanse as declaracións do Sr. Moñita.

O 22 de febreiro de 1989 tómase declaración a Manuel Ángel Franco Leal, subdirector da factoría. Na súa declaración anterior do día 15 de decembro de 1987, o Sr. Franco narra que ás 18:30 ou 19:00 horas baixou persoalmente a falar co Comité para explicarlles a situación crítica da serie B. Afirmo que se reuniron durante unha hora e que, a pesar de expoñerlles reiteradamente a gravidade da situación, os operarios se negaron a entrar a traballar e ademais esixíronlle que lles pagasen as horas perdidas mentres o buque cargado cos bidóns non marchase. Afirmou

tamén que ao concluír a reunión telefonou desde un dos teléfonos do local do Comité á Serie B de electrólise e que o xefe da serie lle comunicou que xa non había nada que facer. Mais esta declaración falta absolutamente á verdade do que sucedeu realmente nesa tarde do día 15 de decembro. Certo é que entre as 19:30 e as 19:40 horas o Sr. Franco baixou a falar co Comité que se encontraba reunido en asemblea permanente, con presenza de varios alcaldes e políticos da zona, mais é imposible que se reunise durante unha hora cos membros do Comité, como el manifesta, xa que ás 20:00 horas as series xa estaban paradas. Mentira maior é afirmar que os membros do Comité se negasen a entrar a traballar. Lembremos a carta en que Roberto Álvarez (alcalde de Cervo), Emilio González (segundo tenente de alcalde) e José M. Yáñez (delegado de Sanidade do mesmo concello) recoñecen que: “El Comité de empresa aceptaba entrar a trabajar en ese momento y después ya se negociarían los demás temas”, versión que coincide coa dos membros do Comité e a de moitas das persoas que se encontraban alí. É certo que o Comité pediu que o Galerno non retornase ao porto, mais non nese momento, senón con anterioridade. Tamén é certo que o Sr. Franco realizou unha chamada, mais nunca especificou a quen; podía dicir que estaba a chamar a unha persoa e estar a falar con outra. Na carta do Concello de Cervo, anteriormente mencionada, esta chamada aparece reflectida, aínda que nunha nota manuscrita, o Sr. Emilio González especifica que a el non lle consta. En resumo: segundo a declaración dos membros do Comité corroborada por edís de Cervo e a propia análise dos feitos, a declaración do Sr. Franco Leal falta á verdade do sucedido. O informe das dilixencias 1560/88 remata coa sentenza do Tribunal Supremo, de 30 de xaneiro de 1989, e non consta se seguen abertas estas dilixencias ou se se pecharon nin por orde de quen.

O 5 de decembro de 2011, Luís M. García Otero púxose en contacto co Xulgado de Mondoñedo para solicitar –como parte implicada– información sobre as dilixencias referentes aos expedientes 1560/87 n. 196/88. Aínda que foi citado a declarar o día 8 de xullo de 1988, non ten constancia de a que dilixencias se refería ese expediente n. 196/88. Desde o Xulgado

de Mondoñedo nunca se lle notificou a que correspondían. As numerosas tentativas de resolución do enigma constitúen unha singular historia de enredo. Ás 12:30 horas do 9 de febreiro de 2012 telefona ao xulgado e, ao preguntar polo citado expediente, é instado a que volva chamar en quince días. Ás 13:00 horas do 29 de febreiro realiza unha nova chamada e recibe como resposta que a persoa que leva ese tema non estaba nese momento e que volva chamar ao día seguinte. Cando o Sr. García Otero pregunta polo mellor momento para chamar indícanlle que sobre as 09:00 horas. O día 1 de marzo á hora indicada, volve chamar. Ao identificarse e preguntar polo tema, a persoa que ten ao outro lado do teléfono dille que ese tema estivo no seu despacho, mais que mandou que se enviase ao decano do Xulgado de Viveiro. Media hora máis tarde, ás 09:30 horas, o interesado comparece no Xulgado de Viveiro para requirir a información que solicitara en Mondoñedo. Como era de agardar, dinlle que alí non recibiron nada respecto a ese tema. O comparecente pediu que lle expedisen un xustificante en que constase que estivera alí, mais non foi posíbel pois esa certificación só se pode expedir ás persoas que foron citadas. A única alternativa era chamar de novo aos xulgados de Mondoñedo. Faino ás 10:00 e ninguén contesta ao teléfono e ás 10:10 horas recibe o mesmo resultado. Téntao de novo ás 10:30 horas e obtén resposta. Explicalle que no Xulgado de Viveiro lle notificaron que alí non recibiran nada, ao que o seu interlocutor lle contesta que ían saír inmediatamente de oficio para alí, mais que non podía dicirlle cando chegarían. O día 8 de maio, Luís M. García Otero recibe unha carta certificada do Xulgado de Mondoñedo. Na misiva envíanlle unha fotocopia de cada un dos autos e descobre que ambos ficaron provisionalmente sobresidos. Porén, non se especifica a que fai referencia o auto 196/88; continúa a ser unha incógnita.

Poñémolles remate a este capítulo coa mención dun artigo publicado por Miguel Anxo García Álvarez (psicólogo clínico do Hospital Universitario de Santiago), na revista *Tempos Novos* (n. 125, pp. 53-66) en outubro de 2007, titulado: “A catástrofe do Casón: reflexións e aprendizaxes”. Reproducimos a seguir algúns fragmentos do artigo:

Xa se sinalaron as vítimas: 23 mariñeiros mortos, unha po-boación cualificada de temerosa e descontrolada, o Comité de Empresa de Alúmina Aluminio despedido ao completo por mala fe contractual (a pesar de que, como consecuencia diso, supostamente se produciu a destrución dunha empresa pública non se iniciaron accións penais pola Fiscalía, o que tería creado un proceso penal en que os medios de proba e as investigacións levarían ás recónditas instancias e aos descoñecidos personaxes que adoptaron decisións con estes resultados).

Sabemos os danos directos: ecolóxicos, pesqueiros, industriais. Ninguén da Administración por aquel entón asumiu unha soa responsabilidade, ou recibiu sanción ou condena ningunha polos seus comportamentos, no mellor dos casos incompetentes e merecedor o seu autor, polo tanto, cando menos, de relevo administrativo.

Vinte e cinco anos máis tarde, unha voz independente e obxectiva deduce que o Comité non foi culpábel do sucedido; foi unha vítima conxuntural, culpada coa axuda dunha lexislación laboral obsoleta. O autor do artigo di que a Fiscalía non iniciou accións penais, mais equivocouse: si que as iniciou (véxase o proceso n. 1560/87 de Mondoñedo), mais non as proseguiu, para non encontrar “as recónditas instancias e os descoñecidos personaxes que adoptaron decisións con estes resultados”. Só houbo interese en botarlle a culpa a unha parte dos actores: os traballadores. Esta decisión foi o castigo a un sindicalismo que non comunga con rodas de muíño.

Miguel Anxo García Álvarez remata o seu artigo coa seguinte pregunta:

Que quixo dicir o 8 de xaneiro de 1988 no Semanario *EL Globo*, o entón e durante os feitos Presidente da Xunta de Galicia, Fernando González Laxe, cando a unha pregunta do entrevistador referida a posíbeis culpábeis do ocorrido e na que lle sinala ao entrevistado que ao parecer só se equivocaron 1.700 traballadores de Alúmina, contesta aquel cripticamente “Está claro que non só se equivocaron os traballadores. Historicamente hai máis culpábeis”, engadindo máis adiante “O que dixen”, en resposta á pregunta: “Que quere dicir?”, e rematando con “Un político ten a obriga, en determinadas ocasións, de deter a verdade?”

## 9. AÍNDA RESTABA UNHA ESPERANZA

Vítimas dun xuízo político cunha resolución influenciada polas máis altas instancias, pouco lles restaba por facer aos membros do Comité. En vista de como se estaban a desenvolver os acontecementos comezan a buscar novos traballos, pois as súas vidas tiñan que continuar. A pesar de todos os obstáculos deciden recorrer ao Tribunal Constitucional.

### *9.1. TRIBUNAL CONSTITUCIONAL. COMISIÓN EUROPEA DE DEREITOS HUMANOS*

O 19 de xuño de 1989 pronúnciase o Tribunal Constitucional. A Sala Primeira (Sección Segunda) –representada polos Excmos. Srs. da Veiga, López e Gimeno– nun auto de dezaseis páxinas resolve sobre o recurso de amparo, que non é admitido a trámite. Non se chega, por tanto, a celebrar o xuízo e non hai posibilidade de recorrer a sentenza. O comité segue despedido.

O último recurso que lle queda ao Comité é apelar á Comisión Europea de Dereitos Humanos en Estrasburgo. O 8 de novembro, J. Andrés Pérez, secretario do Comité, ponse en contacto co avogado da UGT, Sr. Merayo, por medio dunha carta en que lle di:

Te dejo 14 puntos que nosotros pensamos pueden ser interesantes para incluirlos en el recurso. También te comunico que se hicieron las gestiones con los componentes del Comité de otros sindicatos y se acordó abonar el importe de la traducción de toda la documentación

Resulta curioso que se mencione o acordo de todas as seccións sindicais para pagar a tradución da documentación. Tanto diñeiro gastou a UGT na defensa dos membros do Comité que agora non poden asumir os custos dun tradutor? A UGT galega pagou a D. Enrique De la Villa 500 000 Pts. (3 000 €) por anticipado. Unha vez rematado o proceso, pagoulle 1 500 000 (9 000 €) máis, polo que a factura do avogado ascendeu a 2 000 000 Pts. (12 000 €). A maiores, De la Villa tentou cobrar unha porcentaxe por cada traballador –dos 111– readmitido ao conseguir demostrar que o seu despedimento, foi radicalmente nulo e gañar o xuízo, mais non

temos constancia de que fixese un desconto ao perder o xuízo dos 23 membros do Comité (reproducimos a factura nesta páxina).

O 19 de decembro de 1989 preséntase a demanda dos membros do Comité ante a Comisión Europea de Dereitos Humanos. Conforme ao artigo 48.2.b do seu Regulamento Interno, a Comisión traslada esta demanda ao Goberno español, invitándoo a presentar por escrito todas as observacións e alegacións sobre a admisibilidade e o fundamento desta, alegacións que deberían

MINUTA DE HONORARIOS - FACTURA NUM. 108 /88		
FECHA	SERVICIOS PROFESIONALES PRESTADOS	PESETAS
enero a abril 1988	Cuatro salidas de Bufete, con desplazamiento a Lugo, y estancia de seis días en esta ciudad, redacción de demanda por despido respecto de 112 trabajadores del complejo Alúmina-Aluminio, S.A., redacción de demanda por despido respecto de los miembros del Comité de Empresa del mismo complejo industrial, defensa e informe oral ante la Magistratura de Trabajo núm. 1 de las de Lugo (día 22 de febrero), defensa e informe oral ante la Magistratura de Trabajo núm. 2 de las de Lugo (día 4 de marzo), escritos y actuaciones en trámite de recurso de casación, como recurrido y recurrente respectivamente, ante la Sala Sexta del Tribunal Supremo.....	2.000.000 pts.
	TOTAL OPERACIONES SUJETAS	2.000.000 pts.
	IMPUESTO SOBRE EL VALOR AÑADIDO AL 0. %	-----
	SUMAS TOS + IVA	2.000.000 pts.
	HONORARIOS ANTICIPADOS / RECIBO NUM. 5 /88	500.000 pts.
	IVA SOBRE ANTICIPO / RECIBO NUM. 5 /88	-----
	RESTO // FAVOR	1.500.000 pts.

Importa la presente Minuta de honorarios las figuradas un millón quinientas mil Pesetas, S. E. p. O.

Madrid, a 25 de abril de 1988

BUFETE LABORAL  
 c/ Fuencarral, 17-5º Etaja.  
 28010 M.-DRID

Firmado: Luis Enrique de la Villa Gil

EMITIDO EXPEDIDOR	CUENTE DESTINATARIO
Nombre: Luis Enrique de la Villa Gil N.º: 1.219.391 Identificación fiscal: 001219391 T Colegiación: 7.239	Nombre: D. N.º: Razón social: UGT (Galicia) Domicilio: Gral Paratitas, 26. Santiago de N.º identificación fiscal: G-28/471898 IVA (aprox): -----

versar sobre os puntos enumerados na carta para non saír do contexto en que sucederon os feitos. O Goberno español responde á Comisión europea enviándolle toda a información que cre pertinente. Do seu contido destacamos:

- a) A alusión ao recurso que as seccións sindicais presentaron ante a OIT. O Goberno español considera que a demanda xa fora recorrida ante unha institución internacional, mais esa consideración non é correcta. A demanda fora presentada ante a OIT polas centrais sindicais, mentres que a presentada en Estrasburgo facíase a título individual.
- b) No apartado segundo recóllese que: “El Gobierno del Reino de España estima que planteada la misma queja ante la O.I.T. y resuelta por la misma, no procede, por aplicación del Convenio Europeo de Derechos Humanos, que otro órgano internacional vuelva a estudiar la misma, y así lo ha expuesto”. Porén, di que vai responder as cuestións formuladas pola Comisión, por cortesía, e achega un relato cronolóxico dos feitos que coincide –practicamente en todos os puntos– co presentado pola Dirección de empresa ante os tribunais españois. Remata achegando as diferentes sentenzas. Chama a atención a data en que se asina: “Madrid, 23 de enero de 1984. El agente de España, Javier Borrego”. Hai un erro de oito anos. Os feitos acontecen en 1987 e o informe é de 1992.

A Comisión Europea de Dereitos Humanos reunida o 12 de outubro de 1992, en presenza de MM. C.A. NØRGAARD (presidente da Comisión) e de M. H.C KRÜGER (secretario da Comisión) e de dezaseis compoñentes máis, delibera sobre a admisibilidade da solicitude n. 16358/90 presentada por Miguel Cereceda e outros 22 contra o Estado español. Visto o artigo 25 da Comisión para a Protección dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais, valorando e analizando as observacións formuladas polo Goberno español (solicitadas o 23 de xaneiro e o 29 de xuño de 1992) e as observacións presentadas polos solicitantes (o 4 de xuño 1992), a Comisión deliberou e en base aos feitos, ás alegacións presentadas e ás leis vixentes, decidiu –por maioría– declarar a demanda inadmisíbel.

O 27 de outubro de 1992, desde Estrasburgo, José Manuel Fernández envía este fax á atención de Melchor Roel:

Estrasburgo, a 27 de outubro de 1992:

A la atención de Melchor Roel:

Querido Melchor:

Acabo de hablar con el Sr. Krüjer (secretario de la comisión de derechos humanos) y con el Sr. Santiago Quesada, funcionario que ha seguido este dossier directamente.

Me han confirmado que la comisión adoptó la decisión sobre el caso “Cereceda, Martín y otros” el viernes 23 de octubre. Esta decisión será comunicada el jueves 29 al gabinete de abogados Wolschinger (de la ciudad de Colmar), aunque ya les han adelantado los contenidos verbalmente.

Las secciones sindicales presentaron en 1989 una demanda similar ante el Comité de Libertad sindical de la OIT, por lo que, sin entrar en el fondo, se declara inadmisibile la demanda.

Se planteó que, mientras en 1988 fueron las secciones sindicales quienes introdujeron la demanda ante la OIT, ahora han sido personas físicas. Pero se consideró que hay identidad de partes o identificación de agravios, siendo el principal el agravio sobre la libertad sindical. Los demás agravios han sido igualmente desestimados por otros motivos.

Mi opinión personal es que este tema ha sido mal planteado desde un punto de vista formal.

Un abrazo.

José Manuel Fernández

O 9 de decembro de 1992, Manuel Merayo Ramos envía a Juan Andrés Pérez Vila a resolución da Comisión que declara a inadmisibilidade da demanda e lamenta que sexa unha resolución inxusta contra a que non cabe recurso. Tamén lle achega a carta enviada polo Sr. Ruiz Giménez na que mostra a súa decepción polo feito de que a Comisión se apoiase en que xa se tiña presentado recurso ante a OIT e na que pide que se lles transmita aos membros do Comité que para el foi unha honra formar parte da comisión nacional de investigación.

As poucas esperanzas que tiña o Comité esvaecéronse coa resolución da Comisión de Dereitos Humanos. Agora tiñan que



seguir adiante cada un coa súa vida e esquecerse de que non se fixera xustiza con eles. Tras pronunciarse a Comisión de Dereitos Humanos xa non quedaba ningunha institución á que seguir apelando. Cando se coñece a resolución de Estrasburgo, todos os membros do Comité teñen xa as súas vidas canalizadas lonxe da factoría de A/A. Uns deixan A Mariña e vanse a outros lugares de Galiza, Asturias, Valladolid ou Madrid; outros embarcan na Mariña Mercante e o resto permanecen na zona. Tentan saír adiante abrindo negocios ou traballando naquilo que lles vai xurdindo. Todos comezan unha nova vida como boamente poden. Nalgúns casos, trátase dunha nova vida tamén no terreo sentimental, pois como consecuencia dos conflitos laborais moitas familias romperon.

### *9.2. O LABOR DE JOAQUÍN RUIZ-GIMÉNEZ PARA DEMOSTRAR A INOCENCIA DO COMITÉ*

Non todos os membros do Comité se resignan e dan por concluídos os procesos legais. Juan Andrés Pérez Vila, como voceiro dos 23 compañeiros, comeza unha serie de trámites para conseguir o indulto por parte do Goberno español, en que vai contar coa axuda incondicional de Joaquín Ruiz-Giménez, que anos antes coordinara a Comisión para o esclarecemento dos feitos. Nunha carta datada en outubro de 1995, dirixida ao Juan Andrés Pérez Vila, Ruiz-Giménez sinala que lle devolve os pregos coas sinaturas de apoio á petición de indulto do Comité, agradecéndolle a confianza depositada nel.

O 26 de decembro de 1995, o Sr. Ruiz-Giménez, Ángel Pérez e Juan A. Pérez Vila presentan no Ministerio de Traballo un escrito dirixido ao ministro, con número de rexistro RG/ma/72612. O Sr. Ruiz-Giménez, como presidente de UNICEF, envía un escrito ao ministro de Traballo e Seguridade Social, José Antonio Griñán Martínez, coa exposición do caso dos 23 traballadores que foran membros do Comité de Empresa de A/A. O escrito comeza co relato dos feitos relacionados co encallamento do buque Casón en decembro de 1987, continúa co traslado dunha parte da carga tóxica ás portas das instalacións do complexo industrial de San Cibrao, cos despedimentos e as penosas consecuencias deriva-

das dese feito e finaliza coa referencia ás miles de persoas que apoian o escrito coa petición de indulto laboral dirixido ao presidente do Goberno, Felipe González.

O 22 de xaneiro de 1996, o Sr. Ruiz-Giménez dirixe un escrito ao ministro de Industria e Enerxía, Juan Manuel Eguiagaray Ucelay, con número de rexistro RG/ma/1221, nos mesmos termos que o dirixido ao ministro de Traballo e Seguridade Social un mes antes.

A comunicación entre o membro do Comité e o Sr. Ruíz-Giménez é habitual.

O 29 de abril de 1996, Ruiz-Giménez envía un novo escrito ao ministro de Traballo e Seguridade Social, recordándolle as xestións que anteriormente se realizaran. Acompaña o escrito con fotocopias dos enviados anteriormente. Na súa carta pódese ler o seguinte: “Posteriormente, no se han recibido noticias sobre el acuerdo que hubiera, tal vez, tomado el Consejo de Ministros, pero ese colectivo me vuelve a pedir que haga una gestión “in extremis” en apoyo de su legítima petición”

Con data do 18 de maio de 1996, o Sr. Ruiz-Giménez envía unha nova carta ao ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Javier Arenas, recordándolle as xestións realizadas con anterioridade no seu Ministerio sobre o despedimento do Comité de Empresa de A/A, en que manifesta:

Al objeto de facilitar su inmediata información sobre este particular, dado su reciente nombramiento como Ministro de Trabajo, le adjunto la documentación presentada en su día, que no ha merecido respuesta alguna por parte del anterior Gobierno, pero que confío en que será tratada y resuelta con la máxima urgencia y comprensión por el nuevo Gobierno del que Vd. forma parte.

O 22 de xaneiro de 1997, o Sr. Ruiz-Giménez comunícase co Sr. Pérez Vila mediante a carta que se pode ler a continuación:

**COMITE ESPAÑOL**

Mauricio Legendre, 36 - 28046 MADRID (SPAIN)  
 Apartado 12021 - 28080 MADRID  
 Teléf.: (91) 733 40 00 - Fax: (91) 314 74 75  
 E-Mail: unicef\_es@madrid.seker.es

**PRESIDENTA DE HONOR S. M. LA REINA DOÑA SOFIA****PREMIO NOBEL DE LA PAZ 1965**

REMITENTE COMITE ESPAÑOL DEL UNICEF	DEPARTAMENTO PRESIDENCIA	REFERENCIA CARTA DIRIGIDA A MINISTRO TRABAJO Y A. SOCIALES	FECHA 22 ENERO 1997
---	-----------------------------	---	------------------------


DESTINATARIO D. JUAN A. PEREZ VILA =====	CIUDAD/PAIS NARON/LA CORUNA	PAGINA 1 DE PAGINAS 3
	NUMERO FAX 981/39.18.88	

TEXTO

Querido amigo:

Me es grato acompañarle copia de la carta que he dirigido al Excmo. Sr. Ministro de Trabajo y Asuntos Sociales, D. Javier Arenas, con la esperanza de que se llegue a una solución favorable en este tema.

Cordialmente le abraza su amigo,



Joaquín Ruiz-Giménez Cortés  
PRESIDENTE

Adj.- Copia de la carta dirigida al Excmo. Sr. Ministro de Trabajo y Asuntos Sociales.

A carta á que se refire o Sr. Ruiz-Giménez ten o número de rexistro: RG/ma/4201 e está datada en Madrid a 20 de xaneiro de 1997. A seguir reproducimos, debido á súa importancia, algúns parágrafos da mesma:

Ahora, la cuestión la han resucitado dichos Sindicatos, según me comunican, y parece que el expediente está en manos de su Ministerio, para estudiarlo con objetividad y espíritu de comprensión humana, y llevarlo, en su caso, al Consejo de Ministros. Desconozco cuál es, en este momento, el trámite en el que el asunto está, pero le ruego que recabe información y que, si es posible, estudie una solución equitativa.

En el caso de que necesite ese Ministerio algunos datos complementarios, yo me ocuparía gustosamente de proporcionarlos, salvo que usted prefiera, como sería explicable, recabar dichos complementos de las Centrales Sindicales U.G.T., Comisiones Obreras y Unión Sindical Obrera, que se dirigieron a usted en carta del día 15 de Noviembre del pasado año.

Das catro seccións sindicais que había no Comité, asinan tres (CC OO, UGT e USO), non consta que a INTG (hoxe CIG) fose á devandita reunión nin que asinase a carta. O 30 de abril de 1997, o Sr. Ruiz-Giménez envía outra carta ao ministro de Traballo e Asuntos Sociais, con número de rexistro: RG/ma/2304. Nela podemos ler:

Parece ser que el Secretario General de U. G.T., Cándido Méndez, ha tenido ya un contacto con usted y ha renacido en ellos una esperanza de que pueda encontrarse una solución ecuánime. Estoy a disposición suya y de quien usted indique para ratificar este testimonio, que me parece debo otorgar en justicia.

Uns meses despois, o 8 de xullo de 1997, Cesar Aja Mariño, alcalde de Viveiro e senador por Lugo, envía, a petición de membros do Comité, unha carta a Javier Arenas, ministro de Traballo e Asuntos Sociais, na que lle di:

Estimado Javier:

Nuevamente me dirijo a ti, al objeto de enviarte fotocopia de la carta que te remití D. Joaquín Ruiz-Giménez referente al Comité de Alúmina-Aluminio expulsado de la empresa con motivo de los acontecimientos del buque Casón.

Yo, que viví muy cerca todos los acontecimientos, te puedo decir que el cúmulo de despropósitos sucedidos aquellos días, por parte de las autoridades competentes en este tema, aboca-

ron en una situación esperpéntica, dando lugar a una especie de locura colectiva de miles de personas que exercieron una gran presión sobre todos nosotros, incluído el comité de aquel momento

O Sr. Ruiz-Giménez segue insistindo ante o ministro de Traballo e envíalle outro escrito o 1 de decembro de 1997 no que sinala que os membros do Comité –co Sr. Vila como voceiro– queren que se reabra a petición de indulto formulada en 1995.

O 20 de xullo de 1998, o Ministerio da Presidencia, aos efectos do artigo 49 do Regulamento do Congreso dos Deputados, traslada o informe facilitado polo ministro de Traballo e Asuntos Sociais respecto á Comisión de indulto do Comité de A/A, ao presidente do Congreso dos Deputados. O 21 de xullo de 1998, nunha reunión da Cámara, acordan trasladar a petición ao presidente da Comisión de Peticións.

A letrada adscrita á Comisión de Peticións, Cruz Martínez Esteruelas, remite unha copia da contestación enviada polo Goberno o 12 de novembro de 1998. No seu escrito, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais alega que a solicitude presentada polo Comité se refire a unha figura inexistente no ordenamento xurídico laboral –o indulto– e que o Goberno non pode anular unha decisión que compete única e exclusivamente ao ámbito empresarial.

Durante os anos noventa o conflito orixinado a raíz do encallamento do Casón desapareceu das axendas da información, malia que os membros do Comité seguían buscando o indulto e de que o Sr. Ruiz-Giménez tentase falar con todos os políticos que podían conseguilo. As reunións continúan, mais non conseguen nada. Todos os gobernos que houbo no Estado español reaccionaron igual; todos deron a mesma resposta.

### 9.3. CAMBIO DE SÉCULO

Co cambio de século reaparecen as noticias. Os medios de comunicación fan memoria do que pasou en A/A naquel fatídico mes de decembro de 1987. Así, *La Voz de Galicia* do 16 de outubro de 2000 titula “La CIG lamenta que se olvide la petición de indulto para el Comité de Alúmina”. A central sindical critica

o absoluto silencio das autoridades do PP –Francisco Cacharro Pardo, presidente da Deputación de Lugo e César Aja Mariño, senador por Lugo– a cuxas “portas” chamara o Comité de A /A en busca de apoio para conseguir o indulto.

No ano 2005, publícase un artigo titulado “Paralización de actividades por riesgo grave e inminente Artículo 21 PRL”<sup>18</sup> do que é autor o catedrático de Dereito do Traballo na Universidade de Sevilla Antonio Ojeda Avilés. Nel sinala que:

Los tribunales españoles han entendido muy pocas veces de cosas de paralización de la actividad de una empresa por riesgo grave e inminente, o de la negativa a trabajar por falta de medidas de seguridad, pese a que ya antes de la Ley de Prevención de Riesgos Laborales 31/1995, existía una regulación moderadamente satisfactoria. Probablemente el caso Alúmina-Aluminio se encuentre en la raíz de este silencio a la expectativa, pues aquel famoso asunto se saldó en falso, dejando dolorosos recuerdos en todos los que participaron. (...) El comité de personal ordena el desalojo del centro en base a las competencias que le otorgaba el art. 19 LET y más tarde se niega a ordenar la reincorporación hasta que no se garantizara la eliminación del peligro, se reconociera el abono de las horas no trabajadas y se comprometiera la Dirección a no tomar represalias. (...) El Tribunal Supremo confirmó el despido de todo el Comité de empresa por haber mantenido abusivamente la situación de parálisis cuando el riesgo había desaparecido. Un despido por trasgresión de la buena fe contractual que fue rebatido en su importante voto particular por el magistrado Bris Montes, para quien la falta de acuerdo entre la empresa y el comité fue la causante de los daños.

Aunque reconociendo que la LPRL constituye un importante avance tanto técnico como humano respecto a la normativa anterior en un país donde se produce la paradoja de ostentar un triste récord en accidentes de trabajo (...) Los presupuestos normativos y fácticos de la paralización de actividades, como paso previo a entrar en el asunto, y en concreto el conflicto de

---

18 Este artigo foi orixinalmente publicado en VVAA (Ojeda, Alarcón y Rodríguez Ramos, coord), *La prevención de riesgos laborales* Editorial Aranzadi, Pamplona 1996”. O texto foi actualizado nalgunhas partes.

normas entre el art. 19 LET Y EL 21 LPRL, así como el concepto de riesgo grave e inminente. El conflicto de normas: la LPLR deja vigente el art. 19 del actual TRET 1/1955 (antes Estatuto de los Trabajadores), el cual afronta la situación de riesgo máximo de manera bien distinta a como lo hace el art. 21 LPRL. Para decirlo de otra forma, el conflicto se produce concretamente entre el último párrafo del art. 19,5 y el art. 21 LPRL, y tanto por la diferencia de órganos a los que habilita para proceder a la interrupción del trabajo, cuanto por los requisitos para la adopción de la medida, son incompatibles entre sí. (...)La LPRL integra esta laguna al definir el riesgo grave e inminente en su art. 4 como aquel riesgo laboral que resulte probable racionalmente que se materialice en un futuro inmediato y pueda suponer un daño grave para la salud de los trabajadores. Habría que objetar en la definición el límite de que el riesgo sea laboral, pues en ocasiones la amenaza de daño proviene del entorno exterior, como el caso Alúmina-Aluminio puso de relieve, y quizá habría sido más oportuno recuperar la clásica expresión de la legislación de accidentes, de “como ocasión o por consecuencia del trabajo prestado”, que a nuestro juicio puede servir como interpretación más razonable del concepto de riesgo laboral.

O catedrático de Dereito pon como exemplo o caso de A/A e o despedimento do seu Comité de Empresa para sinalar a correcta determinación do Comité ao decidir acollerse ao art. 19.5 do Estatuto dos Traballadores.

Nese mesmo ano prodúcese un cambio político en Galiza. Chegan ao poder PSdG-PSOE e BNG, que gobernarían xuntos durante catro anos. Nese momento, crendo que o cambio político pode axudar á petición de indulto, Juan Andrés Pérez Vila comeza a negociar cos dirixentes do PSOE –entre eles o conselleiro de Traballo, Ricardo Varela– ao tempo que Antón Casal o fai co BNG.

Ese ano, cando se cumpren 20 da chegada dos bidóns a A/A, o tema dos despedimentos do Comité reavívase e volve a ocupar algunha páxina na prensa. No mes de outubro Miguel Anxo García publica outro artigo desde unha perspectiva psicolóxico-social do tema. En decembro, coincidindo co aniversario do

encallamento, o xornal *LV (De luns a Venres)* publica un artigo titulado “Alúmina Aluminio una carga inesperada”, no que se relata o sucedido co Casón naqueles días e nos posteriores e as consecuencias que isto provocou en A/A. O artigo vai acompañado dunha interesante entrevista a Antón Casal que merece a pena ler. Tamén *La Voz de Galicia* publica unha crónica do sucedido naqueles días: “La comarca rememora la semana de tensión con los bidones del Casón”. Este mesmo xornal, o 2 de xaneiro de 2008, publica unha entrevista a Juan Andrés Pérez Vila –quen asegura que segue loitando para que se faga xustiza– e informa de que Francisco Jorquera (BNG) presentou unha pregunta no Senado. Chaman a atención unhas palabras do senador galego que reproducen a sensación que leva vivindo durante anos o Comité: os políticos cos que fala danlle a razón, mais ningún está disposto a implicarse a fondo.

O senador galego formulaba ao Goberno unha serie de preguntas solicitando unha resposta por escrito. Na súa intervención recordou o despedimento dos 23 membros do Comité de Empresa, así como a doutros 111 traballadores que conseguiron reincorporarse aos seus postos de traballo. Tamén lembra que houbo despedimentos ocultos de traballadores das empresas auxiliares, entre eles o do delegado da INTG, Xermán Rouco, presidente do Comité de Empresa de INDUNOR. Após rexeitar a situación de ostracismo laboral e social a que foron condenados os membros do Comité, o senador formula as seguintes preguntas:

- Está o Goberno disposto a revisar o caso do despedimento do Comité de Empresa de A/A (antiga INESPAL) polos sucesos acaecidos en decembro de 1987?
- Non cre o Goberno que o proceso estivo cheo de feitos sen aclarar?
- Non considera o Goberno que as sentenzas ditadas foron desproporcionadas?
- É consciente de que os 23 traballadores do Comité de Empresa despedidos foron condenados ao ostracismo laboral e social, incluíndo a existencia de listas negras para impedir o acceso a empresas públicas?



- Non cre o Goberno que é de xustiza unha reparación moral e económica para os traballadores despedidos a consecuencia do conflito?
- Está disposto o Goberno a concederlles un indulto?

O 13 de xaneiro, *El Progreso* baixo o título “Petición de inocencia” recolle unhas declaracións de Antón Casal, en que manifesta que nunca foi partidario de pedir o indulto, que aceptou que o tramitasen por solidariedade cos compañeiros que levaron a iniciativa e afirma que foron vítimas dun atropelo histórico.

#### ***9.4. PROPOSICIÓN NON DE LEI NO PARLAMENTO DE GALIZA***

O 17 de xaneiro de 2008, comezan os trámites para levar ao Parlamento de Galiza unha proposición non de lei do BNG –por iniciativa de dous dos seus deputados: Carlos F. Branco Parga e Manuel Parga Núñez, en relación ao despedimento do Comité de Empresa de A/A. O Grupo Parlamentario do BNG considera que despois de vinte anos de conflito é necesario facer xustiza e dar o trato que dignamente merecen tanto os 23 membros do Comité como o delegado sindical da INTG e presidente do Comité de Empresa de INDUNOR. Por ese motivo formulan a seguinte proposición non de lei –publicada no Boletín Oficial do Parlamento o 31 de xaneiro– para que o Parlamento de Galiza inste o Goberno Galego a:

1. Un recoñecemento explícito do labor sindical dos representantes despedidos polo conflito do Casón.
2. Así mesmo, o estudo e apertura dunha mesa, entre Administración e sindicatos, para chegar a unha solución individual aos problemas laborais e de cotizacións dos traballadores despedidos por este conflito.
3. Solicitar do Goberno do Estado o indulto para todos os traballadores despedidos neste conflito.

O 12 de marzo de 2008, baixo a presidencia de Dolores Villarino Santiago, celébrase a sesión plenaria en que se debate a proposición non de lei presentada por Carlos F. Branco Parga e Manuel Parga Núñez, en representación do BNG.

A Sra. presidenta anunciou que se lle fixeran dúas emendas a esta proposición: unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas

de Galicia e outra do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, recollidas nos documentos 27713 e 27714 respectivamente.

A dos Socialistas, que modifica o punto 2 e elimina o punto 3, propón establecer conversacións entre a Administración e a empresa –coa participación do Comité– para que, no ámbito da empresa, se tente acordar unha solución aos problemas laborais das persoas afectadas polo despedimento.

Pola súa banda, a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia insta o Goberno de Galicia a:

1. Facer un recoñecemento explícito do labor sindical dos membros do Comité de Empresa da factoría A/A en San Cibrao (Lugo) despedidos como consecuencia do conflito do Casón.
2. Que a Administración, conxuntamente cos sindicatos, estuden as consecuencias de índole persoal e familiar que ocasionaron os despedimentos, ao fin de tomar as medidas que se considerasen oportunas.
3. Demandar do Goberno do Estado a modificación de Lei de prevención de riscos laborais para que a facultade da paralización da actividade empresarial, cando os traballadores estean ou poidan estar expostos a un risco grave ou inminente con ocasión do seu traballo, poida exercerse tanto no caso de que os riscos sexan laborais como externos.

A Sra. presidenta dálle a palabra ao Sr. Blanco Parga para formular a proposición non de lei. Este, após saudar os deputados e os membros do Comité de INESPAL alí presentes, contextualiza a presentación da proposición no marco da conmemoración do Día da Clase Obreira Galega. En lembranza dos tráxicos acontecementos de Ferrol do ano 1972, o Grupo Parlamentario leva á Cámara un tema de represión sindical que, despois de máis de vinte anos, aínda non se pechou. A seguir continúa cun relato dos feitos acaecidos naqueles aciagos días facendo mención ao recollido literalmente no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nas páxinas 73222 e seguintes.

O deputado Tomé Roca, do Grupo Socialista, saudou os sindicalistas presentes na tribuna, deulles a benvida ao Parlamento e recordoulles que estaban na casa común de todos os galegos. A seguir sinalou que os feitos sucedidos en A/A, foron un

cúmulo de erros colectivos en distintos graos, lamentou que a culpa caese só sobre os sindicalistas e afirmou que os socialistas tiñan claro que o Comité sempre tratou de solucionar os problemas. Na parte central da súa intervención manifestou que o seu partido presentara unha emenda ao punto 1º porque crían que melloraba o texto da iniciativa presentada polo BNG e propuñan a suspensión do punto 3º. Xa para rematar afirmou que o Grupo Socialista estaba disposto a redactar un texto que mantivese o espírito da iniciativa para que puidese ser útil aos traballadores.

Polo Grupo Popular interveu o Sr. Bernardo Tahoces. Durante a súa alocución dixo que o despedimento do Comité era un caso insólito no dereito laboral español por dúas circunstancias: primeiro porque era a primeira vez que un Comité se acollía ao artigo 19.5 do Estatuto dos Traballadores e segundo porque era a primeira vez que na Maxistratura Laboral houbera un voto particular dun dos tres maxistrados que figuraban na sentenza. Rematou a súa intervención defendendo as emendas presentadas e desexando e agardando un acordo cos demais.

Continúa o Sr. Blanco Parga debatendo sobre as diferentes emendas e remata sinalando:

Nós, antes de emendar sabemos que este Parlamento é a sede da soberanía do pobo galego e falamos, de cousas de números, 23. Hoxe permítame que teña algún tempo para dicir o nome dos 23 porque hai persoas e hai familias e o BNG pase o que pase con esta proposición de lei, quere amosar o seu respecto polo traballo sindical e pola súa honestidade aos compañeiros (...) ao compañeiro Xermán Rouco e á familia do xa falecido, desgraciadamente neste tempo, á familia do compañeiro Barreira Quelle (...). Eses son os nomes e as familias que padeceron este conflito que afectou a toda Galicia e que ninguén máis padeceu. Totalmente inxusto, se o poñemos na balanza. Por eso a nós nos gustaría ter o apoio de todo o mundo, e non sei se o teremos. Pero nós, efectivamente instaremos a un recoñecemento explícito do Goberno galego ao labor sindical destes representantes despedidos porque é de xustiza e que tamén que se busque un acordo para que haxa algunha viabilidade sobre as súas situacións individuais por problemas, laborais e

de cotizacións. Cremos que é unha débeda que ten o noso país con estes compañeiros. Nós non lles imos recuperar vinte anos da súa vida, eso, por desgracia non está na nosa man. Gustaríanos telo feito xa no ano 87, no ano 88. Hoxe está na nosa man. Sabemos que podemos chegar tarde, pero o peor nestes conflitos para un sindicalista é non chegar.

En conclusión: o Parlamento de Galicia, por unanimidade, aproba os puntos 1º e 2º, e reconece explicitamente o labor sindical dos representantes despedidos da factoría de INESPAL en San Cibrao. Ao tempo, comprométese a estudar a constitución dunha mesa de negociación entre a Administración galega e as organizacións sindicais, coa posíbel colaboración da empresa e da Administración central, para chegar a unha solución individual dos problemas dos traballadores despedidos no conflito.

Os medios de comunicación recollen eses días a información xerada no Parlamento. *El Progreso* do día 13 titula “El Comité despedido por los bidones del Casón recibe el apoyo del Parlamento”. No corpo da noticia sinálase que os tres grupos políticos van estudar a posibilidade de abrir unha mesa de negociación que busque solucións para os 23 membros do Comité e para o membro da compañía auxiliar. O xornal *Galicia Hoxe* dese mesmo día publica “Recoñecen o labor sindical en Alúmina vinte anos despois”.

Para dar cumprimento ao acordado no Parlamento, o 15 de marzo reúnese unha representación do Comité nos locais sindicais de A/A. Foi sen dúbida un reencontro moi esperado para moitos. Algúns había máis de dezasete anos que non se vían nin pisaban o chan da factoría. Alí acudiron: Jesús Ben Pernas, José Castro Vázquez, Antón Casal Díaz, José Fernández Paleo, Luís M. García Otero, Juan Andrés Pérez Vila, José Ramón Ramos Fernández, Ángel Hernández López, Ramón Miguélez Tola, Ernesto Rodríguez Peñamaría e Faustino de la Viña García. Con eles estiveron Xosé Paleo e Antonio González Pérez, ambos da CIG, e José Luis Combarro e Luis Cardoso, de UGT. Todos eles tiveron moi presente a José Luís Barreira Quelle, xa falecido. Parecía que despois de vinte anos había unha posibilidade de que se emendasen as inxustizas. *La Voz de Galicia* do día 16 recolle nas súas páxinas a noticia, baixo o titular: “El Comité del

Casón reclamará compensacións económicas e acordos a la Seguridad Social”.

O 2 de maio, Pilar Cancela Rodríguez, directora xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia, en representación da Conselleira de Traballo envía unha carta aos representantes do Metal de UGT, CIG e CC OO de Galiza convocándoos a unha reunión o día 20 de maio ás 10:30 horas na Consellería de Traballo. Na reunión falouse das compensacións correspondentes a cada membro do Comité e acordouse pedir datos persoais, cotizacións á Seguridade Social, número de conta e situación laboral de cada un.

En xuño de 2008 *El Progreso* publica en titulares “El Gobierno rechaza la petición del BNG y no revisará los despidos de empleados de la antigua INESPAL”. O executivo español respondeu a Francisco Jorquera, senador do BNG, que era xuridicamente inviábel a intervención da Administración Xeral do Estado no litixio, ao tratarse dunha resolución xudicial que debía ser acatada co máximo respecto. O Goberno central alegaba que non podía actuar contra unha sentenza xudicial e que, por tanto, non concedía o indulto. Tras vinte anos de loita, esvaeciáanse as poucas esperanzas que aínda había. A maioría dos membros do Comité xa imaxinaban ese final, agora restaba saber se o Goberno da Xunta os ía compensar dalgún xeito. Aínda que non servise para borrar as penurias que moitos viviron durante os últimos vinte anos, o recoñecemento institucional sería ben acollido.

### 9.5. A DERRADEIRA ESPERANZA

Durante o ano 2008 houbo máis reunións con Pilar Cancela Rodríguez para tratar de buscar unha solución. Segundo Juan A. Pérez Vila, só se lles avisou da primeira, mais teñen constancia indirecta de que durante ese ano houbo varias reunións para perfilar como ían ser indemnizados os membros do Comité. Na última, celebrada o 15 de xaneiro de 2009, falouse de que se lle ía dar a cada membro do Comité unha cantidade de diñeiro, (o 5% achegaríao a Consellería de Traballo, e o resto pagaríao a Consellería de Industria). O primeiro pagamento, correspondente ao 40% do total, faríase en febreiro dese ano.

**CONSELLERIA DE TRABALLO**

D. Ricardo Jacinto Varela Sánchez

Conselleiro de Traballo  
Rúa San Lázaro, s/n  
Santiago de Compostela- 15.781

**ASUNTO: CASÓN**

con domicilio a efectos de notificaciones en ( con D.N.I.

**EXPÓN:**

1º.- Que fun membro do Comité de Empresa de Aluminios S.A. e Alúmina S.A., comité que foi despedido en Decembro de 1987, polos feitos acontecidos derivados do embarrancamento do Buque Casón en decembro de 1987.

2º.- Que, con data 12 de marzo de 2008. apróbase por unanimidade no Parlamento Galego unha proposición non de lei, na que, entre outros puntos, establécese a posibilidade de buscar axudas para este comité despedido.

3º.- Que, despois de 21 anos dende que fun despedido, por ser membro do devandito comité de Empresa Aluminio S.A. e Alúmina S.A., tanto no eido **Económico, Laboral como Social**, tiven un quebranto moi importante, polo cal a data de hoxe todavía acarreo consecuencias, tanto **Económicas, Laborais como Sociais**.

Por todo o exposto anteriormente

**SOLICITO:**

Ante o Conselleiro de Traballo, Don Ricardo Jacinto Varela Sánchez, unha axuda de carácter social, para dar cumprimento á proposición non de lei do 12 de marzo de 2008 do Parlamento Galego.

O día 9 de febreiro os membros do Comité envían a carta que reproducimos arriba<sup>19</sup> a Ricardo Varela Sánchez, na que solicitan unha axuda de carácter social para dar cumprimento á proposición non de lei de 12 de marzo de 2008 do Parlamento de Galiza. Xunto a esta carta, achegábase un informe persoal de cada un dos membros do Comité con DNI, número de conta e da Seguridade Social.

19 Omítense os datos persoais dos membros do Comité para non os facer públicos.

O día 11 de febreiro de 2009, Ernesto Rodríguez Peñamaría, Juan A. Pérez Vila e Antón Casal Díaz –en representación dos membros do Comité de Empresa– expoñen nun escrito presentado na Consellería de Traballo, do que reproducimos unha copia, que foron membros do Comité de Empresa de A/A que foi despedido en decembro de 1987 polos feitos derivados do encallamento

**CONSELLERÍA DE TRABALLO**

**D. Ricardo Jacinto Varela Sánchez**  
Conselleiro de Traballo  
Rúa San Lázaro / SN  
Santiago de Compostela -15.781

**ASUNTO: CASÓN**

Os abaixo asinantes, en representación da totalidade dos membros do Comité de Empresa de Aluminio S.A e Alúmina S.A. despedidos polos feitos acaecidos en decembro do 1987

**EXPÓNEN:**

- 1º Que fomos membros do Comité de empresa de Aluminio S.A e Alúmina S.A, comité que foi despedido en Decembro de 1987, polo feitos acontecidos derivados do embarracamento do Buque Casón en decembro do 1987.
- 2º Que, con data 12 de Marzo do 2008, apróbbase por unanimidade no Parlamento Galego unha proposición non de lei, na que, entre outros puntos establécese a posibilidade de buscar axudas para este comité despedido.
- 3º Que, despois de 21 anos dende que fomos despedidos, por ser membros do devandito comité da Empresa Aluminio S.A e Alúmina S.A , sufrimos serias consecuencias nos seguintes eidos:
  - Económico:** Embargos, baixas retribucións, perda de poder adquisitivo, baixas xubilacións (800 – 900 euros).
  - Laboral:** listas negras de emprego na Mariña, necesidade de saír de Galiza para poder traballar ou autoemprego como única saída laboral, inestabilidade e perda de motivación laboral.
  - Social:** Separacións matrimoniais, Rexeitamento social, Redución da actividade social, Familias desestruturadas.

Por todo o exposto anteriormente

**SOLICITAMOS:**

Ante o Conselleiro de Traballo, Don Ricardo Jacinto Varela Sánchez, unha axuda de **carácter social de 22.500 euros** para cada un dos membros do Comité de Empresa despedidos, polas consecuencias expostas no punto 3º, ocasionadas polos despedimentos, e para dar cumprimento á proposición non de lei do 12 de marzo de 2008 do Parlamento Galego.

Compostela, a 11 de febreiro do 2009

Asinado

Ernesto Rodríguez Peñamaría,  
D.I.: 

Juan Andrés Pérez Vila  
D.I.: 

Antón Francisco Casal Díaz  
D.I.: 

do Casón. Que o 12 de marzo de 2008 se aprobou por unanimidade no Parlamento de Galicia unha proposición non de lei en que, entre outros puntos, se recollía a necesidade de buscar axudas para o Comité, que despois de 21 anos do seu despedimento, sufriron serias consecuencias económicas, laborais e sociais, polo que solicitan ao conselleiro de Traballo unha axuda de carácter social de 22 500 € para cada membro do Comité polas consecuencias expostas anteriormente.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BIENESTAR

Dona Beatriz Mato Otero

COPIA A: Secretarios Xerais do Metal

UGT, CCOO, CIG

Conseleira de Traballo  
Rúa San Lázaro / SN  
Santiago de Compostela -15 781

ASUNTO: CASÓN

Os abaixo asinantes, en representación da totalidade dos membros do Comité de Empresa de Aluminio S.A e Alumina S.A, despedidos polos feitos acontecidos en decembro do 1987

EXPÓNEN:

- 1º Que fomos membros do Comité de empresa de Aluminio S.A e Alumina S.A, empresa que foi despedida en Decembro de 1987, polo feitos acontecidos derivados do embarrancamento do Buzo Casón, en decembro do 1987.
- 2º Que, con esta 12 de Marzo do 2008, apróbase por unanimidade no Parlamento de Galicia unha proposición non de lei, na que, entre outros puntos estableceuse a posibilidade de buscar axudas para este comité despedido.
- 3º Que, en febreiro 2009 acordouse entre os sindicatos (UGT, CCOO, CIG) e a Dirección Xeral de Relacións Laborais, unha compensación económica, que por motivos non aclarados suficientemente non foi executada. Esta compensación tiña como argumento, o seguinte, que despois de 21 anos (22 ANOS EN Decembro) desde que fomos despedidos, por ser membros do devandito comité da Empresa Aluminio S.A e Alumina S.A, sufrimos serias consecuencias nos seguintes eidos:

- Económico:** Embargos, baixas retribucións, perda de poder adquisitivo baixas xubilacións (800 – 900 euros).
- Laboral:** listas negras de emprego na Mariña, necesidade de viaxar de Galicia para poder traballar ou autoemprego cunha baixa estabilidade laboral, inestabilidade e perda de motivación laboral.
- Sociais:** Separacións matrimoniais, Rexameamento social, Redución na actividade social, Familias desestruturadas.

Por todo o exposto anteriormente

SOLICITAMOS:

Arte a Conseleira de Traballo, Beatriz Mato Otero, unha reunión para retomar ditas conversacións.

Compostela, 14 de xullo de 2009

Asinado

Fernando Rodríguez Penabazábal,  
D.L.

Antón F. Casal Díaz  
D.L. 25622

Juan Andrés Pérez Vela  
D.L.





O 1 de marzo de 2009 celébranse eleccións á Xunta de Galicia, que gaña o PP con maioría absoluta e Alberto Núñez Feijóo é elixido presidente da Xunta. Os membros do Comité que están a xestionar a indemnización preocupáanse, pois co cambio de Goberno, os acordos que tiñan co anterior poden evaporarse. O día 14 de xullo de 2009 os representantes do Comité diríxense á nova conselleira de Traballo, Beatriz Mato Otero, co fin de solicitar unha reunión con ela para poñela ao tanto da situación.

O 16 de outubro, os representantes de CC OO, UGT e CIG diríxense á conselleira de Traballo co fin de retomar o acordo existente co anterior conselleiro e solicitar, nun prazo breve de tempo, unha reunión entre os representantes dos membros do Comité, os sindicatos e a conselleira. A reunión celébrase a finais de outubro de 2009. Un director xeral da Consellería reúne cos representantes do Comité Ernesto R. Peñamaría, Juan A. Pérez Vila e Antón Casal, e con representantes dos sindicatos: CC OO, UGT e CIG. Nesa reunión, o director xeral da Consellería afirmou que non había partida de diñeiro reservada –como lles confirmara Ricardo Varela– e que vía moi difícil poder darlles unha compensación económica, que ía estudar o tema e que os emprazaba para outra ocasión. A día de hoxe aínda non se produciu a reunión, malia os numeros esforzos para conseguila.

En 2009, Miguel Anxo García Álvarez publica un novo artigo titulado “Violencia estrutural y social: Naufragios en Galicia” dentro do libro *Violencia y Salud Mental* coordinado por Iñaki Markez Alonso, Alberto Fernández Liria e Pau Pérez Sales. De novo volve falar sobre o naufraxio do Casón e a incompetencia política neses días en Fisterra e en A/A, onde se produce o peche da factoría. O psicólogo afirma que a forma de actuar da Administración foi autoritaria coa poboación, sen que ninguén asumise responsabilidades ou fose sancionado. Sinala tamén que ningún dos gobernos da época se fixo responsábel do que aconteceu co Casón e que, pola contra, o Comité de A/A foi condenado, o que constitúe un feito único na historia do sindicalismo no Estado español. Vinte e dous anos despois, o conflito do Casón e o despedimento do Comité son exemplos comúns utilizados para ilustrar as actuacións irresponsábeis e autoritarias no exercicio de goberno de Felipe González e Fernando González Laxe.



## 10. AS ENTREVISTAS

Durante dous anos recompilei información sobre o acontecido en A/A: lin os xornais da época, actas do Comité, cartas e sentenzas e obsevei detidamente os telexornais e os vídeos dos xuízos. Desta maneira fun forxando unha idea do que realmente aconteceu en decembro de 1987. Nese tempo, lin en moitas ocasións os nomes de todos os protagonistas e incluso cheguei a plasmarlos neste traballo, mais non era capaz de lles poñer rostro. Eran un nome e un apelido e eu non quería que ficasen só niso. Tras elaborar un boceto de todos os capítulos, convencín o meu pai para que contactase cos compañeiros do Comité e lles pedise que me concedesen unha entrevista. Eu sabía como repercutira o conflito na nosa familia, mais agora quería saber como cambiara as vidas do resto dos afectados.

### *10.1. FALAN OS PROTAGONISTAS*

En decembro de 2011 puxémonos en contacto con Antón Casal e neses mesmos días tamén contactamos con José Fernández Paleo. O sábado 10 de decembro reuníme co primeiro e ao día seguinte co segundo. A través deste, falei con Jesús Ben Pernas e quedamos para esa mesma tarde en Burela. A través de Suso, contactei con José Castro Vázquez e reuníme con el en Cervo. En dous días puíden falar distendidamente cos cinco membros da INTG no Comité. Ademais, Antón Casal facilitoume o teléfono de Juan A. Pérez Vila e a dirección de correo electrónico de Ángel Pérez, que agora vive no Perú. Como se dun produtor se tratase, meu pai púxose en contacto con Vila e este facilitoulle todos os teléfonos que tiña dos membros do Comité. Por proximidade, co primeiro que contactei foi con Ángel Hernández, con quen puíden falar o día 12 en San Cibrao; por el souben que Miguélez Tola tiña o Bar del Puerto no peirao de San Cibrao e que podía encontralo alí. Dirixímonos ao lugar, mais Tola non estaba. Atendeunos o seu fillo Roberto, con quen tiveron a sorte de manter unha grata conversa sobre o acontecido en A/A. Pola súa idade, acordábase perfectamente de todo o que pasara. Ao día seguinte volví ao bar e alí me agardaba Miguélez Tola, con quen conversei durante un longo intervalo de tempo. Á semana seguinte viaxei a Ferrol,

onde Vila me recibiu cos brazos abertos. Coa súa axuda, reunímonos con Ernesto R. Peñamaría e José Ramón Ramos. Quedei con Peñamaría ás 15:30 horas nunha cafetería e despois uníronse á conversa Vila e, posteriormente, Ramos. Falamos e falamos case até ás 22:30 horas. Peñamaría facilitoume os teléfonos de Miguel Cereceda e de Enrique García.

Os días ían pasando e achegábanse as festas do Nadal. Pensei que sería o momento de falar cos que retornaban á Mariña para ver as familias. A finais de decembro na miña casa entrevistei a Javier Camba Timiraos e a súa muller. O ano comezaba e eu tiña que seguir buscando o xeito de entrevistar os que me faltaban. Decidín ir a Piedras Blancas, en Asturias, porque alí viven tres membros do Comité: Faustino de la Viña, Enrique García e José Martín. Combinamos de vernos pola tarde nunha cafetería. Á reunión acudiron Faustino e Martín; Enrique non puido por problemas familiares. Finalmente envioume o seu testemuño por correo postal.

Cada vez faltábanme menos membros do Comité por coñecer. Con outros dos que viven fóra de Galiza contactei via telefónica ou a través do correo electrónico. Así cheguei a Francisco Rodríguez, cuxo enderezo electrónico conseguín por medio dunha coñecida das súas fillas. Tamén a través dun correo electrónico recibín os testemuños de Leopoldo Manuel Viñas e Miguel Cereceda. Con Ángel Pérez xa tiña contacto fluído desde había tempo e só necesitaba que me enviase a contestación ás preguntas que lle formulara. Faltábanme aínda algúns, entre eles, un dos que tiña máis próximo, Alberto Santos Vázquez, que tivo a xentileza de atenderme no seu taller en Viveiro. Moi certaíra foi a entrevista a Manuel Castro Abella, residente na Coruña, con quen falei mentres compartiamos un xantar.

Por fin rematara coas entrevistas a vinte membros do Comité, mais botaba en falta as opinións doutros: un que aínda non puiden localizar e dous xa falecidos. Vila contoume que Valverde, filla de Casimiro, un dos falecidos, vivía en Burela. Facilitoume o seu teléfono e puiden contactar con ela e entrevistala unha tarde na súa casa. Contoume todo o que sabía. Emocionouse ao dicirme que tería que ser o pai quen me contase a súa historia. Con Ana, viúva de Barreira, contactei a través do correo elec-

trónico. Debo confesar que me emocionou enormemente o seu testemuño; malia que os anos pasaron e xa non vive na Mariña, aínda resta moita dor. Con quen non falei foi con José Ramón Gómez Gómez. Se o produtor das entrevistas non foi quen de dar con el é porque está ilocalizábel.

O cuestionario era practicamente o mesmo para todos, con certos matices segundo o sindicato ao que pertencesen. Despois de conversar con eles e de escoitar as súas respostas cheguei á conclusión de que a tensión na factoría era anterior ao conflito dos bidóns.

A maioría –non todos– coinciden en que: 1) o Sr. Monteiro, veu a San Cibrao con ordes de frear o Comité e tiña intención de darlles un escarmento e 2) a empresa obrou de xeito precipitado e despois influíu na Inspección de Traballo de Lugo facendo valer o seu poder como empresa estatal.

A maioría dos membros do Comité non se sentiron representados polo avogado De la Villa. Varios deles, afiliados a diferentes sindicatos, preferían que os defendese Alberte X. Rodríguez Feixóo. Despois do xuízo no Tribunal Supremo, Vila arremeteu contra De la Villa pola mala defensa que fixera, acusándoo de non achegar as probas novas que lle fixeran chegar. Os propios alumnos de De la Villa confesaron que non era o mesmo que eles coñecían. Aínda que sempre os avisaba para que fosen aos xuízos, desta vez soubérono por casualidade, pois el non lles dixo nada.

Cando lles pregunto que opinión lles merece a actitude dos sindicatos no conflito, a maioría pensa que nun principio se involucraron, mais que despois non souberon estar á altura das circunstancias e que remataron por deixalos sós. Esa mesma é a opinión que teñen sobre a maioría dos políticos.

Tanto o xuízo dos 111 como o dos 23 parecéronlles unha pantomima. A este respecto Enrique García afirma: “Como cuando un equipo de fútbol va mal, al primero que echan es al entrenador, aquí al Comité”.

Existe unanimidade á hora de valorar como determinante a influencia política nas resolucións xudiciais. Noutra cousa que todos concordan é que as súas vidas e as das súas familias cambiaron e nada volveu ser como antes. Non só os membros do

Comité pagaron as consecuencias sociais e laborais, senón que as súas familias tamén as sufriron e arrastran as secuelas até o día de hoxe. A raíz do conflito moitas familias acabaron fragmentadas, nuns casos houbo divorcios e noutros os pais marcharon e os fillos ficaron na Mariña. Os fillos maiores, conscientes do que estaba a suceder, afirman que eles tamén pagaron as consecuencias. Aínda a día de hoxe, fálanse de que existen listas negras á hora de seren admitidos nun traballo nas que non só están os membros do Comité senón tamén os seus descendentes. Algún destes tivo que poñerse a traballar con 15 anos para poder achegar algúns cartos cos que poder vivir a familia mentres o pai non encontrou traballo.

Todos teñen claro que despois daquel fatídico 12 de decembro de 1987 foron vítimas de algo que lles era alleo a eles como Comité e tamén á factoría Alúmina-Aluminio, porque o Casón non embarcou na Mariña senón en Fisterra. Segundo me contaba Faustino de la Viña García: “En ese momento no se de quien fue la culpa pero sí se de quien no fue: nosotros lo pagamos familiar, social y laboralmente a un precio altísimo”.

Moitos membros do Comité afirman que esqueceron o sucedido, porén non o perdoan porque lles afectou á súa familia e aos seus fillos. Un deles di que non garda rancor mais que entende perfectamente o resentimento daqueles cuxas familias se viron moi afectadas.

Ao longo das horas que pasei entrevistándoos xurdiron un gran número de anécdotas de moi diversa índole. Hainas divertidas, mais tamén as hai moi tristes. En pleno conflito, un deles chegou á casa moi canso e a súa muller pediulle que lese unha redacción que escribira a súa filla pequena. Ante a insistencia dela, púxose a ler. A súa filla e unha amiga ían un día de excursión polo bosque coa súa clase e perdíanse. Despois de camiñaren moito tempo, atopáronse cunha fada que lles concedeu tres desexos. A nena díxolle que ela só quería que lle concedese un: que o seu papá volveuse a ter traballo e volveuse a sorrir. Con isto queda claro que mesmo os fillos máis pequenos foron conscientes do que estaba a suceder.

Outra das anécdotas que me chamou a atención, polas circunstancias en que sucedeu, foi a que me relatou Francisco Rodríguez e que reproduzo aquí:

DICIEMBRE de 1987.

En el transcurrir de los primeros días del conflicto coincidió la celebración en Madrid de un Comité Federal Estatal Ordinario, que, como era precepto, se celebraba cada seis meses. Decidí arreglarme el pelo horas antes del mismo, en el lugar más próximo a la Sede de la UGT situada en la c/ Azcona. Pues bien, cual sería mi sorpresa que el peluquero, sin mediar palabra, salvo para decir que ya me tocaba la vez, me espetó cuando estaba en el sillón y en plena faena la portada del *ABC* con la siguiente... “verborrea”: “eh, que le parece, ¿hay derecho a esto?, ¿estos son unos terroristas!”, refiriéndose a lo que aparecía en la portada y el faldón del citado diario conservador, que no eran otras noticias que las de Alúmina/Aluminio y prosiguió: “¡vamos, estos, a la cárcel! ¡vamos hombre hacer esto a una empresa pública del Estado español!. Lo que sentí en ese momento me lo guardo para mí. Pero jamás lo olvidaré.

Ben curiosa tamén é a anécdota que me relatou Miguel Cereceda. En abril de 1988 embarcou no porto de Barcelona con rumbo a Livorno (Italia). Mentres navegaba polo Mediterráneo oíu na radio que Miguel Cereceda posibelmente fose un dos membros do Comité que subira á cheminea de A/A. Moi emotiva foi a que me contou Ángel Hernández: hai pouco a súa neta pequena preguntoulle “¿Abuelo cómo subiste ahí arriba?” e el, emocionado, non soubo que lle contestar. Paleo díxome que, a día de hoxe, aínda non sabe como baixou da cheminea. Recordá que o baixaron dos dous últimos chanzos e, cando se decatou, xa estaba na tenda de campaña cos seus compañeiros. Despois de cambiar a roupa foi á súa casa a Celeiro para asearse e como levaba varios días sen tomar un café, no camiño de volta a San Cibrao parou no bar Boavista. Alí achegóuselle un policía e comentoulle que xa baixaran os seus compañeiros da cheminea. Como el se limitou a asentir, o policía díxolle que sabía moi ben quen eran os que estiveran aló arriba. Paleo respondeulle cun “Eu tamén”. Miguélez Tola garda moi bos recordos dos días da cheminea, de pasar as horas ao lado dun radiotransmisor e de descifrar as mensaxes con Churi. Tanto el como os que estaban na cheminea recordan, que ao romper o cadeado da porta de Lieiro para sacar os activistas empoleirados na torre, case se

produce unha desgraza: a porta caeu de súpeto e case esmaga a Chus, delegado sindical da INTG, que estaba pola parte de dentro.

En relación cos fillos hai máis anécdotas. Un membro do Comité relatoume que cando o seu fillo pequeno ía ao instituto, en Asturias, un día un dos seus profesores explicou nas aulas o acontecido durante o conflito de A/A. Despois de escoitar unha chea de mentiras o rapaz levantouse e pediu ao docente que a próxima vez se informase mellor, porque el vivira iso de preto, pois o seu pai era un dos membros do Comité.

Leopoldo Manuel Viñas recorda como sentían o apoio, moi especialmente das mulleres, que foran en manifestación, camiñando desde Burela e berrando “Comité nin un paso atrás”. Paréceme tamén significativa a reflexión de Manuel Castro Abella durante a entrevista: “Eu sei que todos quedamos tocados, pero a vida segue e hai que seguir vivindo e deixar vivir”.

As entrevistas foron a parte máis dinámica e máis atractiva do traballo. Os papeis plasman moitos contidos, mais son as persoas as que mellor poden dar testemuño do que pasou. Por iso quero agradecer desde aquí aos membros do Comité e ás súas familias que me tivesen dedicado o seu tempo e que, a pesar da dor que aínda lles causa a algúns, quixesen recordar comigo o sucedido.

## *10.2. OUTRAS TESTEMUÑAS RELACIONADAS CO CONFLITO*

Como alén dos membros do Comité no conflito houbo moitas persoas implicadas, crin conveniente entrevistar algunhas que se relacionaron directa ou indirectamente co sucedido. No ámbito político, unha persoa que viviu moi de perto o conflito foi Xosé Manuel Beiras, que desde un principio creu no Comité e apoiouno. Xa en 1985 viñera a San Cibrao para apadrinar a candidatura da INTG e desde aquel momento, estivo moi vinculado a estes obreiros. Por iso considerei fundamental a súa entrevista. Tras as xestións pertinentes, combinamos para a tarde do 6 de marzo de 2012. Malia as súas ocupacións, reservárame unhas horas e fíxenlle a entrevista na súa casa. Eran moitas as preguntas que lle tiña que facer pero comecei interesándome polas razóns da presentación da denuncia en Mondoñedo. Respondeume que foi por iniciativa propia, por-



que viu que o que estaba a pasar cos traballadores era denunciábel. Mencionou que no Parlamento se tomara o acordo de velar polo ben dos traballadores, mais que isto non se concretara en nada. Á pregunta de se lembraba que viñera o día 24 de decembro a San Cibrao, respondeu que o lembraba perfectamente, porque o que estaba a pasar era sangrante. Aínda que naquel intre era o único parlamentario do BNG, facía todo o que podía por estar ao lado dos traballadores; era unha cuestión de solidariedade e de ética. Beiras estivo moi presente durante o conflito: no xuízo dos 111, nas diferentes manifestacións e na baixada da cheminea, cuxos pormenores lembra emocionado. El opina que a sentenza do Comité foi anticonstitucional porque nin se cumpriron os dereitos dos membros do Comité como delegados sindicais, nin o artigo 24.1 da Constitución e afirma que foi a primeira vez que se viu claramente a deterioración dunha Maxistratura que estaba ás ordes do poder político. Canto ao papel dos medios de comunicación, di que os medios son moi responsábeis do que pasou porque sempre estiveron do lado do poder e por iso silenciaron as noticias. Denuncia que os medios de comunicación non o tiñan en conta por ser membro do BNG. Como anécdota, contoume que no momento en que os bidóns estaban en Brens, trasladouse alí e falou co gobernador civil da Coruña. Cando lle dixo que tiñan pensado sacar os bidón de alí en camións, Beiras contestoulle que era unha loucura pasear os bidóns por Galiza. Ao rematar a conversa, cando subiu ao coche para dirixirse a Santiago, encendeu a radio e escoitou unha locutora da Radio Galega dicir que “Os bidóns do Casón que estaban en Brens ián saír cara á Comunidade Económica Europea”. A locutora confundira o nome da vila da Costa da Morte coas siglas da CEE. Asombroso, mais foi así. Respecto á actitude dos políticos, os sindicatos, a empresa e o Comité durante o conflito, opina que, se o Parlamento quixese facer algo, poderían ter feito, mais preferiu mirar cara a outro lado. Para el, o único sindicato que funcionou como tal foi a INTG, o resto estaban subxugados ao que lles dixesen desde as súas cúpulas: “Galiza nunca lles importou, só hai que ver o que pasou cos estaleiros e con SIDEGASA”. Segundo el, a empresa actuou con aleivosía para parar as series. Antes de ir falar coa

Dirección de A/A, mantivo conversas con expertos no funcionamento das cubas electrolíticas para ter unha idea previa. Xa en San Cibrao, o Sr. Franco estívolle a explicar como funcionaban as cubas e, ao decatarse de que el xa coñecía o funcionamento do proceso, acabou confesando que recibía ordes e que non lle podía dar ningunha outra información que non fose a oficial facilitada pola empresa. En resumo, para Beiras o Comité tivo un comportamento heroico, aínda que –por desgraza– non foi recoñecido. Foron vítimas dunha enorme inxustiza; pasou o que o Goberno central quería que pasase.

Outra das persoas que estivo relacionada co conflito, pois levou o tema ao Congreso para pedir unha Comisión de Investigación, foi o que naquel momento era alcalde de Viveiro. César Aja Mariño, ten claro que os máximos culpábeis do sucedido foron as autoridades de Galiza, mais afirma que tamén houbo moitas persoas que aconsellaron mal o Comité. Despois de ler unhas declaracións no seu blog, tiña que preguntarlle se el sabía quen mandara traer os bidóns a A/A e contestoume que supón que o gobernador ou alguén da Xunta. Ante esta resposta ensiñeille o que puxera no seu blog o 28 de marzo de 2011:

(...) Antes de la aprobación definitiva, Ismael Rego y el Partido Socialista (muy preocupado últimamente por los intereses de Viveiro y de la Comarca, después de haber traído a Alúmina Aluminio los bidones del Casón)

Aja Mariño contestoume que tiña constancia de que Ismael Rego suxerira que os bidóns fosen a San Cibrao. A información coincide coa dun membro do Comité. Este asegura que un concelleiro do CDS oíu unha conversa telefónica na alcaldía de Cervo na que Ismael Rego lle dicía a alguén que mandasen os bidóns a A/A, porque do Comité xa se encargaba el. Esta versión non causou sorpresa ao Comité, pois moitos sospeitaban que podía ter algo que ver. Obviamente, na entrevista que lle fixen a Ismael Rego, –en Viveiro a comezos de marzo– pregunteille por esta cuestión. Contestou que non era certo. Díxome que el soubo que os bidóns estaban en San Cibrao o sábado pola mañá cando o chamou o alcalde de Cervo, Roberto Álvarez.

Ismael Rego, persoa moi vinculada ao conflito –ademais de polos cargos políticos que ocupaba, porque fora membro do Comité até 1986–, afirmou que antes da chegada dos bidóns, xa había certa tensión entre o Comité e a empresa. Resaltou que para entendela había que partir da moción de censura que se producira no Parlamento de Galicia, o que provocou que os ánimos estivesen moi crispados entre os políticos. Cando lle preguntei pola opinión que lle merecía a actitude do Comité e da empresa, o Sr. Rego respondeu que o Comité foi moi incauto ao fiarse dos acordos verbais e que os sindicatos deixaron facer e cando quixeron intervir xa era demasiado tarde. Dos políticos opina que actuaron cunha descoordinación total, que provocou unha situación dramática entre a poboación. Á hora de falar das responsabilidades, lamenta que só pagase o Comité porque houbo máis persoas que tiveron responsabilidades e non pagaron as consecuencias.

Outra persoa que desempeñou un papel importante foi Melchor Roel Rivas, concelleiro de IU en Viveiro, en calidade de asesor do Comité de Empresa. Afirmou que o gobernador civil de Lugo pretendía mandar os bidóns a un campamento militar de León e que foi ameazado polo seu homólogo con pechar o porto de Pedrafita coas forzas da orde pública para que non os deixasen pasar. Roel sinala que, alén dunha catástrofe sindical, o que pasou na factoría foi “o primeiro *moobing* colectivo do mundo laboral”. Como membro da Comisión para o Esclarecemento dos feitos, integrada por persoas de moi diversa índole, recorda que querían aclarar o sucedido e pensa que a Comisión cubriu un aspecto fundamental das investigacións e que nela se deu a versión real dos feitos.

O círculo das entrevistas íase cerrando, mais aínda había varias persoas coas que falar debido á importancia que tiveran durante o conflito. Unha delas, aludida en varias ocasións no libro, é o avogado Alberte X. Rodríguez Feixóo, con quen me entrevistei a finais de xaneiro de 2012. Contoume que gañara todos os xuízos contra A/A antes do conflito dos bidóns e reconece que se sentiu decepcionado ao decatarse, durante a comida no restaurante España de Lugo, de que o avogado De la Villa ía levar só o xuízo. Tendo diante un avogado considerei oportuno preguntarlle se o

Tribunal Constitucional debería ter aceptado o recurso, máxime cando sabemos que no Tribunal Supremo houbera un voto particular. Respondeu que, ao haber un voto particular, debería ser admitido a trámite e non entende por que non foi así. Como coordinador en Galiza da Comisión para o Esclarecemento dos feitos, di que se realizou un traballo excelente e que, ao final, resultou moi beneficioso para o Comité. Aínda que recoñece que o conflito non lle afectou á súa vida laboral, si o fixo persoalmente, porque viu como se tiraba por terra todo o traballo realizado polo Comité. Coñecíaos e sabía que se dedicaran en corpo e alma a mellorar a situación laboral dos traballadores.

Despois de entrevistar os traballadores, políticos, avogados, crín conveniente falar cos xornalistas que cubriran o conflito. Atendéronme coa máxima amabilidade: Mar García daquela locutora de *Antena 3 radio* e hoxe xornalista de *La Voz de Galicia* e Javier Rivera, xornalista de *El Progreso*. Mar García lembra que A/A era a única empresa grande da Mariña e que, se se construísen máis ao seu redor, xeraríanse máis beneficios. Existía unha reivindicación de que se fixese todo o proceso do aluminio na zona, mais coa chegada dos bidóns do Casón todo iso ficou paralizado. Nos mesmos termos se expresa Javier Rivera para quen os antecedentes do conflito dos bidóns remóntanse ao vello pulso entre a empresa e o Comité. Canto á información que transmitían á prensa políticos, empresa e Comité, ambos os dous coinciden en que a maior parte da información recibiana de fontes sindicais. Javier Rivera di que solicitaron nunha rolda de prensa á empresa que explicase por que non funcionaban as cubas e que non houbo censura na información, mais despois, co paso dos anos, o tema converteuse nun tabú. Mar García recoñece que se vivía un caos. Di que ela tiña absoluta liberdade para transmitir a información que considerase necesaria, mais afirma que a partir do luns 14 houbo un cambio na empresa e as informacións só as facilitaba o xefe de prensa. Tamén recorda que a empresa lles pediu as gravacións da radio para o xuízo. Como anécdota, Javier Rivera contoume que, cando se encontraba cubrindo a información do que pasaba en A/A, se sentiu un pouco cicerone dos medios de prensa que viñan de fóra de Galiza. Mar García recorda como o sábado á primeira

hora da mañá foi ver os bidóns a San Cibrao e no informativo radiofónico das 12:00 horas relatou o que viu. Tras a contextualización inicial, entrevistou por teléfono, en directo, o gobernador civil de Lugo, quen lle preguntou de onde sacaba que os bidóns estivesen en San Cibrao. Outra das anécdotas que relata Mar García produciuse durante a comparecencia de Ángel Pérez antes os medios de comunicación: “cando ás 05:00 horas do 16 de decembro o sindicalista di que xa non hai nada que facer, era tal o silencio –malia que o comedor estaba abarrotado– que se oían pasar as fitas das gravadoras”.

Como unhas entrevistas me levaron a outras, en febreiro reuníme en Santiago con Miguel Anxo García Álvarez, o psicólogo que formara parte da Comisión para o Esclarecemento dos Feitos e que publicara numerosos artigos sobre o conflito de Alúmina-Aluminio e sobre os despedimentos. Contoume que decidiu participar na Comisión porque vira na televisión unhas imaxes contraditorias e pensou que aínda podía pasar algo máis catastrófico. Recordaba que a información era tan contraditoria que se dicía unha cousa e se vía claramente como facían outra. Segundo el o éxodo de Fisterra debíase ao medo ao que puidese pasar. “As informacións foron demasiado confusas” –afirma– e isto provocou unha conduta de pánico na sociedade, comprensíbel pola desinformación. O que sucedeu en A/A indignouno e por iso decidiu facer o informe para a Comisión. Cando lle pregunto sobre o trato psicolóxico que recibiron os membros do Comité, contesta que estaban mingoados porque a patronal xogou a desmoralizalos para os neutralizar. A empresa aplicou á súa realidade un método utilizado no XIX: “É unha inxustiza do s. XIX traída ao XX”. Miguel Anxo García Álvarez pensa que, a día de hoxe, está aínda sen reparar o dano que se fixo, e di que hai que plasmar a verdade do que pasou para encontrarlle solución. Para el a verdade está pendente de saír e non poderemos falar de conflito resolto mentres a verdade non saia á luz.

A mediados de febreiro decidín ir falar tamén co médico que lles fixo a dieta para subir á cheminea. Juan Valledor non tivo ningún problema en contestar as preguntas que lle formulei. Díxome que cando un membro do Comité lle contou o que ían facer e que necesitaban unha dieta especial non dubidou

en facilitarlla. Contoume que a sacara dun libro de dietas para alpinistas. Considerou que unha dieta desas características era a máis apropiada, porque se atoparían a moita altura e a subida non ía ser doada. A dieta, deseñada para unha semana, consistía en amendoíns, friame, pan de molde, patacas fritas de bolsa, bebidas isotónicas, té e moita auga. Entre risos, o médico contoume que despois soubo que, á parte do que lles mandaba na dieta, os que subiron á cheminea levaban latas de conserva e outros alimentos. Ademais da dieta, deulles analxésicos para a dor e unha serie de medicamentos por se sufrían problemas gastrointestinais, conxuntivite ou mareos. Á pregunta de se cría que correran moito risco, contestoume que era asumíbel para eles porque tiñan moi boas condicións físicas, posibelmente correron máis riscos os que se achegaban aos bidóns sen saber o que tiñan dentro.

Unha das últimas entrevistas que fixen foi un día de finais de febreiro, no bar El Puerto que xestiona Tola. Alí falei con Ana, unha das mozas que no ano 88 axudaba a mecanografar os documentos aos membros do Comité. Ana Abad contoume que tiña 18 anos cando estalou o conflito do Casón, e que nese momento alguén lle dixo que os membros do Comité necesitaban axuda para mecanografar os documentos. Presentouse voluntaria cunha amiga porque cría que todo era demasiado inxusto e o Comité e os traballadores non merecían o que lles estaba a suceder. Recorda que todos os días ía ao local do Comité despois de saír de traballar. Durante a entrevista comenteille que me gustaría entrevistar o Sr. Moñita e foi ela quen me dixo que falecera había aproximadamente un ano.

Na mesma tarde e no mesmo lugar tamén me entrevistei con Julio López, encargado de Electrólise da Serie A. Diante dunha oportunidade como esta era case obrigado preguntarlle se se produciran experimentos na Serie A durante a fin de semana. A resposta de Julio López foi afirmativa. Segundo el fíxose un experimento que durou varios días; el mesmo tivo que dobrar quenda porque a situación complicárase e había un alto risco de danar as cubas. Á pregunta de se permanecera en activo nas series durante a evacuación e se se traballara de forma normal, Julio López contestou que estaba de descanso e que o chama-

ron para que fose urxentemente á factoría porque había problemas para manter a electrólise en funcionamento. Asegura que ao principio se traballou de forma normal, porque supoñían que os traballadores se ían incorporar aos seus postos tras a evacuación. Os encargados ocupábanse de picar as cubas para que as instalacións non sufrisen danos. A partir das dezaseis horas continuadas de traballo, ía o médico tomarlles o pulso, e a aqueles que non estaban en condicións mandábaos descansar á enfermaría. El traballou durante trinta e dúas horas seguidas porque eran poucos os que sabían picar as cubas de forma correcta. Cando o médico lle tomou as pulsacións e viu que tiña 120, mandouno á enfermaría (120 pulsacións nun adulto que se encontre traballando non é nada preocupante e máis se se ten en conta que estaba a facer un esforzo físico). Aínda que momentos antes funcionaba ben, a Serie A disparou cando el estaba no descanso. Podería ser que o médico tivese orde de mandar descansar os que sabían picar as cubas para que estas parasen? Julio López reconece que os experimentos afectaron á Serie A, mais non considera que por iso parase antes. Despois do arranque das cubas todo se modernizou en relación ao que había antes.

### *10.3. AS CARTAS DO CONCELLO DE CERVO*

Unha vez rematadas as entrevistas, considero que é preciso aclarar o porqué das tres cartas do Concello de Cervo que aparecen no Capítulo IV. Nun principio simplemente pretendía demostrar o que custou conseguir a sinatura dos tres, mais –para a miña sorpresa– ao visualizar os xuízos e facer algunhas entrevistas, reparei en que esas cartas tiñan máis importancia da que eu lles dera. A terceira carta, a que está asinada por tres persoas, foi proba testifical no xuízo, e os señores Roberto Álvarez e José M<sup>a</sup> Yáñez foron testemuñas pola parte demandante –o Comité–. Ao estudar o xuízo, percibimos que alguén do Concello de Cervo pasaba información confidencial á empresa. Ao recoñecer o Sr. Álvarez a súa sinatura na carta 3<sup>a</sup> –a que asinan todos–, o avogado da parte contraria móstralle a 1<sup>a</sup>, aquela que non asina o Sr. Yáñez. Esta proba, que era crucial, fica invalidada. O peor chega cando chaman o Sr. Yáñez para testificar. Este reconece a súa sinatura na carta 3<sup>a</sup>, mais di que non recorda o contido do

parágrafo penúltimo, aquel a que aludira o Sr. Emilio González nunha nota a rodapé sinalando que non lle constaba. Se non recoñece o último parágrafo, por que non o especificou como o Sr. Emilio? O Sr. Yáñez nesa altura, alén de ser concelleiro, era empregado en A/A e prestaba os seus servizos como encargado no Departamento de Laboratorio. O Sr. Álvarez –alcalde de Cervo nesa etapa– estaba en excedencia, mais tiña praza en A/A como operador de control na sala Branca (materias primas) pertencente ao Departamento de Precipitación e Calcinación. Ao finalizar o seu mandato como alcalde (1999), reincorpórase ao traballo nunha situación un pouco máis que dubidosa: desde 2004 ten a súa residencia en Gozón (Asturias) e o seu traballo desempeña en San Cibrao. Aínda, a día de hoxe, goza de privilexios: traballa na quenda B, mais con notábeis ausencias. Quedarán aínda algúns favores que pagar por parte da anterior propietaria da factoría INESPAL para que a actual patronal siga mantendo un trato de favor? Merece a pena lembrar que, cando o Sr. Álvarez era membro do Comité de Empresa e facía parte da Comisión de Economato e Comedor, nunha reunión crucial para o funcionamento destes, asinou a acta ao lado da Dirección –Sr. Escudero e Sr. Luciano– en contra dos seus compañeiros do Comité –Sr. de la Viña e Sr. García Otero–. Ao parecer, o Sr. Álvarez velou sempre máis polos intereses da empresa que polos dos traballadores. Aí esta a razón de que vinte e catro anos despois siga gozando de privilexios.

#### *10.4. UTILIZACIÓN DO FONDO SOLIDARIO*

Chegamos a un punto moi importante no que aclarar malentendidos. Aínda, a día de hoxe, óense rumores de que os membros do Comité sacaron unha boa suma de diñeiro dos seus despedimentos. Obviamente iso é mentira. Quero, por tanto, deixar as contas claras do que percibiron e do destino do fondo de solidariedade.

O devandito fondo usouse para facer fronte aos pagamentos dos compañeiros despedidos e do Comité. Unha vez readmitidos os 111, todos menos dous –isto é 109– devolveron o diñeiro. Aínda que se sabe quen foron os que non o devolveron –e incluso a que destinaron os cartos– non merece a pena insistir no asunto.



Se decidiron que non devolvían o diñeiro, alá eles coa súa conciencia. A responsabilidade do Comité era axudalos e así o fixo.

Os membros do Comité cobraron do fondo de solidariedade até o mes de xuño. Fixérono, porque non podían cobrar o subsidio por desemprego mentres non saíse a sentenza do Tribunal Supremo. Despois, grazas a unha xestión no INEN, adiantáronlles as mensualidades antes de que saíse a resolución. O 4 de xullo había na conta do fondo solidario 2 448 496 Pts. (14 691 €). Despois de que deixasen de cobrar do fondo de solidariedade, aínda houbo algún que outro ingreso de particulares e os membros do Comité acordaron que o diñeiro ficase nun fondo para sufragar os gastos que se puidesen xerar das viaxes derivadas de seguir recorrendo a sentenza. O fondo utilizouse tamén para pagar o recurso ante o Constitucional. Como o Sr. Joaquín Ruiz-Giménez non quixo cobrar pola dirección xurídica, os membros do Comité decidiron facer unha doazón de 50 000 Pts. (300 €) a UNICEF, entidade benéfica da que o mencionado xurista era presidente. No momento en que UGT lles comunica que non pode seguir sufragando máis gastos que os dos seus afiliados, o Comité botou man do fondo para facer fronte ao pagamento de procuradores e avogados. Así, o 7 de novembro de 1989 págaselle á procuradora dos tribunais Elisa Hurtado Pérez –polos tres recursos tramitados ante o Tribunal Supremo e o Tribunal Constitucional– 140 000 ptas. (840 €). Para presentar recurso ante o Tribunal de Dereitos Humanos houbo que pagar a tradución do informe que ascendeu a 876 000 ptas. (5 256 €). A esta suma houbo que engadir o custo da viaxe do avogado francés a Estrasburgo, que supuxo 5 455 francos franceses (832 €).

Despois de pagar todas as facturas, quedaban aínda no fondo de solidariedade ao redor dun millón de Pts. (6000 €). Con ese diñeiro pagaron as facturas das viaxes a Madrid, a Santiago e a outros lugares durante os anos seguintes para pedir o indulto. A día de hoxe, aínda quedan 200,06 € na conta xestionada polo secretario do Comité, Juan A. Pérez Vila, que rexistra meticulosamente todos os movementos.

En abril de 2012 os obreiros damnificados non tiñan noticia da indemnización que prometera a Consellería de Traballo da Xunta e non hai indicio de que a vaian ter nun futuro. Tres

anos despois do conflito recibiron unha cantidade de diñeiro dunha bolsa de 50 millóns de Pts (300 000 €). A cada membro do Comité correspondéronlle aproximadamente dous millóns de pesetas (12 000 €). Todos descoñecen a identidade da institución pagadora e o concepto. En setembro de 1990 tentaron seguir a pista da transferencia, mais non tiveron éxito. Unha vez despedidos, moitos pretendían cobrar o subsidio de desemprego todo xunto para poder comezar de novo, pero os sindicatos dixéronlles que sería mellor que non o fixesen, que o diñeiro do desemprego non o ían perder e que tiñan que seguir facendo presión. Así pois, eses 12 000 € son todos os cartos que percibiron. Para iniciar unha nova vida desde cero –e despois de todo o que pasaron– tampouco era tanto: a maioría gañaba bastante máis traballando en A/A durante un ano.

## EPÍLOGO

Ao longo do libro tentamos demostrar a honorabilidade do Comité de Empresa de A/A. O seu despedimento foi un dano colateral da calamitosa xestión do embarrancamento do buque. Se partimos de que os bidóns do Casón se encontraban no porto de Brens, en Cee, non é comprensíbel que os paseasen por media Galiza e que rematasen en San Cibrao. Se se analizan os posíbeis motivos, aínda se entende menos. Se a zona de Fisterra xa fora evacuada, por que non os cargaron alí? Había tanta prisa para que as persoas evacuadas retornasen aos seus fogares e a normalidade voltase á zona? Como o gobernador civil da Coruña afirmara que os bidóns máis perigosos ían en tres camións cara a Lugo, era normal que os medios de comunicación os seguisen para ver o que acontecía durante o traslado. Desta maneira, deixaron a zona libre de informadores para poderen realizar a descarga do Casón sen presenza de prensa. Mais non conseguiron evitar que un xornalista permanecese alí e publicase na revista *Interviú* que o barco podería transportar reactores nucleares. De confirmarse esta noticia podería provocar un grave conflito internacional. Recordemos que en 1987 o mundo estaba en plena guerra fría e non interesaba que Estados Unidos se decatase polos medios de comunicación do que o Casón transportaba realmente, nin de que o barco subira polo Rin desde Alemaña do Leste, nin que a mercadoría non declarada que transportaba ía cara a República China. Se facemos referencia a isto é porque –vinte e catro anos despois de ser publicado en *Interviú*– ninguén desmentiu nada do publicado e –como se adoita dicir popularmente– o que cala outorga.

Os bidóns non se levaron a un lugar próximo, senón todo o contrario; pasearon por media Galiza para os meteren nun campamento militar situado na localidade de Parga, a 155 km do seu lugar de procedencia. Se temos en conta o estado das estradas de Galiza naquel tempo, o desprazamento de Cee a Parga levaría –aproximadamente– unhas catro horas de coche. Para ir e voltar dun lugar a outro facía falta todo o día e, desa maneira, os medios de comunicación que seguían os bidóns non podían cubrir a información do que acontecía en Cee. Despois do “bombo” que se lles deu ao paso por Guitiriz e á chegada a

Parga, se os bidóns se depositasen nas proximidades das súas casas, a poboación faría o mesmo que fixera a de Fisterra: fuxir. Supoñemos que para evitar unha nova evacuación, ao gobernador civil de Lugo ocorréuselle a brillante idea de envialos a León, mais o seu homólogo leonés cubriu a portería: se for necesario, colocaría as forzas da orde pública en Pedrafita; tiña total lexitimidade para facelo. Ao comprobar que o traslado a León non era factíbel, e despois dunha conversa co Sr. Moñita, o gobernador civil de Lugo decide trasladar os bidóns a San Cibrao. Ao parecer, o Sr. Moñita primeiro díxolle que os mandase e despois non os deixou entrar. Obviamente, se soubese que non os ían deixar entrar na fábrica, o gobernador de Lugo non os mandaría, pois iso sería unha auténtica negligencia. Cesar Aja deixa caer que foi Ismael Rego quen suxeriu que os mandasen á factoría, mais este négao e alega que el acababa de chegar ao Parlamento e non tiña tanto poder como para decidir que facer cos bidóns.

Se se analizan friamente os feitos, parece que as autoridades estaban a buscar un sitio conflictivo para levar o cargamento e encontrárono: na factoría traballaban máis de 1.500 persoas e ese sábado en Burela, a escasos quilómetros, a Coordinadora pola Industrialización da Mariña tiña convocada unha manifestación. As autoridades xa sabían que ían ter oposición, aínda que non contaban con que a Dirección da factoría ía ser a primeira en opoñerse despois do acordado co Sr. Moñita o día 11 ás 23:30 horas. Sorprendentemente, o Sr. Moñita compareceu na porta principal para evitar a entrada dos camións e recomendoulles aos condutores que se dirixisen á porta de Morás á espera de novas noticias. Por que actuou así o Sr. Moñita? Recibiría algunha orde para non deixalos pasar, malia que el lle dixera que si ao gobernador? Estaban comezando a artellar o plan para paralizar a sección de Electrólise? Posteriormente, o director da factoría, en vista da gravidade dos feitos, decide telefonar ao presidente do Comité. Despois de falar cos responsábeis de todos os sindicatos con representación na factoría, o presidente do Comité toma a decisión de convocar un pleno extraordinario para transmitirles a información que lle acababa de facilitar o Sr. Moñita. No transcurso da xuntanza acórdase solicitar unha reunión coa empresa para consensuar as medidas que van a adoptar. Transcorridas

unhas horas de calma, chega a noticia de que a manifestación de Burela se dirixe cara ao lugar en que está o convoi cos bidóns e xurden rumores de que os van introducir pola forza na factoría. O Comité decide o bloqueo das portas coa anuencia da Dirección que fica expectante, no entanto en ningún momento se opuxo. Os transportistas da factoría neganse a cargar os ánodos e as bolsas de coada mentres non reciban a orde dos seus encargados. Todo iso ficou claro nas declaracións dos xuízos celebrados nas dúas maxistraturas.

A noite do sábado 12 de decembro foi máis ou menos tranquila. Á mañá seguinte apareceron os grandes titulares na prensa e as fotografías das tremendas barricadas nas portas de acceso á factoría así como dos cortes de estradas e mobilizacións dos veciños da zona en contra da chegada dos bidóns. Até ese momento a Dirección e o Comité traballaran conxuntamente para evitar que os camións entrasen na factoría. Os directivos tiveron tempo de preparar as instalacións e ás autoridades políticas veulles ben que a prensa se centrase na Mariña e se esquecese da Costa da Morte.

O día 13, ao mediodía, presentouse na factoría Eduardo Monteiro Monteiro, xefe de Produción Básica de INESPAL e ex-director da empresa A/A. Nas reunións que se celebran a partir da súa chegada, tanto co Comité como coas autoridades, notouse un cambio de actitude da Dirección respecto ao consensuado o día anterior. Os membros do Comité, que eran coñecedores do carácter do Sr. Monteiro, non lle deron maior importancia. O luns pola mañá, con todo preparado por se había que evacuar a factoría, prodúcese a xa coñecida “manobra dos camións”, sen que aínda a día de hoxe teñamos moi claro quen deu a orde, e cal era o seu vínculo coa Dirección (lembramos que cando Ángel Pérez chama por teléfono e fala co Sr. Moñita, este dille que non se preocupe que xa dan eles orde de que retrocedan os camións). Cando os camións regresan ao punto de partida, xa non quedaba ninguén na factoría agás os cargos directivos. Para que a evacuación se realizase con éxito non se pode obviar a presenza do Sr. Franco nas series, dicíndolles aos traballadores que fixesen caso ao Comité cando dese a orde de saír. Á vista de todas estas facilidades, podemos deducir que a Dirección tiña

interese en que a saída fose masiva e que só permanecese dentro o persoal de máxima confianza. Unha vez que conseguen isto, pídenlle ao Comité o regreso de todo o persoal aos postos de traballo. Tras negociar co Sr. Moñita, chegan ao acordo de que entren dezaseis persoas para colaborar no mantemento das series mentres non comeza a carga do barco. Mais o Sr. Monteiro dilles que ou todos ou ninguén, e os traballadores deciden non entrar e pasan o día nas inmediacións da factoría á espera dos acontecementos, mentres que a Dirección continúa co persoal máis próximo facendo o seu traballo nas series. Sobre as 20:00 horas comeza a carga do buque Galerno e os traballadores realizan a evacuación cara a Xove, onde se concentran diante do Concello. Dentro da casa consistorial están algunhas persoas, entre elas algúns membros do Comité, á espera de noticias da carga. Cando esta finalice e parta o barco, teñen pensado regresar aos seus postos de traballo. Neste contexto prodúcese a sorpresa: soa o teléfono e preguntan por Ángel Pérez, de parte do Sr. Monteiro. Tras unha breve conversa, Ángel Pérez comunícalles aos alí presentes que o Sr. Monteiro quiere falar urxentemente con el. Como non cre conveniente ir só, acórdase que o acompañen dous ou tres membros do Comité. Antes de marchar, o grupo decide que será mellor non reincorporarse directamente aos postos de traballo, senón esperar no comedor da factoría a que os compañeiros regresasen da reunión. Ao finalizar esta, os membros do Comité que asistiron a ela, comunícanlles ao resto dos traballadores que o Sr. Monteiro lles dixo que ía haber despedimentos e sancións moi graves por non incorporarse aos postos de traballo. Despois de escoitar isto, os traballadores, reunidos en asemblea, deciden que non van entrar mentres non se resolta o tema das sancións. Pasou a noite sen ningunha novidade e, ao redor das 07:00 horas do día 15, o Sr. Monteiro volve chamar a Ángel Pérez para dicirlle que desexa explicarlle el directamente á asemblea o que está a acontecer e así o fixo.

Nese momento tanto os traballadores como o Comité temen as represalias do Sr. Monteiro. Poderíase dicir, sen temor a equivocarnos, que era maior o temor ás represalias do Sr. Monteiro que aos propios bidóns. Ás 10:30 horas do martes a empresa comunica que a Serie A disparou o dispositivo automático, polo

que fica á súa sorte. Segundo o informe do Sr. Franco, as cubas só serían recuperábeis en dúas horas, mais segundo o informe do técnico francés (recoñecido e mencionado varias veces polo señor Sagardoi, avogado da empresa no xuízo) serían recuperábeis en cinco horas. Se facemos mención a isto é porque segundo quedou recoñecido nos informes achegados pola empresa, a autoridade laboral –Miguel Vázquez Calvo– non se presenta a mediar até as 16.30 horas. Sería casualidade que se presentase cando a Serie A xa non era recuperábel? Quizais até esa altura non interesaban os mediadores? Quizais o que lle interesaba a INESPAL era dar un escarmento aos traballadores e ao Comité ao tempo que se desfacía da serie de electrólise, que quedara danada polos experimentos que o Comité xa denunciara no seu día ante a Dirección de INESPAL?

Coa mediación do Sr. Vázquez chéganse a presentar ofertas e contraofertas. Durante a negociación prodúcese a desconexión automática da Serie B ás 17:30 horas. Máis tarde, sobre as 19:30 horas, o Comité decide entrar a traballar sen condicións, e a empresa contesta que xa é demasiado tarde, pois a Serie B xa é irrecuperábel. Se nos fixamos nos informes citados anteriormente, segundo as previsións do técnico francés había tempo suficiente para poder salvala. É de supoñer que o informe do Sr. Franco se redactase con posterioridade aos feitos e axustase os horarios en función da súa presenza nos locais do Comité. De todos os xeitos, o Comité non recibiu notificación até as 22:00 horas.

Segundo o informe do técnico francés, as cubas nese momento serían recuperábeis até as 22:30 h. Por que non se permitiu a reincorporación dos traballadores aos postos de traballo? As autoridades presentes –entre eles o Sr. Noceda, presidente da Mancomunidade–, manifestaron na súa declaración que a Dirección da factoría lles dixera que xa non dependía delas senón de Madrid. Que quererían dicir con isto? En Madrid estaban INESPAL, o INI e o Goberno central. INESPAL estaba ben representada co Sr. Monteiro, que non tería ningún problema en contactar co Sr. Rubio para dar resposta aos requirimentos das autoridades. Quizais, a partir de aquí, teñan sentido as palabras do ministro de Economía, Carlos Solchaga. A empresa, nese

momento, era na súa maior parte do INI e estaba atravesando problemas: suspensión de pagamentos, cambio de socios e o contrato ruinoso con Xapón. Neste contexto interesaría a súa paralización temporal, pois, a partir dese momento, comézase a falar de beneficios en A/A.

Simultaneamente, o Goberno dá un aviso ao sindicalismo –que comezaba a ser moi molesto– para levar a cabo os seus compromisos coa Comunidade Europea. Non esquezamos que o Comité estaba formado por sindicatos de moi diversa índole: tres eran de ámbito estatal e outro era o máis representativo de Galiza. Este momento coincide con cambios nas cúpulas dos distintos sindicatos: a INTG cambia a Xan Carballo por Manuel Mera e CC OO cambia Marcelino Camacho por Antonio Gutiérrez.

Se facemos caso á opinión de dúas persoas que viviron de perto todo o proceso a sentenza sería máis que cuestionábel. Para Xosé Manuel Beiras a sentenza é anticonstitucional e en palabras de Alberte X. Rodríguez Feixoó hai sentenzas en que primeiro se fai a redacción e a continuación se dita o fallo e outras en que primeiro se dita o fallo e despois, para xustificalo, se fai a redacción. Aquí estaríamos ante o último dos supostos.

Só me queda dicir –a xeito de reflexión persoal– que, se todos os implicados no conflito de A/A que se apoiaron nas sentenzas para facer crer á opinión pública que o Comité era culpábel teñen as súas consciencias tranquilas, será porque aínda pensan que fixeron o correcto. Non serei eu quen entre a xulgar o comportamento de cada un; alá cadaquén coa súa conciencia.

Porén, non podemos esquecer a situación en que nos encontramos vinte e cinco anos despois: un Estado con máis de 6 millóns de parados, mozos cun futuro nada prometedor, sindicatos que funcionan como xestorías, etc. Moitos dirixentes políticos daquela época son responsábeis de levarnos á situación actual. Naqueles momentos o Comité de A/A estaba integrado por persoas que tiñan o seu futuro resolto, mais non ficaron parados vendo pasar o tempo, esixiron a creación de novas empresas para asegurar o futuro das xeracións vindeiras e tiveron que pagar moi caras as súas reivindicacións. Quen lles vai facer pagar aos que levaron o Estado á situación en que nos encontramos? Non esquezamos que as perdas económicas son moi



superiores a aquelas de que foi acusado o Comité. Este, se de algo nunca puido ser acusado, foi de roubar. Mais durante estes anos na nosa Nación e no conxunto do Estado roubouse moito. Con que resultado? O que non foi absolto nos xulgados, gozou de reinsertións e amnistías, mais ninguén devolveu un euro ás arcas pública. Mentres, o Comité, aínda hoxe segue pagando as consecuencias do seu despedimento.

Somos moitas as persoas que pensamos que o que lle aconteceu ao Comité foi unha auténtica INXUSTIZA. Oxalá non estea lonxe o día en que poida ser reparada.



## ÍNDICE ONOMÁSTICO

- Achutegui, Juan José: subdirector da Mariña Mercante.
- Aja Mariño, César: alcalde de Viveiro e deputado por Coalición Popular en 1987.
- Álvarez Fernández, Roberto: ex-membro do Comité e alcalde de Cervo en 1987.
- Amor Deus, Manuel: sindicalista de CC OO.
- Aranzadi Claudio, José: presidente do INI en 1988.
- Arenas Bocanegra, Javier: ministro de Traballo e Asuntos Sociais en 1996.
- Bandrés, Juan María: eurodiputado de Euskadiko Esquerra en 1989.
- Barreira Quelle, José Luís: membro do Comité por USO.
- Barreiro Pérez, Ángel: sindicalista de CC OO.
- Bastillo Juncal: xuíz de Mondoñedo.
- Beiras Torrado, Xosé Manuel: parlamentario do BNG en 1987.
- Ben Pernas, Jesús: membro do Comité INTG.
- Bermejo, Francisco: catedrático de Química na USC.
- Biggs: perito da compañía de seguros Lloyd's.
- Blanco Parga, Carlos F.: parlamentario do BNG en 2008.
- Bris Montes, Leonardo: maxistrado do Tribunal Supremo.
- Cacharro Pardo, Francisco: senador do Grupo Popular e presidente da Deputación de Lugo.(1987)
- Camacho Abad, Marcelino: secretario xeral de CC OO até novembro de 1987.
- Camba Timiraos, Javier F.: membro do Comité (UGT).
- Carrillo Ugarte, Fernando: presidente da Asociación de Veciños “Costa da Morte”
- Carro Fernández-Valmayor, Antonio: parlamentario do PSdG-PSOE en 1987.
- Casal Díaz, Antón: membro do Comité (INTG).
- Castro Abella, Manuel: membro do Comité (USO).

- Castro Vázquez, José: membro do Comité (INTG).
- Cereceda Martín, Miguel: membro do Comité (CC OO).
- Chiu Sing Man: enxeñeiro e xefe de máquinas do Casón.
- Conde Muruais, Perfecto: periodista.
- Croissier Batista, Luis Carlos: ministro de Industria e Enerxía en 1987.
- Curiel Alonso, Enrique: deputado por IU-EC en 1987.
- De la Villa Chapinería, Enrique Luis: catedrático de Dereito do Traballo da Universidade Complutense de Madrid e avogado da parte demandante.
- De la Viña García, Faustino: membro do Comité (Independentes).
- Díaz Pache-Montenegro, Antonio: comandante da Mariña da Coruña.
- Díaz Pardo, Isaac: empresario.
- Eguiagaray Ucelay, Juan Manuel: ministro de Industria e Enerxía en 1996.
- Escudero Pueyo, Pedro: xefe de persoal de Alúmina- -Aluminio.
- Escurís Reinoso, Manuel: delegado Provincial de Sanidade da Coruña.
- Fernández Caxete, Manuel: traballador de electrólise e ex-membro do Comité.
- Fernández Lito, Manuel: secretario xeral da Federación do Metal de UGT.
- Fernández López, Antonio: representante da Confederación de Empresarios Lucenses.
- Fernández Paleo, José: membro do Comité (INTG).
- Fernández Toxo, Ignacio: secretario xeral da Federación do Metal de CC OO en 1987.
- Franco Leal, Manuel A.: subdirector de Alúmina-Aluminio.
- Gandoy Vázquez, Antonio: xefe de Protección Civil de Lugo.
- García Álvarez, Miguel Anxo: Psicólogo clínico.
- García Balseiro, Mar: redactora de Antena 3 radio en 1987 e periodista de *La Voz de Galicia*.

- García del Río, Cruz: reporteira da TVG en 1987.
- García Fonseca, Manuel: deputado de IU-EC en 1989.
- García García, Enrique: membro do Comité por CC OO.
- García Otero, Luís M.: membro do Comité (INTG).
- García Sabell, Domingo: delegado do Goberno en Galiza en 1987.
- García-Murga Vázquez, Juan: maxistrado do Tribunal Supremo.
- Golpe Gómez, Manuel: delegado do Metal en Galicia (UGT) en 1987.
- Gómez Gómez, José Ramón: membro do Comité (Independentes).
- González Laxe, Fernando: presidente da Xunta de Galicia en 1987.
- González Márquez, Felipe: presidente do Goberno español en 1987.
- Granda, José Ramón: delegado da sección sindical de CC OO en Alúmina-Aluminio.
- Griñán Martínez, José A.: ministro de Traballo e Servizos Sociais en 1995.
- Guerreiro, Ánxel: secretario xeral do PCG en 1987.
- Gutiérrez, Eduardo: alcalde de Ribadeo en 1987.
- Hernández López, Ángel: membro do Comité (USO).
- Iglesias Rivera, Juan Manuel: gobernador civil de Lugo en 1987.
- Jorquera Caselas, Francisco Xesús: senador do Grupo Mixto polo BNG en 2007.
- Jurado Delgado, Germán: secretario de Acción Sindical da UGT en 1987.
- Lan kwor Ching: capitán do Casón.
- Linares Ferrer, Alberto: delegado provincial de Traballo en Lugo en 1987.
- López González, Jesús: alcalde de Xove en 1987.
- López Noceda, José M.: alcalde de Lourenzá e presidente da Mancomunidade da Mariña en 1987.

- López Saavedra, Isabel: avogada de CC OO.
- López Silvosa, Esperanza: avogada da UGT.
- Madiedo Acosta, José Antonio: director xeral da Mariña Mercante.
- Manuel Viñas, Leopoldo: membro do Comité (UGT).
- Martín Rodríguez, José: membro do Comité (UGT).
- Martínez Esteruelas, Cruz: letrado da Comisión Peticional.
- Martínez Losada, Miguel: conselleiro de Traballo e Benestar Social en 1987.
- Martínez Randulce: parlamentario do PSG-EG en 1987.
- Merayo Ramos, Manuel: avogado da UGT.
- Miguélez Tola, Ramón: membro do Comité (USO).
- Moldes Fontán, Francisco: deputado por Pontevedra polo CDS en 1987.
- Monteiro Monteiro, Eduardo: director de Producción Básica de INESPAL.
- Montero, Txema: eurodiputado de HB en 1987.
- Moñita Benito, José Luis: director de Alúmina-Aluminio.
- Moreno Aguilar, Andrés: gobernador civil da Coruña en 1987.
- Mosquera Jesús: secretario xeral da UGT en Galicia en 1987.
- Mouzo Lago, Rafael: alcalde de Corcubión en 1987.
- Neira, Manuel: alcalde de Foz en 1987.
- Nogueira, Camilo: parlamentario PSG-EG en 1987.
- Ojeada Avilés, Antonio: catedrático de Dereito do Traballo en Sevilla.
- Pando Manjón, José M.: maxistrado da Sala Primeira do Tribunal de Lugo.
- Parga Núñez, Manuel: parlamentario do BNG en 2008.
- Pérez Álvarez, Ángel: presidente do Comité (UGT).
- Pérez Callejo: encargado do Departamento de Fundición.
- Pérez Vila, Andrés J.: secretario do Comité (UGT).
- Rafols Pérez, Ignacio J: xuíz de Mondoñedo.
- Ramos Fernández, José Ramón: membro do Comité (UGT).

- Ravierè, Emilè: técnico francés experto en electrólise.
- Redondo, Nicolás: secretario Xeneral da UGT en 1987.
- Rego, Ismael: ex-membro do Comité, Parlamentario PSde-G-PSOE e Concelleiro en Cervo en 1987.
- Rivera, Javier: xornalista de *El Progreso*.
- Rodríguez Feixóo, Alberte X.: avogado da INTG.
- Rodríguez Guerreiro, Francisco Luís: responsábel do BNG na Mariña en 1987.
- Rodríguez López, Francisco: membro do Comité (UGT).
- Rodríguez Peña, Xosé Henrique: conselleiro de Pesca en 1987.
- Rodríguez Peñamaría, Ernesto: membro do Comité (CC OO).
- Rodríguez Rodríguez, Enrique: responsábel do BNG de Cervo en 1987.
- Roel Rivas, Melchor: concelleiro de IU en Viveiro en 1987.
- Romero Bermudo, Francisco: delegado sindical de USO en Alúmina-Aluminio.
- Ron Curiel, Ricardo: maxistrado da Sala Segunda do Tribunal de Lugo.
- Rouco, Xermán: membro do Comité de INDUNOR (INTG).
- Rubio, Fernando: presidente de INESPAL.
- Ruíz-Giménez Cortés, Joaquín: catedrático, político e avogado.
- Sagardoi Bengoechea, Juan Antonio: catedrático de Dereito do Traballo na Universidade de Alcalá de Henares e avogado da parte demandada.
- Santos Vázquez, Alberto: membro do Comité (USO).
- Saracibar, Antonio: secretario xeral confederal de Organización da UGT en 1987.
- Sartorius, Nicolás: eurodeputado de IU-EC en 1987.
- Solchaga Catalán, Carlos: ministro de Economía e Facenda en 1987.
- Tuera Bertrand, Francisco: maxistrado do Tribunal Supremo.
- Val Guisado, Casimiro: membro do Comité (UGT).

- Varela Sánchez, Ricardo: conselleiro de Traballo en 2008.
- Vázquez Calvo, Miguel: delegado provincial da Consellería de Traballo de Lugo en 1987.
- Zaguirre, Jesús: secretario xeral de USO en 1987.
- Zhon Jichang: embaixador da República Popular China.



## ÍNDICE

Limiar .....	9
INTRODUCCIÓN .....	13
<b>CAPÍTULO 1: Da angustia na Costa da Morte á trágica peregrinaxe á Mariña.....</b>	<b>15</b>
1.1. O accidente e as primeiras consecuencias .....	15
1.2. Reflexións sobre o acontecido na semana que vai de 5 a 12 de decembro .....	27
<b>CAPÍTULO 2: Antecedentes ao conflito dos bidóns.....</b>	<b>33</b>
2.1. A construción da fábrica de Alúmina Aluminio .....	33
2.2. O panorama sindical: conflitos entre a Dirección e o Comité.....	34
2.3. A Coordinadora pola Industrialización .....	37
<b>CAPÍTULO 3: Cinco días de desconcerto.....</b>	<b>43</b>
3.1. Chegada dos bidóns a San Cibrao .....	43
3.2. Ruptura dos acordos entre a Dirección e o Comité.....	50
3.3. Evacuación e regreso á factoría.....	54
3.4. Para a fábrica. Comezan as represalias .....	62
<b>CAPÍTULO 4: De 17 de decembro a 8 de Xaneiro .....</b>	<b>69</b>
4.1. Primeiros despedimentos: 116 operarios á rúa .....	69
4.2. A singular “arbitraxe” da Delegación da Consellería de Traballo .....	82
4.3. Das declaracións públicas en apoio do Comité ao anuncio da regulación de emprego.....	84
4.4. As cartas dos representantes municipais de Cervo .....	87
4.5. O Nadal entre a angustia e a solidariedade.....	91
4.6. Comparecencia parlamentaria do presidente da Xunta .....	92
4.7. Mal acaba 1987 e mal comeza 1988.....	94
4.8. Notificación da expulsión dos integrantes do Comité .....	100
<b>CAPÍTULO 5: As sentenzas .....</b>	<b>103</b>
5.1. Xaneiro de 1988: comezan os recursos.....	103
5.2. Febreiro. Preparando os xuízos.....	113

5.3. Comparecencia no Senado .....	114
5.4. Tempo de Entroido .....	117
5.5. Comisión de Industria e cesamento de Ángel Pérez no Consello de Administración de INESPAL .....	119
5.6. O xuízo dos 111 .....	122
5.7. Marzo. O veredicto dos 111 e o xuízo dos 23.....	127
5.8. A sentenza do Comité e as distintas reaccións.....	133
<b>CAPÍTULO 6: “Foron ficando sós”(De 25 de marzo ao 1º de maio de 1987) .....</b>	<b>141</b>
6.1. Apoio o Comité: actos reivindicativos na factoría .....	141
6.2. A subida á cheminea.....	149
6.3. Proposición Non de Lei no Congreso.....	154
6.4. Baixada da cheminea .....	157
6.5. Primeiro de Maio de 1988.....	160
<b>CAPÍTULO 7: A versión extraoficial .....</b>	<b>165</b>
7.1. Maio: actos reivindicativos de apoio ao Comité.....	165
7.2. Xuño: recurso ante o Tribunal Supremo.....	170
7.3. Setembro e outubro: as desavizas entre a empresa e as aseguradoras.....	173
7.4. Novembro: viaxe do Comité a Estrasburgo. Resolución da OIT .....	175
7.5. Xaneiro de 1989: comisión para o esclarecemento dos feitos... 176	
<b>CAPÍTULO 8: Á espera do veredicto do Supremo .....</b>	<b>185</b>
8.1. A resolución do Tribunal Supremo .....	185
8.2. Voto Particular .....	189
8.3. As dilixencias do xulgado de Mondoñedo .....	196
<b>CAPÍTULO 9: Aínda restaba unha esperanza.....</b>	<b>205</b>
9.1. Tribunal Constitucional. Comisión Europea de Dereitos Humanos .....	205
9.2. O labor de Joaquín Ruiz-Giménez para demostrar a inocencia do Comité.....	209
9.3. Cambio de século.....	213
9.4. Proposición Non de Lei no Parlamento de Galiza .....	217
9.5. A derradeira esperanza .....	221

**CAPÍTULO 10: As entrevistas** ..... 227

    10.1. Falan os protagonistas..... 227

    10.2. Outras testemuñas relacionadas co conflito ..... 232

    10.3. As cartas do Concello de Cervo ..... 239

    10.4. Utilización do fondo solidario ..... 240

**Epílogo** ..... 243

**ÍNDICE ONOMÁSTICO** ..... 251

